



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BUEU

DOCUMENTO CUMPRIMENTACIÓN ORDE 13.03.2017 DA CMAOT

ABRIL 2017



**SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA. ESTUDO DO MEDIO RURAL
ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL.
FICHEIRO DE NÚCLEOS RURAIS**





Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BUEU

SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA. ESTUDO DO MEDIO RURAL. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL. FICHEIRO DE NUCLEOS RURAIS
DOCUMENTO CUMPRIMENTACIÓN ORDE 13.03.2017 DA CMAOT ABRIL 2017



Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BUEU

DOCUMENTO CUMPRIMENTACIÓN ORDE 13.03.2017 DA CMAOT

ABRIL 2017

EQUIPO REDACTOR

Dirección Equipo:

Ánxel Viña Carregal. Economista. Director do Equipo.
Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.

Equipo técnico:

Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.
José Díaz Sotelo. Arquitecto.
Mª Dolores Gómez Míguez. Arquitecta.
Santiago García Camacho. Arquitecto.
María Calvo Llano. Arquitecta.
Ánxel Viña Carregal. Economista.
Francisco Dinís Díaz Gallego. Arquitecto.
Miguel Díaz Varela. Biólogo.
Manuel-Anxo López-Felpeto Gómez. Arqueólogo.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE BUEU

SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA. ESTUDO DO MEDIO RURAL. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL. FICHEIRO DE NÚCLEOS RURAIS
DOCUMENTO CUMPRIMENTACIÓN ORDE 13.03.2017 DA CMAOT ABRIL 2017

TOMO I.

ÍNDICE	PÁX.
A. <u>SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA</u>	
A.1. INSERIMENTO NO URDIDO URBANÍSTICO DO CONTORNO COMARCAL	1
A.1.1. ENCADRE REXIONAL E COMARCAL	1
A.1.2. MAGNITUDES DE DESENVOLVEMENTO E ACTIVIDADE	7
A.1.2.1. <u>A poboación</u>	7
A.1.2.2. <u>A vivenda no marco comarcal e no termo municipal</u>	8
A.1.2.3. <u>A actividade económica</u>	10
A.1.3. SITUACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO E ACTUACIÓNS SUPRAMUNICIPAIS NA COMARCA. ORDENACIÓN SECTORIAL DE INCIDENCIA	17
A.1.4. O PLANEAMENTO MUNICIPAL	29
A.1.4.1. <u>Aspectos físicos do modelo ordenador</u>	29
A.1.4.2. <u>Solo e a vivenda na execución do planeamento</u>	31
A.1.4.3. <u>O Planeamento de desenvolvemento e o proceso de urbanización</u>	32
A.2. A POBOACIÓN MUNICIPAL	45
A.2.1. A POBOACIÓN MUNICIPAL. EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL	45
A.2.2. COMPOSICIÓN E ESTRUTURA	47
A.3. A VIVENDA	51
A.3.1. A VIVENDA. EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DO CRECEMENTO INMOBILIARIO	51
A.3.2. CARACTERÍSTICAS	53
A.4. AS INFRAESTRUTURAS	55
A.4.1. REDE DE ESTRADAS	55
A.4.1.1. <u>Xerarquización e diagnose</u>	55
A.4.1.2. <u>As determinacións das normas subsidiarias de planeamento municipal</u>	56
A.4.1.3. <u>Proxectos</u>	58
A.4.1.4. <u>Camións rurais pavimentados</u>	58
A.4.2. PARQUE DE VEHÍCULOS MUNICIPAL. EVOLUCIÓN	61
A.4.3. PORTO	63
A.4.4. INFRAESTRUTURAS	65
A.4.4.1. <u>Abastecemento de auga</u>	65
A.4.4.2. <u>Saneamento</u>	66
A.4.4.3. <u>Outros servizos</u>	68
A.5. EQUIPAMENTO COMUNITARIO E ESPAZOS LIBRES	71
A.5.1. EQUIPAMENTO COMUNITARIO	71
A.5.2. ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	79

	PÁX.
A.6. A ESTRUCTURA URBANA	81
A.6.1. CARACTERIZACIÓN DA ESTRUCTURA URBANA ACTUAL	81
A.6.2. TIPOLOXÍA EDIFICATORIA E CONSOLIDACIÓN	83
A.6.3. EDIFICIOS E CONXUNTOS SINGULARES	85
A.7. VALORACIÓN DO MEDIO NATURAL E DO PATRIMONIO CULTURAL	87
A.7.1. PATRIMONIO NATURAL E PAISAXÍSTICO	87
A.7.2. O PATRIMONIO CULTURAL VENCELLADO AO TERRITORIO	89
A.8. ANÁLISE DA FACENDA MUNICIPAL	91
A.8.1. A FACENDA MUNICIPAL	91
A.8.2. O INVESTIMENTO MUNICIPAL	103
B. <u>ESTUDO DE MEDIO RURAL</u>	
B.1. MEDIO FÍSICO. CARACTERIZACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA	107
B.1.1. ENCADRE XEOGRÁFICO	107
B.1.2. XEOLOXÍA	109
B.1.3. XEOMORFOLOXÍA	111
Altitudes	114
Pendientes	114
Orientacións	115
B.1.4. CLIMATOLOXÍA	117
Temperatura	117
Precipitación	118
Características ombrotérmicas	119
Xeadas	120
Diversidade Climática	120
B.1.5. HIDROLOXÍA	121
Augas Superficiais	121
Hidroxeoloxía	123
Recursos Hídricos	124
B.1.6. EDAFOLOXÍA	125
B.1.7. USOS DO SOLO	127
Usos e aproveitamentos primarios	129
Usos urbanos e industriais	131
B.1.8. PATRIMONIO NATURAL E BIODIVERSIDADE	135
Hábitats naturais de interese comunitario	137
Flora e fauna	141
Patrimonio xeolóxico e xeodiversidade	154
Espazos protexidos	156
Espazos de interese natural	162
B.1.9. UNIDADES AMBIENTAIS	167
B.1.10. ESTUDO PAISAXÍSTICO	171
Encadre paisaxístico	172
Características paisaxísticas	173
O litoral	177
As Valgadas Costeiras	180
Os Montes	182
Estudo das cuncas visuais	183
Espazos de interese paisaxístico	189

	PÁX.
B.2. RISCOS	191
B.2.1. RISCO SÍSMICO	191
B.2.2. RISCO DE INUNDACIÓN	193
B.2.3. RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS	197
B.2.4. RISCOS XEOTÉCNICOS	199
B.2.5. RISCOS TECNOLÓXICOS	201
B.3. RECURSOS NATURAIS E POTENCIAL PRODUTIVO	203
B.3.1. POTENCIALIDADES AGRARIAS	203
B.3.2. RECURSOS ENERXÉTICOS	205
B.3.3. RECURSOS MINEIROS E HIDROXEOLÓXICOS	207
B.4. O PATRIMONIO CULTURAL VENCELLADO AO TERRITORIO	209
C. <u>ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL</u>	
C.1. DIVISIÓN E ESTRUCTURA PARROQUIAL. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS PARROQUIAS. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA	213
C.2. IDENTIFICACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS NÚCLEOS. FUNCIÓN. NÚCLEOS PRINCIPAIS	215
C.3. DINÁMICA TERRITORIAL EN DESENVOLVEMENTO DO PLANEAMENTO VIXENTE	219
C.4. ANÁLISE DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN	223
C.4.1. MORFOLOXÍA	223
C.4.2. CONSOLIDACIÓN, DENSIDADE E NIVEL DE URBANIZACIÓN	225
C.4.3. AGRUPACIÓNS TERRITORIAIS	227
C.5. OS USOS DOTACIONAIS	229
C.6. A TIPOLOXÍA DAS EDIFICACIÓNS E CONSTRUCIÓNS TRADICIONAIS	235
C.7. FICHEIRO DE NÚCLEOS RURAIS	237

A. SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA

A.1. INSERIMENTO NO URDIDO URBANÍSTICO DO CONTORNO COMARCAL

A.1.1. ENCADRE REXIONAL E COMARCAL

A comarca do Morrazo, é unha comarca litoral cunha superficie de 140,70 Km² que se sitúa ao sudoeste da Comunidade Autónoma ocupando unha posición centro oeste na provincia de Pontevedra, na península do mesmo nome. Limita ao norte coa Ría de Pontevedra, ao sur coa Ría de Vigo e ao leste cos concellos de Vilaboa e Pontevedra.

Os espazos urbanos configurados ao redor das cidades de Vigo e Pontevedra, como tamén sucede coas de A Coruña e Ferrol, presentan trazos típicos de metropolitización. Ao redor destas cidades producíronse intensos crecementos urbanos e demográficos, que en moitos casos son máis dinámicos que os das propias cidades centrais. Xéranse así ámbitos fortemente interrelacionados, moitas veces con continuos urbanos que se superpoñen aos límites municipais, cunha grande mobilidade interna nos que se van configurando mercados únicos de traballo.

No caso de Pontevedra a súa área urbana inmediata (Poio e Marín) viuse desbordada na súa expansión alcanzando no sur aos municipios periféricos de Bueu e Vilaboa e no norte aos de Sanxenxo e Barro.

Estes seis municipios xunto co da cabeceira provincial, constitúen a área urbana actual, que forma parte a súa vez do espazo metropolitano Rexión Urbana Vigo-Pontevedra, definido nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

A comarca de Morrazo ten unha poboación de 83.509 habitantes de dereito no ano 2010. O conxunto comarcial amosa no período 1991-2010, un incremento demográfico continuado, a unha taxa anual acumulativa media de 0,61. A ganancia de poboación acada os 481 hab/ano nos últimos 19 anos.

Esta situación encaixa coa xeral da demográfica galega, na que se diferencian dous tipos de comportamentos. De feito produciuse un comportamento provincial diferenciado que configura dúas áreas con evolución demográfica diverxente. A área costeira-atlántica coas provincias de A Coruña e Pontevedra, con constante progresión demográfica que permite atenuar a regresión do conxunto galego, e a área interior coas provincias de Lugo e Ourense que inician o seu despoboamento nos anos 40-50 como consecuencia do fenómeno migratorio e continúan nunha crise demográfica estrutural que, por vía do envellecemento, impide xa a reposición de efectivos. A regresión

demográfica das provincias orientais provocou que Lugo e Ourense presenten no ano 2009 unha poboación que apenas alcanza ao 83% e ao 76,3%, respectivamente, da que tiñan en 1900.

Mentres as provincias de A Coruña e Pontevedra, caracterizáronse por unha evolución sostida de sinal positivo que levoulles a aumentar de forma continuada a súa participación na poboación galega. É así como a provincia de A Coruña que en 1900 censaba o 33% da poboación galega, concentraba en 1981 o 39,3%, en 2001 o 40,7% e no 2010 o 41% sobre a poboación de dereito. Pola súa parte, Pontevedra, partindo en 1900 dun 23,1% da poboación galega, acadou o 31,2% en 1981, o 33,5% no 2001, e o 34,4% no ano 2010 sobre a poboación de dereito.

Ao longo do pasado século Galicia presentou ritmos de crecemento demográfico notablemente inferiores aos mantidos polo conxunto da poboación estatal, incluíndo décadas de perdas netas de poboación como as dos anos 50, 60, ou 80. Se entre 1900 e 2010 España incrementou a súa poboación nun 152%, Galicia só conseguiu un crecemento do 41%.

Na década 81-91, mentres a poboación estatal crecía un 4,47% a poboación galega perdeu 57.438 habitantes, o 2,1% dos seus efectivos. Na 91-2001, e tomando para o 2001 só a poboación de dereito posto que a de feito non se analizou no censo dese ano, igualmente a poboación galega diminuíu lixeiramente (518 habitantes) mentres que a estatal seguiu medrando un 3,6%. No período máis recente, 2001-10 a poboación galega detén a súa caída e recupera algo máis de 101.000 habitantes, aínda que este crecemento segue a ser moi inferior ao estatal, que acada un incremento do 15,1% nese mesmo intervalo.

Deste xeito, a poboación galega foi perdendo peso no conxunto demográfico español. A poboación galega, que representaba o 10,6% da poboación estatal no 1900, descendera ao 7,3% en 1981 e xa non pasaba do 6,6% no ano 2001 e o 6,0 % no ano 2010.

**CADRO Nº 1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE FEITO. ÍNDICES DE CRECEMENTO.
GALICIA 1900-2010.**

Áreas Xeográficas	1900	1950	1960	1970	1981	1991	2001(*)	2010(*)
A CORUÑA	653.556	955.752	991.729	1.004.880	1.083.415	1.089.896	1.096.027	1.146.458
I.C.	100	146	152	154	168	167	168	175
LUGO	465.386	508.916	479.530	415.057	399.185	379.092	357.648	353.504
I.C.	100	109	103	89	86	81	77	76
OURENSE	404.311	457.903	451.474	413.733	411.339	347.538	338.446	335.219
I.C.	100	113	112	102	102	86	84	83
PONTEVEDRA	457.262	671.609	680.229	750.701	859.897	879.872	903.759	962.472
I.C.	100	147	149	164	188	192	198	210
GALICIA	1.980.517	2.604.200	2.607.962	2.583.674	2.753.836	2.696.398	2.695.880	2.797.653
I.C.	100	131	132	130	139	136	136	141
ESPAÑA	18.616.630	28.117.873	30.582.936	33.956.047	37.746.260	39.433.942	40.847.371	47.021.031
I.C.	100	151	164	182	203	212	219	252

(*) Poboación de dereito.

Fte.: INE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

CADRO Nº 2. PARTICIPACIÓN PORCENTUAL DAS POBOACIÓNS PROVINCIAIS DE FEITO EN GALICIA E DE GALICIA EN ESPAÑA 1900-2010

	A CORUÑA/ GALICIA	LUGO/ GALICIA	OURENSE/ GALICIA	PONTEVEDRA/ GALICIA	GALICIA/ ESPAÑA
1900	33,0	23,5	20,4	23,1	10,6
1950	36,7	19,5	18,0	25,8	8,3
1960	38,1	18,4	17,4	26,1	8,5
1970	38,9	16,1	16,0	29,0	7,8
1975	38,9	15,0	15,3	30,8	7,5
1981	39,3	14,5	14,0	31,2	7,3
1986	39,6	14,3	14,3	31,7	7,4
1991	40,4	14,0	12,9	32,6	6,8
2001 (*)	40,7	13,3	12,6	33,5	6,6
2010 (*)	41,0	12,6	12,0	34,4	6,0

(*) Poboación de dereito.

Fte.: INE. Censos de poboación. Elaboración propia.

Cuns índices de crecemento xa modestos, significativamente inferiores ao estatal (de por si escaso), as dúas provincias costeiras atlánticas mantiveron na década dos 80 a súa tendencia histórica de concentración da poboación galega.

As previsións demográficas apuntan a unha consolidación desta tendencia no marco xeral dunha demografía rexional que dificilmente conseguirá manter a súa poboación actual.

As proxeccións efectuadas polo Instituto Galego de Estatística confirman que, en calquera das súas hipóteses, as provincias occidentais presentan unha situación que oscila entre a hipótese dunha perda de 32.745 habitantes (1,7% da súa poboación) e unha importante recuperación de 264.680 habitantes, manifestándose unha tendencia diferenciada entre as dúas provincias, pois mentres a de Pontevedra presenta unha lixeira perda na hipótese máis desfavorable (inferior ao 0,01% da súa poboación do 2001) e un incremento na hipótese máis favorable do 14,5%, a provincia da Coruña perdería un 2,5% da súa poboación, na hipótese máis desfavorable e non medraría máis do 12,2% tendo en conta a hipótese máis favorable. Por último, para as provincias orientais a situación é máis negativa, cunha perda neta de poboación na provincia de Lugo que, no horizonte do ano 2017, sería de entre 10.150 e 47.770 habitantes respecto a 2001 (entre o 2,8% e o 13,4% da súa poboación de 2001). A provincia de Ourense amosa unha situación que oscila entre a hipótese dunha perda de 35.330 habitantes (11,7% da súa poboación) e unha lixeira recuperación de 7.820 habitantes.

No futuro inmediato, a crise demográfica que arrastra Galicia aproxímase ao final dunha longa fase caracterizada pola transferencia de poboación das provincias interiores ás occidentais, sufrindo o conxunto rexional un esgotamento poboacional que impide a reposición de efectivos, no caso das provincias interiores.

Nestas circunstancias a prognose demográfica apunta un escenario para 2017 no que o peso relativo das provincias interiores, Lugo e Ourense, no conxunto de Galicia baixará ao 23,6%, máis de dous puntos porcentuais por baixo do acadado no ano 2001.

A segunda característica definitoria da traxectoria demográfica galega do século XX foi a concentración espacial do crecemento fronte á dispersión do despoboamento. O incremento demográfico concentrouse nas áreas de influencia das sete cidades ou en municipios cun desenvolvemento singular da industria ou os servizos. As sete grandes áreas urbanas galegas que absorbían o 9,9% da poboación de Galicia en 1900, en 1991 supoñían xa o 46,5%, e no 2001 ascendían ao 47,5% da mesma. Prodúcese así unha concentración do crecemento demográfico nas áreas de maior tamaño, acelerada a partir dos anos 50, e un despoboamento progresivo das áreas con menos poboación.

Por fóra das sete áreas urbanas, no conxunto de vilas e cidades de pequeno tamaño produciuse ou ben un incremento ou ben unha contención da perda demográfica. Así a Vila de Bueu gaña no período 1991-2009 máis de 500 efectivos no contexto dun municipio que amosa no mesmo período unha lixeira regresión.

No período 81-91, o crecemento demográfico superior ao 5% concreouse en apenas 20 dos 140 municipios das provincias da Coruña e Pontevedra, perdendo poboación 87

municipios. No período 91-01 só 24 dos 97 municipios da Coruña creceron, municipios entre os que se atopan os das áreas urbanas e das coroas circundantes ou naqueles que amosan un umbral de densidade urbano.

As provincias atlánticas mantiveron na década 81-91 unha tónica regular de crecemento demográfico, se ben coa debilidade propia dun proceso demográfico que se debilitou extraordinariamente en toda España e que no conxunto de Galicia saldouse coa perda neta de 33.391 habitantes. Na década 91-01 o crecemento demográfico limítase á provincia de Pontevedra, aínda que o decrecemento da Coruña é moi lixeiro (- 0,1%).

Aínda así en ambas provincias detéctase a persistencia dos procesos de concentración demográfica nos maiores núcleos e en municipios que se sitúan de forma absolutamente maioritaria no contorno do corredor litoral interurbano coñecido como Eixo Atlántico.

Este proceso de concentración relativa seguirá producíndose no futuro inmediato, se ben irase reducindo progresivamente o monto dos efectivos transferidos e aumentará o diferencial polo descenso da poboación nos espazos interiores.

A.1.2. MAGNITUDES DE DESENVOLVEMENTO E ACTIVIDADE

A.1.2.1. A poboación

Dentro do sistema da rexión urbana que configuran as áreas urbanas de Vigo e Pontevedra, definida nas Directrices de Ordenación do Territorio, a comarca xeográfica do Morrazo constitúe a charnela entre as dúas áreas urbanas recibindo os municipios da ladeira norte influencia máis directa de Pontevedra e os da ladeira sur influencia máis directa de Vigo.

A mellora das comunicacións na comarca do Morrazo, tras a posta en funcionamento do CG-4.4, variante de Marín que remata en Aldán, mellora sensiblemente a accesibilidade de Bueu e permite que o municipio manteña a súa poboación ou incluso poida medrar ao ritmo que o fai a comarca na que está inserida.

CADRO Nº 3. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DA COMARCA XEOGRÁFICA DO MORRAZO

Nº	MUNICIPIOS	SUP.	POBOACIÓN			INCREMENTO POBOACIÓN		DENS. 2010	TCAAM		
		Km ²	1991	2001	2010	91-01	01-10	Hab/Km ²	91-01	01-10	91-10
36004	BUEU	30,8	12.509	12.617	12.368	108	-249	401,6	0,09	-0,22	-0,06
36008	CANGAS	38,1	22.758	23.981	25.913	1.223	1.932	680,1	0,52	0,86	0,69
36026	MARÍN	36,7	24.045	24.997	25.997	952	1.000	708,4	0,39	0,44	0,41
36028	MOAÑA	35,1	15.060	17.053	19.231	1.993	2.178	547,9	1,25	1,34	1,30
	TOTAL COMARCA	140,7	74.372	78.648	83.509	4.276	4.861	593,5	0,56	0,67	0,61

Fte: IGE. Elaboración propia.

Da análise da evolución demográfica comarcal, reflectida no cadro nº 3, despréndese que o Morrazo presenta unha dinamicidade demográfica significativa, sendo o municipio de Bueu o único que amosa unha leve regresión.

A posición baricéntrica do territorio comarcal do Morrazo no espazo metropolitano Pontevedra-Vigo, dótano de inmejorables calidades de posición para seguir medrando ao ritmo que o vén facendo nos últimos anos. As excepciónais condicións ambientais da península confirenlle un sobrevalor engadido para un territorio de residencia estable reforzado polas actividades vinculadas ao lecer. Ademais en todo o conxunto Bueu presenta un espazo empresarial formalizado, constituíndo outro dos piares no que apontoar o seu desenvolvemento. E todo isto no marco dunha provincia, a de Pontevedra, que presenta un crecemento sostido desde a metade do século, incrementando a súa posición relativa en Galicia, pasando de supoñer o 23,1% en 1900 ao 25,8% en 1950, ao 33,5% no ano 2001 e ao 34,4% no ano 2010.

Estas cuestións xustifican plenamente a dobre perspectiva de encadramento territorial do municipio de Bueu para os efectos da concepción da súa ordenación territorial.

- Como municipio dunha comarca de articulación litoral situada nunha península, Bueu é un dos núcleos referentes e prestatario de servizos, sinalado como núcleo de identidade polo Plan de Ordenación do Litoral.
- Como municipio asociado á rexión urbana de Vigo-Pontevedra, -no treito Bueu-Pontevedra, definido nas DOT-, a vila de Bueu participa tamén das tendencias expansivas e dinámicas propias do desenvolvemento selectivo de determinadas funcións urbanas relacionadas coas comunicacións e o transporte, co ocio e co turismo, coa valorización dos recursos patrimoniais, culturais e naturais e o desenvolvemento sostible, funcións todas elas que permiten reorientar o modelo do desenvolvemento urbanístico local.

A.1.2.2. A vivenda no marco comarcal e no termo municipal

En canto á análise de vivenda hai que sinalar que en 1981, os catro municipios do Morrazo reunían 23.753 vivendas, das cales Marín absorbía o 31,0%, Cangas un 29,5% e Moaña un 22,8%. Na mesma data, Bueu concentraba o 16,6%. O conxunto das vivendas comarcais, supoñía o 8,4% do parque de vivendas da provincia.

De 1981 a 1991, o conxunto das vivendas dos catro municipios analizados experimentou un crecemento do 24,0%, moi superior ao provincial (16,8%).

En 1991 Cangas, con 8.941 vivendas, é o que consegue o maior crecemento do seu parque residencial dentro da comarca (27,8%) seguido moi de cerca polo de Bueu (27,1%) e polo de Moaña (22,7%).

Na década 1991-2001 ralentízase o incremento residencial sendo a media comarcal (15,4%), inferior á media provincial (20,7%). Só o concello de Cangas mantén un incremento do parque residencial superior á media provincial (26,6% fronte ao 20,7% provincial). Segundo os datos de construción do IGE, no período 2000-08 incrementase o parque residencial noutro 17%, sendo o municipio de Cangas o que maior porcentaxe leva dese incremento (43,2%).

CADRO Nº 4. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DO MORRAZO. 1981-01

	1981		1991		2001		EVOLUCIÓN %	
	VA	%	VA	%	VA	%	1981-1991	1991-2001
Bueu	3.953	16,6	5.024	17,1	5.621	16,5	27,1	11,9
Cangas	6.995	29,5	8.941	30,4	11.317	33,3	27,8	26,6
Marín	7.368	31,0	8.830	30,0	10.196	30,0	19,8	15,5
Moaña	5.437	22,9	6.669	22,6	6.876	20,2	22,7	3,1
TOTAL	23.753	100,0	29.464	100,0	34.010	100,0	24,0	15,4
Provincia	284.259	-	331.889	-	400.475	-	16,8	20,7
Comarca/provincia	-	8,4		8,9		8,5		

Fte.: INE. Censos de vivenda. Elaboración propia.

CADRO Nº 5. VARIACIÓN NETA PARQUE RESIDENCIAL NA COMARCA DO MORRAZO. 2000-08

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	TOTAL
Bueu	94	143	81	59	32	68	34	156	71	738
Cangas	293	292	371	480	268	316	349	142	11	2.522
Marín	170	81	118	43	40	91	35	139	5	722
Moaña	188	165	179	206	223	371	142	292	88	1.854
Comarca	745	681	749	788	563	846	560	729	175	5.836

Fte.: IGE. Estadística de construción de edificios. Elaboración propia.

Analizando os datos da evolución segundo o seu destino, que reflicte o cadro nº 6, vemos que a porcentaxe de vivendas desocupadas incrementouse en todos os municipios, sendo moi subliñable no caso de Cangas, cunha diferenza de máis de 700 vivendas (+ 3,5 puntos porcentuais). Esta disparidade, cun notable incremento do parque de vivendas, explícase pola evolución do proceso desencadeado pola ausencia durante anos de controis de legalidade urbanística.

A porcentaxe de vivendas principais increméntase sobre todo en Moaña, sobre o que teñen influído significativamente a mellora de accesibilidade coas áreas urbana e metropolitana de Pontevedra e Vigo (enlace coa autoestrada AP-9).

No conxunto comarcal crece a porcentaxe de vivendas principais e tamén a das desocupadas en detrimento da porcentaxe das secundarias e outras.

Como conclusión, podemos determinar que na década censual o incremento do parque residencial na comarca debeuse nunha boa parte ao grande crecemento do número de vivendas de Cangas. Nos concellos máis próximos aos accesos cos corredores viarios especializados, o incremento prodúcese case que na súa totalidade en vivendas principais medrando igualmente a porcentaxe de desocupadas, descendendo o índice de vivenda secundaria e o de outras. A diferenza no tratamento dos datos con respecto a outras vivendas explica o incremento nestes municipios das vivendas baleiras.

CADRO Nº 6. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS SEGUNDO O SEU DESTINO NA COMARCA DO MORRAZO. 1991-01

	BUEU		CANGAS		MARÍN		MOAÑA		COMARCA											
	1991	2001	1991	2001	1991	2001	1991	2001	1991	2001										
	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%										
Principais	3.319	65,0	3.704	65,9	6.259	69,1	7.487	66,2	6.451	72,6	7.592	74,5	5.138	74,8	5.604	81,5	14.908	71,4	24.387	71,7
Secundarias	934	18,3	983	17,5	1.256	13,9	1.475	13,0	852	9,6	742	7,3	515	7,5	222	3,2	2.301	11,0	3.422	10,1
Desocupadas	695	13,6	878	15,6	1.517	16,8	2.300	20,3	1.352	15,2	1.796	17,6	947	13,8	1.050	15,3	2.994	14,4	6.024	17,7
Outras	162	3,2	56	1,0	23	0,3	54	0,5	237	2,7	66	0,6	265	3,9	0	0,0	664	3,2	176	0,5
Total	5.110	100,0	5.621	100,0	9.055	100,0	11.316	100,0	8.892	100,0	10.196	100,0	6.865	100,0	6.876	100,0	20.867	100,0	34.009	100,0

Fte.: INE. Censos de vivenda. Elaboración propia.

En canto á diminución do tamaño familiar medio, cómpre indicar que este é un fenómeno que afecta de xeito continuado a Galicia e España, e a todos os seus municipios. No termo municipal de Bueu, o número de habitantes por vivenda principal ven diminuindo significativamente nas últimas décadas, pasando de 4,07 hab/viv en 1981 a 3,77 hab/viv en 1991 e 3,40 hab/viv no ano 2001. A última das razóns é superior á relación habitante por vivenda principal para Galicia nese ano (2,99).

A.1.2.3. A actividade económica

Actividade, ocupación e paro.

No aspecto económico, en Bueu produciuse como en toda Galicia un descenso significativo da poboación ocupada no sector primario, pasando do 46% da poboación activa en 1991 a ocupar o 31,4 % no ano 2001. Esta porcentaxe segue a ser moi elevada, posto que a media provincial no ano 2001 acadou o 16,7% e a media galega o 11,1%. Igualmente significativo é o peso das actividades primarias no municipio de Cangas co 21,9% da súa poboación ocupada do ano 2001. Aínda que ámbolos dous municipios diferéncianse claramente polo peso que o sector terciario ten en Cangas fronte á menor presenza do terciario en Bueu, segundo os datos dos Censos de 1991 e 2001.

O municipio de Marín sobresaíe polas actividades terciarias que absorben o 59,4% da súa poboación ocupada.

Así no ano 2001, e en relación á media provincial, todos os municipios da comarca presentan maior presenza do sector primario e un menor peso do sector secundario e terciario, con excepción de Moaña e Marín respectivamente.

Nun marco económico provincial onde é maioritaria a poboación ocupada no sector terciario, a península de Morrazo caracterízase polo importante peso das actividades primarias e un sector servizos con atraso no seu desenvolvemento respecto da provincia, aínda que recuperándose se se comparan cos datos da década dos noventa.

Mentres que nos dous polos de atracción da área, Pontevedra e Vigo, o terciario concentra máis do 60% da poboación ocupada, a media dos catro municipios non supera o 50%. No sector secundario tamén se produce unha notable diferenza dos municipios de Bueu e Marín, sobre todo respecto a Vigo.

En canto á poboación activa, cabe destacar que a taxa de actividade nestes municipios permanecía por debaixo da taxa media provincial e dos dous polos no ano 1991, pero recuperouse de xeito significativo, de tal xeito que en Cangas e Moaña xa se superan os valores dos polos de Pontevedra e Vigo no ano 2001. A taxa de actividade máis baixa é a de Bueu. Comparando as taxas de 1991 e 2001, segundo os datos censuais, que son os únicos que permiten facer unha análise homoxénea, vemos que a de actividade incrementouse en todos os municipios na década dos 90.

Na taxa de actividade por sexo, destaca o crecemento producido na década dos 90 da taxa de actividade feminina en todos os municipios, da Comarca, fronte ao mantemento ou leve diminución da taxa de actividade masculina. A taxa de actividade feminina máis elevada osténtaa Moaña co 46,7% en 2001, seguida de Marín (44,3%) que superan as taxas de Pontevedra e Vigo e a media provincial. No sexo masculino as diferenzas son menores, se ben, Cangas e Marín presentan unhas taxas reducidas fronte aos dous polos e á provincia. Esta forte incorporación da muller ao traballo é a responsable do incremento das taxas de actividade sufrido na década.

CADRO Nº 7. TAXAS DE ACTIVIDADE. 1991

MUNICIPIOS	TAXA DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES
BUEU	42,7	66,4	20,3
CANGAS	45,2	66,0	25,6
MARÍN	45,7	68,9	24,3
MOAÑA	47,5	68,2	28,6
COMARCA O MORRAZO	45,5	67,5	25,0
Provincia	49,6	68,6	32,6
Pontevedra	50,7	68,4	35,4
Vigo	52,2	69,1	37,3

Fte.: I.G.E. Censo de Poboación. Elaboración propia.

CADRO Nº 8. TAXAS DE ACTIVIDADE. 2001

MUNICIPIOS	TAXA DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES
BUEU	47,6	64,5	31,4
CANGAS	55,1	66,2	44,3
MARÍN	51,1	66,2	37,0
MOAÑA	57,0	68,1	46,7
COMARCA O MORRAZO	53,1	66,3	40,6
Provincia	53,7	66,2	42,3
Pontevedra	54,0	66,1	43,5
Vigo	55,3	66,4	45,5

Fte.: I.G.E. Censo de Poboación. Elaboración propia.

Segundo o Censo de Poboación de 2001 a taxa de paro do municipio de Bueu era do 12,2% lixeiramente superior á taxa autonómica pero inferior á provincial. Este feito explícase desde o forte incremento do acceso da muller ao mercado laboral, sendo máis subliñables as diferenzas nas taxas femininas de desemprego no ano 1991, pero compensándose coa media provincial no ano 2001.

CADRO Nº 9. TAXAS DE DESEMPREGO. 1991

MUNICIPIOS	TAXA DE DESEMPREGO	HOMES	MULLERES
BUEU	17,0	14,0	26,4
CANGAS	18,5	15,3	26,3
MARÍN	18,6	14,4	29,5
MOAÑA	27,3	24,3	33,9
COMARCA O MORRAZO	20,4	16,9	29,3
Provincia	19,1	16,2	24,6
Pontevedra	15,8	13,1	20,3
Vigo	21,6	17,1	29,0

Fte.: Censo de Poboación 1991. Elaboración propia.

CADRO Nº 10. TAXAS DE DESEMPREGO. 2001

MUNICIPIOS	TAXA DE DESEMPREGO	HOMES	MULLERES
BUEU	12,2	8,9	17,4
CANGAS	12,2	8,8	17,1
MARÍN	11,6	8,4	16,9
MOAÑA	14,2	10,7	18,9
COMARCA O MORRAZO	12,2	8,9	17,4
Provincia	12,9	9,8	17,2
Pontevedra	12,2	9,1	16,4
Vigo	14,7	11,4	18,8

Fte.: Censo de Poboación 2001. Elaboración propia.

En canto á distribución da poboación ocupada, segundo os datos censuais vemos que no ano 2001 o sector primario segue a ter na comarca do Morrazo un peso moi

significativo, e sobre todo no Concello de Bueu. A pesca e as súas industrias asociadas acaparan boa parte dos traballadores.

A pesar da diminución sufrida na década, a poboación ocupada no sector primario segue a ser importante. O sector secundario e o terciario incrementan o peso en 3,7 e case 10 puntos porcentuais, o que dá conta da tercerización do municipio que amplía as súas funcións de servizos de carácter urbano.

CADRO Nº 11. DISTRIBUCIÓN POR SECTORES DA POBOACIÓN OCUPADA (%).

MUNICIPIOS	PRIMARIO		SECUNDARIO		TERCIARIO	
	1991	2001	1991	2001	1991	2001
BUEU	46,0	31,4	21,6	25,3	32,4	43,3
CANGAS	37,2	21,9	28,4	28,7	34,4	49,4
MARÍN	30,6	17,8	21,3	22,8	48,2	59,4
MOAÑA	23,8	17,3	39,0	41,4	37,2	41,3
COMARCA O MORRAZO	33,6	20,9	27,4	29,5	39,1	49,6
Provincia	16,7	9,3	35,7	34,3	47,5	56,5
Pontevedra	5,5	2,8	29,4	23,4	65,1	73,8
Vigo	4,1	2,1	35,9	30,5	60,0	67,4

Fte.: Censos de Poboación 91-2001. I.G.E. e elaboración propia.

Estrutura empresarial.

O estudo das principais empresas axúdanos a comprender tanto a estrutura tradicional da economía local coma as novas tendencias emerxentes. Para isto utilizamos a base de datos Ardán do ano 2011, que recolle información rexistral das principais empresas de Galicia, considerando as empresas cunha facturación superior a 298 mil euros. Aínda recoñecendo que dita base non ten calidades censuais, trátase da mellor fonte dispoñible para estudar a estrutura empresarial.

En Bueu un total de catorce empresas facturaron máis de un millón de euros no ano 2009, trece das cales adícanse a tres sectores distintos pero todos eles vinculados co mar. Así o primeiro lugar ocúpao unha fábrica de construción e reparación de buques, o segundo unha distribuidora comercial de peixe e carne e os dous seguintes están adicadas á pesca. Das outras doce, só unha non está directamente vencellada ao mar.

É de destacar, polo seu número, as empresas dedicadas á pesca, que supoñen un total de 12 nas 30 radicadas no municipio.

CADRO Nº 12. EMPRESAS RADICADAS EN BUEU POR FACTURACIÓN. AÑO 2009

EMPRESA	ACTIVIDADE	FACTURACIÓN AÑO 2009
NODOSA, S.L.	Industria	15.976.496
MEJILLONERAS CONS DE UDRA, S.L.	Comercio maior	7.257.487
PESQUERAS DE BON, S.A.	Pesca	4.473.358
WALVISFISH, S.L.	Pesca	4.193.113
FRIGORIFICOS ROSA DE LOS VIENTOS, S.L.	Industria	3.761.390
COFRADIA PESCADORES SAN MARTIN DE BUEU	Pesca	3.580.493
PESQUERAS CRISMARDI, S.L.	Pesca	2.481.336
PESQUERAS GADIMAR, S.L.	Pesca	2.307.798
BERJUN, S.L.	Construcción	1.733.229
STELLA MARIS DE BUEU, S.L.	Pesca	1.649.858
CARRULO, S.L.	Pesca	1.282.948
PESQUERA FERREIRA, S.L.	Pesca	1.140.114
PESQUERA DURMAR, S.L.	Pesca	1.139.119
CARPINTERIA NAVAL NESTOR, S.L.	Industria	1.035.725
AGUSTIN SANTOME, S.L.	Pesca	973.454
CEREALES LOPEZ, S.L.	Industria	959.533
PESCA BUEU, S.L.	Pesca	875.031
TALLERES DAVISAN, S.L.	Taller	867.609
A CENTOLEIRA, S.L.	Hostelería	666.117
PESCADOS ANA CRIS, S.L.	Pesca	655.304
CONSTRUCIONES ANTON BUEU, S.L.	Construcción	587.326
CONSTRUCIONES DOVI BUEU, S.L.	Construcción	550.396
PANADERIA AMADOR, S.L.	Industria	502.683
MOTOR BUEU, S.L.	Taller	494.038
NAVIERA ILLA DE ONS, S.L.	Transporte	454.528
SERVI SUB BUEU, S.L.	Construcción	389.326
TALLERES MOLEDO, S.L.	Taller	371.866
TANISAMPA, S.L.L.	Comercio menor	363.822
MADERAS FREIRE, S.L.	Industria	324.093
MADERAS BENITO ESTEVEZ E HIJOS, S.L.	Industria	307.088

Fte.: ARDÁN 2009.

Se analizamos o conxunto de comarca, tomando como referencia as 20 empresas con maior facturación no ano 2009, vemos que é Marín o municipio que acolle a maior porcentaxe destas empresas cun 55%.

Bueu só ten unha empresa nesta posición comarcal.

Aínda que se mostran varios sectores de actividade, debemos facer notar que a maioría das empresas, 17 das 20 primeiras, están vinculados co mar. Así, as industrias son maioritariamente de procesado de peixe ou de fabricación e reparación de buques. O comercio maiorista é de peixes e o transporte refírese a pescados.

CADRO Nº 13. AS 20 MAIORES EMPRESAS RADICADAS NA COMARCA DO MORRAZO POR FACTURACIÓN. ANO 2009

EMPRESA	ACTIVIDADE	FACTURACION ANO 2009 EUROS	MUNICIPIO
GONVARRI GALICIA, S.A.	Industria	113.380.000	MARIN
MARFRIO, S.A.	Pesca	65.311.588	MARIN
FANDICOSTA, S.A.	Industria	61.577.334	MOAÑA
FACTORIA NAVAL DE MARIN, S.A.	Industria	49.844.074	MARIN
RODMAN POLYSHIPS, S.A.	Industria	36.975.529	MOAÑA
FRIO ANTARTIC, S.A.	Pesca	36.314.038	MARIN
PEREZ TORRES MARITIMA, S.L.	Transporte	30.491.857	MARIN
GALFRIO, S.A.	Pesca	28.781.797	MARIN
REFRESCOS DEL ATLANTICO, S.L.	Comercio maior	24.499.336	MARIN
GALIGRAIN, S.A.	Transporte	24.476.773	MARIN
AISLAMIENTOS TERMICOS DE GALICIA, S.A.	Industria	18.519.319	MOAÑA
IGLESIAS MORRAZO, S.A.	Industria	18.472.301	CANGAS
COMERCIAL PRO. CONGELADOS PESMARIN,S.A.U	Pesca	17.960.712	MARIN
PESQUERIAS MARINENSES, S.A.	Pesca	16.106.516	MARIN
NODOSA, S.L.	Industria	15.976.496	BUEU
MORADIÑA, S.L.	Pesca	15.746.046	CANGAS
PESCADOS GALMAR, S.L.	Pesca	14.543.708	CANGAS
CONSTRUCCIONES VIPOMAR, S.L.	Construcción	13.857.669	MARIN
MARISCOS RIA DE VIGO, S.L.	Pesca	13.251.535	MOAÑA

Fte.: ARDÁN 2011.

A análise dos principais centros de emprego de Bueu por sectores de actividade confirma a primacía económica da pesca e industrias asociadas que ocupa ao 52,4% dos traballadores localizados nas empresas de 3 ou máis empregados.

A industria, os servizos e a construción séguenlle en canto a nivel de traballadores ocupados.

En canto a empresas individuais é unha industria navieira a que acolle o maior número de empregados seguido por empresas adicadas á pesca e a súa elaboración.

CADRO Nº 14. PRINCIPALES EMPRESAS RADICADAS EN BUEU POR EMPREGO 2009

EMPRESA (*)	SECTOR DE ACTIVIDADE	Nº EMPREGADOS 2009
NODOSA, S.L.	Industria	47
PESQUERAS GADIMAR, S.L.	Pesca	24
PESQUERA DURMAR, S.L.	Pesca	17
AGUSTIN SANTOME, S.L.	Pesca	17
PESQUERAS DE BON, S.A.	Pesca	16
PESCA BUEU, S.L.	Pesca	16
WALVISFISH, S.L.	Pesca	15
STELLA MARIS DE BUEU, S.L.	Pesca	14
CARRULO, S.L.	Pesca	14

(*) EMPRESAS DE 14 E MÁIS TRABALLADORES.

Fte.: Ardán 2011.

A.1.3. SITUACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO E ACTUACIÓNS SUPRAMUNICIPAIS NA COMARCA. ORDENACIÓN SECTORIAL DE INCIDENCIA

Dentro da análise comarcal ten especial interese a análise do planeamento urbanístico nos municipios limítrofes co de Bueu, así como aquel planeamento provincial que lle afecte, en tanto xorde a necesidade de coordinación das liñas básicas planteadas.

Así, en primeiro lugar teríamos as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais. Estas establecen tres Espazos Naturais coa delimitación esquemática dos mesmos:

- A Illa de Ons.
- Punta Udra.
- Carballeira de Coiro.

En virtude do Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como zonas de especial protección, de conformidade coa directiva 92/43/CEE, a lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) da Rexión Bioxeográfica Atlántica, inclúe, entre outros os seguintes espazos que afectan ao territorio municipal:

- LIC ES 114009 Cabo Udra.
- 0000254 ZEPA Illa de Ons.

Por outra parte as Illas de Ons e Onza están incluídas no Parque Nacional das Illas Atlánticas, segundo a declaración establecida pola Lei 15/2002 de 1 de xullo. Para este Parque atópase en redacción o Plan Rector de Uso e Xestión que xa conta cun Documento de Referencia de data 10.06.2008

No referente ao planeamento municipal dos municipios limítrofes o seguinte cadro permite observar o estado actual.

CADRO Nº 15. ESTADO DE PLANEAMENTO DOS MUNICIPIOS LIMÍTROFES DE BUEU

CONCELLO	PLANEAMENTO VIXENTE	APROBACIÓN DEFINITIVA	OBSERVACIÓNS
MOAÑA	PXOM	13.07.2011	Aprobación definitiva parcial
CANGAS	NSP	20.12.1993	En redacción PXOM con documento de Referencia de data 25.06.2008.
MARÍN	PXOM	27.06.2012	

No municipio de Moaña, o planeamento en vigor, que recibiu a aprobación definitiva parcial pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de 13 de xullo de 2011, establece para o perímetro de contacto unha ampla superficie de solo rústico de especial protección forestal, de espazos naturais e de infraestruturas. O Plan Xeral, que foi aprobado inicialmente en data 29.09.2005, obtivo a inviabilidade do sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica en data 15.01.2008.

O municipio de Cangas conta cun planeamento obsoleto, que establece para o perímetro de contacto unha franxa de solo non urbanizable, agás no treito á carón da estrada PO-315, onde se establecía un ámbito de solo apto para urbanizar industrial, e onde se está a iniciar o trámite de modificación puntual para axuste do ámbito e das clasificacións asignadas en setembro de 2011.

O concello de Marín rematou a redacción dun documento de Plan Xeral tras a súa aprobación provisional polo pleno en data 20 de abril de 2010, e a aprobación definitiva en data 27/06/2012. Para o perímetro de contacto entre ambos municipios, este Plan Xeral establece unha franxa de solo rústico de especial protección de costas, agropecuaria, forestal e de infraestruturas para os contornos da estrada autonómica e o corredor eléctrico de Alta Tensión. Ademais identifícase o núcleo de Resille nas categorías de histórico-tradicional e área de expansión.

Ademais destes planeamentos que inciden na planificación territorial do municipio, hai os seguintes instrumentos que inciden no planeamento.

En canto ao ordenamento territorial cómpre facer mención en primeiro lugar, ao documento de **Directrices de Ordenación do Territorio**, e que presentan un Modelo Territorial para o conxunto do territorio da Comunidade Autónoma, en aras a preservar e potenciar aqueles elementos de identidade e de diferenciación e, ao mesmo tempo, xerar novas opcións que contribúan a reforzar o seu atractivo e as súas potencialidades.

As DOT de Galicia tratan de dar resposta a obxectivos específicos de ordenación e coordinación territorial e achegar unha configuración e unhas iniciativas territoriais que permitan impulsar o proceso de cambio cara a unha nova etapa de desenvolvemento, e configúranse como un instrumento co que orientar os procesos de planificación e guiar aquelas intervencións que teñan incidencia sobre o territorio para ordenar os procesos de desenvolvemento.

As orientacións estratéxicas do Modelo Territorial baséanse nos seguintes criterios fundamentais:

- . Favorecer a compactidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa
- . Fortalecer os núcleos tradicionais e poñer en valor o territorio.
- . Mellorar a accesibilidade e mobilidade no territorio.
- . Protexer o patrimonio natural e cultural.
- . Afianzar o protagonismo exterior de Galicia.

As iniciativas que as DOT pretenden apoiar poden sintetizarse en:

- . Lograr unha maior integración de Galicia cos ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo, aproveitando a localización singular que supón a fachada atlántica europea.
- . Contribuír á consolidación da eurorrexión Galicia- Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica.
- . Establecer os ámbitos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.
- . Potenciar as principais áreas urbanas galegas.
- . Consolidar unha rede de vilas capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio.
- . Impulsar procesos de difusión demográfica.
- . Establecer criterios para a consideración do medio físico nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.
- . Aportar referencias para a resolución de equipamentos e infraestruturas con criterios supramunicipais.
- . Proporcionar criterios territoriais para a elaboración de Plans e Proxectos Sectoriais.

- . Achegar referencias para o desenvolvemento do parque de vivendas e dos ámbitos de actividade de forma coherente co modelo territorial, con criterios de sustentabilidade.
- . Activar procesos de renovación e dinamización de espazos deteriorados ou en declive e de ámbitos singulares como os centros históricos.

O sistema de asentamentos de Galicia queda configurado polo seguinte sistema principal:

- . Dúas grandes Rexións urbanas: Vigo-Pontevedra e A Coruña Ferrol.
- . Sete Áreas Urbanas: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra, Vigo e Ourense. A elas correspóndelle liderar o sistema urbano da Comunidade e están conformados pola cidade central e os municipios inmediatos que sofren as consecuencias da expansión do centro urbano. Neste caso están os municipios da comarca do Morrazo, inseridos na rexión urbana de Vigo-Pontevedra e con influencia directa de ambas áreas urbanas.
- . Sistema urbano intermedio, formado por vilas e pequenas cidades que exercen a función de cabeceiras de carácter supracomarcal, sendo as referencias territoriais para previr o despoboamento e os desequilibrios territoriais.
- . Nodos para o equilibrio do Territorio, sendo aquelas subcabeceiras que teñen ámbito supramunicipal.
- . Núcleos principais dos restantes municipios.

Este sistema de asentamentos artículase sobre as redes infraestruturais de transporte, telecomunicacións, de abastecemento e saneamento, de distribución de enerxía, equipamentos colectivos e áreas de actividade económica, que son os que permiten o axeitado funcionamento do sistema. Por outra parte esta estrutura reforza os recursos naturais, o patrimonio cultural, a calidade ambiental, toda vez que constitúen signos de identidade e singularidade territorial.

O desdobramento do Corredor do Morrazo previsto, afianzará o desenvolvemento do territorio comarcal, o que debe levar aos municipios a procurar o reforzo urbano das cabeceiras urbanas de Marín, Cangas, Moaña e Bueu, sistema incluído na Rexión Urbana Vigo Pontevedra con dobre vertente, marxe sur ría de Pontevedra e marxe norte da ría de Vigo. En Bueu, o respecto dos ámbitos litorais e o mantemento da súa

fortaleza económica, moi vinculada co sector produtivo e turístico do mar constitúen outro dos piares en que apoiar a súa ordenación.

Por último, a identificación nas DOT de núcleos de identidade do litoral, entre os que se inclúe Bueu, permite potenciar unha rede que articula o espazo turístico costeiro, pero permite ademais aproveitar eses centros como nós de relación do territorio interior coa costa.

En canto ao **Plan de Ordenación do Litoral**, POL, sinalar que se redactou co obxecto básico de establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación territorial da zona litoral de Galicia, en base ao estudo da súa paisaxe litoral. Así:

- . Recoñece a paisaxe como unha ferramenta e un valor de calquera territorio.
- . Recoñece os valores naturais do territorio, os procesos e o seu sistema ambiental como soporte da actividade humana.
- . Recoñece os elementos e sistemas patrimoniais froito da actividade humana e propón a súa posta en valor.
- . Propón unha racionalización dos sistemas de asentamentos e de ocupación do territorio a partir dos procesos históricos.
- . Supón a integración dos usos e actividades contemporáneas cos sistemas naturais.
- . Propón un consumo racional de solo, fomentando a concentración urbana.
- . Propón unha xestión dinámica da paisaxe, incorporando criterios e estratexias de calidade paisaxística e sostibilidade ambiental.

Entre as determinacións que afectan ao municipio de Bueu, máis alá das consideracións sobre o sistema paisaxístico, está a de identificar á Vila como unha cabeceira urbana ao considerala un núcleo de identidade no litoral, no que acometer unha ordenación que reforce as súas funcións urbanas garantindo a súa compactidade pero ao mesmo tempo liberando solo para permitir o esponxamento e disfrute da costa.

A mellora e compleción da súa fachada marítima, o complemento das súas funcións urbanas e a reconversión do porto nun espazo de relación no que se garanta a servidume de tránsito, permitindo a relación da poboación co mar así como a preservación dos elementos naturais que conforman o bordo litoral, o aproveitamento

das vantaxes da súa posición estratéxica como porta de conexión entre o territorio e o mar, son outros dos obxectivos fixados polo Plan de Ordenación do Litoral para estes núcleos.

Defínese a franxa costeira, que na Vila cingúese aos areais pero ao oeste abrangue unha franxa máis ampla que supera os 200 metros en Agrelo-Portomaior, en Lapamán e en Tulla, ou incorporando todo o sistema do Cabo Udra, reaxustándose noutros ámbitos como Loureiro ou Petís, onde o límite apóiase na traza da estrada PO-551. Para o ámbito do PERI da Praia de Beluso, delimitado polas Normas Subsidiarias vixentes, fíxalle condicións especiais para o seu desenvolvemento, fundamentalmente centrados na contención volumétrica, no estudo do encaixe paisaxístico e na formación da axeitada fachada inserida no fondo escénico. Unha parte importante dos territorios inmediatos á costa das parroquias de Cela e Beluso, están incluídas na franxa de mellora ambiental e paisaxística, quedando o ámbito de ordenación para o resto do territorio, moi significativo no contorno da Vila e nas ladeiras dos montes do Morrazo. Sobre todas as categorías superponse a de corredores ambientais, que para o municipio de Bueu afectan ás valgadas dos regos e regatos ampliándose na súa desembocadura. O que máis afección xera é o definido sobre o ámbito do Ensanche das Lagoas, clasificado como solo urbanizable polas vixentes Normas Subsidiarias.

En canto ao resto do planeamento territorial de incidencia sería o seguinte:

Plan Director de Estradas – Plan MOVE.



5. PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DA REDE DA XUNTA DE GALICIA

Rede de Altas Prestacións
Rede Principal
Rede Complementaria
Aeroporto
Ferrovías
Espazo Natural Protexido

XUNTA DE GALICIA
PLAN DIRECTOR DE ESTRADAS DE GALICIA
MAIO 2008
PROPOSTA DE ACTUACIÓNS
1:850.000

Neste instrumento, que pretende minimizar os problemas detectados na rede viaria galega e satisfacer as demandas de tráfico e mobilidade contribuíndo á ordenación e reequilibrio territorial de Galicia, establécese un programa de actuacións que contempla ademais da formación de eixes viarios de novo trazado a mellora e acondicionamento da rede existente para que queden garantidas tanto a súa funcionalidade como a súa seguridade.

No que respecta á Bueu as actuacións de máis incidencia son:

Conversión en Autovía do corredor do Morrazo Esta actuación xa foi licitada.

- Estudos e proxectos de seguridade viaria, sobre todo no referido a trazados perigosos e travesías. Contéplase estas actuacións para a PO-551, así como adaptar a traza a súa categoría funcional como primaria básica e cunha alta densidade de vehículos.

Plan Sectorial Galego de Solo Residencial.

Este instrumento establece que Bueu está incluído na Área Funcional de Pontevedra.


Estúdanse as progresións demográficas e os niveis de renda, as características do parque de vivenda, o tamaño medio dos fogares, para concluír cal é a necesidade de vivenda. Despois o Plan Sectorial estuda a necesidade de vivenda de protección oficial e programa as súas actuacións.


Entre as súas actuacións fixa varios ámbitos de actuación para esta área funcional, un dos cales, sitúase en Bueu, abrangendo boa parte dos sectores S.2 e S.3 do solo apto para urbanizar A1 A Lagoa, previsto polas vixentes Normas Subsidiarias. Este ámbito

presenta unha capacidade para 223 vivendas a desenvolver 132 no primeiro cuadrieno e 89 no segundo cuadrieno.

Plan Sectorial de Áreas Empresariais na comunidade autónoma de Galicia.

Este documento de rango supramunicipal, que se atopa en fase de tramitación, estudou un ámbito para recoller a creación dun Parque Empresarial no Morrazo abrangendo territorios de Cangas e Bueu, complementando o actual Parque Empresarial de Castiñeiras, que xa fora contemplado nun Proxecto Sectorial iniciado por Xestur Pontevedra. O documento de exposición pública considera inviable este ámbito e reserva solos noutras zonas da área urbana de Pontevedra para completar a oferta empresarial do Morrazo.





Plan Auga de Abastecemento de Galicia.

Para o Morrazo, incluído na área de Pontevedra estase a redactar un documento de estado actual e necesidades por parte da “Sociedade Estatal Aguas de la Cuenca Norte, S.A” (AQUANORTE).

Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015.

Neste documento conclúese que a depuradora de Bueu cumpre as condicións medioambientais. Non obstante estudárase a resposta que esixan as propostas do Plan.

Plan Reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Este documento, que se atopa en fase de tramitación, desenvolve o establecido no art. 9 da Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas. A Lei 5/2007 atribúe ás comunidades autónomas nas que se localiza o Parque as competencias para desenvolver a xestión e organización dese ámbito. E por este motivo a Dirección Xeral de Conservación da Natureza redacta este documento que pretende protexer a integridade e conservación dos ecosistemas, procurar a súa

posta en valor e a difusión dos seus valores e promover e apoiar as actividades tradicionais que non entren en contradición cos ditos valores. No municipio de Bueu atópanse o arquipélago de Ons e Onza que abrangue unha superficie de 2.171 Ha marítimas e 420 Ha terrestres. Na Illa de Ons identifica unha zona de asentamento tradicional na que se permiten as obras de mantemento, ornato e adecuación á arquitectura tradicional das construcións e edificacións particulares existentes e o mantemento e construción de edificacións destinadas ao uso público, servizos, vías e infraestruturas menores.



Plan Eólico.

O Plan re-Xurde 2010 impulsado pola Consellería de Economía e Industria garante a "viabilidade técnica" dos proxectos eólicos que se estruturarán en Galicia en 10 zonas eléctricas e que se incluírán no novo concurso polo que se adxudicarán 2.325 megavatios de potencia.

As zonas eléctricas terán potencia limitada en cada unha delas, nas que se integran 191 áreas de desenvolvemento eólico delimitadas e incluídas no vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia, que recolle un área reservada na comarca do Morrazo que afecta parcialmente aos montes de Bueu ás parroquias de Cela e Ermelo.

Plan Director das instalacións náutico-deportivas de Galicia.

Neste Plan Director que non foi aprobado definitivamente, o ente Portos de Galicia desenvolveu en xullo 2012 un Plan Estratéxico de náutica recreativa 2012-2020 do que derivaría un Plan de Náutica recreativa en Galicia no que se contempla a ampliación das instalacións náutico deportivas do Porto de Bueu así como creación dunha mariña seca, coa creación de 350 prazas de amarre e 100 en mariña seca. Igualmente prevese ampliar as instalacións do Porto de Beluso con 40 amarres máis.



A.1.4. O PLANEAMENTO MUNICIPAL

A.1.4.1. Aspectos físicos do modelo ordenador

O territorio do termo municipal de Bueu atópase regulado na actualidade polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal aprobadas definitivamente pola C.P.U. o 11.6.1986 que daba cumprimento ao acordo da C.P.U. do 10 de marzo de 1986 que suspendía o documento tramitado con anterioridade polo Concello. Neste proceso aproveitouse para a realización da nova cartografía, a escala 1:1.000 para a Vila, que axudou a constatar a dinámica dos fenómenos territoriais, representando en calquera caso un documento totalmente asentado tras vinte e cinco anos de vixencia.

Os criterios cos que se establece o réxime do solo nas Normas Subsidiarias vixentes para a totalidade do termo municipal baséanse nas súas características xeográficas, na estrutura dos asentamentos de poboación existentes e a súa actual xerarquía, nas características do uso do solo e réxime de tenencia e desde a perspectiva da crecente vocación turística do territorio municipal.

As Normas vixentes a través da clasificación e cualificación do solo do termo municipal ordenan e diferencian os distintos usos posibles do solo e os aproveitamentos que a cada zona lle corresponderán.

O criterio seguido baséase na análise das tendencias de variación dos usos do solo e a súa regulación conducente a adecuar urbanisticamente o termo municipal, para o cal óptase por potenciar a concentración da nova residencia nos núcleos e entidades xa existentes, ordenando e completando a súa estrutura, o que se facilita a adecuación urbanística buscada (implantación de servizos e infraestruturas básicas, equipamento adecuado, etc.). Así mesmo recoñécese a vocación turística que xerou un novo tipo de residencia, próxima ás praias para o que se delimitan ámbitos de solo apto para este uso e o mantemento do carácter público das praias e as súas traseiras, comprometidas diante da posible proliferación de actuacións puntuais sen un criterio global que o contemple e regule. Óptase pois por potenciar aquelas praias máis próximas aos núcleos existentes que aportan un nivel de servizos mínimos xa implantados. O resto das praias protéxense de posibles ocupacións residenciais e poténciase o seu uso estritamente estacional. Ordénanse así mesmo as iniciativas de tipo industrial existentes, con dous obxectivos fundamentais: o de racionalizar a súa localización dentro do territorio, localizando áreas aptas topograficamente sen interferencias na accesibilidade, e que poderán constituír nunha oferta racional de solo para este uso mediante a adecuada clasificación. O outro obxectivo é o de protexer o resto do termo

de iniciativas que pola súa proliferación, tamaño ou carácter entrarían en contradición cos usos dominantes e o valor medioambiental do termo.

A metodoloxía empregada partiu, no que a clasificación do solo se refire, da delimitación dos ámbitos das proteccións no solo non urbanizable por razón do seu singular interese ambiental, paisaxístico, agrícola ou forestal.

Resumindo, os criterios e solucións expostos na Memoria das Normas vixentes serían:

- Potenciación das aldeas e núcleos de poboación existentes, cunha normativa que permita o seu completamento e acoller novas edificacións, evitando así a dispersión residencial e cumpríndose a expresa prohibición legal cara a impedir a constitución de novos núcleos. Como criterio optouse por delimitar a banda de solo paralela aos camiños existentes, cunha base de consolidación propia por carecer estes núcleos das infraestruturas mínimas.

- Para a Vila de Bueu séguense os seguintes criterios xerais:
 - . Valorar a estrutura urbana constituída pola cuadrícula que conforma a Vila e que se desenvolve paralela á antiga praia de Bueu.
 - . Recoñecemento da PO-551 como límite para o crecemento urbano da Vila.
 - . Identificar como área de expansión urbana a zona da Lagoa.
 - . Completar o equipamento comunitario para servir á Vila e ao Municipio.

- Para o resto do territorio municipal distínguese entre o solo non urbanizable protexido, con tres cualificacións (de costas e praias, de leitos fluviais e de protección forestal) e o non protexido, establecéndose as condicións xerais da edificación para impedir a formación de novos núcleos.

- Ademais fixéronse proteccións de estradas, de medio ambiente, de vistas, de protección do patrimonio histórico-artístico, monumental e arqueolóxico.

As vixentes Normas supuxeron un marco legal axeitado que conduciu o crecemento municipal dentro dun correcto dimensionado, potenciando a estrutura de núcleos, reforzando o papel urbano da Vila, favorecendo a deslocalización territorial de certos usos e revalorizando os solos protexidos e de interese paisaxístico. Como factor negativo, subliñar a dispersión residencial que se produciu sobre todo nas ladeiras máis

próximas ás praias, e que se debeu á permisividade que, para o solo rústico común, se producía na entóns lexislación vixente.

A.1.4.2. Solo e a vivenda na execución do planeamento

No apartado anterior apuntáronse os criterios de clasificación de solo que establecen as vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, distinguindo o solo urbano, o apto para urbanizar, o non urbanizable non protexido e aquel que polas súas características merecía especial protección.

Considerando os ámbitos de solo urbano e apto para urbanizar, a capacidade residencial estimada polas Normas era a seguinte:

- 1.109 Vivendas no solo urbano vacante.
- 1.167 Vivendas nas áreas aptas para urbanización na Vila.
- 245 Vivendas nas áreas aptas para urbanización orientadas cara a demanda turística.

Da análise comparada da capacidade residencial coa proxección demográfica establecida no momento da redacción das Normas, estimábase que, contemplando un tamaño familiar medio de 3,5 individuos e previndo un índice anual de substitución do 1%, a demanda de vivenda sería de 1.266 entre os anos 1981-1990 o que lle daba folgura suficiente á capacidade prevista polo Plan, aínda que o solo efectivo estaba lixeiramente por debaixo do estándar necesario. Este déficit cubríase coa vivenda baleira existente que era importante.

Ademais xa se apuntaba na Memoria de Ordenación que este cálculo podía ser variado dado o acercamento entre as dúas fronteiras da ría, que estaba a piques de producirse tras a execución da AP-9 e a Ponte de Rande co seu enlace. Eso atraería un potencial turístico e de vivenda de difícil avaliación no momento da redacción das Normas.

Segundo os datos de licenzas concedidos no período de vixencia das Normas, facilitados polos servizos técnicos municipais ata 2010, autorizándose un total de 950 novas vivendas en solo urbano vacante, o que aínda que non esgota a capacidade do solo urbano clasificado, restando unha capacidade de 150 vivendas, indica a súa limitación.

Por outra banda, o desenvolvemento do planeamento de pormenor en execución das Normas, xa aprobado definitivamente, xera unha oferta residencial de 530 vivendas. Delas foron executadas 203 vivendas na unidade de Massó, ademais das correspondentes á unidade de Conservas Alonso e outras, quedando pendente de execución o ámbito da UA-2, que cunha capacidade de arredor de 80 vivendas debe ser replanteado, pola execución das súas fronteiras urbanas sen terse producido o proceso reparcelatorio interno. Por outra banda, no ámbito de solo urbanizable do Plan Parcial das Lagoas, xa rematado resta un remanente de capacidade de 80 vivendas.

Por último nas unidades e convenios en trámite e pendentes de aprobación obtense unha capacidade engadida de 375 vivendas. Non obstante dada a antigüidade de algúns dos instrumentos cómpre analizar cada un deles coa fin da abordar a solución urbanística máis apropiada para cada caso en cada un dos ámbitos.

En resumo, a oferta actual de solo urbano na vila de Bueu en aplicación do planeamento vixente, arroxa unha capacidade de 310 vivendas, ás que se engadirá as que resulten do análise das unidades e convenios en fase de elaboración.

Esta capacidade, cubriría as necesidades para 7 anos -de manterse o ritmo de construción que se desenvolveu durante a vixencia das normas (43 vivendas/ano); pero convén replantearse cal deben ser as estratexias que afectando ao solo urbano permitan establecer a axeitada escala e o remate das tramas da vila.

Ademais desta capacidade en solo urbano ou naquel no que o seu desenvolvemento acade tal consideración, debe engadirse a capacidade que resulta do solo das entidades de poboación, e que se define no marco da regulamentación legal.

Como conclusión, pódese afirmar que a capacidade das Normas vixentes debe ser tida en conta cara á estratexia de clasificación de solo que, tanto de solo urbano como de núcleo rural, se poida plantear na redacción do presente Plan Xeral.

A.1.4.3. O Planeamento de desenvolvemento e o proceso de urbanización

As vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal establecen as seguintes áreas a desenvolver por figuras de planeamento de pormenor.

- Solo urbanizable:

- . A-1. Área apta para a urbanización A Lagoa.
- . A-2. Área apta para a urbanización de Valado.

- . A-3. Área apta para a urbanización de Agrelo Portomaior.
- . A-4. Área apta para a urbanización de Praia de Beluso.
- . A-5. Área apta para a urbanización industrial de Castiñeira.

Destas áreas desenvóléronse ou están en trámite as seguintes:

- . PP-1. Plan Parcial A.1-S.1. A Lagoa, aprobado definitivamente en 1988.
- . PP-I. Plan Parcial Parque Empresarial 1º Sector, aprobado en 1993. (14.09.93)
- . Tramitouse un documento de P.P. para o Sector A-3 de Agrelo Portomaior, paralizado tras a entrada en vigor da Lei 9/2002.

- Solo urbano:

. Unidades de actuación:

- . UA-1. Delimitada por Rúa A – Rúa Pazos Fontenla – PO-320.
- . UA-2. Delimitada por Rúa E – Rúa Montero Ríos – Estrada 550 e Rúa Pazos de Fontenla.
- . UA-4. Delimitada por estrada Pontevedra-Cangas por Aldán, camiño veciñal de Beluso a Portela e límites parcelarios.
- . ED-1. Delimitada na Rúa E.

Destas catro unidades desenvolveuse unha Modificación Puntual dunha, presentouse a tramitación unha Modificación puntual e Estudo de Detalle da UA-2, que se aprobou definitivamente o 4.10.00 e da que só se executaron os edificios das embocaduras das rúas, e a Modificación e Estudo de Detalle da UA-4 que se aprobou en novembro de 2005, pero non se executou.

Ademais aprobouse un Estudo de Detalle na rúa Alexandre Bóveda esquina Pazos Fontenla o 06/10/2010.

. Plans Especiais:

- . PE-1. Plan Especial de Ordenación da zona Portuaria.
- . PERI-1. Plan Especial de Reforma Interior Praia de Loureiro.
- . PERI-2. Plan Especial de Reforma Interior Praia de Beluso.
- . PEE-1. Plan Especial de Equipamento Deportivo DEP-4.
- . PEE-2. Plan Especial de Equipamento Deportivo DEP-6.

Destes desenvolveuse o PEE-1 que se aprobou definitivamente o 28/10/89. Posteriormente redactouse o seu proxecto de urbanización e na actualidade atópase executado.

Redactouse un Avance do PERI-1 de Loureiro, que nunca se chegou a tramitar, aprobándose unha Modificación Puntual das Normas sobre esta área.

- Solo non urbanizable:

. Plans Especiais:

- . O-4. Solo non urbanizable de protección de paraxes naturais singulares que comprende as illas de Ons e Onza e os illotes.
- . PEP-1. Plans Especiais de Protección da Costa e ordenación do uso de praias de Lapamán, Muíño Vello e Cobelo.

Ademais, en desenvolvemento das vixentes Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial, no solo non urbanizable de protección agro-forestal costeira tense redactado o Plan Especial do Espazo Natural do Cabo Udra que foi aprobado definitivamente o 03.02.1999.

Ademais destas figuras de planeamento de desenvolvemento as Normas Subsidiarias foron sometidas a Modificacións Puntuais que pretenden adecuar o planeamento a solucións e propostas recollidas en convenios urbanísticos entre os particulares e o Concello.

Así temos a:

- MP do Convenio con J. Marañes e outros en Achadiza que se aprobou inicialmente o 25.09.98. Non concluíu a súa tramitación.
- MP para incorporar o Convenio suscrito entre Josefa Vidal Currás e o Concello, aprobado definitivamente o 02.12.1998.
- MP Convenio en finca A Roiba-O Cabalo. Non concluíu a súa tramitación.
- MP sobre o ámbito delimitado polas rúas Montero Ríos, E. Vincenti, Fontenla e Xoán Carballeira (Convenio Massó) aprobado definitivamente o 02.05.03. Executada. Sobre este mesmo ámbito tíñase aprobado unha modificación anterior o 04.01.99.
- MP Conservas Alonso, aprobado definitivamente o 18.08.98. Executada.
- MP Convenio urbanización Lotarelo S.L. en Loureiro. Executada.
- MP na Avda. de Agrelo nº 16, aprobada definitivamente 01.08.2001.

Ademais destas modificacións sobre áreas determinadas existen outras en trámite ou xa aprobadas en relación a cuestións concretas do contido normativo e de ordenación. Estas son:

- MP Aproveitamento baixo cuberta.
- MP Sistema actuación PP A-1 S-1 As Lagoas.
- MP Reservas Espazos Dotacionais de Servizos Públicos.
- MP no ámbito do PERI da Praia de Loureiro.
- MP Redelimitación núcleos rurais en Cela.
- MP descatalogación edificación na Praia de Beluso.
- MP para a adaptacións ás vixentes disposicións de habitabilidade.
- MP das condicións xerais do uso vivenda-aparcamento,

A continuación detállanse as características do principal planeamento de desenvolvemento.

1. PP-A-1. S-1. A LAGOA

Este Plan desenvolve unha área central da Vila entre as rúas Pazos Fontenla, Eduardo Vincenti e o Camiño da Igrexa, incluído os terreos destinados ao Campo de Fútbol ata o Colexio Virxe Milagrosa.

Características:

Superficie: 33.000 m²

Densidade residencial máxima: 60 Viv/Ha.

Edificabilidade bruta: 1 m²/m²

Aproveitamento:

Comercial: 9.696 m²

Residencial: 23.244 m²

Nº Vivendas: 198

Dotacións Públicas:


V.1: 1.000 m²

V.2: 5.600 m²

DP. AG: 2.000 m²

M: 1: 140 m² (420 m² construídos)

Atópase executado e parcialmente edificado.



2. PPI. PLAN PARCIAL PARQUE EMPRESARIAL 1º SECTOR

O Plan desenvolveu parte da área que as Normas clasificaban como de tipo industrial para dar cabida ás instalacións que polo seu tamaño ou natureza non tiveran localización noutras áreas. Este Plan Parcial ten como ámbito o sector que, cunha superficie total de 12,9 Ha, cumpría o lote mínimo establecido nas Normas en 10 Ha, planteándose en dúas fases.

Características:

Superficie: 129.942 m²

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/ m²

Parcela mínima: 1.000 m²


Fronte mínimo: 15 m

Nº plantas máximo: 3 plantas (incluso soto se existe)

Altura de cornixa máxima: 10,5 m

Cesión para zona verde: 15% solo

Posteriormente redactouse un Plan Especial de Infraestruturas e o Proxecto de Urbanización. Na actualidade xa se executou a urbanización de ambas fases presentando alta ocupación.



3. UA-2. ESTUDIO DE DETALLE QUE SE TRAMITOU CONXUNTAMENTE COA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS QUE SUPÓN O AXUSTE DOS LÍMITES DA ACTUACIÓN

Características:

Superficie: 12.371,53 m²

Edificabilidade: 0,825 m²/ m²

Aproveitamento: 10.206,51 m²

Ocupación: 2.440,33 m²

Zona verde privada: 3.648,51 m²

Cesións:

Viais: 1.281,99 m²


Zonas verdes e espazos peonís: 3.447,88 m²

Equipamento docente: 912,18 m²

Equipamento asistencial: 640,64 m²

Novo vial: 404,86 m²

Non executada. Só parcialmente executadas as edificacións con fronte ás rúas existentes.



4. PEE-1. PLAN ESPECIAL DE EQUIPAMIENTO DOCENTE E DEPORTIVO

Redactouse este Plan Especial conxuntamente coa Modificación para dar cumprimento ás Normas Subsidiarias e posibilitar a instalación de proxectos en marcha dun centro docente e dun pavillón polideportivo.

Características:


Superficie: 18.300 m²

Uso Docente: 7.000 m²

Uso Deportivo: 6.700 m²

Rede Viaria: 4.600 m²

Na actualidade, este Plan Especial está rematado en canto a súa execución.




5. PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ESPAZO NATURAL DO CABO UDRA

A catalogación como Espazo Natural do Cabo Udra e o seu contorno, establecida pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial aprobadas por resolución de 3 de Abril de 1991, dota ao Plan Especial dunha compoñente de autonomía propia no marco do desenvolvemento do planeamento municipal.

Os obxectivos e criterios xerais de ordenación son os seguintes:

- . A necesidade de conservación e protección dos elementos non renovables do medio natural e que atinxe tanto aos intereses naturais, paisaxísticos ou culturais.
- . Utilización racional dos recursos naturais evitando a degradación irreversible do medio.
- . A regulación da permisividade dun desenvolvemento axeitado das actividades incidentes no solo.



6. MODIFICACIÓN PUNTUAL NO CUARTEIRÓN DELIMITADO POLAS RÚAS MONTERO RÍOS, EDUARDO VINCENTI, PAZOS FONTELA E XOÁN CARBALLEIRA

Con esta Modificación preténdese producir a reordenación de volumes para a adaptación da proposta anterior que xurdira do convenio suscrito entre o Concello de Bueu e Massó Hermanos S.A.

Características:

Superficie: 27.938 m²

Edificabilidade: 1,07 m²/ m²

Aproveitamento: 29.869 m²

Cesións: Zona verde e espazos libres: 5.868 m²

Equipamento colectivo: 1.433 m²

Posteriormente en maio de 2003 produciuse unha nova modificación neste ámbito de xeito conxunto coa súa execución. En fase de construción.




O resto das fichas corresponden a expedientes que se iniciaron ao longo da vixencia das Normas Subsidiarias. Algúns non se desenvolveron.


7. MODIFICACIÓN PUNTUAL CONSERVAS ALONSO: REORDENACIÓN DE VOLUMES APROBADO DEFINITIVAMENTE.

8. PERI-1. PRAIA DE LOUREIRO. AVANCE DE PLANEAMENTO.

9. MODIFICACIÓN PUNTUAL CONVENIO URBANIZACIÓN LOTERELO S.L. EN LOUREIRO.

10. MODIFICACIÓN PUNTUAL PARA DESCATALOGAR UNHA EDIFICACIÓN EN PRAIA DE BELUSO.





A.2. A POBOACIÓN MUNICIPAL

A.2.1. A POBOACIÓN MUNICIPAL. EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL

A Comarca do Morrazo presenta un incremento poboacional do 5% no período recente 01-10, como xa se comentou en apartados precedentes.

Desde o punto de vista da súa caracterización, o Termo Municipal de Bueu ten unha superficie oficial de 30,80 Km², segundo datos do INE, e está dividido en cinco parroquias, subdividíndose unha delas para identificar á Vila, que ocupa a posición norcentral, sendo outra a Illa de Ons. A de Beluso ocupa o occidente contra a ría de Aldán, a de Cela ocupa o oriente, en límite con Marín, e as de San Martiño e Ermelo sitúase ao sur.

Se analizamos as parroquias desde o punto de vista demográfico observamos o incremento porcentual do peso da Vila sobre as parroquias que perden poboación nas últimas tres décadas. Así en 1981 a poboación da Vila supoñía o 20,9% fronte ao 79,1% das parroquias, mentres que en 2010 a Vila xa supón o 30,5% da poboación e as parroquias o 69,5%.

CADRO Nº 16. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL DE DEREITO. EVOLUCIÓN RECENTE

	1981		1991		2001		2010	
	VA	%	VA	%	VA	%	VA	%
Bueu (San Martiño) Vila	2.545	20,9	3.238	25,9	3.608	28,5	3.775	30,5
Beluso (Sta. María)	3.347	27,6	3.210	25,7	3.022	24,0	2.849	23,0
Bueu (San Martiño)	4.119	33,9	3.865	30,8	3.792	30,1	3.622	29,3
Cela (Santa María)	2.029	16,7	2.085	16,7	2.043	16,2	1.965	15,9
Ermelo (Santiago)	94	0,7	99	0,8	89	0,7	79	0,6
Illa de Ons (S. Xoaquín)	20	0,2	12	0,1	63	0,5	78	0,6
TOTAL PARROQUIAS	9.609	79,1	9.271	74,1	8.999	71,5	8.593	69,5
TOTAL MUNICIPIO	12.154	100,0	12.509	100,0	12.617	100,0	12.368	100,0

Fte.: INE-IGE. Censos de Poboación. Padrón municipal. Concello de Bueu. Elaboración propia.

CADRO Nº 17. ÍNDICES DE CRECEMENTO DEMOGRÁFICO MUNICIPAL. POBOACIÓN DE DEREITO 1981-2001

	1981	1991	2001	2010
Bueu (San Martiño) Vila	100	127,3	141,8	148,3
Beluso (Sta. María)	100	95,9	90,3	85,1
Bueu (San Martiño)	100	93,8	92,1	87,9
Cela (Santa María)	100	102,8	100,7	96,8
Ermelo (Santiago)	100	105,3	94,7	84,0
Illa de Ons (S. Xoaquín)	100	60,0	315,0	390,0
TOTAL PARROQUIAS	100	96,5	93,7	89,4
TOTAL MUNICIPIO	100	102,9	103,8	101,8

Fte.: INE-IGE. Censos de Poboación. Padrón municipal. Concello de Bueu. Elaboración propia.

A pesares do peso crecente da Vila, que reforza a súa estrutura poboacional e polo tanto o seu papel municipal e comarcal, vemos que na última década hai unha parroquia que eleva considerablemente a súa poboación o que chama a atención posto que se trata da única parroquia que é unha illa. Esta situación é máis subliñable se observamos que a mesma parroquia perdía poboación na década anterior. Este fenómeno tan só pode deberse a factores externos á propia compoñente demográfica.

Existían 53 núcleos no termo municipal repartidos entre as 5 parroquias segundo os datos recollidos no “Censo de Población y Viviendas” de 1991. Recentemente e desde o punto de vista Censual, recóllese a aparición dun novo núcleo na parroquia de Cela denominado Agrelo, co que totalizan na actualidade 54 núcleos.

Nunha análise máis pormenorizada vemos que existen varios núcleos ademais da Vila que teñen un crecemento sostido nas dúas últimas década. Tal é o caso de Sar de Beluso, A Canceliña e As Meáns de Bueu (San Martiño), Agrelo de Cela e Ons.

Ademais na década recente nótase un repunte poboacional en núcleos que inverten a súa tendencia anterior: Montemogos e A Roza da Parroquia de Beluso; O Enleirto, Petís, Soutelo e Xeixide da parroquia de Bueu (San Martiño); Antepazo, O Beluso, Pousada e Sabarigo da parroquia de Cela (Santa María).

Todas estas circunstancias non son suficiente para promover o crecemento das parroquias nas que se enmarcan posto que todas elas perden poboación como xa se comentou.

Se analizamos as densidades parroquiais vemos que a máis densa, sen considerar a Vila, que acada individualmente os 9.437 hab/Km², corresponde á parroquia de Bueu, San Martiño, con 548,8 hab/Km², que comparte ámbitos con esta e cos núcleos máis poboados do seu contorno.

Séguenlle as parroquias de Beluso e Cela con 303,1 hab/Km² e 293,3 hab/Km², respectivamente. Por último as parroquias menos poboadas son as de Ermelo e A Illa de Ons, que comparten peor accesibilidade e condicións topográficas no caso da primeira e a propia insularidade no da segunda.

A.2.2. COMPOSICIÓN E ESTRUTURA

Se analizamos a evolución da estrutura da poboación entre os anos 1991 e 2010, observamos que dun xeito similar ao que se produce de forma xeneralizada en Galicia, en Bueu amósase un envellecemento da poboación nos últimos dezanove anos, toda vez que a porcentaxe de maiores de 65 anos incrementouse en un punto e medio porcentual, e o peso dos menores de 15 anos diminuíu máis de 5 puntos.

Así, a poboación municipal de Bueu segue presentando unha estrutura madura na que o peso maior de poboación acapárao a idade intermedia, e a poboación menor de 14 anos acada un peso do 17,4%. O peso do grupo de idades avanzadas acada un 13,2%. Sinalar que esta porcentaxe do sector de idades avanzadas é moi inferior ás medias provincial e galega dese mesmo ano (18,8% e 22,2% respectivamente), co que no conxunto galego, o municipio de Bueu mantén aínda uns trazos de xuventude importantes.

CADRO Nº 18. COMPOSICIÓN DA POBOACIÓN DE BUEU POR RANGO DE IDADE E SEXO. 1991

	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	VA	%	VA	%	VA	%
0-14 anos	1.477	24,00	1.367	21,51	2.844	22,75
15-64 anos	4.104	66,60	4.088	64,46	8.192	65,53
≤ 65 anos	578	9,40	887	13,99	1.465	11,72
TOTAL	6.159	100,00	6.342	100,00	12.501	100,00

Fte.: Censo de Poboación 1991. Elaboración propia.

CADRO Nº 19. COMPOSICIÓN DA POBOACIÓN DE BUEU POR RANGO DE IDADE E SEXO. 2010


	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	VA	%	VA	%	VA	%
0-14 anos	1.129	18,20	1.061	16,60	2.190	17,40
15-64 anos	4.402	71,10	4.341	67,80	8.743	69,40
≤ 65 anos	661	10,70	1005	15,70	1.666	13,20
TOTAL	6.192	100,00	6.407	100,00	12.599	100,00

Fte.: Padrón municipal 2010. Elaboración propia.


A relación entre sexos ao comezo da década dos 90, similar á do ano 2010, de 97 homes por cada 100 mulleres, da conta do equilibrio logrado entre sexos en época recente, o que se logra pola estabilidade demográfica mantida por Bueu nas últimas dúas décadas.

A análise das pirámides de poboación dos anos 2001 e 2010, permiten observar a estabilidade na base e o incremento da poboación de idades avanzadas. Esta certa estabilidade da base co leve repunte dos nenos permite imaxinarse como evolución máis desfavorable o mantemento da poboación actual.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 2001



PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 2010



Respecto ao nivel de instrución e observando os datos comparativos do Municipio coa provincia de Pontevedra e con Galicia, vemos que a taxa de analfabetismo elévase en 2001 por riba de todos eles. Sen embargo os que teñen estudos superiores acadan a porcentaxe máis baixa de todas elas. Esta circunstancia continúa a situación que presentaba no ano 1991.

CADRO Nº 20. NIVEIS DE ESTUDO DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS. 2001

	BUEU	PONTEVEDRA	GALICIA
ANALFABETOS	3,59	1,82	2,05
SEN ESTUDIOS	14,60	13,03	16,33
1º GRAO	27,78	28,31	26,61
2º GRAO	46,59	46,65	44,28
3º GRAO	7,44	10,19	10,73
TOTAL	100,00	100,00	100,00

Fte.: Censo de Poboación 2001. Elaboración propia.

A.3. A VIVENDA

A.3.1. A VIVENDA. EVOLUCIÓN E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DO CRECEMENTO INMOBILIARIO

Concentrándose na situación edificatoria do municipio de Bueu vemos que no período 1986-2010, desde que se aprobaron as Normas, concedéronse licenzas para un total de 1.634 novas vivendas das cales o 24,4% corresponde a vivendas unifamiliares, localizándose a maior proporción (35,6%) na parroquia de Bueu (San Martiño).

A vivenda colectiva que supón o 75,6% restante das novas licenzas tamén se localizan maioritariamente na Vila, nunha porcentaxe de 89,4%, como non podía ser doutro xeito se atendemos á cualificación urbanística do solo establecido no planeamento vixente.

CADRO Nº 21. LICENZAS CONCEDIDAS NO PERÍODO 1986-2010, TRAS A ENTRADA EN VIGOR DAS NORMAS. CONCELLO DE BUEU

	VIVENDA UNIFAMILIAR		VIVENDA COLECTIVA	
	VA	%	VA	%
Beluso (Sta. María)	114	28,6	50	4,0
Bueu (San Martiño)	142	35,6	71	5,7
Cela (Sta. María)	118	29,6	10	0,8
Ermelo (Santiago)	-		-	
Illa de Ons (San Xoaquín)	-		-	
BUEU (VILA)	25	6,3	1.104	89,4
TOTAL PARROQUIAS	374	93,7	131	10,6
TOTAL MUNICIPIO	399	100,0	1.235	100,0

Fte.: Concello de Bueu. Elaboración propia.

Este número de licenzas representa un ritmo de crecemento para o conxunto municipal medio residencial de 68 vivendas/ano, máis importante na Vila, onde ese ritmo é de 47 vivendas/ano, o que supón máis da metade do incremento interanual.

Das vivendas autorizadas 1.634 (o 69%) corresponden ás executadas no solo urbano ou urbanizable desenvolto, sendo as restantes as situadas tanto nas entidades rurais de poboación como no solo rústico.

En canto ao número total de vivendas vemos que no ano 1991 segundo datos censuais era de 5.025 unidades, o que supón un incremento do 27,1% sobre as existentes no ano 1981 segundo a mesma fonte.

O crecemento subliñable da década analizada modérase na década 1991-2001 se temos en conta os datos censuais no que o parque residencial só se incrementou nun 11,8%.

CADRO Nº 22. ANÁLISE RECENTE DO NÚMERO DE VIVENDAS POR PARROQUIAS

	1981		1991		2001	
	VA	%	VA	%	VA	%
Beluso (Sta. María)	1.021	25,8	1.242	24,7	1.335	23,8
Bueu (San Martiño)	1.267	32,1	1.409	28,0	1.575	28,0
Cela (Santa María)	652	16,5	798	15,9	915	16,3
Ermelo (Santiago)	34	0,9	29	0,6	31	0,6
Illa de Ons (S. Xoaquín)	76	1,9	67	1,3	64	1,1
BUEU (VILA)	903	22,8	1.480	29,5	1.701	30,3
TOTAL PARROQUIAS	3.050	77,2	3.545	70,5	3.920	69,7
TOTAL MUNICIPIO	3.953	100,0	5.025	100,0	5.621	100,0

Fte.: INE. Censos de vivenda. Elaboración propia.

Observando a distribución parroquial de vivendas por décadas vemos que a Vila gaña peso porcentual dun xeito continuado nas dúas últimas décadas, sendo maior o incremento na década 1981-1991, dato que coincide coa época de maior desenvolvemento inmobiliario.

Se comparamos os datos de novas vivendas e os de poboación por parroquias vemos que o incremento de vivendas non está xustificado no incremento poboacional, salvo no caso da Vila onde si se observa un incremento aínda que nunha porcentaxe inferior.

A xustificación a este proceso atopámola na renovación do parque edificado coa mellora das condicións das vivendas, e tamén na proliferación de vivendas que se destinan a segunda residencia vencellada ao disfrute estacional do bordo costeiro.

Para analizar o sucedido no período recente (2000-2010) recorreremos á estatística de construción de edificios elaborada polo IGE a partir dos datos do Ministerio de Fomento. Con estes datos observamos que en Bueu incrementouse o parque residencial en 794 vivendas, o 14% das existentes en 2001. Sinalar que 42 vivendas son o resultado de proxectos de rehabilitación.

A.3.2. CARACTERÍSTICAS

Para a análise das características das vivendas usaremos datos censuais de 1991 e 2001, diferenciando as vivendas principais das non principais.

CADRO Nº 23. NÚMERO DE VIVENDAS SEGUNDO DESTINO NO TERMO MUNICIPAL DE BUEU 1991

	Vivendas Principais		Non principais		TOTAL	
	VA	%	VA	%	VA	%
Beluso (Sta. María)	805	64,9	436	35,1	1.241	100
Bueu (San Martiño)	1.019	72,3	390	27,7	1.409	100
Cela (Santa María)	514	64,4	284	35,6	798	100
Ermelo (Santiago)	25	86,2	4	13,8	29	100
Illa de Ons (S. Xoaquín)	7	10,5	60	89,5	67	100
BUEU (VILA)	894	60,4	586	39,6	1.480	100
TOTAL	3.237	64,6	1.787	35,4	5.024	100

Fte.: INE. Censos de vivenda 1991. Elaboración propia.

CADRO Nº 24. NÚMERO DE VIVENDAS SEGUNDO DESTINO NO TERMO MUNICIPAL DE BUEU 2001

	Vivendas Principais		Non principais		TOTAL	
	VA	%	VA	%	VA	%
Beluso (Sta. María)	846	63,4	489	36,6	1.335	100,0
Bueu (San Martiño)	1.111	70,5	464	29,5	1.575	100,0
Cela (Santa María)	593	64,8	322	35,2	915	100,0
Ermelo (Santiago)	28	90,3	3	9,7	31	100,0
Illa de Ons (S. Xoaquín)	42	65,6	22	34,4	64	100,0
BUEU (VILA)	1084	63,7	617	36,3	1.701	100,0
TOTAL	3.704	65,9	1.917	34,1	5.621	100,0

Fte.: INE. Censos de vivenda 1991. Elaboración propia.

Dentro das porcentaxes de vivendas non principais vemos que a media municipal é alta acadando un 35,4% do total de vivendas en 1991 que diminúe ao 34,1% en 2001 onde segue sendo alta.

En 1991, por parroquias temos que destacar nesta porcentaxe a Illa de Ons, que representa unha excepción dado o seu carácter, estando por debaixo da media municipal soamente as parroquias de Ermelo e a de Bueu (San Martiño), no primeiro caso ao tratarse da parroquia interior e no segundo posiblemente por agrupar núcleos de crecemento da Vila relativamente ocupados, e ser unha das parroquias con menos franxa costeira, o que reforza a tese de que as vivendas non principais están vinculadas a un uso estacional.

En 2001, á parte das diferenzas do tratamento dos datos censuais, cómpre mencionar que novamente as parroquias de Ermelo e Bueu San Martiño, amosan as porcentaxes

de vivenda non principal máis baixas, presentando a illa de Ons unha inversión da característica das súas vivendas, posto que as principais medraron significativamente.

Podemos concluír que dentro das vivendas de Bueu, teñen un peso significativo as vivendas non principais, tendo un destino como vivendas secundarias o 17,5% do parque residencial do ano 2001. O restante 16,6% correspóndese coas vivendas baleiras (15,6%) e outras (1%).

CADRO Nº 25. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE VIVENDAS SEGUNDO DESTINO NO TERMO DE BUEU

Nº VIVENDAS	1991		2001		INCREMENTO 91-01	
	VA	%	VA	%	VA	%
PRINCIPAIS	3.319	65,0	3.704	65,9	385	75,3
SECUNDARIAS	934	18,3	983	17,5	49	9,6
DESOCUPADAS	695	13,6	878	15,6	183	35,8
OUTRAS	162	3,2	56	1,0	-106	-20,7
TOTAL	5.110	100,0	5.621	100,0	511	100,0

Fte.: INE. Censos de vivenda. Elaboración propia.

Do total do incremento, un 75,3%, correspóndese con vivendas principais. Non obstante, a media de vivendas non principais no ano 2001 segue sendo elevada acadando un 34,1%.

A alta porcentaxe de vivendas desocupadas pode entenderse desde a data de realización das enquisas do Censo, outono, o que pode dar lugar a que vivendas secundarias fosen consideradas como baleiras por estar simplemente ocupadas só na época estival.

En resumo podemos concluír que o crecemento residencial de Bueu foi suave cunha media de 51 viv/ano, que aínda que non foi acompañado dun crecemento demográfico subliñable (aproximadamente 1%), e non supuxo unha forte presión inmobiliaria, ademais de repartirse basicamente entre a Vila e as parroquias de Bueu (San Martiño), Beluso e Cela respectivamente, segundo os datos de explotación das licenzas.

Razóns xa apuntadas de renovación de parque de vivendas e diminución do tamaño familiar xustifican ese incremento residencial.

Sen embargo, a vivenda secundaria de ocupación temporal segue a ocupar unha parte subliñable do parque residencial, dadas as especiais características naturais, ecolóxicas e ambientais que presenta o territorio municipal.

A.4. AS INFRAESTRUTURAS

A.4.1. REDE DE ESTRADAS

A.4.1.1. Xerarquización e diagnose

A rede viaria municipal componse actualmente dun conxunto de estradas de diversa titularidade e da malla que forman os camiños públicos rurais.

A situación de Bueu no extremo oeste da península do Morrazo fai que a rede de estradas que a cruza teña un carácter nidiamente comarcal de servizo circunvalatorio da península e comunicación interna, non existindo ningunha vía que pertenza á Rede Xeral do Estado.

A rede de titularidade autonómica é a seguinte:

- . CG-4.1. Corredor do Morrazo. Vía de Alta Capacidade autonómica entre a PO-551 en Rande e a PO-551 en Cangas, cunha lonxitude total de 14,89 Km, que entrou en funcionamento en decembro de 2005. Prolóngase coa V.G. 4.6 ata Cangas.
- . PO-551. Estrada autonómica da rede primaria básica que serve neste treito para comunicar Bueu coa área metropolitana de Pontevedra polo norte e polo sur co enlace co Corredor do Morrazo que leva ata a AP-9 en Rande, o que a comunica coa área metropolitana de Vigo. No interior da península serve de conexión pola costa con Marín, Cangas e Moaña. Representa o eixe histórico de accesibilidade, con graves problemas de conxestión na época estival, que en parte aliviou a posta en servizo do Corredor, así como a entrada en funcionamento da VG-4.4, Variante de Marín, que permite axilizar a conexión con Pontevedra e coa autoestrada AP-9. Para esta vía o Plan de Estradas de Galicia propuxo no seu momento unha variante que conectase, salvando a travesía, a vía rápida da Variante de Marín co enlace de Castiñeiras do Corredor do Morrazo. O Plan Move abandonou esta proposta. A PO-551 ademais relaciona o Porto de Bueu co Polígono Industrial de Castiñeiras.
- . PO-315. Bueu (PO-551) –Cangas (PO-551). Estrada autonómica da rede primaria complementaria que permite a conexión entre Bueu e Cangas pola costa. Constitúe o percorrido alternativo á PO-551 entre estas dúas vilas.

O resto da rede viaria principal cumpre un papel máis de distribuidor local e ámbito municipal.

Entre estas vías temos as seguintes de titularidade provincial:

- . EP-1301. De Alto de Portela a Beluso, conecta a PO-551 e a PO-315.
- . EP-1302. De Beluso a Cabo Udra.
- . EP-1303. De Banda do Río á Portela.
- . EP-1304/EP-1305. Subida a Igrexa de Cela desde PO-551, por A Torre, e desde Igrexario ata PO-551 na Vila pasando por Outeiro.
- . EP-1306. Subida a Meiro e Ermelo desde PO-551.
- . EP-1307. Acceso á praia de Lapamán, desde PO-551.
- . EP-1308. De Beluso a Praia de Lago, arranca na PO-315.
- . EP-1309. Acceso a Praia de Beluso desde PO-315.

CADRO Nº 26. REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS

ESTRADA	LONXITUDE	LONXITUDE	INICIO	FINAL
EP-1301	Alto Portela - Beluso	3.380	EP-1303	PO-315 en Beluso
EP-1302	Beluso - Cabo Udra	1.880	PO-315 en Beluso	Cabo Udra
EP-1303	Banda do Río - A Portela	3.370	PO-551-Bueu	PO-551-A Portela
EP-1304/ EP-1305	PO-551-Igrexario de Cela - Outeiro - Bueu	3.170	PO-551-Cela	PO-551-Bueu
EP-1306	Portela - Ermelo	3.980	PO-551	Ermelo
EP-1307	Acceso Praia Lapamán	210	PO-551	Praia Lapamán
EP-1308	Acceso Praia Lagos	2.490	PO-315 en Beluso	Praia Lagos
EP-1309	Acceso Praia Beluso	890	PO-315 en Bueu	Praia de Beluso

A rede de titularidade municipal e o resto da rede de camiños existentes cumpre funcións meramente urbanas ou de relación entre núcleos.

A.1.4.2. As determinacións das normas subsidiarias de planeamento municipal

O Termo Municipal de Bueu vense rexendo na súa ordenación urbanística polas Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra en sesión de data 11.06.1986, que daba cumprimento ao acordo da C.P.U. do 10 de marzo de 1986 que suspendía o documento tramitado polo Concello con anterioridade.

Estruturadas ao redor do recoñecemento do feito urbano principal da Vila de Bueu, e en menor medida aos núcleos da Praia de Beluso e Beluso, as Normas Subsidiarias identifican a realidade nuclear dos asentamentos poboacionais algúns lineais, outros en améndoa, e todo isto baixo os obxectivos de ordenación que se comentan no capítulo 9 da presente Memoria.

O obxectivo máis destacable deste planeamento é a intención de concentrar os crecementos nos contornos inmediatos aos núcleos, para preservar o resto do territorio da edificación, mantendo as súas excelentes condicións naturais de orixe.

As Normas Subsidiarias distinguen na súa cualificación urbanística o solo de núcleos, a urbanización de segunda residencia, o solo industrial e o non urbanizable.

Dentro do solo non urbanizable prodúcese a diferenciación entre o protexido e aquel sen protección específica, establecendo para o solo protexido as seguintes cualificacións:

Ordenanza 1. De protección de Costas e Praias: destinada a preservar de ocupación edificatoria as zonas contiguas ás de dominio público, para garantir dito dominio e o establecemento das servidumes establecidas pola “Ley de Costas”, preservando as franxas próximas ao mar da apropiación privada.

Ordenanza 2. De protección de leitos fluviais: destinada a preservar de ocupación edificatorias as ribeiras, as marxes e as zonas lindantes aos leitos en aras a garantir o establecemento da servidume fixada na “Ley de Aguas”, así como a conservación e protección das condicións naturais dos ríos e os terreos húmidos.

Ordenanza 3. De protección de zonas agro-forestais costeiras ou de singular valor paisaxístico e ambiental: destinada á mellora e mantemento de determinadas áreas agrícolas e forestais que pola súa posición estratéxica convérteas en elementos que posúen un valor definidor do contorno, de grande significación na configuración da paisaxe costeira da ría.

Ordenanza 4. De protección forestal: destinada a preservar da ocupación edificatoria determinadas áreas de uso ou vocación forestal, a fin de manter e mellorar o seu actual aproveitamento e protexelas para un futuro acondicionamento como zonas recreativas de ámbito metropolitano.

Ordenanza 5. De Paraxes Naturais Singulares: destinada a compatibilizar os usos existentes coa conservación e protección da flora e fauna das Illas de Ons e Onza en tanto se redacta un Plan Especial.

Ordenanza 6. De sitios costeiros sobresaíntes: destinada á preservación das condicións naturais dunha zona da costa do Municipio que forma parte fundamental dun ámbito da paisaxe que se caracteriza pola súa forma agreste que o fai inapropiado para os usos utilitarios tradicionais.

Ordenanza 7. De interese para a Defensa Nacional.

Para o solo rústico sen protección específica establécese a ordenanza 8, na que se regulan as condicións mínimas nas que se permita a edificación illada sen que se produzan novos asentamentos poboacionais, seguindo as determinacións da lexislación vixente naquel momento.

A ordenación do solo non urbanizable, complementábase co establecemento de varias áreas que deberían ser obxecto do desenvolvemento de Plans Especiais.

Para os núcleos rurais, mediante a ordenanza 10 e cunha clasificación de solo urbano, regúlase a nova edificación en aldeas, lugares e rueiros de orixe agraria e de carácter definido que constitúen a trama de asentamentos parroquiais do Municipio. A súa regulación normativa é sensible á súa singularidade tanto desde o punto de vista tipolóxico como de continuidade morfolóxica.

A.4.1.3. Proxectos

Dentro dos proxectos da rede viaria principal destaca o desdobre do corredor do Morrazo para convertelo en autovía cun total de 14,5 Km de lonxitude entre o enlace coa AP-9 en Rande e o Alto da Portela en Bueu. As obras foron licitadas en xullo de 2011. A previsión de reservas de terreo que se fixo no momento da execución, facilitan a súa execución xa que só restan expropiacións puntuais.

A citada mellora do corredor, constitúe o elemento máis novidoso da estrutura territorial, en canto mellora as relacións coa área metropolitana de Vigo, xa que permite a conexión da comarca coa súa área urbana mediante a autovía, perseguindo ademais a redución da siniestrabilidade.

Ademais existe un compromiso de conservación da rede autonómica de estradas en toda a comarca do Morrazo, que inclúe as estradas que atravesan o municipio de Bueu, PO-551 e PO-315.

A.4.1.4. Camiños rurais pavimentados

Existe un viario máis miúdo, con menor capacidade funcional, de comunicación entre núcleos, e outras vías de carácter forestal que percorren a parte alta do municipio, pero cun carácter máis específico que o de comunicación xeral do resto das vías.

En xeral estes viais posúen un acabado superficial ben asfaltado ou formigonado, pero ofrecendo un grao de urbanización deficiente e unha grande carencia de sección viaria, tal como se aprecia nos planos de información urbanística.

A.4.2. PARQUE DE VEHÍCULOS MUNICIPAL. EVOLUCIÓN

A evolución do parque de vehículos de Bueu experimentou un crecemento anual medio do 3,1% cun incremento de arredor de 235 vehículos ao ano, no período 2007-2011.

CADRO Nº 27. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VEHÍCULOS DE BUEU. 2007-2011

ANO	2007	2009	2011
Nº VEHÍCULOS	7.601	8.261	8.539

Fte: IGE. Parque de vehículos.

Este crecemento non correu parello co crecemento de poboación co que a taxa de motorización elevouse de 457,4 vehículos/1.000 hab. no ano 2007 a unha alta taxa de 690,4 no ano 2011. A taxa de motorización é inferior ás medias comarcal e provincial no ano 2007 (575 veh./1000 hab. e 684 veh./1000 hab. respectivamente), pero no ano 2011 a taxa de motorización de Bueu supera a media comarcal (608 veh./1000 hab), aínda que se mantén por debaixo da media provincial (691,2 veh./1000 hab).

As taxas de motorización descritas refírense á totalidade do Parque de vehículos censado no concello, segundo os datos que obran en tráfico, incluíndo vehículos pesados, industriais e agrícolas, co que o número de vehículos real referido á poboación é inferior. O número de turismos no período acadou unha porcentaxe arredor do 73,8% do parque total de vehículos, co que se pode concluír que o crecemento do parque de vehículos mantivo unha tendencia uniforme segundo as distintas clases.

A.4.3. PORTOS

O porto de Bueu, integrado dentro da rede de Portos de Galicia de titularidade Autonómica, é de carácter eminentemente pesqueiro e marisqueiro. O seu ámbito delimitouse mediante deslinde aprobado por O.M. en data 15.4.75, sendo o que define o sistema xeral portuario.

O seu perímetro pecha os seguintes ámbitos:

- . A Praia de Bueu.
- . O Porto de Bueu.
- . A Praia de Banda do Río, en parte.

Dentro deste ámbito téñense concedido catro concesións de ocupación do dominio público marítimo terrestre, segundo datos do Plan Indicativo de Usos do Dominio Público Litoral, e que son as seguintes:

- . Peirao de rampla. O.M. 16.2-1906.
- . Aproveitamentos de terreos da ZMT. O.M. 4.4.1946.
- . Estaleiros para embarcacións menores. O.M. 10.7.1947.
- . Fábrica de Salazón de pescado en praia de Banda do Río. O.M.3.2.1909.

As actuacións realizadas nos últimos anos máis importantes refírense á ampliación do dique de abrigo, a nova lonxa e aos departamentos para usuarios.

Tamén é reseñable a oferta turístico recreativa, tras a execución do porto deportivo de Beluso, pequena mariña con tres pantaláns e capacidade para 62 amarres.

No Plan Director das instalacións náutico-deportivas de Galicia, contéplase a ampliación das instalacións náutico deportivas do porto de Bueu con capacidade para 350 prazas e unha mariña seca para 100 embarcacións, mediante un recheo na zona oeste e prolongando o abrigo. Igualmente prevese a ampliación das instalacións do Porto de Beluso con 40 amarres máis.

Cómpre reseñar as instalacións portuarias da Illa de Ons, compostas de peirao e faro, segundo a información remitida pola Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, de titularidade estatal.

A.4.4. INFRAESTRUTURAS

No referente ás infraestruturas básicas analízanse aquelas que engloban aos servizos urbanísticos caracterizados xeralmente pola linealidade, a súa tecnificación e o trazado subterráneo.

Dentro deles, as que máis relevancia teñen, desde o punto de vista urbanístico, son as redes de saneamento e abastecemento de auga.

A.4.4.1. Abastecemento de auga

No municipio de Bueu esta rede conta inicialmente con tres puntos de almacenamento, que presentan unha capacidade de 5.640 m³, un do Castrillón, outro en Outeiro e o de Castiñeiras. Estes depósitos reciben auga desde a adución de Pontevedra, a razón dun subministro medio de 1.680 m³/día, despois de abandonarse en 1999 a captación que se realizaba nos mananciais de Cela.

Neste senso sinalar que os municipios da ría de Pontevedra asinaron un protocolo con Aquanorte (Sociedad Estatal Agua de la Cuenca del Norte) para redactar un proxecto que resolva os problemas de abastecemento da área da ría de Pontevedra, con capacidade para garantir a cobertura do abastecemento nos próximos 20 anos. Este ambicioso proxecto incluíría desde a ampliación das captacións e plantas de tratamento ata os sistemas de almacenamento e distribución.

O estado da rede nas distintas parroquias é o seguinte, segundo o estudo realizado por Aqualia no ano 2010:

Parroquia de Bueu. O servizo cubre á totalidade da parroquia, recibíndose auga dos depósitos de Castrillón e Outeiro. As canalizacións acadan unha lonxitude total aproximada de 34 Km, e están compostas de fibrocemento, polietileno e PVC.

Parroquia de Cela. Non existe subministro para toda a parroquia, aínda que conta con redes veciñais, -con captacións en mananciais ou ríos, da que se descoñece amplitude da rede e características-, e outras particulares individuais. Ademais nas zonas servidas existen problemas de presión, debido á especial orografía da parroquia. A rede municipal recibe auga dos depósitos de Castrillón e Outeiro. As canalizacións acadan unha lonxitude total aproximada de 15 Km, e están compostas de fibrocemento e PVC.

Parroquia de Beluso. O servizo cubre case toda a parroquia, agás pequenas zonas como Sar ou Montemogos sur, recibíndose auga principalmente do depósito de

Castiñeiras, agás A Praia de Beluso que a recibe dos depósitos de Castrillón e Outeiro. As canalizacións acadan unha lonxitude total aproximada de 19 Km, e están compostas de fibrocemento, polietileno e PVC.

Como problemas máis destacados plantéase que o abastecemento da poboación desde Pontevedra non ten moita folgura, xa que só se podería incrementar en 1.000 m³/día bombeando de modo continuo, debido a que a canalización da adución de Pontevedra non pode transportar máis caudal. Plantéase no estudo de aqualia a posibilidade de recuperar as captacións en mananciais de Cela para completar o subministro.

Por outra parte existen treitos de canalización moi obsoletos que deben ser substituídos ademais de producir o incremento do servizo para servir á totalidade da poboación, de xeito que se eliminen as captacións individuais que son de difícil control sanitario.

O subministro medio diario é de 21,6 l/seg. Este consumo corresponde cunha dotación duns 151 l/hab/día. Tendo en conta que parte da poboación sérvese por aducións particulares, e outra parte dos núcleos non teñen subministro, este consumo medio elevaríase ata os 180-200 l/hab/día.

A.4.4.2. Saneamento

O saneamento de Bueu componse dunha extensa rede de colectores de 88 Km de lonxitude, 9 puntos de bombeo, 4 na parroquia de Beluso, 2 na de Bueu e os tres restantes na de Cela e todo elo remata nunha Estación de depuración de augas residuais, EDAR, situada no Cabalo que ten unha capacidade para 17.000 habitantes equivalentes, cun caudal medio por día de 5.112 m³/día, cun caudal medio en inverno de ata 5.500 m³/día e 4.400 m³/día en verán. O seu tipo é de depuradora biolóxica de fungos activados mediante sistema de aireación prolongada, cun reactor biolóxico configurado como un canal de oxidación que posibilita a eliminación de nitróxeno por procedementos biolóxicos e de fósforo mediante precipitación química, acondicionamento e deshidratación de fungos mediante filtro banda. Desinfección mediante raios U.V. A cantidade de fungos producidos acada 1.719 toneladas en 2009.

Está previsto completar esta rede con dous novos puntos de bombeo en Meiro e A Portela, completando os colectores.

O estado actual do servizo por parroquias é o seguinte:

Parroquia de Bueu. Existe unha rede de saneamento que serve case á totalidade dos núcleos da parroquia, aínda que presenta treitos, sobre todo na vila, con serios

problemas, posto que son colectores de formigón moi antigos e unitarios (Pazos Fontenla, Praia de Petís...) o que provoca que en época de chuvias se produzan problemas na rede e se sobrecargue o bombeo de Banda do Río.

Parroquia de Cela. Existe unha rede de saneamento aínda que en certas zonas non funciona axeitadamente ou non están acabados as conexións (zona da Costiña).

Parroquia de Beluso. Existe unha rede de saneamento que cubre a case que todos os núcleos e funciona axeitadamente, sen problemas significativos pola súa xuventude. Non obstante, subliñar que en épocas de chuvias existe algún problema puntual porque os colectores son unitarios.

A presenza de colectores unitarios de xeito xeneralizado, provoca conflitos sobre todo no final do río Frade ou Bispo xa que a canalización desta discorre por propiedades privadas entre cimentacións e edificacións. Os proxectos executados e en execución para a canalización do río na Vila lograron minimizar estes efectos.

Entre as previsións recollidas polo estudo da empresa concesionaria está o estudo da instalación dunha rede separativa, de modo que as augas pluviais recollidas e tratadas separadamente puidesen ser vertidas directamente ao mar. Tal é o caso das canalizacións efectuadas en varias das rúas urbanas. Tamén se propón, á parte de certos colectores menores, a ampliación da capacidade da EDAR coa implantación dun segundo decantador.

En canto os vertidos industriais, comentar que estes se conducen á rede xeral de saneamento mediante colector que remata na depuradora desde o bombeo de Castiñeiras. É preciso establecer o control dos vertidos que se produzan en cada nova implantación, para que estes non alteren os contidos orgánicos ou químicos dos efluvios a depurar, e provoquen o mal funcionamento da E.D.A.R.

A continuación relaciónanse os núcleos que posúen redes alomenos parcialmente, de abastecemento de auga e de saneamento públicos, segundo os datos facilitados polos servizos técnicos municipais:

- Parroquia de Beluso (Santa María).
 - . O Cabalo-A Costa de Figueirón.
 - . A Praia de Beluso.
 - . A Rúa Nova de Arriba-Montemogos-Chan de Piñeiro (parcial).
 - . A Rúa Nova de Abaixo.
 - . A Achadiza.

- . Vilar.
- . Bon de Arriba-Bon de Abaixo- San Amedio.

- Parroquia de Bueu (San Martiño).
 - . O Enleito-A Ramorta (parcial).
 - . A Graña-Trasouto.
 - . O Norte-O Outeiro-A Cividá-Xeixide (parcial).
 - . Parque Empresarial.

- Parroquia de Cela (Santa María)
 - . A Torre (parcial).
 - . Sabarigo (parcial).
 - . As Castiñáns-Gándara-O Viso- Antepazo (parcial)

- Parroquia de Bueu (Vila).
 - . Bueu (Vila).

A.4.4.3. Outros servizos

As restantes infraestruturas non hidráulicas plantean xeralmente menos problemas. A rede eléctrica chega á totalidade do municipio mediante tendido aéreo na maioría do seu percorrido.

En canto á rede eléctrica de alta tensión, en base a un proxecto sectorial aprobado por acordo do Consello da Xunta en 2004, executouse a LAT Lourizán- Cangas, de 66 kV, que pretendeu mellorar o subministro eléctrico de toda a zona sudoccidental da provincia de Pontevedra, duplicando o servizo que chega á subestación de Cangas, servida antes pola LAT Pontesampaio-Cangas de 66 kV. O proxecto modificouse en 2003 para executar unha liña aérea de dobre circuito, en lugar da simple proxectada inicialmente. Esta liña, cruza o sur do territorio municipal, ocupando terreos de monte, clasificados nas vixentes Normas como solo rústico de protección forestal. Sinalar que a liña executada é a única de alta tensión que atravesa o municipio de Bueu. A actual rede eléctrica de media tensión está formada por liñas de 20 Kv que abastecen un total de 83 centros de transformación, repartidos polo territorio municipal segundo se observa en plano correspondente. Destes centros de transformación son de titularidade particular 15 e os restantes pertencen á empresa subministradora, segundo a información facilitada pola CMATI.

A rede de gas xa foi implantada na vila de Bueu, e o seu territorio é atravesado en dirección sur-norte-leste polo ramal de distribución Cangas-Marín que discorre parcialmente paralela á estrada PO-551.

A rede telefónica é a infraestrutura que comporta menos condicionantes urbanísticos, aínda que as disposicións establecidas na nova lexislación levan á tendencia xeneralizada de subterrneización da rede.

A xestión dos residuos.

Os actuais servizos de recollida e tratamento de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) no municipio presentan comportamentos axeitados, xa que se integra no sistema de xestión da Mancomunidade do Morrazo, cunha planta que se basea nun tratamento mecánico-biolóxico e de compostaxe trasladándose o resto dos residuos ao Complexo Medio ambiental de Cerceda.

A capacidade e viabilidade na xestión do incremento do volume de residuos no municipio está vinculada, xa que logo, á destes complexos. A cobertura territorial da recollida semella axeitada, o mesmo que a recollida selectiva que vai ser mellorada coa recente contratación dunha nova empresa de recollida e xestión de residuos.

Sería conveniente estudar a posibilidade de localización dun punto limpo no Parque Empresarial de Castiñeiras, máis próximo que o situado no municipio de Cangas, que permitiría a eliminación dos vertedoiros incontrolados e o depósito e tratamento axeitado para os residuos voluminosos ou especiais.

A.5. EQUIPAMENTO COMUNITARIO E ESPAZOS LIBRES

A.5.1. EQUIPAMENTO COMUNITARIO

A diagnose sobre o nivel de cobertura do termo municipal, esixe inventariar o conxunto dos equipamentos colectivos, estudar a súa localización e caracterización e establecer o grao de satisfacción da demanda que deben cubrir.

Desde unha visión xeral, no termo municipal de Bueu vemos que as parroquias son un foco de asentamento preferencial de distribución dos equipamentos de carácter máis local, concentrándose na Vila aqueles de tipo xeral que serven ao conxunto dos habitantes.

A. Equipamento Docente.

No termo municipal, o equipamento docente aparece distribuído no territorio. Así a educación infantil distribúese nas escolas de educación infantil de O Valado, O Cabalo, Montemogos-Ruanova, Meiro e Bon-San Amedio ademais da dotación da vila.

Igualmente a educación primaria descentralízase da Vila atopándose dous colexios nas parroquias de Beluso e Cela. Na Vila, ademais do centro público existe, un colexio de titularidade privada que amplía a oferta.

O único que si aparece concentrado na Vila é a educación secundaria.

A oferta actual acada a contemplada na seguinte táboa, considerándose suficiente para a poboación actual.

CADRO Nº 28. EQUIPAMENTO DOCENTE

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
DOC-01	I.E.S. Illa de Ons.	Vila	3.779	Pública	Existente
DOC-02	I.E.S. Johan Carballeira.	Vila	7.173	Pública	Existente
DOC-03	C.E.I.P. plurilingüe A Pedra.	Vila	7.045	Pública	Existente
DOC-04	Escola de E.I. O Valado.	Vila	5.673	Pública	Existente
DOC-05	Escola de música no Enleito.	Vila	324	Pública	Existente
DOC-06	Escola FP Marítimo pesqueira.	Vila	3.792	Pública	Existente
DOC-07	CPR Virxe Milagrosa.	Vila	3.824	Privada	Existente
DOC-08	C.E.I.P. Montemogos, Beluso.	Beluso	5.070	Pública	Existente
DOC-09	Escola E.I. - O Cabalo.	Beluso	1.431	Pública	Existente
DOC-10	Escola E.I. - Montemogos- Ruanova.	Beluso	1.384	Pública	Existente
DOC-11	Escola E.I. Bon- San Amedio.	Beluso	1.892	Pública	Existente
DOC-12	Escola E.I. - Meiro.	Bueu	966	Pública	Existente
DOC-13	C.E.I.P. de A Torre, Cela.	Cela	4.284	Pública	Existente
	TOTAL EDUCACIÓN INFANTIL		11.346		
	TOTAL EDUCACIÓN INFANTIL/PRIMARIA		20.223		
	TOTAL EDUCACIÓN SECUNDARIA		14.744		
	TOTAL OUTROS		324		
	TOTAL EQUIPAMENTO DOCENTE		46.637		

O estándar de dotación pública por habitante, se temos en conta o segmento ao que serve da poboación do ano 2010, é de (36,37 m²/Hab para educación infantil, 30,83 m²/Hab para educación primaria e 18,19 m²/Hab para educación secundaria-bacharelato), co que se considera suficiente.

Segundo os datos de alumnado matriculado no ano 2007, dedúcese que nos centros de educación infantil e primaria públicos, existe certa folgura, posto que nos CEIP de Beluso e Cela, a ocupación media por alumno non supera os 18-20 alumnos, e no da vila rolda os 20 alumnos.

No municipio de Bueu existen un total de 3 unidades por curso para educación infantil e 4 por curso para educación primaria en centros públicos, o que supón unha capacidade para 225 nenos entre 3 e 5 anos e 600 rapaces de idades comprendidas entre 6 e 11 anos nos CEIP. Esta dotación complétase coas 5 escolas infantís, que supoñen incrementar a oferta en 75 alumnos e co centro privado da vila con capacidade para 75 alumnos de educación infantil e 150 de educación primaria.

B. Equipamento Sanitario.

Esta dotación aparece concentrada na Vila coa existencia dun Centro de Saúde que substituíu á antiga localización na Casa do Mar, considerándose a oferta como suficiente para a poboación actual cun estándar que rolda os 0,25 m²/Hab.

CADRO Nº 29. EQUIPAMENTO SANITARIO

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
S-01	Centro de Saúde de Bueu.	Vila	3.086	Pública	Existente
	TOTAL EQUIPAMENTO SANITARIO		3.086		

C. Equipamento Deportivo.

O equipamento deportivo ten dous importantes elementos na Vila, o Campo de Fútbol e o Pavillón das Escolas. Atópase en fase de proxecto a piscina municipal nas Lagoas

Ademais, a oferta complementábase coas situadas nas parroquias de Cela e Beluso.

En xeral, esta dotación debería ampliarse e diversificarse a modo de pistas descubertas nos núcleos de certa entidade.

CADRO Nº 30. EQUIPAMENTO DEPORTIVO

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
DEP-01	Campo de Fútbol da Vila. As Lagoas II.	Vila	11.776	Pública	Existente
DEP-02	Pista descuberta no Peirao.	Vila	1.017	Pública	Existente
DEP-03	Pavillón dos Deportes no Valado.	Vila	7.126	Pública	Existente
DEP-04	Piscina na reserva do P.P. A Lagoa.	Vila	2.000	Pública	Dispoñible
DEP-05	Pavillón deportivo Beluso.	Beluso	3.193	Pública	Existente
DEP-06	Campo de Fútbol O Cabalo.	Beluso	10.612	Pública	Existente
DEP-07	Polideportivo do Sixto - A Torre.	Cela	1.936	Pública	Existente
DEP-08	Deportivo do Agrelo.	Cela	3.413	Pública/Veciñal	Existente
	TOTAL EQUIPAMENTO DEPORTIVO		41.073		

O estándar de dotación por habitante, se temos en conta a poboación do ano 2010, é de 3,32 m²/Hab.

Indicar que o campo de fútbol de Vila vai cambiar de posición cando se execute o convenio de A Graña.

D. Equipamento Asistencial.

A oferta dotacional deste tipo de equipamento debe abarcar varias demandas.

Así, a atención á infancia aparece cuberta cunha gardería municipal situada en Beluso, sendo significativa a inexistencia na Vila ou na súa área inmediata deste tipo de dotación, aínda que se cubre con dúas dotacións privadas.

Para a atención á terceira idade non existe ningunha dotación en funcionamento, agás un centro privado, pero o Concello xa puxo a disposición da Xunta solo para un novo centro de día na nova urbanización das Lagoas.

CADRO Nº 31. EQUIPAMENTO ASISTENCIAL

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
AS-01	Gardería Municipal en Montemogos.	Beluso	1.668	Pública	Existente
AS-02	Reserva en P.P. A Lagoa para Centro de día.	Vila	140	Pública	Dispoñible
	TOTAL EQUIPAMENTO ASISTENCIAL		1.808		

A superficie destinada á atención á infancia acada un estándar de 5,42 m²/Hab, tendo en conta o segmento de poboación ao que serve.

A superficie destinada á terceira idade acada un estándar de 0,06 m²/Hab, tendo en conta o segmento de poboación ao que serve.

E. Equipamento Sociocultural.

Esta dotación aparece concentrada na Vila aínda que, como noutros tipos de dotacións, tamén aparece nas parroquias de Beluso e Cela.

Na Vila sitúase a Casa da Cultura e un auditorio e unha biblioteca contigua á posición do mercado, ocupando a parcela da antiga lonxa. De grande importancia, pese ao seu tamaño, é a presenza do Museo Massó, arredor do cal realizouse un ambicioso proxecto que contemplou reservas dotacionais para a súa ampliación e a do edificio do Concello, así como a formación dunha praza pública.

En Beluso un pequeno edificio alberga a casa do pobo-biblioteca e en Cela os dous edificios socioculturais de Torrecino achegan esta oferta á poboación dos núcleos.

A actual oferta supón un estándar de 0,53 m²/Hab, para a poboación do ano 2010.

CADRO Nº 32. EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
SC-01	Auditorio e Biblioteca.	Vila	827	Pública	Existente
SC-02	Biblioteca Torrente Ballester. Casa da Cultura.	Vila	614	Pública	Existente
SC-03	Museo Arqueolóxico.	Vila	231	Pública	Existente
SC-04	Casa do pobo. Biblioteca da Rúa Nova de Arriba.	Beluso	247	Pública	Existente
SC-05	Centro sociocultural de Cela en Igrexario. Torrecino.	Cela	2.793	Pública	Existente
SC-06	Museo Massó.	Vila	637	Privada	Existente
SC-07	Reserva para Sociocultural no cuarteirón Montero Ríos, Eduardo Vincenti, Pazos Fontela e Xoán Carballeira. Ampliación Museo Massó.	Vila	1.078	Privada	Dispoñible
SC-08	Sala de exposicións Amalia Domínguez.	Vila	89	Pública	Existente
SC-09	Museo antiga escola Ons	A Illa	-	Pública	Dispoñible
	TOTAL EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL		6.516		

F. Equipamento Abastecemento.

Esta dotación cóbrese co mercado municipal. Ademais existen tendas de abastos privadas que complementan a oferta, tanto na Vila como nas parroquias.

CADRO Nº 33. EQUIPAMENTO ABASTECIMENTO

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
AB-01	Mercado.	Vila	878	Pública	Existente
	TOTAL EQUIPAMENTO DE USO MÚLTIPLE		878		

A actual oferta pública supón un estándar de 0,07 m²/Hab, para a poboación do ano 2010. Sinalar que esta dotación complétase con todo o conxunto de supermercados e tendas de abasto distribuídas na vila e nalgún dos principais núcleos do municipio.

G. Equipamento Administrativo.

Este tipo de dotación, dado o seu carácter de servizo xeral a todo o termo municipal, atópase na Vila ou na súa área inmediata e no Parque empresarial, cunha superficie total de 5.418 m², co que se acada un estándar de 0,44 m²/Hab, para a poboación do ano 2010.

CADRO Nº 34. EQUIPAMENTO ADMINISTRATIVO

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
ADM-01	Casa do Concello.	Vila	302	Pública	Existente
	Ampliación Casa do Concello.	Vila	355	Pública	Dispoñible
ADM-02	Cofradía de Pescadores.	Vila	1.308	Pública	Existente
ADM-03	Casa do Mar (Policía local, Capitanía de Mariña).	Vila	725	Pública	Existente
ADM-04	Parque de Bombeiros nas Castiñeiras.	Bueu	2.599	Pública	Existente
ADM-05	Protección Civil.	Cela	129	Pública	Existente
	TOTAL EQUIPAMENTO ADMINISTRATIVO		5.418		

H. Equipamento Relixioso.

Todas as parroquias teñen a súa Igrexa parroquial existindo ademais algunha igrexa ou capela máis, o que supón unha oferta axeitada acadando un estándar de 0,39 m²/Hab, para a poboación do ano 2010.

CADRO Nº 35. EQUIPAMENTO RELIXIOSO

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
R-01	Igrexa parroquial de Santa María de Beluso.	Beluso	701	Institucional	Existente
R-02	Capela de San Amedio.	Beluso	103	Institucional	Existente
R-03	Igrexa parroquial de San Xoaquín da Illa de Ons.	A Illa	-	Institucional	Existente
R-04	Igrexa parroquial de Santiago de Ermelo.	Ermelo	368	Institucional	Existente
R-05	Igrexa parroquial e Igraxario de Santa María de Cela.	Cela	925	Institucional	Existente
R-06	Igrexa e Casa parroquial de San Martiño de Bueu.	Bueu	2.700	Institucional	Existente
	TOTAL EQUIPAMENTO RELIXIOSO		4.797		

I. Cemiterios.

A oferta de cemiterios acada unha superficie total de 17.367 m², o que supón un estándar de 1,40 m²/Hab, para a poboación do ano 2010. Sinalar que a dotación pública existente supón un estándar de 0,65 m²/Hab.

Son todos de titularidade pública segundo os datos consultados no Inventario do Patrimonio Municipal. Ademais de titularidade institucional existe o antigo cemiterio de Bueu San Martiño, hoxe en desuso.

CADRO Nº 36. EQUIPAMENTO CEMITERIOS

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
CM-01	Cemiterio Municipal da Portela.	Bueu	7.580	Pública	Existente
CM-02	Tanatorio en Castiñeiras-A Portela.	Bueu	443	Pública	Existente
CM-03	Cemiterio parroquial de Beluso.	Beluso	4.546	Institucional	Existente
CM-04	Cemiterio parroquial de Ermelo.	Ermelo	414	Institucional	Existente
CM-05	Cemiterio parroquial de Cela.	Cela	4.384	Institucional	Existente
CM-06	Cemiterio parroquial da Illa de Ons.	A Illa	-	Institucional	Existente
	TOTAL EQUIPAMENTO CEMITERIOS		17.367		

En canto á súa situación, podemos mencionar que esta dotación atopase en todas as parroquias, sendo a oferta axeitada para a poboación actual.

K. Reservas de equipamento.

Como complemento a todas as dotacións existen tres edificios ou parcelas de titularidade pública, que se contemplan como reservas de equipamento.

Estas reservas acadan unha superficie total de 1.193 m², o que supón incrementar o estándar dotacional en 0,09 m²/Hab, para a poboación do ano 2010.

CADRO Nº 37. RESERVAS DE EQUIPAMENTO

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
RE-02	Reserva Equipamentos Múltiples.	A Illa	-	Pública	Dispoñible
RE-03	Reserva en antigo depósito de Xeixide.	Bueu	1.193	Pública	Dispoñible
	TOTAL EQUIPAMENTO SERVICIOS URBANOS		1.193		

A.5.2. ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES

O sistema de espazos libres e zonas verdes está formado tanto por grandes zonas verdes extensivas (Cabo Udra ou en Ermelo) así como por áreas axardinadas ou de xogo de nenos de menor superficie, e algunhas outras inseridas nos núcleos aínda que sen un tratamento homoxéneo e pendentes de reurbanización algunhas delas.

Desde o punto de vista da situación actual, nótase o déficit dun parque de dimensións axeitadas como para dar servizo ao conxunto do termo municipal, ademais da conveniencia de estender os espazos libres con áreas de xogos para nenos á maioría dos núcleos parroquiais.

O sistema de espazos libres pode aparecer vinculado a outras dotacións de menor orde, tales como fontes e lavadoiros, algunhas das cales xa teñen recoñecemento debido á función que realizan hoxe en día.

CADRO Nº 38. ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
V-01	Praza Pública Banda do Río.	Vila	697	Pública	Existente
V-02	Parque da Alameda.	Vila	1.310	Pública	Existente
V-03	Parque Ramal dos Galos.	Vila	1.696	Pública	Existente
V-05	Campo de Festa en Igrexario.	Cela	1.912	Pública/Veciñal	Existente
V-06	Zona verde Cabo Udra.	Beluso	13.170	Pública	Existente
V-07	Parque Novas de Beluso.	Beluso	2.369	Pública	Existente
V-09	Zona verde a cruz da Escolca en Ermelo.	Ermelo	20.204	Pública / Veciñal	Existente / Dispoñible
ZL-01	Praza na Rúa Pazos Fontenla.	Vila	70	Pública	Existente
ZL-02	Praza na PO-551.	Vila	85	Pública	Existente
ZL-03	Praza no extremo leste do Porto.	Vila	665	Pública	Existente
ZL-04	Praza de antiga Conservas Alonso.	Vila	626	Pública	Existente
ZL-05	Zonas libres O Enleito.	Vila	368	Pública	Existente
ZL-06	Zonas libres en O Valado.	Vila	421	Pública	Existente
ZL-07	Zona verde e zonas libres do Cuarteirón da Casa do Concello.	Vila	5.868	Pública	Existente
ZL-08	Area Recreativa O Valado.	Vila	1.218	Pública	Existente
ZL-09	Baixada á praia de Petís.	Vila	424	Pública	Existente
ZL-10	Zonas Verdes e libres P.P. A Lagoa.	Vila	6.600	Pública	Existente
ZL-11	Zona libre en Sabarigo Norte.	Cela	551	Pública/Veciñal	Existente
ZL-12	Zona libre en Sabarigo Sur.	Cela	429	Pública/Veciñal	Existente
ZL-13	Zona libre en Pousada Murráns.	Cela	140	Pública/Veciñal	Existente
ZL-14	Zona libre en O Beloso 1.	Cela	188	Pública/Veciñal	Existente
ZL-15	Zona libre en O Beloso 2.	Cela	224	Pública/Veciñal	Existente
ZL-16	Zona libre en O Río.	Cela	308	Pública/Veciñal	Existente
ZL-17	Zona libre O Souto, na PO-551.	Cela	315	Pública/Veciñal	Existente

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE	CARACTERÍSTICAS
ZL-18	Zona libre Gándara.	Cela	138	Pública/Veciñal	Existente
ZL-19	Zona libre Fonte de Paradela.	Cela	73	Pública	Existente
ZL-20	Zona libre na Barraca-O Víso.	Bueu	235	Pública	Existente
ZL-21	Zona libre en Meiro.	Bueu	1.246	Pública	Existente
ZL-22	Zonas libres Meiro.	Bueu	412	Pública	Existente
ZL-23	Zona libre na avenida de Cangas na Portela.	Bueu	327	Pública	Existente
ZL-24	Zonas libres Trasouto.	Bueu	627	Pública	Existente
ZL-25	Zona libre Capela Santos Reis.	Bueu	1.743	Pública	Existente
ZL-26	Adro de Afora da Capela do Pazo de Santa Cruz.	Bueu	821	Pública	Existente
ZL-27	Zonas verdes e libres Parque Empresarial.	Bueu	19.492	Pública	Existente
ZL-28	Zona libre A Casela.	Bueu	106	Pública	Existente
ZL-29	Zonas libres na Achadiza.	Beluso	454	Pública	Existente
ZL-30	Alameda na Praia de Beluso. (1)	Beluso	255	Pública	Existente
ZL-31	Zona libre E.D. praia de Beluso.	Beluso	420	Pública	Existente
ZL-32	Zonas libres A Costa Figueirón.	Beluso	207	Pública	Existente
ZL-33	Zona libre lavadoiro A Rúa Nova de Abaixo.	Beluso	561	Pública	Existente
ZL-34	Zona libre A Rúa Nova de Abaixo.	Beluso	598	Pública	Existente
ZL-35	Zona libre do cruce en A Rúa Nova de Arriba.	Beluso	206	Pública	Existente
ZL-36	Zona libre A Roza.	Beluso	431	Pública	Existente
ZL-37	Zona libre Bon de Abaixo.	Beluso	176	Pública	Existente
ZL-38	Zona libre en San Amedio.	Beluso	3.825	Pública	Existente
	TOTAL ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES		92.211		

(1) En dominio público marítimo terrestre.

A superficie de espazos libres acada un total de 92.211 m², o que supón un estándar de 7,46 m²/Hab se temos en conta a poboación do ano 2010.

Dentro das determinacións do Plan Xeral estará o establecer reservas de zonas verdes de Sistema Xeral con dimensión tal como para acadar os 15 m²/100 m² construídos establecidos como obrigatorios segundo a lexislación vixente o que determina que o incremento de zonas verdes debe ser un dos obxectivos a lograr polo Plan en aras a garantir un nivel de cobertura axeitado, para a poboación actual e futura.

A.6. A ESTRUCTURA URBANA

A.6.1. CARACTERIZACIÓN DA ESTRUCTURA URBANA ACTUAL

Na Vila de Bueu atópase un dos infrecuentes casos de ordenación urbana en municipios de similares características, non xa na data de confección do “Plano de Población” (1926) senón tamén en datas posteriores. O “Plano de Población y Ensanche de la Villa de Bueu” foi no seu tempo un intento de racionalizar o crecemento da Vila con amplitude de miras e criterios claros en canto ao carácter urbano que se pretendía. Non só se limitaba a crear unha morfoloxía tipicamente de ensanche, con viais relativamente ben dimensionados, senón que introducía espazos, aínda que escasos, reservados para equipamentos (mercado, alameda, etc.) segundo os criterios hixienistas da época. Que estes criterios, fundamentalmente no referente a aspectos formais e de conexións coas vías de comunicación, resulten hoxe obsoletos ou insuficientes non resta valor ás súas determinacións que de feito introduciron un factor ordenador que vai a permitir, grazas a súa incorporación no planeamento vixente, actuacións que desenvolvan o crecemento da Vila ao preservar e delimitar zonas de expansión con amplitude de horizonte.

Se se examina desde o punto de vista morfolóxico o plano actual da Vila pódense distinguir as seguintes zonas:

A. Unha primeira formada por cuarteiróns regulares cunha das dimensións sensiblemente constante (110 a 140 m) e a outra variable (de 90 a 200 m). Non obstante, esta similitude na disposición e dimensionamento, non foi suficiente para que a forma de ocupación fose semellante, podéndose distinguir varias subzonas en función desta característica.

A-1 Os cuarteiróns comprendidos entre as rúas Xoán Carballeira, Pazos Fontenla e Avenida de Montero Ríos, fragmentaron a súa dimensión en base a primitivas servidumes o que orixinou un grao de ocupación maior, colmatándose dun xeito espontáneo, sen ter aproveitado esta circunstancia para crear unha xerarquización de vías (rodadas unhas e peonís outras) que puideran diversificar a trama e aportar vantaxes de ocupación, etc.

A-2 Cuarteiróns comprendidos entre a rúa Eduardo Vincenti e rúa Matilde Bares, cunha ocupación máis coherente, sen subdivisións interiores que desfiguren a súa morfoloxía. A tipoloxía de ocupación é a de edificación pechada con patio de cuarteirón, amplo e con vexetación. Os cuarteiróns comprendidos entre a rúa Matilde Bares e a estrada PO-550 a Cangas volve a repetir un fenómeno análogo ao da subzona citada en primeiro lugar, pero neste caso cunha

ocupación moito menor e de carácter menos residencial, aínda que nel xa se acometeron renovacións importantes (antigas fábricas, un edificio socio cultural, etc.).

- A-3 O gran cuarteirón antigamente ocupado polas instalacións da Conserveira Massó, que representou no seu momento unha excepción na trama urbana e que hoxe constitúe unha das áreas de oportunidade que permitiu completar a estrutura urbana e redotar a Vila tanto a nivel dotacional e de espazos públicos como de usos urbanos de tipo terciario-residencial.
- B. Unha segunda zona en que a formalización do tecido é incompleta e de trazado máis recente cunha progresiva ocupación lineal que tende a dificultar a súa total formalización. En contacto coa estrada de Cangas (PO-550) participa de dúas tendencias: a da extensión propia do tecido urbano, e da edificación ao longo da vía intermunicipal.
- C. A terceira zona comprende os fenómenos de ocupación en base a elementos viais illados, sen formalización morfolóxica de tipo urbano e tipoloxicamente caracterizado por unha edificación lineal dispersa.
- D. En base ao desenvolvemento de novos ámbitos de planeamento xurdiu recentemente unha estrutura urbana ordenada, cunha función moi importante no que ao complemento do viario, dos espazos públicos e das dotacións se refire. Trátase do Plan Parcial das Lagoas.
- E. Unha quinta zona consolídase como gran área dotacional, enlazando dotacións de servizo a todo o municipio con zonas verdes e percorridos, servindo como nexos de unión entre as dúas tramas lineais apoiadas sobre os viarios leste e oeste do val do Río Frade ou Bispo.
- F. Por último atópanse as tramas de substrato rural de orixe que incrustadas na Vila son absorbidas pola trama desta.

A.6.2. TIPOLOXÍA EDIFICATORIA E CONSOLIDACIÓN

Desde o punto de vista do tipo edificatorio e limitándose ao trazo tipolóxico da altura, apréciase claramente a predominancia das edificacións de dúas e unha planta tanto en zonas de edificación pechada coma illada, nas que paulatinamente intercaláronse áreas con predominancia de edificación de tres e catro plantas e máis puntualmente de cinco e seis.

Atendendo á súa distribución espacial, na Vila pódense diferenciar as seguintes zonas:

- Unha fronte costeira fortemente caracterizada sobre a rúa Montero Ríos, cunha altura de edificación moi uniforme, e claro predominio das dúas plantas.
- Unha fronte posterior sobre a rúa Pazos Fontenla, antiga C-550, hoxe PO-315, con menos grao de uniformidade pero onde xa as dúas plantas se alternan de forma irregular coas tres e catro que se poden considerar como predominantes e máis puntualmente con cinco e seis.
- Por último a Rúa Eduardo Vincenti, con certo predominio das tres e catro plantas dado o seu carácter de expansión urbana densa.

Non obstante, e salvo o caso da primeira das zonas, a distribución espacial destas tipoloxías non é uniforme amosándose moi mesturadas e sen unha vocación definida de localización, dándose o caso da aparición de edificacións de catro ou máis plantas fóra da Vila, fundamentalmente ao longo das estradas comarcais de acceso.

A zona de contacto da estrada PO-551 de Bueu a Cangas coa Vila e a rúa Ramón Bares presentan características análogas ás anteriores en canto á altura da edificación e tipoloxía, o igual que a súa rúa Alexandre Bóveda, pero tipoloxicamente difire ao predominar a edificación illada e non adosada entre medianeiras.

As transversais entre Montero Ríos e Pazos Fontenla presentan trazos diferentes detectándose nalgunhas rúas un predominio de edificacións de máis de 4 plantas na zona próxima a Pazos Fontenla, trazos de recente aparición ao ser esta zona a ocupada máis tarde, predominando as tres e catro alturas en Eduardo Vincenti, e en algunhas case sempre con problemas de maclaxe de cuarteirón.

No que se refire a outros trazos tipolóxicos, estes están en función da súa orixe, comunicándose áreas de claro substrato rural incorporadas á Vila con outras que manteñen o tipo mariñeiro de orixe, trazo común co de outras vilas da ría, e pezas máis

recentes de clara compoñente urbana resultado da aplicación das diferentes cualificacións urbanísticas, singularmente as de cuarteirón pechado, que coinciden en liñas xerais co trazado máis recente da estrada PO-315 (antiga C-550).

O grao de consolidación da trama é acorde coa súa consideración de solo urbano mantendo esa disposición típica da súa morfoloxía que representa unha banda densa paralela á costa e uns lineais colmatados que aproveitan as vías de comunicacións como soporte infraestrutural. Entre ambas as dúas pezas os baleiros configuráronse como áreas de oportunidade e de continuidade da estrutura urbana herdada.

A.6.3. EDIFICIOS E CONXUNTOS SINGULARES

Desde o punto de vista da valoración do patrimonio construído da Vila, a identificación de conxuntos singulares está en relación coa propia análise da xénese da súa morfloxía; destacando entre todos eles a fronte portuaria que define a Avenida Montero Ríos. Esta mantén a súa escala de orixe, a diferenza da expansión inmobiliaria que xurdiu as súas costas, apoiada no trazado da PO-315, de tal xeito que compón a imaxe característica da vila, nun ritmo onde os usos residenciais teñen o seu contrapunto nas antigas conserveiras, con referencias singulares á de Massó. O edificio do antigo estaleiro ou carpintería de ribeira do Purro e a figueira da súa entrada foron incluídos no Inventario xeral de patrimonio cultural incoándose expediente individual en data 27 de xullo de 2011.

Igualmente merecen salientarse os encraves de orixe rural existentes ao interior da trama urbana da Vila e que aínda manteñen as súas compoñentes morfolóxicas e tipolóxicas básicas.

No anexo correspondente ao documento do catálogo identifícanse os elementos e edificios máis salientables.

A.7. VALORACIÓN DO MEDIO NATURAL E DO PATRIMONIO CULTURAL

De conformidade co art. 53.7. da LOUG realizouse unha identificación detallada de todos aqueles elementos que polo seu carácter de bens de interese natural, paisaxístico ou cultural son susceptibles de protección urbanística, de tal xeito que poidan constituír o Catálogo do Plan Xeral.

A.7.1. PATRIMONIO NATURAL E PAISAXÍSTICO

Desde o punto de vista do patrimonio natural, o Termo Municipal de Bueu representa, como noutros ámbitos, un espazo de singular interese non só desde o punto de vista dunha valoración subxectiva senón pola declaración administrativa expresa de determinadas áreas.

Se as vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal viñeron a establecer as primeiras determinacións normativas de salvagarda do espazo natural municipal, as Normas Complementarias Provinciais foron quen de establecer a delimitación dos tres espazos naturais con que conta: Cabo Udra, Illa de Ons e Onza e a Carballeira de Coiro; establecendo simultaneamente a súa total salvagarda. Trátase dos espazos máis sobranceiros que foron posteriormente contemplados por outras figuras de protección, LIC, Rede Natura 2000, ZEVN, Parque Nacional das Illas Atlánticas...

Mentres a Carballeira de Coiro permanece con ese carácter de espazo natural catalogado polas Normas Complementarias Provinciais, tanto o Cabo Udra coma a Illa de Ons e Onza incrementaron o seu status ambiental ao ser recoñecidas o primeiro como espazo natural en réxime de protección xeral integrado na Rede Europea Natura 2000, mediante orde de 7 de xuño de 2001 da Consellería de Medio Ambiente, e as segundas como espazo integrado no Parque Nacional das Illas Atlánticas, pola Lei 15/2002 do 1 de xullo.

Estas circunstancias determinan que o resto do Termo Municipal en contacto e contigüidade con estes espazos deba ter unha consideración de área de contorno e polo tanto manter un réxime urbanístico de solo rústico protexido.

A pormenorización do Catálogo do Plan Xeral contén estes elementos e tamén aqueloutros de menor rango pero que dotan de unidade ao espazo medioambiental municipal.

A.7.2. O PATRIMONIO CULTURAL VENCELLADO AO TERRITORIO

As vixentes Normas Subsidiarias recoñecían un reducido número de elementos catalogados. Esta relación é complementada polas Normas Complementarias de Planeamento da provincia de Pontevedra.

Como parte dos traballos que conforman a elaboración do documento de Redacción do Plan Xeral e da súa información urbanística, realizouse un exhaustivo traballo de campo, estendido á totalidade do termo municipal, de recoñecemento do patrimonio cultural a fin de actualizar ditos precedentes. Complementouse este traballo coas fontes bibliográficas e as relacións de bens inventariados pola Consellería da Xunta de Galicia.

O Termo Municipal de Bueu é rico en patrimonio cultural vencellado ao territorio.

Teñen grande importancia os elementos vencellados á auga que en gran número se espallan por todo o territorio. Así, os muíños, as fontes, os lavadoiros, ademais de numerosos presentan características construtivas especiais.

A arquitectura tradicional, a civil urbana e do territorio, a relixiosa, así como os elementos arqueolóxicos, conforman o documento do ficheiro de catálogo que forma parte do presente Plan Xeral.

Ademais incorporárase ao catálogo o antigo estaleiro ou carpintería de ribeira do Purro, incorporado ao inventario xeral por Resolución do 27 de xullo de 2011, na que se define un contorno de protección especial.

A.8. ANÁLISE DA FACENDA MUNICIPAL

A.8.1. A FACENDA MUNICIPAL

Evolución do orzamento municipal.

O marco xurídico básico que desenvolve o principio constitucional referido á suficiencia de medios económicos das Facendas Locais -recoñecido no artigo 142 da Constitución Española-, vén constituído pola “Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local (Ley 7/1985, de 2 de abril)” que no seu artigo 105.1 establece que se dotará ás Facendas Locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das Entidades Locais.

A citada norma legal é o marco de referencia da potestade tributaria das Facendas Locais, base do actual sistema financeiro municipal, que se fundamenta no dobre principio de autonomía e capacidade financeira dos Concellos.

Pola súa parte é a lexislación específica, constituída basicamente pola Lei 39/88 de 28 de decembro, a que establece a estrutura fiscal e articula, en xeral, o marco de referencia do resto de ingresos que compoñen as Facendas Locais

A estrutura fiscal que se desprende da lexislación comprende, na actualidade, tres impostos municipais de carácter obrigatorio: o Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas, e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. Adicionalmente introduce dous impostos de carácter voluntario: o Imposto sobre Incremento do Valor dos Terreos de natureza urbana e o Imposto sobre Construción, Instalacións e Obras.

Tal e como resultou das modificacións introducidas na Lei 39/88 de 28 de decembro pola Lei 25/1998 de 13 de xullo e posteriormente pola Lei 51/2002 de 27 de decembro, a fiscalidade propia municipal complétase con:

- a) As taxas de aplicación pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público local e as percibidas como contraprestación polos servizos ou actividades municipais de recepción non voluntaria e, que ademais non se realicen ou presten polo sector privado.
- b) Os prezos públicos polas actividades e prestacións de servizos de competencia local cando se presten polo sector privado ou sexan de recepción voluntaria para o interesado.

c) As contribucións especiais como consecuencia da realización de obras públicas ou establecemento e ampliación de servizos públicos de carácter local.

Nos aspectos orzamentarios, a Lei 39/88 de 28 de decembro foi desenvolvida posteriormente no Real Decreto 500/1990 de 20 de abril que a confirma a modo de Regulamento Orzamentario e que aproxima o réxime orzamentario local aos principios da Lei Xeral Orzamentaria, sendo este regulamento o que enmarca a presentación dos estados de liquidación representativos da execución de ingresos e gastos.

Polo que respecta aos aspectos de endebedamento é a propia Lei 39/88 a que recoñece o recurso ao crédito como fonte de financiamento dos orzamentos municipais. A Lei 18/2001 de 12 de decembro (Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria) coas posteriores modificacións, refundidas no Real Decreto Lexislativo 2/2007 de 28 de decembro, asenta para os municipios o principio de estabilidade orzamentaria entendido como situación de equilibrio ou de superávit, e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, desenvolve aquel principio na súa aplicación ás Entidades Locais.

Pola súa parte, o Real Decreto Lexislativo 8/2010 de 20 de maio, ditado no contexto da crise económica actual, instrumentou medidas extraordinarias para a redución do déficit público, suspendeu temporalmente o acceso ao creto a longo prazo para o financiamento do investimento das entidades locais, reducindo os custos de persoal dos exercicios 2010 e 2011 con destino ao saneamento do remanente de tesourería, do endebedamento a longo prazo e -en última instancia- ao financiamento de investimentos. O Real Decreto Lexislativo 20/2011 de 30 de decembro ven de prorrogar a suspensión do recurso ao creto para o exercicio 2012.

As modificacións da Lei de Facendas Locais refundidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, representaron -entre outros extremos-: a alteración dun dos impostos de máis relevancia recaudatoria para as facendas municipais (o imposto de actividades económicas) coa introdución de supostos de exención para as persoas físicas e suxeitos pasivos que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros en exercicios anteriores ao de devengo do imposto; a introdución dunha nova e completa regulación do Imposto sobre Bens Inmóveis coa introdución de novos supostos de exención (das cales a súa competencia de establecemento corresponde ás propias Entidades locais e polo tanto introducen un ámbito de maior autonomía na definición da estrutura impositiva); e, o modelo de participación nos tributos do Estado. Estas modificacións determinaron unha evolución significativa dos Ingresos Municipais durante os últimos anos. O Real Decreto Lei 20/2011 incrementa o tipo impositivo do IBI con efectos para os exercicios 2012 e 2013 atendendo,

conxunturalmente, á minoración do impacto da crise económica nos ingresos das entidades locais.

Con estes antecedentes, a análise da evolución recente da facenda municipal haberá de clarificar a estrutura de ingresos-gastos e a situación financeira do Concello, permitindo coñecer a problemática económico-financeira do principal axente público de entre os que intervirán no financiamento do Plan Xeral.

Para os efectos de describir a evolución orzamentaria recente do Concello de Bueu analizáronse os orzamentos liquidados do período que vai de 2000 a 2008, que constitúe un intervalo similar ao de priorización das actuacións do PXOM que se establece en 2 cuadrienios. Nos correspondentes estados de ingresos e gastos consideráronse os comprometidos do exercicio, é dicir, non só se recolleron os ingresos recadados e os gastos satisfeitos, senón que se consideraron a totalidade dos dereitos e obrigas recoñecidos e liquidados; por outra parte, excluíronse os pendentes de cobro e pago de orzamentos pechados para os efectos de singularizar a actividade económica que corresponde a cada un dos exercicios.

CADRO Nº 39. EVOLUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL. 2000-2008 (miles de euros).

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Ingresos euros	4.379,34	4.429,07	4.160,57	5.538,37	5.262,74	5.780,14	5.255,29	6.154,83	7.585,15
Gastos euros	4.454,77	4.413,12	4.821,99	5.078,88	4.389,44	5.221,37	4.529,44	5.409,55	7.491,00
Ingresos euros 2011	6.017,63	5.851,89	5.352,61	6.851,12	6.345,19	6.752,91	5.920,66	6.751,80	7.985,45
Índice de crecemento	100,00	97,25	88,95	113,85	105,44	112,22	98,39	112,20	132,70
Gastos euros 2011	6.121,28	5.830,82	6.203,54	6.282,72	5.292,26	6.100,10	5.102,92	5.934,23	7.886,34
Índice de crecemento	100,00	95,25	101,34	102,64	86,46	99,65	83,36	96,94	128,83

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

Da análise dos Orzamentos Municipais de Bueu ao longo do período 2000-2008 conclúese un crecemento dos mesmos en termos cuantitativos. O orzamento de Ingresos de 2008 líquidase cuns dereitos recoñecidos superiores nun 32,70% aos correspondentes aos presupostos de 2000, considerando esta evolución en euros constantes, sen embargo, ponse de manifesto unhas oscilacións dos mesmos nalgúns dos exercicios do período analizado.

Tendo en conta a variabilidade dos ingresos extraordinarios que incide directamente na evolución dos orzamentos nos períodos analizados, e para asentarmos un criterio sobre a evolución tendencial da facenda municipal, dirixido a concluír sobre a súa capacidade a medio e longo prazo para facer fronte ao rango do investimento que se poida derivar do desenvolvemento do Plan, centraremos a análise na evolución dos seus recursos

ordinarios e na evolución dos gastos correntes e consuntivos para incorporar os compromisos derivados da amortización da débeda.

**CADRO Nº 40. EVOLUCIÓN DOS INGRESOS E DOS GASTOS CORRENTES E CONSUNTIVOS
2000-2008 (miles de euros).**

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Ingresos ordinarios	4.019,57	3.597,08	3.714,95	4.692,67	5.006,45	4.695,63	4.657,27	5.606,79	5.468,18
Gastos correntes e consuntivos	3.703,10	3.860,63	3.990,53	4.134,39	3.817,78	4.071,93	3.833,42	4.715,94	4.871,94
Ingresos (€ 2011) ordinarios	5.523,27	4.752,62	4.779,31	5.804,97	6.036,18	5.485,88	5.246,93	6.150,60	5.756,76
Índice de crecemento	100,00	86,05	86,53	105,10	109,29	99,32	95,00	111,36	104,23
Gastos (€ 2011) correntes e consuntivos	5.088,41	5.100,83	5.133,85	5.114,35	4.603,03	4.757,21	4.318,77	5.173,35	5.129,06
Índice de crecemento	100,00	100,24	100,89	100,51	90,46	93,49	84,87	101,67	100,80

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

CADRO Nº 41. TAXAS DE CRECIMENTO DO ORZAMENTO 2000-2008 (EUROS 2011).

TOTAL ORZAMENTO INGRESOS	
Taxa incremento anual medio en %	4,09
Taxa incremento anual acumulativo en %	3,60
INGRESOS ORDINARIOS	
Taxa incremento anual medio en %	0,53
Taxa incremento anual acumulativo en %	0,52

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

A análise da evolución dos ingresos ordinarios en termos constantes amosa unha evolución oscilante, cuns picos máximos nos anos 2004 e 2007, que salda o conxunto do período cun incremento, amosando no ano 2008 uns ingresos correntes superiores nun 4,23% aos do ano 2000.

A oscilación dos ingresos ordinarios producida no período ten a súa base nas variacións da imposición local indirecta propia e das taxas. Desglosadamente, a evolución da estrutura que configura os ingresos correntes é a seguinte:

Os impostos directos incrementan o peso da súa participación nos ingresos correntes ao longo do período, pasando do 27% de 2000 ao 30% en 2008, con oscilacións arredor dunha media do 28,2%.

Pola súa banda, os Impostos Indirectos perden peso nunha participación nos ingresos ordinarios que rolda o 5,8% de media no período analizado, pasando do 7,8% de 2000, a representar menos do 4% dos ingresos no ano 2008, cun máximo no ano 2004 onde alcanzou o 9,2% dos ingresos ordinarios.

O peso das transferencias correntes é moi significativo no conxunto dos ingresos, cunha porcentaxe media no período analizado do 54,2% dos ingresos ordinarios. A evolución do peso das transferencias incrementábase, pasando do 52,1% no ano 2000, ao 58,3% no ano 2008.

CADRO Nº 42. ESTRUCTURA DOS INGRESOS POR OBRIGAS CORRENTES DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2000-2008 (miles de euros).

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
IMPOSTOS LOCAIS									
Directos	1.090,50	1.150,96	1.192,45	1.258,24	1.288,70	1.273,02	1.318,05	1.473,89	1.642,15
Indirectos	314,08	135,39	101,88	158,92	459,27	381,71	253,71	423,67	188,68
TOTAL IMPOSTOS	1.404,58	1.286,35	1.294,33	1.417,16	1.747,96	1.654,73	1.571,76	1.897,55	1.830,83
TAXAS E OUTROS	482,54	442,49	364,28	477,72	989,27	399,05	550,84	473,88	408,12
CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TRANSFERENCIAS CORRENTES									
Transferencias do Estado	1.585,78	1.337,01	1.489,81	1.767,10	1.585,32	1.630,34	1.813,41	2.185,62	2.123,38
Outras transferencias	509,71	493,35	528,45	991,91	662,81	987,38	712,12	1.009,52	1.064,06
TOTAL TRANSFERENCIAS	2.095,49	1.830,36	2.018,25	2.759,00	2.248,13	2.617,73	2.525,53	3.195,14	3.187,44
INGRESOS PATRIMONIAIS	36,96	37,88	38,09	38,80	21,08	24,12	9,15	40,22	41,80
TOTAL INGRESOS CORRENTES	4.019,57	3.597,08	3.714,95	4.692,67	5.006,45	4.695,63	4.657,27	5.606,79	5.468,18

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

Os dereitos liquidados polos conceptos de taxas e outros ingresos tales como prezos públicos e outros de carácter eventual, oscilan no período analizado, representando no ano 2008 o 7,5% do total de ingresos correntes do orzamento, fronte a un 12,0% que representaban no ano 2000, cun máximo no ano 2004 onde se elevaron ao 19,8% dos ingresos ordinarios.

En conxunto o Concello de Bueu presenta unha baixa tributación municipal por habitante, que se situaba no ano 2008 no 35,14% da media dos municipios españois entre 10.000 e 20.000 habitantes. Un esforzo fiscal propio que non acompañou o crecemento das transferencias recibidas das outras administracións. Existe polo tanto un amplo campo de mellora do esforzo fiscal municipal e consecuentemente dos seus ingresos, se consideramos que a renda familiar dispoñible por habitante do municipio se sitúa arredor do 82% da media dos municipios españois desta dimensión.

CADRO Nº 43. ESTRUCTURA DOS GASTOS CORRENTES E CONSUNTIVOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2000-2008 (miles de euros).

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
I. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN E TRANSFERENCIAS									
Persoal	2.200,88	1.889,91	2.121,28	2.597,60	2.402,53	2.366,13	2.419,20	2.614,07	2.689,27
Transferencias	72,76	114,22	622,35	240,72	190,37	332,41	69,67	313,10	370,50
TOTAL I	2.273,64	2.004,13	2.743,63	2.838,33	2.592,90	2.698,53	2.488,86	2.927,17	3.059,77
II. GASTOS DE MANTEMENTO									
Compras , bens e servizos	973,93	1.362,19	791,69	843,56	774,52	967,20	932,98	1.150,82	1.343,04
TOTAL II	973,93	1.362,19	791,69	843,56	774,52	967,20	932,98	1.150,82	1.343,04
III. GASTOS ENDEBEDAMENTO									
Intereses	172,51	216,34	128,23	105,11	100,78	75,67	78,05	363,32	118,01
Amortización	283,02	277,97	326,97	347,39	349,59	330,53	333,53	274,63	351,13
TOTAL III	455,53	494,31	455,20	452,50	450,37	406,20	411,59	637,95	469,14
TOTAL GASTOS CORRENTES E CONSUNTIVOS	3.703,10	3.860,63	3.990,53	4.134,39	3.817,78	4.071,93	3.833,42	4.715,94	4.871,94

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

Pola súa parte o ritmo de crecemento dos gastos correntes e consuntivos amosa unha tendencia consistente á estabilidade, mentres os ingresos de carácter corrente presentan unha evolución positiva (con crecementos dun 0,8% no caso dos gastos e de un 4,23% no caso dos ingresos correntes en euros 2011).

CADRO Nº 44. EVOLUCIÓN DO AFORRO ORZAMENTAL 2000-2008 (miles de euros).

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Ingresos correntes	4.019,57	3.597,08	3.714,95	4.692,67	5.006,45	4.695,63	4.657,27	5.606,79	5.468,18
Gastos correntes e consuntivos	3.703,10	3.860,63	3.990,53	4.134,39	3.817,78	4.071,93	3.833,42	4.715,94	4.871,94
Ingresos correntes (euros 2011)	5.523,27	4.752,62	4.779,31	5.804,97	6.036,18	5.485,88	5.246,93	6.150,60	5.756,76
Gastos correntes e consuntivos (euros 2011)	5.088,41	5.100,83	5.133,85	5.114,35	4.603,03	4.757,21	4.318,77	5.173,35	5.129,06
AFORRO NETO ORZAMENTAL	316,47	-263,55	-275,58	558,29	1.188,66	623,70	823,84	890,85	596,23
AFORRO NETO ORZAMENTAL (euros 2011)	434,86	-348,21	-354,53	690,62	1.433,15	728,67	928,15	977,25	627,70
AFORRO NETO/ INGRESOS CORRENTES (%)	7,87	-7,33	-7,42	11,90	23,74	13,28	17,69	15,89	10,90

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

O diferencial que expresa o aforro neto en termos económicos que permite financiar orzamentariamente o novo investimento, presenta uns saldos diversos, negativos no bienio 01-02 e positivos no resto dos exercicios. O período analizado sáldase cun aforro neto que, despois de atender as obrigas da débeda, rolda os 4.458,9 miles de euros, algo máis do 10,7% do total dos ingresos recadados no período 2000-2008.

Nos orzamentos estudados, a carga financeira representou unha media do 10,21% dos ingresos correntes, téndose aboado 469,14 miles de euros por este concepto no ano 2008.

En conclusión, os gastos correntes amosan unha estabilidade ao longo do período, cun incremento no ano 2008 inferior ao 1,3% sobre os gastos do 2000 (en euros constantes). A evolución dos ingresos correntes para o período reflicte unha taxa de crecemento anual acumulativo do 0,52% en euros constantes.

O crecemento en termos reais dos ingresos municipais permitiu mellorar no período a razón de ingresos por habitante de dereito (en euros 2011), desde 480,41 euros orzamentais/hab e 399,20 euros de ingresos ordinarios/hab, ambos en 2000, ata os 645,29 euros orzamentais e 465,52 euros de ingresos ordinarios, ambos por habitante, en 2008. Esta importante mellora dependeu decisivamente do aumento das transferencias, que non foi acompañada dun esforzo fiscal propio axeitado ao nivel de rendas municipais.

Fontes principais de recursos.

Neste apartado analízanse os ingresos ordinarios do orzamento atendendo á clasificación dos mesmos en función do carácter das súas principais fontes: impostos locais; transferencias correntes estatais, autonómicas, locais e outras; taxas e outros. A estas fontes principais hai que engadir outros ingresos de menor contía de orixe patrimonial.

As fontes de recursos e as características da imposición local dependen de forma directa da lexislación estatal sobre Facendas Locais, que fixa as figuras tributarias e os elementos principais dos tributos. Os importantes cambios de índole lexislativa sobre estas materias a partir da Lei 7/85 de 2 de abril e posteriormente a Lei 39/88 de Facendas Locais, coas modificacións introducidas á mesma ata as modificacións lexislativas efectuadas no exercicio 2002 (Lei 51/2002 de 27 de decembro) ata a refundición no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, tenderon a facer depender o reforzamento das Facendas Locais do aumento da fiscalidade autónoma municipal, abrindo posibilidades ao desenvolvemento dunha política fiscal municipal por vía da definición dos tipos impositivos e da crecente autonomía na definición dos beneficios fiscais, así como do autofinanciamento dos servizos públicos locais por medio das taxas correspondentes.

Neste marco de evolución debemos estudar a estrutura interna dos ingresos que se recollen no Cadro nº 42.

- Impostos Locais.

No capítulo dos impostos municipais hai que sinalar o crecemento dos impostos directos sobre o capital que amosan un crecemento continuado no período analizado.

No cadro seguinte reflíctese a evolución dos impostos no período:

CADRO Nº 45. EVOLUCIÓN DOS IMPOSTOS LOCAIS. 2000-2008 (miles de euros).

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Impostos directos sobre o capital	992,31	1.039,23	1.068,06	1.165,34	1.211,25	1.180,80	1.199,66	1.396,24	1.563,21
Impostos directos sobre Actividades Económicas	98,19	111,73	124,38	92,90	77,44	92,22	118,39	77,65	78,94
TOTAL IMPOSTOS DIRECTOS	1.090,50	1.150,96	1.192,45	1.258,24	1.288,70	1.273,02	1.318,05	1.473,89	1.642,15
Impostos indirectos	314,08	135,39	101,88	158,92	459,27	381,71	253,71	423,67	188,68
TOTAL IMPOSTOS LOCAIS	1.404,58	1.286,35	1.294,33	1.417,16	1.747,96	1.654,73	1.571,76	1.897,55	1.830,83

Fte.: Orzamentos liquidados. Elaboración propia.

A imposición local creceu no conxunto do período en termos monetarios, pero non o fixo ao ritmo do conxunto dos ingresos posto que a súa participación porcentual no total dos ingresos ordinarios diminúe desde o 34,9% no ano 2000 ao 33,5% no ano 2008, producíndose un leve crecemento nos exercicios centrais.

A imposición local directa, evoluciona dun xeito crecente pasando de representar o 27,1% dos ingresos correntes no ano 2000 ao 30,0% no ano 2008. Dentro dela, son os impostos directos sobre o capital os que dan consistencia a esta tendencia, pasando de representar o 24,7% dos ingresos correntes en 2000 a representar o 28,6% en 2008.

A imposición indirecta diminúe porcentualmente no período analizado. Ao inicio supoñía un 7,8% e no 2008 acadaba o 3,5% dos ingresos correntes, cunha media do 5,8% para o conxunto do período.

- Transferencias correntes do Estado.

En conxunto, a porcentaxe que supón os dereitos liquidados por transferencias correntes sobre o total de ingresos ordinarios municipais representa máis da metade dos ingresos ordinarios no período analizado e amosa un incremento porcentual

desde o 52,1% no ano 2000 ao 58,3% do ano 2008, cunha media no período situada no 54,2%.

As transferencias correntes do Estado manteñen unha certa estabilidade no período 2000-2008, medrando menos dun 4% en termos constantes, cunha leve diminución do seu peso nos ingresos correntes (-0,7 puntos porcentuais), acadando unha media de 25,7% de participación.

É no resto de transferencias onde se produce un crecemento moi importante (do 62% no período), pasando de supoñer o 12,7% do total dos ingresos ordinarios no ano 2000 ao 19,5% no exercicio 2008.

- Ingresos patrimoniais.

Os ingresos patrimoniais representan unha pequena cantidade que non supera o 1,1% dos ingresos correntes en ningún dos orzamentos. Ábrese un campo para o impulso desta fonte de ingresos atendendo á expansión do patrimonio municipal que deriva do propio proceso de xestión urbanística.

- Taxas e outros Ingresos.

En termos relativos, este apartado diminúe o seu peso no conxunto dos ingresos, pasando do 12,0% do ano 2000 ao 7,5% do ano 2008, cun excepcional pico no ano 2004 onde chegou ao 19,8% dos ingresos ordinarios.

A tendencia da evolución das taxas ao longo do período de análise pon de manifesto un peor comportamento que o do gasto corrente no seu conxunto. O crecemento do gasto corrente, así como o crecemento dos custos dos servizos faría previsible un crecemento das taxas superior ao que se produciu, en aplicación do criterio de autofinanciamento.

En resumo, a evolución dos ingresos por operacións correntes amosa unha estrutura interna onde a imposición local mantén un peso específico medio ao redor do 34% do total, mantendo o peso porcentual do inicio do período; as transferencias correntes incrementan o seu peso relativo do 52,1% no ano 2000 ao 58,3% do ano 2008; e as taxas e os outros ingresos non tributarios diminúen a súa porcentaxe de participación no período, chegando a supoñer o 7,5% do total dos ingresos correntes no exercicio 2008.

En conclusión os presupostos de Bueu amosan unha dependencia excesiva das transferencias exteriores, debendo procurarse corrixir esta tendencia, producindo un esforzo na tributación propia máis axeitado ao seu tamaño e capacidade de pago.

Estrutura do gasto ordinario e consuntivo.

Os gastos municipais ordinarios e consuntivos clasifícanse a efectos do estudo en tres grandes apartados: gastos de persoal e transferencias, gastos de mantemento e gastos da débeda.

- Gastos de persoal e transferencias.

Sendo o principal capítulo os gastos de persoal, diminúen un 5,2% en euros constantes, caendo así na súa participación no conxunto dos gastos ordinarios e consuntivos ao longo do período, xa que no último exercicio supoñen o 55,2% do total do gasto corrente fronte ao 59,4% do exercicio 2000.

Os gastos de transferencias e subvencións, que representaban o 2% do gasto no 2000, incrementan a porcentaxe ao longo do período acadando en 2008 o 7,6%.

En conxunto os gastos de persoal e transferencias manteñen certa estabilidade, e só incrementan 1,4 puntos porcentuais o seu peso relativo no conxunto de gastos correntes, pasando do 61,4% en 2000 a un 62,8% no ano 2008.

- Gastos de mantemento.

O apartado de gastos de mantemento, que reflicte o custo das operacións de mantemento, conservación, reparacións e materiais das instalacións e servizos municipais, foi aumentando o seu peso porcentual no total do gasto ordinario e consuntivo, pasando do 26,3% do ano 2000 ao 27,6% en 2008, cunha tendencia á consolidación do crecemento, que sitúa o seu peso relativo nos últimos anos en cotas altas por riba da media do 24,7% que presenta o período no seu conxunto.

- Gastos da débeda.

Os gastos da débeda, están compostos polo pago de intereses e a amortización dos créditos que o Concello ten contraídos a medio e longo prazo. Para o Concello de Bueu estes gastos supoñen unha media do 11,4% dos gastos ordinarios e consuntivos no período analizado. Sinalar que este gasto diminuíu o seu peso porcentual sobre o total desde o ano 2000, 12,3%, ata o ano 2008, 9,6%.

CADRO Nº 46. EVOLUCIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DO ENDEBEDAMENTO. 2000-2008 (Miles de Euros).

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Intereses *	172,51	216,34	128,23	105,11	100,78	75,67	78,05	363,32	118,01
Amortización**	283,02	277,97	326,97	347,39	349,59	330,53	333,53	274,63	351,13
Carga financeira	455,53	494,31	455,20	452,50	450,37	406,20	411,59	637,95	469,14
Carga financeira/ingresos correntes	11,33	13,74	12,25	9,64	9,00	8,65	8,84	11,38	8,58

* Gastos financeiros.

** Pasivos financeiros.

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

Á vista destes datos hai que destacar a importancia que aínda ten a carga financeira que soporta o municipio malia a súa tendencia á contención ao longo do período; así como a diminución en termos reais dos gastos de persoal; e o crecemento, aínda que moderado (7% no período), dos gastos de mantemento. As modificacións legislativas sucesivas tenden a endurecer as condicións para o recurso dos municipios ao endebedamento, co que é previsible que a porcentaxe que se destina á carga financeira permanecerá contida e con tendencia á diminución. O axuste das taxas polos servizos prestados haberá de permitir a cobertura dos custos de mantemento dos servizos.

En todo caso, da contención das compoñentes fixas do gasto por debaixo da evolución dos ingresos dependerán as posibilidades orzamentarias de abordar os custos dos novos investimentos públicos que o Plan Xeral deberá propiciar, co conseguinte crecemento dos gastos de mantemento que aqueles comportarán a medio prazo.

Os ingresos ordinarios e os gastos correntes e consuntivos. O aforro.

A diferenza entre os ingresos ordinarios constituídos polos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, e os gastos correntes e consuntivos (comprendidos nos capítulos 1, 2, 3, 4 e 9) permítenos apreciar a capacidade de aforro susceptible de ser canalizado cara ao financiamento do investimento. O coñecemento da evolución deste parámetro aproxímanos, en consecuencia, á capacidade municipal para abordar o investimento directo ou o custo da débeda que a financie, de ser o caso.

A análise está feita a partir da información que se desprende dos estados de execución dos exercicios. Cando os resultados derivados das liquidacións orzamentarias do período presentan axustes por desviacións de financiamento, estes axustes extracontables, non son tidos en conta na análise que realizamos.

Ao longo do período 2000-2008 mantivéronse uns saldos ingresos-gastos correntes e consuntivos que non foron estables, presentando a serie analizada, no seu conxunto, un aforro positivo neto -xa deducidos os gastos de débeda- de 5.117,65 miles de euros 2011, equivalente ao 10,3% dos ingresos ordinarios (ver cadro nº 44). O saldo do aforro neto municipal presenta fluctuacións que nos anos 2001 e 2002 determinaron uns saldos negativos e nos restantes exercicios (agás no ano 2000) superaron o 10% dos ingresos ordinarios, oscilando entre o 24,7% de 2004 e o 10,9% de 2008.

En conclusión, o período analizado presentou un aforro neto medio anual -deducidos intereses e amortización da débeda- de 566,83 miles de euros 2011.

A.8.2. O INVESTIMENTO MUNICIPAL

No cadro nº 47, preséntanse os resultados seriados da evolución do total do investimento financiado polos orzamentos municipais no período 2000-2008, expresados en euros de 2011 para facer posible a súa comparación.

CADRO Nº 47. INVESTIMENTOS MUNICIPAIS. PERÍODO 2000-2008 (Miles de Euros 2011)

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Investimento Directo	1.027,03	710,08	1.053,54	1.157,68	631,10	1.185,18	688,65	663,87	2.739,06
Transferencias de Capital	0,00	0,00	7,17	0,00	54,70	153,66	91,63	97,00	11,79
TOTAL DE INVESTIMENTOS	1.027,03	710,08	1.060,72	1.157,68	685,80	1.338,84	780,28	760,88	2.750,85

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

O monto total do investimento financiado polo orzamento municipal ten ascendido á cantidade de 10.272,15 miles de euros 2011 en nove anos, o que equivale a un investimento medio anual de 1.141,35 miles de euros e un investimento medio anual “per cápita” de 92,29 euros por habitante (cadro nº 48). A cantidade global de investimento alcanza a representar o 18% do gasto municipal do período analizado.

CADRO Nº 48. TOTAL INVESTIMENTOS. PERÍODO 2000-2008. EUROS 2011.

INVESTIMENTO TOTAL	10.272,151,28
INVESTIMENTO MEDIO ANUAL	1.141,350,14
INVESTIMENTO MEDIO POR HABITANTE	830,61
INVESTIMENTO MEDIO ANUAL POR HABITANTE	92,29

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

O investimento realizado directamente polo Concello supón o 95,8% do total do investimento financiado polo orzamento municipal. Os investimentos municipais viñeron financiándose principalmente con recursos procedentes das transferencias das outras administracións, o 69,70% dos recursos orzamentarios con destino específico ao investimento proceden das contribucións doutras administracións, sendo a primeira fonte de financiamento por orde de importancia, completada coa procedente dos recursos orzamentarios propios (16,48%), coa procedente do recurso municipal ao creto (12,64%), e cun escaso 1,2% procedente da realización de activos do patrimonio municipal.

CADRO Nº 49. FONTES DE FINANCIAMENTO. PERÍODO 2000-2008 (Miles de Euros 2011)

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Alleamento de investimento	0,00	0,00	0,00	77,92	0,00	39,76	0,00	0,00	0,00
Transferencias de capital	487,94	769,07	397,93	953,88	304,26	1.126,49	576,65	346,84	1.905,37
Préstamo	0,00	317,63	164,23	0,00	0,00	98,43	94,34	251,21	320,04
Contribucións especiais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	487,94	1.086,70	562,15	1.031,81	304,26	1.264,68	670,99	598,06	2.225,41

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

Do total das transferencias que financiaron investimentos municipais, o 55,6% procederon da Deputación Provincial, o 43,8% da Administración Autonómica, e o 0,6% restante da Administración Estatal, supoñendo estas aportacións o 69,70% do total do financiamento do investimento executado no período. Non houbo outras transferencias no período estudado.

CADRO Nº 50. ORIGE DAS TRANSFERENCIAS CON DESTINO INVESTIMENTO. PERÍODO 2000-2008 (Miles de Euros 2011)

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Transferencias do Estado	0,00	0,00	0,00	39,44	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Transferencias CC AA	198,08	396,28	397,93	234,20	56,13	484,43	252,04	29,16	959,99
Transferencias entidades locais	289,87	372,79	0,00	680,24	248,13	642,07	324,61	317,68	945,38
Outras transferencias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL TRANSFERENCIAS	487,94	769,07	397,93	953,88	304,26	1.126,49	576,65	346,84	1.905,37

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

Os orzamentos liquidados non reflicten recursos derivados da contribución directa dos particulares a través de contribucións especiais ou outros ingresos derivados da actividade urbanística do Concello.

Para analizar o destino do investimento directo municipal ao longo do período 2000-2008 clasificáronse as anotacións orzamentarias atendendo ás características do concepto, agrupándoas nos epígrafes significativos que se recollen no cadro nº 51.

No período 2000-2008, o investimento municipal directo concentrouse maioritariamente no investimento en novas infraestruturas e en urbanización tanto novas como de reposición, representando o 59,4% do investimento directo. O restante 40,6% destinouse ao financiamento de investimento nos diferentes servizos e dotacións municipais. Esta distribución do investimento correspóndese coa tendencia xeral de especialización do investimento municipal na actividade urbanística.

**CADRO Nº 51. INVESTIMENTO DIRECTO SEGUNDO DESTINO DE ORZAMENTO.
 PERÍODO 2000-2008 (Miles de Euros 2011)**

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Investimento novo en Infraestruturas e bens	466,89	277,73	268,69	542,27	139,57	235,34	321,01	407,86	551,72
Investimento de reposición en Infraestruturas e bens	195,37	141,69	214,14	276,69	173,26	227,69	186,27	100,65	1.131,07
Investimento novo en servizos	291,69	232,68	458,59	315,06	318,27	722,15	181,37	128,38	1.056,12
Investimento de reposición en servizos	73,07	43,68	112,12	13,43	0,00	0,00	0,00	26,98	0,00
Investimentos inmateriais	0,00	14,30	0,00	10,22	0,00	0,00	0,00	0,00	0,15
Investimentos en bens patrimoniais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	1.027,03	710,08	1.053,54	1.157,68	631,10	1.185,18	688,65	663,87	2.739,06

Fte.: Orzamentos municipais liquidados. Elaboración propia.

B. ESTUDO DO MEDIO RURAL

B.1. MEDIO FÍSICO. CARACTERIZACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

B.1.1. ENCADRE XEOGRÁFICO

O Termo Municipal de Bueu está situado no sudoeste da provincia de Pontevedra e conta cunha superficie total de 30,8 km². Limita ao norte e oeste coa ría de Pontevedra, polo sur cos concellos de Cangas e Moaña e, polo leste, cos concellos de Marín e Moaña.

Bueu forma parte, xunto cos concellos de Marín, Cangas e Moaña, da comarca xeográfica do Morrazo, territorio peninsular emprazado entre as rías de Pontevedra e Vigo.

O Concello de Bueu conta con 54 entidades singulares de poboación distribuídas nas súas cinco parroquias: Santa María de Beluso, Santa María de Cela, San Martiño de Bueu, que se separa a efectos censuais para identificar a Vila, Santiago de Ermelo e San Xoaquín da Illa de Ons. Ten unha poboación total de 12.368 habitantes e unha densidade de 401,6 hab./km² (IGE 2010), moi por riba da media da provincia de Pontevedra (214,1 hab./km²) e da media galega (94,6 hab./km²). O núcleo de maior poboación é a Vila de Bueu, capital do municipio que acolle máis do 30% da poboación total do termo.

B.1.2. XEOLOXÍA

O recoñecemento da constitución xeolóxica do territorio é básica para a súa comprensión, xa que inflúe no seu desenvolvemento xeomorfolóxico e edafolóxico e, xunto coas peculiaridades climáticas, fundamenta o tecido paisaxístico.

Galicia atópase no Macizo Hespérico, con materiais paleozoicos e prepaleozoicos fundamentalmente, que son os materiais máis antigos na Península Ibérica. Durante a oroxenia hercíniana sufriu unha forte acción tectónica que xerou o característico relevo de sucesión de bloques afundidos e levantados. Segundo a división en zonas realizada por Matte, os materiais do concello pertencen á Zona Centroibérica, e dentro desta, á zona V definida, Galicia occidental - NO de Portugal.

A xeoloxía do concello presenta, segundo as follas nº 184 O Grove, nº 185 Pontevedra e nº 223 Vigo do Mapa Xeolóxico de España, a escala 1:50.000 (IGME), unha composición moi homoxénea, sendo os materiais litolóxicos predominantes as rochas graníticas hercínicas. A meirande parte do municipio está situado sobre rochas graníticas, con granodioritas con megacristais de feldespato e granitos de feldespato alcalino, aínda que tamén aparecen materiais xistosos e, sobre todo no litoral, depósitos sedimentarios cuaternarios.

Dende o punto de vista estratigráfico, están presentes na zona de estudo formacións sedimentarias cuaternarias e metasedimentos, entre os que destaca o Complexo Cabo Home - A Lanzada.

O Complexo de Cabo Home - A Lanzada preséntase con formacións rochosas variables, constituídas principalmente por paragneises e xistos. Pola súa banda, nos sedimentos cuaternarios identifícanse áreas de praia, con acumulacións no bordo litoral, en xeral de pouco desenvolvemento, e depósitos aluvio-coluviais emprazados nas vagadas dos ríos e compostos por limos, arxilas e gravas procedentes da alteración das rochas graníticas que afloran no contorno.

No territorio continental, o sector occidental do termo presenta unha clara predominancia das granodioritas con megacristais de feldespato que, nas zonas de Cabo Udra e do Cabalo, presentan numerosas fracturas. No bordo meridional, estes materiais presentan afloramentos puntuais de materiais con afinidade calcoalcalina e granitos de feldespato alcalino. No litoral preséntanse materiais cuaternarios con complexos sedimentarios destacables que inclúen depósitos de area nas praias da Mourisca, Tulla, e Area do Bon e, tras delas, zonas de depósitos coluvio - aluviais.

O sector central, definido pola Enseada de Bueu, caracterízase litoloxicamente pola presenza dun área de depósitos cuaternarios que enchen a estreita depresión tectónica de Bueu e inclúen, ademais das numerosas praias de áreas do litoral, entre as que destacan os areais de Agrelo - Portomaior, sedimentos aluviais e coluviais que cobren as veigas do rego do Frade. Dominan sen embargo no sector, os granitoides de afinidade calcoalcalina en serie precoz, que se corresponden con granodioritas con megacristais feldespáticos e, ao sur, granitos de feldespato alcalino. Nalgunhas áreas limítrofes cos depósitos coluvio-aluviais poden recoñecerse materiais metamórficos do Complexo de Cabo Home - A Lanzada, que tamén aparecen, xunto con diques de cuarzo, na punta Cabezón da Ría.

Os granitoides de afinidade calcoalcalina conforman a litoloxía do sector oriental do municipio, predominando a granodiorita con megacristais feldespáticos. Destaca un área cuxo domino corresponde aos gneises de biotita con afloramentos puntuais de bandas de granodioritas con megacristais de feldespato. Ademais, na costa nordeste recoñécense sedimentos areosos de praia, orixinarios do Cuaternario, máis relevantes na praia de Lapamán.

No Arquipélago de Ons, a composición litolóxica dominante está constituída por granitos de feldespato alcalino que presentan numerosas fracturas, xeralmente de dirección O - L. En Ons existen ademais bandas xistosas de orientación N-S que implicaron un retroceso diferencial da súa liña costeira, formando unha sucesión de entrantes e saíntes, con micaxistos, cuarzoxistos e paragneises pertencentes ao Complexo de Cabo Home – A Lanzada, e que polo común se presentan en forma de lentellóns. Na cara interior da Illa de Ons, preséntanse pequenas áreas ocupadas por areas de praia e depósitos de socalcos pleistocenos que, en conxunto, constitúen os materiais cuaternarios máis representativos do arquipélago.

B.1.3. XEOMORFOLOXÍA

O municipio de Bueu está conformado por un territorio continental pertencente á Península do Morrazo, e outro insular, emprazado no exterior da Ría de Pontevedra, formado polo Arquipélago de Ons.

O seu relevo é moído e notablemente compartimentado e as súas formas alombadas, características relacionadas coa tectónica e a erosión diferencial, comúns na xeografía do Morrazo. Esta península é un bloque erguido situado entre as rías de Pontevedra e de Vigo, e presenta un relevo condicionado por factores tectónicos ligados á xénese das mesmas. Así, a existencia de varias fracturas>NNL - SSO e NNO - SSL, que atravesan a península, dan lugar a un conxunto de irregularidades costeiras, a Ría de Aldán, vinculada a unha esgazadura de dirección NNO - SSL, e a Enseada de Bueu, máis aberta pola conxunción de dúas fracturas separadas e de direccións diferentes, que se corresponden coas enseadas de Cangas e Moaña na vertente meridional da península.

O litoral do municipio é dunha elevada variedade espacial, pois nel sucédense, en bandas de diferentes dimensións, praias, rochedos e cantís, en resposta ás súas peculiaridades xeomorfolóxicas e á evolución climática que configurou o seu nivel actual. Así, nos seus máis de 10 km. de costa é posible diferenciar dous sectores claramente deslindados por un treito costeiro de transición e que, polo tanto, comparte características comúns a ambos.

No norte do municipio, a fronte litoral da Ría de Pontevedra é unha costa predominantemente sedimentaria. Dende o Illote do Santo do Mar, a Enseada de Bueu vai facéndose cada vez máis suave ata a Vila de Bueu. A poñente da vila, a Península de Beluso, rematada no Cabo Udra coroado por un outeiro de 85 m de altitude, reflexo da importancia da erosión diferencial no territorio, protexe ás praias da enseada. No sector occidental ábrese a pequena Ría de Aldán.

No litoral nordeste a costa é baixa con sectores acantilados de pouca potencia e complexos sedimentarios formados por praias de area separadas por puntas. Destaca polas súas dimensións o areal de Lapamán. Cara ao oeste desta praia, o litoral tórnase esgrevio e pedregoso, con cantís baixos e rochedos entre os que se atopa a recollida praia de Covelo, protexida polo relevo residual do Monte Gordo (45 m de altitude).



Praia de Lapamán



Monte Gordo



Praias de Agrelo e Portomaior

No interior da Enseada de Bueu a costa é tamén baixa, sucedéndose grandes praias, entre as que destaca o complexo depósito sedimentario de Portomaior e Agrelo, alimentando o istmo que xera o con litoral do Cabezo da Ría. Un pequeno sistema dunar deslinda as praias de Portomaior e Agrelo, que constitúen, xunto coa praia urbana de Loureiro, os grandes areas do municipio.

No sector occidental da enseada, cunha costa moi protexida, desenvólvense as praias urbanas da Vila de Bueu, Petís, Pescadoira, Banda do Río, e Beluso, cunha morfloxía condicionada polas obras portuarias. Esta última praia, de estreito estrán, emprázase a resguardo dos montes e contornos acantilados da Punta Arbosa, entre as pequenas calas rochosas de Robaleira e a cala da Roiba.



Praia de Loureiro



Praias de Pescadoira e de Banda do Río

O relevo acantilado dos Montes da Peira e Monte Aguda inician o dominio da costa estrutural característica do litoral da parroquia de Beluso. Entre estes montes desenvólvese a pequena cala virxe de Sartexéns, cun contorno xeomorfolóxico singular. As praias rústicas de Tulla e Mourisca, separadas pola punta rochosa de Cornide, ábrense cara ao norte.



Praia de Tulla



Praia de Mourisca



Cabo Udra

Neste treito de costa exposta destaca o saínte granítico do Cabo Udra, cos seus relevos residuais, onde dominan as paisaxes ruñiformes propias dos rochedos graníticos intensamente fracturados e sometidos a procesos erosivos. O litoral presenta aquí un trazado irregular con paredes acantiladas de potencia media formadas por afloramentos rochosos e depósitos de ladeira.

No extremo occidental da Ría de Pontevedra ábrese a pequena Ría de Aldán, de orixe puramente tectónico e con fondos ricos en formacións lamacentas. A súa costa é máis esgrevia e presenta unha sucesión de cantís expostos e pequenos treitos de costa baixa na que se desenrolaron praias de peto, individualizadas por sucesivos saíntes rochosos e cons litorais. Este sector inclúe pequenas praias de coios e area, como Ancoradoiro e o Lago, complexos sedimentarios de maior dimensión como Lagoelas e, sobre todo, Area do Bon, e fronte acantiladas como as da Enseada Cano da Cunca.



Praia do Lago



Enseada Cano da Cunca



Praia de Area de Bon

A Illa de Ons caracterízase polo seu relevo moi suave e alombado, presentando unha morfoloxía costeira disimétrica e unha liña de costa moi recortada. Na vertente occidental, a forte exposición á enérxica acción do océano, configura unha costa de esgrevios e altos cantís; a oriental, protexida cara ao interior da ría, presenta unha morfoloxía suave con pequenos depósitos areentos intercalados entre as rochas, así como depósitos de coídos e areais, entre os que se atopan as praias de Melide, das Dornas, de Area dos Cans, de Canexol e de Pereiro. Na illa de Onza a continuidade dos acantilados só está interrompida polos pequenos areais das Moscas e Onza Sur.

Altitudes

Topograficamente destaca a baixa altitude, preto do 70% da superficie municipal sitúase por baixo da cota dos 200 m. Salienta, así mesmo, a existencia de dous niveis de arrasamento, un de 200 m. que domina na fronte litoral occidental e outro nivel achaiado no interior con altitudes próximas aos 400 m, integrado nos montes do Morrazo que marcan o interfluvio entre as rías de Pontevedra e de Vigo. No sector occidental da Enseada de Bueu, unha estreita depresión tectónica, formada a prol dunha esgazadura meridiana, fai penetrar o nivel costeiro cara ao interior seguindo o curso do río Frade. Dende a chaira litoral desta enseada ascéndese bruscamente cara aos montes interiores, nos que se acadan alturas superiores aos 400 m. s.n.m. No Monte Paralaia, na linde co termo de Moaña, acádase a maior altitude do municipio con 446 m. Dende a Ría de Aldán, o territorio sube cara ao leste onde se acadan os 334 metros no monte Curuto de Leboreiro.

Pola súa parte, na Illa de Ons acádase unha altitude máxima de 128 m, no monte do Faro, e en Onza, a maior altitude rexístrase no Alto de Onza, no bordo oriental da illa con 81 m.

Pendientes

O relevo do termo presenta notable variabilidade aínda que é, en xeral, suavemente ondulado. A transición entre os diferentes chanzos resólvese, a miúdo, por medio de abas de pendentes acusadas. O litoral alterna treitos acantilados con outros de costa baixa e areosa, que se corresponden coas cuncas de sedimentación da curta pero densa rede de drenaxe.

O territorio do termo presenta sectores cun relevo contrastado e áreas de fortes pendentes, especialmente nas gornas dos vales, nas que se producen acusados desniveis, e onde adoitan superarse o 50%. Tamén existen treitos no litoral con potentes acantilados de perfil convexo, como nas illas Ons e Onza, e no Cabo Udra, modelados sobre o substrato granítico dominante. Nestes sectores litorais as pendentes son en xeral elevadas con treitos que se aproximan á verticalidade.

As áreas do municipio que presentan un relevo suave, nas que as pendentes son xeralmente inferiores ao 6%, concéntranse no bordo litoral, chairas litorais de Cela, Bueu e Beluso e valgadas de Bon, así como nos lombos dos principais interfluvios de relevo superior aplanado. Os asentamentos de poboación e os eidos das parroquias emprázanse xeralmente nas áreas de relevo suave e menor porcentaxe de pendente.

Orientacións

As orientacións oeste e noroeste son predominantes no termo, acadando a superficie con terras orientadas ao oeste máis dun terzo da superficie total do municipio. As áreas cunha exposición máis favorable quedan puntualmente restrinxidas ás solainas de Beluso e Bon, cunhas orientacións S, SL e SO. Pola contra, nos relevos interfluviais existen vertentes orientadas ao norte e, polo tanto desfavorecidas para determinados usos, mais que en conxunto acadan unha moderada extensión.

B.1.4. CLIMATOLOXÍA

O estudo climático realizouse mediante a descrición e análise dos distintos réximes climáticos, tomándose como referencia os datos das estacións meteorolóxicas próximas, situadas en Marín e nas Illas Cíes, que fronte á inexistencia de datos locais, estímense as máis representativas.

CADRO Nº 1. CARACTERÍSTICAS DAS ESTACIONES METEOROLÓXICAS

ESTACIÓN METEOROLÓXICA	ALTITUDE	COORDENADAS
MARÍN	14 m	8° 42' – 42° 24'
ILLAS CÍES	170 m	8° 55' – 42° 12'

Fte.: Atlas Climático de Galicia. Martínez Cortizas, A. et al. Xunta de Galicia. 1999.

O territorio está situado no dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival e precipitacións durante case todo o ano, máximas nos meses fríos, e reducidas precipitacións estivais.


Temperatura

No que respecta ao réxime térmico, destaca a suavidade das temperaturas condicionadas pola localización costeira, cunha temperatura media anual de 14,4°C en Marín e de 13,7°C nas Illas Cíes, que son superiores á temperatura media de Galicia (13,3°C). A temperatura media mensual acadada os valores máximos no mes de xullo, rexistrándose en xaneiro a temperatura media mensual mínima. A amplitude térmica é moderada.

CADRO Nº 2. VALORES MEDIOS MENSUAIS E ANUAIS DE TEMPERATURA

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
MARÍN	9,9	10,4	11,1	13,2	14,0	17,9	19,1	19,7	18,2	15,2	12,4	10,9	14,4
CÍES	8,0	9,0	10,5	11,9	14,5	17,4	19,8	19,5	18,1	14,8	11,2	8,8	13,7

Fte.: Atlas Climático de Galicia. Martínez Cortizas, A. et al. Xunta de Galicia. 1999.



Precipitación

No Morrazo as precipitacións medias anuais adoitan ser abundosas e superiores aos 1.300 mm. Porén, nas Illas Atlánticas de Galicia, as precipitacións anuais son escasas, rexistrándose na estación de referencia 857 mm. de auga ao ano, valores moi inferiores ás precipitacións medias rexistradas en Galicia (1.180 mm.). Os meses máis chuviosos son, nas dúas estacións, os de decembro e xaneiro, sendo xullo o mes no que se rexistra a precipitación media inferior.

CADRO Nº 3. VALORES MEDIOS MENSUAIS E ANUAIS DE PRECIPITACIÓN

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
MARÍN	196,6	172,5	124,9	102,3	98,7	51,0	18,6	26,1	74,7	131,3	151,1	189,4	1.337
CÍES	101,4	95,5	90,7	59,5	51,7	25,3	17,5	15,6	60,4	93,6	115,0	130,6	857


Fte.: Atlas Climático de Galicia. Martínez Cortizas, A. et al. Xunta de Galicia. 1999

A estacionalidade pluviométrica é forte, rexistrándose ao redor do 10% das precipitacións no verán como se observa no seguinte cadro, provocando unha importante seca estival. Os meses de outono e inverno repártense máis da metade das precipitacións anuais, comprendendo entre xuño e setembro o período cun descenso acusado das precipitacións.

CADRO Nº 4. ESTACIONALIDADE PLUVIOMÉTRICA

	INVERNO	PRIMAVERA	VERÁN	OUTONO
MARÍN	493	252	119	472
CÍES	288	137	94	339

Fte.: Atlas Climático de Galicia. Martínez Cortizas, A. et al. Xunta de Galicia. 1999.



Características ombrotérmicas

O diagrama ombrotérmico das estacións amosa un período de seca estival superior a tres meses (xuño-setembro), índice da evidente mediterraneidade. O acusado descenso das precipitacións e a forte insolación á que está sometido o territorio no verán, caracterizado por situacións atmosféricas anticiclónicas, xunto coa maior duración dos días e incidencia dos raios solares, contribúen a provocar o conseguinte déficit hídrico. As características máis acusadas de aridez estival danse nos contornos da Ría de Aldán e no Arquipélago de Ons. Este fenómeno prodúcese froito da combinación da baixa altitude e da exposición aberta que, unida á diminución das precipitacións cara ao occidente das rías galegas, agravan o déficit hídrico estival.

Xeadas

A probabilidade de xeadas constitúe un dos principais condicionantes para o desenvolvemento da agricultura. As temperaturas medias superiores a 7° C son as que permiten ás plantas actividade vexetativa plena. No litoral das Rías Baixas, non existe practicamente risco de xeadas ao longo do ano. Pola súa parte, no Arquipélago de Ons, non se rexistran xeadas.

Diversidade climática

Tanto no litoral das illas como na Ría de Aldán, as condicións climáticas están caracterizadas por un réxime ombrotérmico cálido e húmido. As temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 15°C; e cunha amplitude térmica que rolda os 13°C. As precipitacións medias acumuladas oscilan entre os 1.200 mm. e 1.400 mm. ao ano no litoral continental, e entre os 800 mm. e 1.000 mm., nas illas.

No litoral e vertentes costeiras de Bueu e Cela, tamén encadrados no dominio climático cálido e húmido, os valores medios de temperatura son superiores a 14°C ao ano, e a precipitación media anual acumulada entre 1.200 mm. e 1.400 mm. A oscilación térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C.

Pola súa parte, nos montes das parroquias de Cela e Ermelo, que actúan de barreira orográfica fronte ás masas húmidas oceánicas, as precipitacións rexistradas ao longo do ano serán máis elevadas, situándose os valores medios acumulados entre 1.400 mm. e 1.800 mm. As temperaturas medias tamén son suaves, sen baixar de 14°C (oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C), manifestando aínda unha clara influencia oceánica. O dominio climático da Serra do Morrazo e dos seus somontes é cálido e moi húmido.

B.1.5. HIDROLOXÍA

Augas superficiais

O territorio municipal inclúese na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, integrado maioritariamente, segundo a clasificación hidrolóxica establecida no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC), no sistema de explotación Río Lézez e Ría de Pontevedra, agás nun pequeno sector meridional, pertencente á parroquia de Ermelo, encadrado no sistema de explotación Río Verdugo, Ría de Vigo e Ría de Baiona.

Os cursos fluviais do municipio son de pequeno percorrido. O intenso fracturado do terreo facilita a incisión da rede fluvial, que presenta cambios de dirección de ata 90°, producidos pola presenza de fracturas transversais.

A rede hidrográfica básica está constituída polos regos da Pena, do Barranco do Inferno e do Bispo ou Frade, cursos fluviais que teñen o seu nacemento nos montes de Ermelo e de Cela, e desembocan na Enseada de Bueu. Os regos da Pena e do Barranco do Inferno drenan a parroquia de Cela e desembocan na Praia de Agrelo. Pola súa parte, o rego do Bispo constitúe a principal arteria das parroquias de Bueu e Ermelo, conformando, no seu treito inferior, un profundo e estreito val de orientación meridiana. O rego Nocedo, que nace nos contornos do Alto de Borrallido, drena o sector meridional da parroquia de Beluso e desemboca na Praia do Reventón, na Ría de Aldán.

Outros regatos menores estruturan e dividen o territorio en microcuncas. Así, na estreita faixa costeira da parroquia de Cela, ademais das dúas cuncas maiores, correspondentes aos regos do Barranco do Inferno e da Pena, existe unha sucesión de canles de moi pequeno percorrido que con orientacións SL-NO discorren cara a Enseada de Bueu. Na praia de Loureiro desemboca o pequeno regueiro de Doade que discorre con orientación meridiana drenando a zona oriental da parroquia de Bueu.

Pequenas regueiras drenan a parroquia de Beluso compartindo as características estruturais que definen aos cursos fluviais do municipio. Así, as regueiras que desembocan nas praias de Sartexéns, Tuia e Mourisca, discorren con orientación preferentemente meridiana cara á Ría de Pontevedra, si ben, adoitan ter cambios bruscos de dirección. Na ría de Aldán verten as augas as regueiras de Vilar e Bon, que con orientacións NL-SO, drenan os espazos agrarios máis importantes da parroquia.

O réxime da rede hidrográfica é pluvial, e xunto coas súas pequenas bacías e características de mediterraneidade do seu réxime pluviométrico, condicionan os caudais e a súa evolución temporal. Así, aseguran o incremento rápido de caudal

despois dos episodios tormentosos e unha moi considerable redución na estación seca. A súa tipoloxía correspóndese coa dos ríos costeiros cántabro-atlánticos que verten directamente ao mar.

A continuación faise unha relación dos cursos fluviais de maior entidade do municipio, organizados segundo o sistema de explotación no que se integran:

Río Lérez e Ría de Pontevedra:

- Rego Amieiro
- Rego da Pena
- Rego do Barranco do Inferno
- Regueiro de Doade
- Rego do Bispo ou Frade
- Río Nocado

Río Verdugo, Ría de Vigo e Ría de Baiona:

- Rego Bouzos

Os ríos de Bueu amosan diversas alteracións hidromorfolóxicas e ecolóxicas ao atravesar as tramas urbanas, sendo máis significativas no rego do Bispo que está sepultado no treito de desembocadura que discorre polo núcleo urbano de Bueu. No espazo periurbano, o rego do Bispo presenta, así mesmo, un mal estado de conservación, con treitos canalizados e outros desprovistos de ripisilva e alterados por edificacións e equipamentos que afectan negativamente ás ribeiras e marxes. Estas afeccións son tamén comúns aos regos do Barranco do Inferno e da Pena, nos seus treitos baixos próximos á praia de Agrelo.

No termo existen pequenos humidais naturais, na súa maioría asociados á densa rede fluvial, aínda que polo xeral son de moi pouca de entidade superficial. O Inventario dos Humidais de Galicia (IHG) inclúe o pequeno humidal denominado Veigas de Cabo Udra.

O PHGC¹ identifica as masas de auga costeiras naturais da Ría de Aldán, de Marín e de Ons-Cíes. Tamén identifica as zonas protexidas conforme ao Anexo IV da Directiva Marco de Aguas (Directiva 2000/60/CE), que inclúen, amais das zonas de protección de hábitats e especies (Cabo Udra e Ons), e de captación de augas para a o abastecemento urbano, as zonas de produción de moluscos e outros invertebrados

¹ Borrador do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa. Augas de Galicia. 2010.

mariños das partes externa e media da Ría de Pontevedra e das partes interna e externa da Ría de Aldán, e as zonas de baño en augas mariñas do termo, Praias Area de Bon, Lagos, Mourisca, Tuia, Beluso, Loureiro, Agrelo, Portomaior, Lapamán, Petís, Pescadoira, Melide, Dorna, Area dos Cans e Canexol. Así mesmo, inclúen a Ría de Pontevedra, que é unha “Zona sensible” designada conforme á Directiva 91/271/CEE, de 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas. Por último, as Carballeiras de Coiro i Ermelo, contempladas como espazos de especial protección no termo de acordo co Plan Hidrolóxico aprobado por RD 103/2003, son tamén incluídas nas zonas protexidas.

Hidroxeoloxía

Denomínanse como augas subterráneas todas as augas que se atopan baixo a superficie do solo na zona de saturación e en contacto directo co solo ou o subsolo. As augas subterráneas enchen os espazos existentes entre as partículas dos solos, as gretas, as areas e as fracturas das rochas, na zona denominada saturada. As augas subterráneas constitúen un recurso natural cuxa protección reviste especial interese para o mantemento dos ecosistemas acuáticos delas dependentes e para o abastecemento de auga potable. A súa importancia económica é moi elevada, pois constitúen unha fonte alternativa de abastecemento de auga potable nos asentamentos de poboación, así como para o rego na agricultura.

No termo hai un claro predominio dos materiais graníticos de permeabilidade media-baixa e baixa, tal e como reflite o Mapa Hidroxeolóxico de Galicia (Xunta de Galicia, 1991). Pola contra, os depósitos detríticos cuaternarios son materiais pouco consolidados nos cales existe unha elevada porosidade intergranular que permite a infiltración da auga e, polo tanto, presentan unha alta permeabilidade.

A CHGC identifica a masa de auga subterránea O Morrazo-Pontevedra-Vigo-Baiona, cunha superficie de 715,93 Km².

No tocante á contaminación das augas subterráneas, o Mapa de Vulnerabilidade do Medio Físico á Contaminación dos Mantos Acuíferos (Xunta de Galicia, 1996) encadra aos depósitos sedimentarios cuaternarios nas zonas moi vulnerables fronte á contaminación nas que, polo tanto, é preciso extremar as medidas preventivas. Porén, nos terreos graníticos non fracturados, a contaminación afectará, case que en exclusiva, ás augas superficiais, debido á súa baixa ou nula permeabilidade.

Recursos hídricos

Os recursos hídricos son renovables (excepto certas augas subterráneas), mais presentan enormes diferenzas de dispoñibilidade e amplas variacións de precipitación estacional e anual en diferentes partes do mundo. A auga aproveitable para o seu uso é moi limitada e atópase nunha maior porcentaxe nas augas subterráneas.

A auga constitúe unha parte esencial de todo ecosistema. Unha diminución da auga dispoñible, tanto en cantidade, en calidade, ou en ambas, comporta efectos negativos graves sobre os ecosistemas. A auga é esencial para a supervivencia dos seres vivos, pero hai unha relativamente pequena cantidade de auga que temos que compartir todos, e iso convértea en algo moi prezado. O sistema de abastecemento urbano fornécese de auga potable, parcialmente, nas captacións existentes nos regos da parroquia de Cela. Ademais, varios núcleos rurais contan con infraestruturas veciñais de captación en mananciais, e son abondosos os pozos particulares. Estes datos dan conta da importancia de garantir o equilibrio ecolóxico natural destes ámbitos fonte de recursos, preservando as súas concas afluentes.

B.1.6. EDAFOLOXÍA

Enténdese por solo a capa superior da codia terrestre, situada entre o leito rochoso e a superficie, composta de partículas minerais, materia orgánica, auga, aire e organismos vivos. Constitúe a interface entre a terra, o aire e a auga, o que lle confire a capacidade de desempeñar funcións naturais e de uso. O solo é fonte de alimentos e produción de biomasa, constitúe un dos principais factores para a protección da auga e de intercambio de gases coa atmosfera, é o hábitat de numerosos organismos e desempeña funcións ecolóxicas esenciais. Ademais, é fonte de materias primas e serve de base para as actividades humanas, e constitúe un elemento da paisaxe e do patrimonio cultural da humanidade. Así pois, o solo ten unha importante función natural, ademais de económica, social e cultural.

A diferenza doutros recursos naturais, o solo é un recurso practicamente non renovable, que se deteriora relativamente rápido por causas naturais, como a erosión, o exceso de sales, procesos biolóxicos, etc., ou como consecuencia da acción do home debido a prácticas agrícolas, explotacións mineiras, procesos industriais, almacenamento de produtos tóxicos, etc. A recuperación das condicións naturais perdidas é, non obstante, extremadamente lenta.

O solo actúa como barreira protectora doutros medios máis sensibles (hidrolóxicos e biolóxicos), exercendo funcións de filtración, descomposición, neutralización ou almacenamento de certos contaminantes e evitando, en gran medida, a súa dispoñibilidade biolóxica. Esta capacidade de depuración non é igual para todos os solos, e ten un límite para cada situación. Cando o solo deixa de ser eficaz para actuar como barreira protectora para unha ou varias substancias, funciona como un solo contaminado, fonte de contaminantes. Por outra parte, o solo é, a diferenza do aire e da auga, un recurso que está xeralmente suxeito a dereitos de propiedade.

As características dos solos están influenciadas fundamentalmente polo relevo, a natureza do material de partida e o tempo de desenvolvemento do solo. Os materiais xeolóxicos dominantes son as rochas graníticas nas que a abundancia de materiais resistentes favorece a aparición de saprolitas areosas. As propiedades físicas dos solos veñen determinadas pola alta porcentaxe de partículas grosas, que dan lugar a texturas areosas ou franco-areosas. Quimicamente caracterízanse por unha acusada acedume (pH 4,5 - 5,0), elevada saturación do complexo de cambio por aluminio e moderada fixación de fosfatos.

Na parroquia de Ermelo e nos montes da parroquia de Cela, é posible apreciar a característica secuencia topográfica desde as terras de fondo de val ás cabeceiras.

Deste xeito, nos terreos de menor pendente e fondos de val localízanse os solos máis desenvolvidos, con certo espesor nos seus horizontes, fundamentalmente do tipo umbrisol dístrico. Nas ladeiras, co incremento da pendente os solos fanse cada vez máis estreitos, experimentan procesos erosivos e, en consecuencia, presentan perfís pouco evolucionados, sendo os regosoles e leptosoles líticos os tipos máis característicos.

Nas vertentes da parroquia de Beluso, os solos dominantes sobre rochas de natureza granítica son os cambisoles dístrico-úmbricos. Ademais, no contorno do Cabo Udra, nos treitos acantilados e nos somentes nos que ben aflora o substrato rochoso ou ben os solos son pouco evolucionados e a miúdo de perfil esquelético con horizontes superficiais, os tipos de solo son umbrisoles dístricos e regosoles e leptosoles líticos. Nos complexos sedimentarios das praias de Tulla e Mourisca e Area de Bon, os tipos de solos son arenosoles álbicos e háplicos.

Na Enseada de Bueu, a franxa costeira está moi transformada debido ao emprazamento da principal área urbana do termo, polo que os solos máis estendidos son os antrosoles. As vertentes amosan a característica secuencia edáfica relacionada coa variación de pendente, de maneira que o treito inferior presenta os solos máis profundos do tipo cambisol dístrico-úmbrico, con enclaves de cambisol éutrico, e nas ladeiras desenvólvense umbrisoles dístricos, con regosoles e leptosoles líticos nas áreas de forte desnivel. A franxa costeira presenta ademais, no contorno das praias e nos complexos sedimentarios litorais, arenosoles álbicos.

A natureza acantilada da vertente exterior e dos promontorios norte e sur da illa de Ons, así como, en xeral, da illa de Onza impide a formación de solos evolucionados, polo que dominan os solos novos esqueléticos tipo regosol e, naqueles sectores con importantes afloramentos de rocha en superficie, do tipo leptosol lítico. Na vertente interior de Ons, o perfil é menos abrupto e escarpado polo que se forman solos máis evolucionados con perfís profundos de tipo cambisol dístrico, localizados principalmente no sector central da illa. A liña de costa tamén presenta ambientes sedimentarios, ao xeito de pequenas praias e mantos areosos, nos que se desenvolven arenosoles.

B.1.7. USOS DO SOLO

A Rexión urbana de Pontevedra-Vigo configura un espazo difuso, denso, desestruturado, extenso e complexo, cunha forte presenza de urbanización espontánea. Na Península do Morrazo, a ocupación humana concéntrase espacialmente no sector litoral, igual que no conxunto da rexión urbana, por mor das súas máis favorables condicións xeográficas e calidade ambiental. De feito, os principais asentamentos urbanos e a maior parte das actividades económicas localízanse xunto á costa, coas cidades de Marín, Cangas e Bueu como máximos expoñentes do sistema policéntrico tradicional. A área ocupada polas tramas urbanas e a urbanización difusa acada unha notable extensión, próxima ao 21% da superficie total da comarca, e a densidade de poboación achégase aos 600 habitantes por quilómetro cadrado.

Nas últimas décadas, o fenómeno da litoralización do crecemento urbano prodúcese nas Rías Baixas cunha alta intensidade. Así, en amplos tramos de costa o poboamento configúrase como un longo e case ininterrompido asentamento lineal xunto ao mar, dende o que se derivan numerosas proxeccións en regueiro cara os sectores, visualmente privilexiados, do interior. As transformacións recentes que sofren os usos do solo no Morrazo son, así mesmo, consecuencia do pulo das actividades turístico-residenciais (os espazos litorais experimentan unha crecente especialización funcional como centros residenciais e turísticos de veraneo). Con todo, no sur da ría de Pontevedra, vanse reducindo cara ao oeste a extensión do fenómeno urbano dende a capital provincial e as densidades de poboación.

A distribución espacial dos restantes usos do solo no Morrazo reflite, a grandes trazos, o mantemento da estrutura herdada do sistema tradicional. O uso cunha maior relevancia superficial na comarca é, en función dos fortes condicionamentos xeográficos da península, o forestal, que ocupa dous terzos da súa superficie total.

CADRO Nº 5. DISTRIBUCIÓN COMARCAL DE USOS (Ha)

SUPERFICIE TOTAL	CULTIVOS E PRADOS	SUPERFICIE FORESTAL	OUTRAS ZONAS
14.048	1.695	9.492	2.891

Fte.: CMR. IGE, 2010.

A superficie das terras cultivadas é en conxunto moi baixa, producíndose unha intensísima ocupación do espazo con densidades superiores aos 4.000 habitantes por Km² de superficie traballada. A forte contracción dos activos na agricultura experimentada nos últimos anos, ten incidencia nos eidos nos que proliferan os terreos inactivos ou pouco utilizados. Os usos agropecuarios tradicionais son tamén na comarca reflexo dos condicionantes físicos, podéndose relacionar, polo tanto, as maiores

densidades de poboación rural coa maior capacidade de aproveitamento do solo. Os cultivos anuais (millo e patacas fundamentalmente), e mailo viñado son os cultivos cunha maior extensión superficial, ocupando preto do 70% das terras cultivadas.

Neste contexto, nos usos do solo do termo municipal producíronse, nas últimas décadas, apreciables transformacións derivadas da consolidación turístico residencial da vila e da influencia de Cangas e Marín, cun significativo espallamento dos usos residenciais na área litoral. A emerxencia da área industrial, os novos equipamentos portuarios e a implantación do Corredor do Morrazo constitúen os cambios máis relevantes na década pasada.

Os usos forestal e agropecuario, cos matices introducidos pola expansión urbana e pola especialización turística, seguen o ser, sen embargo, os característicos do territorio municipal. A distribución das terras segundo os distintos aproveitamentos que aportan as fontes estatísticas (Anuario de Estadística Agraria de 2005 publicado pola Consellería de Medio Rural), indican que a superficie agraria utilizada (SAU) representa algo máis do 18% da superficie municipal total (valor lixeiramente superior á media comarcal), correspondendo á superficie forestal, aproximadamente, o 66%. Pola súa parte, as zonas artificializadas por áreas urbanas e industriais acadan unha notable superficie do termo municipal. A continuación, reflíctese a distribución de usos no termo municipal:

CADRO Nº 6. DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DE USOS (Ha)


SUPERFICIE TOTAL	SAU	SUPERFICIE FORESTAL	OUTRAS ZONAS
3.084	568	2.046	471

Fte.: Anuario de Estadística Agraria 2005. CMR



USOS DO SOLO NO CONTORNO DA VILA DE BUEU

Fte.: SIOSE. INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL. MINISTERIO DE FOMENTO



Usos e aproveitamentos primarios

As principais actividades primarias son a pesca e o marisqueo que, xunto coa súa tradicional industria asociada, son os constituíntes fundamentais da economía buenense e sosteñen unha elevada poboación ocupada no sector. A pesca predominante é a de baixura, na que destacan as capturas de polbo, parrochas, xurelo e sardiña. O marisqueo é outro uso que ten unha importancia fundamental no municipio. Este desenvólvese na Enseada de Bueu e na Ría de Aldán, con importantes polígonos de bateas nas que a especie explotada é principalmente o mexillón. Destacan, así mesmo, os bancos de ameixa rubia e vieira, e mailos percebes extraídos das rochas de Ons e do Cabo Udra. En consecuencia, os usos agropecuarios son complementarios das actividades relacionadas co mar, e manteñen o seu carácter doméstico.

As explotacións agrarias posúen un carácter mixto e conservan a diversificación de cultivos que as caracterizaron dende épocas pasadas, mais a intensidade espacial e, polo tanto, a presión sobre o medio polos usos produtivos, vaise progresivamente facendo máis acoutada por mor da perda de actividade no medio rural e da terciarización da economía municipal. Detéctase un significativo abandono das actividades agrarias nalgúns sectores do termo, nos que a agricultura e a gandería son residuais (sobre todo na área litoral), ou están en clara recesión (área periurbana). Malia todo, o fenómeno da agricultura a tempo parcial ten certa relevancia e, coa súa actividade, mantén o tecido paisaxístico tradicional das parroquias.

A estrutura agraria municipal presenta a situación de fragmentación e espallamento das unidades de produción común e característica do Morrazo. Destaca o mantemento do parcelado múltiple e do acusado minifundismo, xa que os procesos de reestruturación da propiedade agraria non tiveron incidencia no municipio. O 98% das parcelas son inferiores a 1 Ha e menos do 1% superan as 10 Ha, producíndose, polo tanto, unha notable intensificación e rendementos en pequenas superficies. A histórica dedicación agraria de policultivo asociado a un réxime autárquico (onde non faltaban patacas, legumes, hortalizas e vides), segue a ser a básica, si ben, nos últimos tempos os aproveitamentos evolucionaron cara ás producións especializadas. Este policultivo faise patente na paisaxe agraria coa permanencia do tradicional mosaico de cultivos e aproveitamentos na maioría das parroquias. Menos do 5% das terras agrícolas están dedicadas a prados e pasteiros e o seu aproveitamento diminúe constantemente pola conxunción de varios fenómenos: expansión residencial, terciarización da economía, e por estaren inseridas as actividades agropecuarias nun contexto no que prevalecen os usos urbanos litorais.

Un uso histórico singular nas Rías Baixas é o do cultivo da vide. No municipio caracterízase polo seu cultivo tradicional en emparrados vinculado á Comarca do Morrazo, destacando a mestura de variedades na mesma explotación, nas que ten especial significación a presenza tradicional a variedade “tinta femia”. A superficie dedicada ao viñedo na comarca era nos anos setenta superior ás mil hectáreas, correspondendo a Bueu pouco máis da cuarta parte da superficie comarcal destinada a este uso. O Anuario de Estatística Agraria de 2001 recolle que a superficie vitícola no Morrazo acada as 462 Ha, o que supón un notable retroceso que contrasta coa grande evolución e rendementos experimentada por este cultivo nos outros espazos provinciais con tradición vitivinícola. O cultivo do viñedo localízase fundamentalmente nos terreos solleiros nos que se dan as condicións climáticas, edáficas e culturais que singularizan a esta área de produción. Como feito singular no termo, hai que destacar a recente implantación dunha explotación vitícola intensiva no Monte do Roxo.

O subsector gandeiro foi perdendo peso nas últimas décadas, sendo significativa a súa baixa contribución ás producións das explotacións, e a súa progresiva redución foi superior incluso á producida nas principais áreas industriais galegas. O censo Agrario de 1989 reflectía xa este declive cunhas cifras inferiores ás 0,50 unidades gandeiras por hectárea de SAU. No ano 2010, a cabana bovina remanente caracterízase pola súa explotación familiar e de autoconsumo, cuns continxentes exiguos, contando con 55 reses, distribuídas en 65 explotacións (IGE-CMR). O resto da cabana é, así mesmo, de carácter familiar e relaciónase coa agricultura complementaria.

CADRO Nº 7. CARACTERÍSTICAS DA CABANA BOVINA

Número de explotacións	Número de bovinos	Número de vacas	Número de vacas de muxidura	Número de vacas de non muxidura	Outros bovinos
65	55	5	0	0	50

Fte: IGE-CMR

Os usos do solo responden ás características xeomorfolóxicas do territorio comarcal, ocupando as zonas forestais os terreos de maior pendente que, por mor das dificultades para o laboreo e mecanización, non acolleron tradicionalmente cultivos agrícolas. No Morrazo boa parte dos montes corresponden a montes veciñais consorciados nos que se fixeron repoboacións con piñeiros (*Pinus pinaster* e *Pinus radiata*). No termo municipal a vocación forestal tamén é notable, ocupando o 66% da superficie total, das que máis de dous terzos é monte arborado. O uso forestal caracterízase pola frondosidade e rendementos das masas arboradas e, fóra das áreas litorais, pola baixa superficie ocupada por matogueiras. A súa localización está condicionada pola inferior aptitude agraria dos solos e pola pendente, e garda estreita relación coas necesidades tradicionais das explotacións, nas que as parroquias dedicaban en porcentaxe ao "monte" a maior superficie. Malia o potencial de produción que ten a masa forestal, o

seu aproveitamento está lonxe de ser o óptimo, carecendo na maior parte de xestión (os montes en xeral non dispoñen de plans de ordenación) e, xa que logo, de utilidade económica para os seus propietarios.

Na actualidade trátase, nunha porcentaxe elevadísima, de bosques madeirables nos que os eucaliptais, en constante expansión a partir das masas regulares de repoboación, dominan o espazo forestal formando extensos monocultivos de eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) e, en menor medida, piñeirais (*Pinus pinaster*), e masas de mimosas mouras (*Acacia melanoxylon*).

A superficie total incluída en montes veciñais ascende, segundo a información dispoñible na Consellería do Medio Rural, a 221,3 Ha, o que supón o 7,2% da superficie municipal. Ademais, de acordo cos datos aportados polos técnicos municipais, existen montes veciñais na parroquia de Beluso que, entre outros, inclúen o monte do Cabo Udra. Na seguinte relación, recóllense os 3 montes veciñais en man común (MVMC) clasificados, ordenados por parroquias.

CADRO Nº 8. MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN


Nome	Parroquia	Lugar	Comunidade	Data
Montes de Cela	Cela		Cela	10/11/1993
Chan de Paralaia, Esculca, Pereira e Monte da Serra.	Ermelo	Ermelo	Ermelo	04/04/2001
A Portela	San Martiño	Portela, Valado, Ramorta e Carrasqueira	San Martiño de Bueu	28/04/2004

Fte: Consellería do Medio Rural (CMR)

Usos urbanos e industriais

No termo municipal de Bueu, identifícanse a Vila de Bueu, núcleo histórico e cabeceira municipal, e o Parque Empresarial de Castiñeiras, como principais realidades urbanas. Os usos urbano residenciais están concentrados no contorno da Vila de Bueu que configura un centro comercial e de servizos públicos e privados máis importante do concello e, en moita menor medida, a carón das estradas principais do termo, eixes tradicionais de crecemento urbano onde se conformaron longas travesías. Así, xurdiron os agregados urbanos secundarios de Sabarigo, Agrelo-O Souto, no contorno da estrada PO-551, e de Beluso (cos núcleos da Praia de Beluso, O Cabalo, A Costa de Figueirón, A Rúa Nova, Chan de Piñeiro e A Achadiza), estruturado pola estrada da PO-315, nos que predomina a vivenda unifamiliar. A morfoloxía das tramas urbanas presenta, polo tanto, dúas realidades, máis compacta e densa na vila de Bueu, e de menor densidade e compactidade nos agregados urbanos secundarios.

Fóra dos espazos urbanos da Vila de Bueu e de Beluso, no litoral do termo tradicionalmente libre de edificación, xurdiron nas últimas décadas procesos espontáneos de colonización por edificación urbana de carácter turístico residencial desligados das tramas preexistentes, que tiveron unha maior incidencia a carón das praias de Area de Bon e Mourisca, en Beluso, e de Agrelo - Portomaio e Lapamán, en Cela. Esta diseminación residencial, na que predomina a vivenda unifamiliar exenta en parcela apoiada directamente na infraestrutura viaria, vai provocando, xunto coa extensión lineal dos agregados de núcleos urbanos e rurais e o emprazamento de espazos industriais e de servizos terciarios descontínuos, unha ocupación difusa do territorio litoral. Con todo, sen acadar a extrema gravidade dos concellos limítrofes.



OCUPACIÓN DIFUSA NO LITORAL DA PARROQUIA DE BELUSO

No resto do territorio municipal, predomina a concentración da poboación nos asentamentos rurais tradicionais que presentan algúns usos urbanos (servizos, hostalería e vivendas de tipo urbano), o que provoca unha certa distorsión do seu carácter e a conformación dun espazo xeográfico rururbano.

Boa parte das actividades industriais do municipio emprázanse no Polígono Industrial de Castiñeiras, localizado na parroquia de San Martiño de Bueu, área industrial moi ben comunicada coas infraestruturas viarias principais e próxima á capital do municipio.

O parque empresarial, activo dende 1997, foi desenvolvido en dúas fases, a primeira xestionada e promovida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e a segunda por Xestur Pontevedra. En total suma 129.954 metros cadrados dos que 74.611 metros cadrados son de uso industrial e empresarial. A superficie útil divídese en 31 parcelas. Actualmente hai 21 empresas instaladas, sobre todo son empresas que pertencen ao sector naval, do transporte e da construción.



POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS

Ademais, existen dispersas polo termo actividades industriais de pequena entidade, con varias naves illadas emprazadas, ben nos contornos dos núcleos ou ben en zonas forestais e, polo tanto, sen urbanización de soporte, e caracterizadas pola súa deficiente implantación e por ter claros déficits no seu nivel de urbanización e integración territorial.

Por outra parte, Bueu conta con dous portos integrados dentro da rede de Portos de Galicia de titularidade autonómica, o Porto da Vila de Bueu e o Porto deportivo de Beluso.

O Porto de Bueu, que é de carácter eminentemente pesqueiro, emprázase na fronte da vila e presenta catro concesións de ocupación do dominio público marítimo terrestre, segundo datos do Plan Indicativo de Usos do Dominio Público Litoral, o peirao de rampla, os aproveitamentos de terreos da ZMT, os estaleiros para embarcacións menores, e a fábrica de salgado de pescado na praia de Banda do Río. O porto deportivo de Beluso emprázase tamén na enseada de Bueu. As súas instalacións, situadas na entrada sur da Ría de Pontevedra entre a punta de Trimiño e o porto de Bueu, á beira praia de Beluso (pertencente á parroquia de Santa María de Beluso), contan con tres pantaláns e 62 amarres.

B.1.8. PATRIMONIO NATURAL E BIODIVERSIDADE

No marco da Ría de Pontevedra e da Península do Morrazo, o termo municipal caracterízase por presentar un territorio costeiro complexo que propicia unha grande variedade ecolóxica, cun litoral no que se combinan fronte acantiladas expostas e complexos sedimentarios dunha grande naturalidade.

Os termotipos ou pisos bioclimáticos identificados por Rodríguez Guitián e Ramil Rego (2007) na Península do Morrazo, integrados no macroclima temperado, son o termotemperado e o mesotemperado. O piso bioclimático termotemperado presenta unha distribución xeográfica coincidente co sector costeiro e, polo tanto, é o predominante. No piso mesotemperado, distínguense o inferior, situado inmediatamente por enriba do termotemperado, abranguendo a espiña interfluvial ata arredor dos 550-600 m, e o superior, dominando nos contornos de Domaio situados por riba desta altitude. No que respecta aos ombrotipos, o sector litoral da península está encadrado no ombrotipo húmido inferior, agás no bordo occidental, Ría de Aldán e Costa da Vela, comprendido no Subhúmido superior, correspondendo á espiña interfluvial e aos planaltos, conforme se ascende, os ombrotipos húmido superior, hiperhúmido inferior e hiperhúmido superior.

Conforme á clasificación bioxeográfica proposta, no ano 2008, por Rodríguez Guitián e Ramil Rego, a Península do Morrazo encádrase no Subsector da Rías Baixas do Sector Galaico-Portugués, pertencente á Subprovincia Cántabro-Atlántica, Provincia Atlántica Europea, Subrexión Atlántica-Europea da Rexión Eurosiberiana.

A cabeza de serie da vexetación climatófila desta zona pertence á serie acidófila colina galaico-portuguesa do carballo (*Quercus robur*), denominada *Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum*. Na súa etapa madura ou clímax correspóndese, cun bosque denso de carballos (*Quercus robur*) que pode levar unha certa cantidade de cerquiños (*Quercus pyrenaica*) castiñeiros (*Castanea sativa*), e sobreiras (*Quercus suber*), e na que son frecuentes os arbustos laurifolios, acivros (*Ilex aquifolium*), loureiros (*Laurus nobilis*). No sotobosque da carballeira, ademais dun bo número de herbas nemorosas esciófilas existe un sotobosque arbustivo máis ou menos denso no que se poden achar elementos mediterráneos coexistindo con outros vexetais caducifolios eurosiberianos ou de área máis ampla. No ámbito termocolino, marcado por temperaturas medias máis altas e precipitacións máis escasas, engádense plantas mediterráneas (*Quercus suber*, *Rubia peregrina*, *Arbutus unedo*, etc.). Nas etapas de substitución aparecen os piornais de toxo (*Ulici europaei-Cytisetum striati*) e os toxais-queirogais da asociación *Ulici europaei-Ericetum cinereae*.

As ripisilvas características do territorio son as pertencentes á asociación *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae*, frecuente no oeste e sur de Galicia; ameneiral ribeirego claramente termófilo e de influencia mediterránea, evidenciada pola presenza da freixa (*Fraxinus angustifolia*) e do bidueiro (*Betula celtiberica*), aparecendo tamén o carballo (*Quercus robur*).

Na comarca do Morrazo, igual que en todo o litoral das Rías Baixas, a vexetación natural aparece intensamente intervida pola secular acción antrópica. No seguinte cadro, reflíctese o aproveitamento e os usos do solo no termo municipal, onde se observa que as ocupacións do solo predominantes son os cultivos forestais de eucaliptos e piñeiros, seguido do mosaico de cultivos e das superficies cubertas de mato. Os cultivos forestais constitúen con moita diferenza, o uso cunha maior extensión, acadando o 44% da superficie total do municipio. No espazo insular do termo, Illas de Ons e Onza, son predominantes os matos, contribuíndo a que a súa superficie sexa significativa no termo. A superficie artificial é tamén relevante, superando o 14% da superficie total do termo.

CADRO Nº 9. USOS DO SOLO NO TM DE BUEU

USO E APROVEITAMENTO	SUPERFICIE (HA)
Auga (masas de auga, balsas, etc.)	12,43
Coníferas	21,42
Coníferas asociadas con outras frondosas	43,67
Coníferas asociadas con Eucalipto	1.217,81
Eucalipto	51,81
Horta ou cultivos forzados	0,71
Improdutivo	441,79
Labor en secaño	713,00
Mato	421,28
Mato asociado con coníferas e frondosas	9,67
Outras frondosas	79,08
Pasteiro-Mato	9,39
Prados naturais	3,74
Viñedo en secaño	6,07
SUPERFICIE TOTAL	3.031,89

Fte.: SIGA. MARM

Extensas áreas forestais desenvólvense nos montes contribuíndo a que a superficie dedicada a este uso chegue a supoñer máis da metade da superficie municipal e que o seu perfil arborado sexa, no territorio continental, continuo (tan só interrompido na zona leste, no Monte da Telleira). Nos espazos arborados predominan os eucaliptais (*Eucalyptus globulus*), cun substrato formado por toxais-queirogais e numerosos rodais de carballo (*Quercus robur*).

A superficie ocupada por bosques de frondosas, constituídos, sobre todo, por carballeiras e soutos de castiñeiros, é pequena. Masas arboradas autóctonas que presentan un grao de conservación desigual aínda que, en xeral, a súa naturalidade é baixa, mais teñen un grande interese, acubillando especies protexidas e ameazadas. As mellores representacións ocupan aveseos e espazos perifluviais, entre outros, nos montes de Ermelo, nos barrancos dos sistemas fluviais dos regos Nocelo, do Bispo, do Inferno e da Pena, nos altos de Cela e nas valgadas de Bon. Así mesmo, os bosques de recolonización teñen unha crecente presenza nas veigas dos diferentes regos, nas súas cuncas de sedimentación e no interior dos espazos cultivados. Os bosques caducifolios do municipio acollen importantes e orixinais comunidades de mamíferos e son fundamentais para a salvagarda da biodiversidade que é en conxunto elevada, pola súa proximidade aos extraordinarios ecosistemas litorais.

Nos espazos insulares e nas áreas expostas do Cabo Udra e da Ría de Aldán, existen solos pouco desenvolvidos cubertos de matogueira costeira termófila, en formacións vexetais permanentes por mor dos fortes condicionamentos mesolóxicos, dominadas polo toxo endémico (*Ulex europaeus subsp. latebracteatus*). En Ons e no Cabo Udra tamén aparecen de xeito puntual uceiras húmidas ou higrófilas, que crecen en solos máis húmidos e profundos, caracterizados por *Erica ciliaris* e o cardo *Cirsium filipendulum*, acompañados polo toxo. Así mesmo, no litoral do termo, as praias, dunas e acantilados costeiros manteñen as súas interesantes e diversas comunidades vexetais, presentando fóra das áreas urbanas e de uso turístico-recreativo máis intensivo, un bo estado de conservación. Nestes espazos atópanse especies de alto valor biolóxico, ecolóxico e científico, ben por seren endémicas do litoral galaico-portugués ou ben por seren consideradas raras ou ameazadas. O territorio de Bueu presenta, por mor da extensión e diversidade dos seus espazos litorais, un patrimonio natural e unha biodiversidade moi elevada e cun grande interese para a conservación.

En definitiva, o termo municipal acolle ecosistemas e hábitats naturais de contrastada fragilidade, singularidade ou rareza, e un notable número de especies de flora e fauna, raras e de distribución reducida en Galicia, incluídas nas categorías de protección e ameaza establecidas pola lexislación.

Hábitats naturais de interese comunitario

A Directiva 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre (modificada pola Directiva 97/62/CEE), prevé a creación dunha rede ecolóxica europea coherente de Zonas Especiais de Conservación (ZECs) denominada Rede Natura 2000. Dita Rede, que integra lugares que acollen os tipos de hábitats e taxons considerados pola citada Directiva, ten por obxecto garantir o mantemento nun estado

de conservación favorable ou o restablecemento dos tipos de hábitats naturais e das especies de fauna e flora silvestres de interese comunitario.

O artigo 1 da Directiva 92/43/CEE establece as seguintes definicións:

Para os efectos da presente Directiva, entenderase por:

- a) "conservación": un conxunto de medidas necesarias para manter ou restablecer os hábitats naturais e as poboacións de especies de fauna e de flora silvestres nun estado favorable conforme ás letras e) e i);
- b) "hábitats naturais": zonas terrestres ou acuáticas diferenciadas polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais;
- c) "tipos de hábitats naturais de interese comunitario": os que, no territorio a que se refire o artigo 2:
 - i) se atopan ameazados de desaparición na súa área de distribución natural; ou ben
 - ii) presentan unha área de distribución natural reducida a causa da súa regresión ou debido á súa área intrinsecamente restrinxida; ou ben
 - iii) constitúen exemplos representativos de características típicas dunha ou de varias das cinco rexións bioxeográficas seguintes: alpina, atlántica, continental, macaronesia e mediterránea.

Estes tipos de hábitats figuran ou poderán figurar no Anexo I;

- d) "tipos de hábitats naturais prioritarios": tipos de hábitats naturais ameazados de desaparición presentes no territorio considerado no artigo 2, cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade, habida conta da importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída no territorio considerado no artigo 2. Estes tipos de hábitats naturais prioritarios sinálanse cun asterisco (*) no Anexo I;
- e) "estado de conservación dun hábitat": o conxunto das influencias que actúan sobre o hábitat natural de que se trate e sobre as especies típicas asentadas neste e que poden afectar a longo prazo á súa distribución natural, a súa estrutura e funcións, así como á supervivencia das súas especies típicas no territorio a que se refire o artigo 2. O "estado de conservación" dun hábitat natural considerarase "favorable" cando:
 - a súa área de distribución natural e as superficies comprendidas dentro da devandita área sexan estables ou se amplíen, e a estrutura e as funcións específicas necesarias para o seu mantemento a longo prazo existan e poidan seguir existindo nun futuro previsible, e o estado de conservación das súas especies típicas sexa favorable conforme á letra i).

Durante os anos 1994-1995 o Ministerio de Medio Ambiente levou a cabo o Inventario Nacional de Hábitats (INH) a escala 1/50.000, o que permitiu dispor dunha visión global da distribución territorial dos hábitats de interese e da súa naturalidade. O INH foi actualizado no marco do proxecto “Atlas y Manual de los hábitats de España”, e publicado polo MARM no ano 2005.

Identificación dos hábitats de interese comunitario

De acordo coa información dispoñible no Sistema de Información Territorial e de Biodiversidade de Galicia (SITEB) e coa recollida no Inventario Nacional de Hábitats, 2005, no termo municipal estarían representados os seguintes hábitats naturais de interese comunitario incluídos no Anexo I da DC 92/43/CEE e recollidos na Lei 42/2007:

CADRO Nº 10. HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO

CÓDIGO UE	PRIORITARIO	DESCRIPCION
1110	NON	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña
1130	NON	Esteiros
1140	NON	Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar
1160	NON	Grandes calas e baías pouco fondas
1170	NON	Arrecifes
1210	NON	Vexetación anual sobre argazos
1220	NON	Vexetación perenne de coídos
1230	NON	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
2110	NON	Dunas móbiles embrionarias
2120	NON	Dunas móbiles litorais con <i>Ammophila arenaria</i> ("dunas brancas")
2130*	SI	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")
2150*	SI	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (<i>Calluno-Ulicetea</i>)
2190	NON	Depresións intradunais húmidas
2230	NON	Dunas con céspedes de <i>Malcomietalia</i>
2260	NON	Dunas con vexetación esclerófila do <i>Cisto-Lavanduletalia</i>
3260	NON	Ríos de pisos de chaira a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4030	NON	Uceiras secas europeas
4040*	SI	Uceiras secas atlánticas costeiras de <i>Erica vagans</i>
4090	NON	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo
6220*	SI	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	NON	Prados con <i>Molinia</i>
6430	NON	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	NON	Prados de sega de baixa altitude
8220	NON	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	NON	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	NON	Covas non explotado polo turismo
8330	NON	Furnas mariñas
91E0*	SI	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	NON	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	NON	Bosques de <i>Castanea sativa</i>

Fte.: Inventario Nacional de Hábitats, 2005. MARM. Sistema de Información Territorial e de Biodiversidade de Galicia (SITEB)

É preciso significar a presenza no territorio de catro hábitats de interese comunitario prioritario, cos hábitats 2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises"), 2150* Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*) e 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*, vinculados aos medios costeiros e litorais. Ademais, ten representación o hábitat 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, asociado ao rego do Bispo e ás regueiras de Beluso. Cómpre destacar, así mesmo, a grande diversidade de hábitats mariños e costeiros presentes no territorio buenense.

Malia que o INH sinala tamén a existencia do hábitat 4040* Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*, este é un hábitat exclusivo da área costeira cantábrica occidental e da Costa Ártabra (Ribadeo-Pantín). Así mesmo, o hábitat 4090 Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo, identificadas no termo municipal no INH, está ausente no territorio, pois é un hábitat restrinxido a áreas montañosas que soamente está presente en Galicia nalgúns espazos da provincia de Ourense. Pola súa banda, o hábitat 1130 non atopa condicións axeitadas no litoral do municipio².

En función da súa representación e extensión, destacan no municipio as uceiras e matogueiras de zona temperada, co tipo de hábitat Uceiras secas europeas (4030), que constitúe o hábitat máis característico dos territorios insulares do termo e aparece de xeito regular nas cimas e ombreiros dos cabos costeiros expostos, así como de xeito puntual nos cumes do interior. Nos afloramentos rochosos as uceiras secas europeas levan asociado o hábitat 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*. As Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* (9230) están tamén presentes no termo asociadas á rede fluvial e aos espazos agrarios marxinais.

Nos planos de Información do Plan, inclúese información cartográfica dos hábitats recollidos no INH, a escala 1:25.000. Para facilitar a identificación dos hábitats prioritarios presentes, naqueles polígonos onde aparecen asociados ou en contacto con outros hábitats cunha maior cobertura superficial, engádese o seu emprazamento rotulando o código identificador sobre o hábitat dominante.

² - Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A. et al, IBADER, (2008). Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia.
- Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia, 2011.

Flora e fauna

A diversidade de ecosistemas do litoral das Rías Baixas determina que acollan os maiores valores de biodiversidade de Galicia. Rochedos de medios moi expostos e moderadamente expostos, cantís, cons e illotes, areais, dunas, coídos, bateas, etc., amosan a diversidade de biótotos do litoral de Bueu, sustentando cada un deles a súa zonificación específica de comunidades especializadas. Ademais, os bosques costeiros teñen alta importancia ecolóxica xa que son básicos para moitas especies de vertebrados.

A Ría de Pontevedra, a Península do Morrazo e as Illas Atlánticas acollen unha grande diversidade de especies de flora e de fauna, con máis de 250 especies de vertebrados inventariados. Neste contexto, o territorio de Bueu presenta un patrimonio natural e unha biodiversidade elevados e cun grande interese para a conservación.

Flora

No litoral das Rías Baixas hai un elevado grao de endemidade, aparecendo moitas plantas exclusivas o case exclusivas de hábitats costeiros, como os acantilados mariños, os areais e as marismas, con taxons que manteñen representacións únicas ou moi destacadas no ámbito ibérico noroccidental. Entre os endemismos ibero-atlánticos e galaicos destacan *Ulex europaeus subsp. latebracteatus*, *Angelica pachycarpa*, *Armeria pubigera subsp. pubigera*, *Calendula suffruticosa subsp. algarbiensis*, *Leucanthemum merinoi* e *Silene uniflora*, que presentan algunhas das formacións máis extensas e mellor conservadas da súa área de distribución mundial. Rexístrase ademais o endemismo da costa atlántica de Galicia, *Cytisus insularis*, exclusivo das illas Ons e Vionta, e en perigo de extinción. Tamén está presente no territorio o endemismo do noroeste ibérico ameazado *Narcissus cyclamineus*.

Conforme á revisión bibliográfica e ás fontes consultadas, en particular a información dispoñible no Sistema de Información Territorial e de Biodiversidade de Galicia (SITEB), certifícase a presenza no termo de diversas especies vexetais protexidas pola lexislación e incluídas nos Anexos da Directiva de Hábitats. Efectivamente, atópanse *Rumex rupestris* (Anexo II), os amarells *Narcissus cyclamineus* (Anexo II), *Narcissus triandrus* (Anexo IV) e *Narcissus bulbocodium* (Anexo V), a orquídea *Spiranthes aestivalis* (Anexo IV), así como *Ruscus aculeatus*, *Cladonia subgenus*, *Lithothamnium corallioides* e *Phymatholithon calcareum* (Anexo V).

O acivro (*Ilex aquifolium*), especie protexida na comunidade autónoma mediante a Orde do 10 de decembro de 1984, de protección do acivro (DOG, nº 240 de 15/12/1984), está presente, así mesmo, no territorio.

Entre os taxons máis ameazados e de distribución máis localizada, inventariados no “Libro Rojo de la flora amenazada española” e en perigo de extinción en Galicia, atópanse *Cytisus insularis*, *Rumex rupestris*, e *Linaria arenaria*. Ademais, están tamén presentes no territorio outras especies ameazadas en Galicia e protexidas pola Directiva Hábitats como as referidas *Narcissus cyclamineus* e *Spiranthes aestivalis*, e as algas calcáreas *Lithothamnium corallioides* e *Phymatholithon calcareum*.

Fauna

O territorio presenta unha diversidade de fauna elevada, proporcionando refuxio a especies animais de gran valor natural. Os montes do Morrazo teñen grande relevancia faunística segundo se recolle no “Atlas de Vertebrados de Galicia”, sendo unha das áreas de maior diversidade de vertebrados no contexto das penínsulas costeiras pontevedresas, entre os que salientan a concentración de aves aniñantes de diferentes especies e a herpetofauna. No litoral existen, así mesmo, unha serie de hábitats específicos que acollen alta diversidade de vertebrados, algúns pouco habituais en Galicia, fundamentalmente aves, réptiles e anfibios. Ademais da propia dos espazos humanizados, a fauna existente no territorio está constituída por unha serie de especies de alta singularidade e importancia ecolóxica.

O litoral conforma unha das zonas con maior diversidade herpetolóxica de Galicia. Ademais, as illas de Ons e Onza acollen poboacións de interese, polo que foron incluídas no inventario de áreas importantes para a herpetofauna española (Dirección General de Conservación de la Naturaleza, 2004).

No que respecta á avifauna, o “Atlas de Vertebrados de Galicia”, no seu Tomo II (Aves), SGHN 1995, que inventaría as especies de aves aniñantes en Galicia (nas súas tres categorías de aniñante posible, probable e segura), informa da importancia e diversidade da Ría de Pontevedra e do Morrazo, incluíndoos dentro das Areas de Interese Ornítica en Galicia, na categoría B (cun número entre as 66 e 79 especies de aves aniñantes). A comunidade de aves acuáticas e limícolas con presenza regular é especialmente significativa, e son así mesmo relevantes as poboacións de aves con requirimento de hábitats abertos con ermos de mato e rochedo, e as paseriformes vinculadas ás fragas autóctonas. O territorio comarcal acolle un elevado número de especies de especial interese para a conservación.

As aves migratorias constitúen un continxente faunístico de especial relevancia na comarca, xa que os hábitats naturais e seminaturais existentes constitúen, pola súa estratéxica situación xeográfica, estacións de parada e elos fundamentais nas migracións das aves durante os seus desprazamentos estacionais. As aves mariñas, que constitúen o grupo de aves máis ameazado a nivel mundial, atopan nas Rías Baixas zonas moi produtivas nas que se concentran numerosas aves para alimentarse. De feito, constitúen unha zona de alimentación moi importante para a pardela balear durante o período post-reprodutor, así como para as poboacións locais de corvo mariño cristado, polo que foron propostas por SEO/BirdLife como IBA Mariña. O arquipélago de Ons foi tamén incluído no inventario de Áreas Importantes para as Aves en España (IBA 002 Islas Ons; SEO/BirdLife, 1998) e declarada Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

Entre as especies de macroinvertebrados de interese, protexidas por convenios internacionais e listadas no anexo II da Directiva Hábitats e disposicións legais de protección e de ameaza, citadas no territorio, atópanse o lepidóptero *Euphydryas aurinia*, o odonato *Coenagrion mercuriale* e o coleóptero *Lucanus cervus*. Outras especies protexidas pola lexislación do estado tamén presentes son a caracola *Charonia lampas subsp. Lampas*, o cornetín *Nucella lapillus* e a lapa *Patella ulyssiponensis*. Ademais, o ourizo *Echinus esculentus* e a gorgonia branca *Eunicella verrucosa*, invertebrados mariños presentes en Ons, son especies ameazadas en Galicia.

Nos peixes pódense atopar as especies listadas no anexo II da Directiva Hábitats *Alosa alosa*, *Alosa fallax*, *Petromyzon marinus* e *Salmo salar*.

En canto á herpetofauna, no territorio de estudo están representadas a maioría das especies de anfibios e réptiles inventariadas na comarca, entre as que se inclúen varios endemismos do noroeste ibérico. Nos réptiles endémicos, destaca a presenza de *Lacerta schreiberi* (lagarto das silveiras) e *Podarcis bocagei* (lagarta galega). É preciso significar, así mesmo, a presenza de especies de réptiles de distribución tipicamente mediterránea, termófilas dependentes das áreas con alta insolación e temperatura (escasas en Galicia e de distribución reducida) como *Chalcides bedriagai* (esgonzo ibérico) e *Psammodromus algirus* (lagartixa rabuda), así como as poboacións insulares de *Natrix natrix*, *Natrix maura*, *Rhinechis scalaris* e *Timon lepidus*. Por outra parte, nas augas exteriores da ría aparece a tartaruga de coiro (*Dermodochelys coriacea*). A comunidade de anfibios vinculada aos numerosos regueiros, canles, mananciais, veigas, ríos e humidais existentes na comarca, tamén protexida e/ou ameazada en Galicia é, así mesmo, moi ampla. Entre estes, hai que destacar á píntega rabilonga, *Chioglossa lusitanica*, endemismo noroccidental ibérico, e ás poboacións insulares do sapiño pinto

(*Discoglossus galganoi*), da píntega común (*Salamandra salamandra*), e do pintafontes común (*Lissotriton boscai*).

O grupo de especies protexidas máis numeroso é o das aves con máis de 130 taxons incluídos nalgunha categoría de protección. Pódense contabilizar un total de 39 especies do Anexo I da DC 79/409/CEE. O territorio comarcal acolle un elevado número de especies de aves de especial interese para a conservación, conformando o Arquipélago de Ons e a Ría de Pontevedra áreas prioritarias para a conservación de especies de aves ameazadas. O seu emprazamento favorece un hábitat de rica e variada ornitofauna, con colonias de aves mariñas entre as que destacan o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) e a gaivota chorona americana (*Larus cachinnans*). Tamén é significativa a presenza do arao dos cons (*Uria aalge*), unha das aves máis raras e ameazadas de España, localizándose, así mesmo, unha interesante poboación insular de choia biquivermella (*Pyrhocorax pyrrhocorax*), especie en notable regresión. Ademais o ámbito ten unha especial relevancia para a de cría e parada migratoria de aves. Outras especies de interese no territorio son a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e o miñado real (*Milvus milvus*).

Nos mamíferos incluídos nos anexos da D92/43/CEE, destaca especialmente a diversidade de morcegos entre os que se atopan varios morcegos forestais pouco frecuentes como *Nyctalus leisleri*, *Barbastella barbastellus* e *Myotis bechsteinii*, presentes nas carballeiras maduras do Morrazo, así como o morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*), o morcego de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*), o morcego de orellas fendidas (*Myotis emarginata*), e o morcego rateiro grande (*Myotis myotis*). Así mesmo están presentes o furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*), e a londra (*Lutra lutra*).

Ademais, está presente no territorio o lobo ibérico (*Canis lupus signatus*) incluído no Anexo V da Directiva 92/43 CEE e no “Libro Rojo de los Mamíferos Terrestres de España” coa categoría de «casi amenazada», e que conta, segundo Decreto 297/2008, cun Plan de Xestión en Galicia.

Nas augas atlánticas das illas Ons e Onza destaca a presenza do golfinho común (*Delphinus delphis*), e outros mamíferos vulnerables coma o arroaz (*Tursiops truncatus*), e a marsopa ou toniña (*Phocoena phocoena*).

No seguinte cadro, recóllense as especies de flora e fauna de especial interese para a conservación (endémicas, ameazadas e protexidas pola lexislación) presentes no territorio, segundo a información dispoñible no SITEB, con indicación do seu carácter endémico e o seu estatus de conservación a nivel autonómico, nacional e europeo.

Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas; Decreto 167/2011, do 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza o dito catálogo:

- Especies en perigo de extinción (E): especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando.
- Vulnerables (V): especies que corren perigo de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre elas non son corrixidos.

Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas:

- Especies en perigo de extinción (E): especie, subespecie ou poboación dunha especie cuxa supervivencia é pouco probable si os factores causais da súa actual situación seguen actuando.
- Vulnerables (V): especie, subespecie ou poboación dunha especie que corre o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato si os factores adversos que actúan sobre ela non son corrixidos.
- Especie silvestre en réxime de protección especial (PE): especie merecedora dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico e cultural, singularidade, rareza, ou grado de ameaza, argumentado e xustificado cientificamente; así como aquela que figure como protexida nos anexos das directivas e os convenios internacionais ratificados por España, e que por cumprir estas condicións sexan incorporadas ao Listado.

Directiva Aves 2009/147/CE, de 30 de novembro, relativa á conservación das aves silvestres:

- Anexo I: Especies obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución.
- Anexo II: Especies que poderán ser obxecto de caza.
- Anexo III: Especies que poderán ser obxecto de venda.

Directiva Hábitats 92/43/CEE, de 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres:

- Anexo II: Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación.
- Anexo IV: Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estrita.
- Anexo V: Especies animais e vexetais de interese comunitario cuxa recollida na natureza e cuxa explotación pode ser obxecto de medidas de xestión.

CHAVE

Non Catalogada	Protección Especial	Vulnerable	En perigo de extinción
NC	PE	V	E

CADRO Nº 11. ESPECIES DE ESPECIAL INTERESE PARA A CONSERVACIÓN

ESPECIE	CGEA	LESRPE E CEEA	DIRECTIVA 92/43/CEE
FLORA			
<i>Cladonia L. subgenus Cladina</i>	NC	NC	ANEXO V
<i>Narcissus cyclamineus</i> ▲	V	PE	ANEXO II, IV
<i>Narcissus bulbocodium</i>	NC	NC	ANEXO V
<i>Narcissus triandrus</i>	NC	PE	ANEXO IV
Spiranthes aestivalis	V	PE	ANEXO IV
<i>Ruscus aculeatus</i>	NC	NC	ANEXO V
<i>Rumex rupestris</i>	E	PE	ANEXO II, IV
<i>Cytisus insularis</i>	E	NC	-
<i>Linaria arenaria</i>	E	NC	-
<i>Lithothamnium corallioides</i>	V (A III)	NC	ANEXO V
<i>Phymatholithon calcareum</i>	V (A III)	NC	ANEXO V
INVERTEBRADOS			
<i>Echinus esculentus</i>	V	NC	-
<i>Eunicella verrucosa</i>	V	NC	-
<i>Charonia lampas</i> subsp. <i>lampas</i>	V	V	-
<i>Nucella lapillus</i>	NC	PE	-
<i>Patella ulyssiponensis</i>	NC	PE	-
<i>Lucanus cervus</i> ▲	NC	PE	ANEXO II
<i>Euphydryas aurinia</i>	NC	PE	ANEXO II
Coenagrion mercuriale	NC	PE	ANEXO II
PEIXES			
<i>Alosa alosa</i>	V	NC	ANEXO II, IV
<i>Alosa fallax</i>	NC	NC	ANEXO II, IV
<i>Petromyzon marinus</i>	V[3]	NC	ANEXO II
<i>Salmo salar</i>	NC	NC	ANEXO II, IV
ANFIBIOS			
<i>Chioglossa lusitanica</i> ▲	V	V	ANEXO II, IV
<i>Pelobates cultripes</i>	V	NC	ANEXO II, IV
<i>Salamandra salamandra</i>	V[2]		
<i>Lissotriton boscai</i> ▲	V[2]	PE	-
<i>Alytes obstetricans</i>	NC	PE	ANEXO II, IV
<i>Discoglossus galganoi</i>	V[2]	PE	ANEXO II, IV
<i>Bufo calamita</i>	NC	PE	ANEXO II, IV
<i>Hyla arborea</i>	V	PE	ANEXO IV
<i>Rana iberica</i> ▲	V	PE	ANEXO II, IV
<i>Triturus marmoratus</i>	NC	PE	ANEXO II, IV
RÉPTILES			
Dermochelys coriacea	E	PE	ANEXO IV
<i>Anguis fragilis</i>	NC	PE	-
<i>Chalcides bedriagai</i>	E[2]	PE	ANEXO IV
<i>Chalcides striatus</i>	NC	PE	
<i>Timon lepidus</i>	V[2]	PE	-
<i>Lacerta schreiberi</i> ▲	NC	PE	ANEXO II, IV
<i>Coronella girondica</i>	NC	PE	-
<i>Natrix natrix</i>	V[2]	PE	-
<i>Natrix maura</i>	V[2]	PE	-
<i>Podarcis bocagei</i> ▲	NC	NC	-
<i>Podarcis hispanica</i>	NC	PE	-
<i>Psammodromus algirus</i>	NC	PE	-
<i>Rhinechis scalaris</i>	V[2]	PE	-

▲ Endemismo

(A III) Taxons e poboacións catalogadas susceptibles de aproveitamento discreto

[2] Poboacións insulares

[3] Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro

CADRO Nº 11 (CONTINUACIÓN). ESPECIES DE ESPECIAL INTERESE PARA A CONSERVACIÓN

ESPECIE	CGEA	LESRPE E CEEA	DIRECTIVA 92/43/CEE
MAMÍFEROS			
<i>Galemys pyrenaicus</i> ▲	V	V	ANEXO IV
<i>Talpa occidentalis</i> ▲	NC	NC	-
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V	PE	ANEXO II,IV
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V	V	ANEXO II,IV
<i>Rhinolophus euryale</i>	V	V	ANEXO II,IV
<i>Nyctalus leisleri</i>	NC	PE	ANEXO IV
<i>Eptesicus serotinus</i>	NC	PE	ANEXO IV
Plecotus auritus	NC	PE	ANEXO IV
Plecotus austriacus	NC	PE	ANEXO IV
<i>Myotis bechsteini</i>	V	V	ANEXO II, IV
<i>Myotis emarginatus</i>	V	V	ANEXO II,IV
<i>Myotis myotis</i>	V	V	ANEXO II,IV
<i>Myotis escalerae</i>	NC	PE	ANEXO IV
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	NC	PE	ANEXO IV
<i>Barbastella barbastellus</i>	NC	PE	ANEXO IV
<i>Canis lupus</i>	NC	NC	ANEXO V
<i>Felis silvestris</i>	NC	PE	ANEXO IV
<i>Lutra lutra</i>	NC	PE	ANEXO IV
<i>Mustela erminea</i>	NC	PE	-
Delphinus delphis	NC	PE	ANEXO IV
<i>Globicephala melas</i>	NC	PE	ANEXO IV
<i>Phocoena phocoena</i>	V	V	ANEXO II,IV
<i>Tursiops truncatus</i>	V	V	ANEXO II,IV

CADRO Nº 11 (CONTINUACIÓN). ESPECIES DE ESPECIAL INTERESE PARA A CONSERVACIÓN

ESPECIE	CGEA	LESRPE E CEEA	DIRECTIVA 2009/147/CE
AVES			
<i>Gavia artica</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Gavia immer</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Gavia stellata</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Podiceps cristatus</i>	NC	PE	-
<i>Podiceps nigricollis</i>	NC	PE	-
<i>Fulmarus glacialis</i>	NC	PE	-
<i>Calonectris diomedea</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Puffinus gravis</i>	NC	PE	-
<i>Puffinus griseus</i>	NC	PE	-
<i>Puffinus mauretanicus</i>	E	E	ANEXO I
<i>Hydrobates pelagicus</i>	V	PE	ANEXO I
<i>Oceanodroma leucorhoa</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	V	V	ANEXO I
<i>Egretta garzetta</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Ciconia ciconia</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Platalea leucorodia</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Branta bernicla</i>	NC	PE	ANEXO IIB
<i>Branta leucopsis</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Tadorna ferruginea</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Tadorna tadorna</i>	NC	PE	-
<i>Aythya nyroca</i>	NC	E	ANEXO I
<i>Somateria mollissima</i>	NC	NC	ANEXO IIIB
<i>Melanitta nigra</i>	NC	NC	ANEXO IIIB
<i>Bucephala clangula</i>	NC	PE	ANEXO IIB
<i>Pernis apivorus</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Milvus milvus</i>	E	V	ANEXO I
<i>Accipiter gentilis</i>	NC	PE	ANEXO II
<i>Accipiter nisus</i>	NC	PE	-
<i>Buteo buteo</i>	NC	PE	-
<i>Circus cyaneus</i>	V	PE	ANEXO I
<i>Circus pygargus</i>	V	V	ANEXO I
<i>Falco peregrinus</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Falco subbuteo</i>	NC	PE	-
<i>Falco tinnunculus</i>	NC	PE	-
<i>Haematopus ostralegus</i>	V[1]	PE	ANEXO IIB
<i>Recurvirostra avosetta</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Burhinus oedicnemus</i>	E	PE	ANEXO I
<i>Charadrius alexandrinus</i>	V	PE	ANEXO I
<i>Charadrius hiaticula</i>	NC	PE	-
<i>Pluvialis apricaria</i>	NC	PE	ANEXO I, IIIB
<i>Pluvialis squatarola</i>	NC	PE	-
<i>Vanellus vanellus</i>	E[1]	NC	-
<i>Calidris alba</i>	NC	PE	-
<i>Calidris alpina</i>	NC	PE	-
<i>Calidris canutus</i>	NC	PE	ANEXO IIB
<i>Calidris ferruginea</i>	NC	PE	-
<i>Calidris maritima</i>	NC	PE	-
<i>Calidris minuta</i>	NC	PE	-
<i>Philomachus pugnax</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Arenaria interpres</i>	NC	PE	-
<i>Phalaropus fulicaria</i>	NC	PE	-
<i>Actitis hypoleucos</i>	NC	PE	-
<i>Lymnocyptes minimus</i>	NC	NC	ANEXO IIA, IIIB
<i>Gallinago gallinago</i>	E[1]	NC	ANEXO IIA, IIIB
<i>Scolopax rusticola</i>	V[1]	NC	ANEXO IIA, IIIB
<i>Tringa erythropus</i>	NC	PE	ANEXO IIB

[1] Poboación nidificante

CADRO Nº 11 (CONTINUACIÓN). ESPECIES DE ESPECIAL INTERESE PARA A CONSERVACIÓN

ESPECIE	CGEA	LESRPE E CEEA	DIRECTIVA 2009/147/CE
AVES			
<i>Tringa nebularia</i>	NC	PE	ANEXO IIB
<i>Tringa ochropus</i>	NC	PE	-
<i>Limosa lapponica</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Numenius arquata</i>	E[1]	PE	ANEXO IIB
<i>Numenius phaeopus</i>	NC	PE	ANEXO IIB
<i>Stercorarius skua</i>	NC	PE	-
<i>Larus canus</i>	NC	PE	ANEXO IIB
<i>Larus marinus</i>	NC	PE	ANEXO IIB
<i>Larus melanocephalus</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Larus minutus</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Rissa tridactyla</i>	V	PE	-
<i>Sterna albifrons</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Sterna caspia</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Sterna paradisaea</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Chlidonias hybridus</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Uria aalge</i>	E[1]	E[1]	ANEXO I
<i>Alca torda</i>	NC	PE	-
<i>Fratercula arctica</i>	NC	PE	-
<i>Cuculus canorus</i>	NC	PE	-
<i>Clamator glandarius</i>	NC	PE	-
<i>Tyto alba</i>	NC	PE	-
Otus scops	NC	PE	-
<i>Strix aluco</i>	NC	PE	-
<i>Athene noctua</i>	NC	PE	-
<i>Caprimulgus europaeus</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Apus apus</i>	NC	PE	-
<i>Tachymarpis melba</i>	NC	PE	-
<i>Asio flammeus</i>	NC	PE	ANEXO I
Alcedo atthis	NC	PE	ANEXO I
<i>Upupa epops</i>	NC	PE	-
<i>Picus viridis</i>	NC	PE	-
<i>Dendrocopos major</i>	NC	PE	-
<i>Galerida cristata</i>	NC	PE	-
<i>Lullula arborea</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Delichon urbicum</i>	NC	PE	-
Anthus pratensis	NC	PE	-
<i>Anthus trivialis</i>	NC	PE	-
<i>Motacilla alba</i>	NC	PE	-
<i>Motacilla flava</i>	NC	PE	-
<i>Cinclus cinclus</i>	NC	PE	-
<i>Troglodites troglodites</i>	NC	PE	-
<i>Prunella modularis</i>	NC	PE	-
<i>Erithacus rubecula</i>	NC	PE	-
<i>Luscinia megarhynchos</i>	NC	PE	-
<i>Saxicola torquata</i>	NC	PE	-
<i>Oenanthe oenanthe</i>	NC	PE	-
<i>Phoenicurus ochruros</i>	NC	PE	-
<i>Acrocephalus arundinaceus</i>	NC	PE	-
<i>Acrocephalus scirpaceus</i>	NC	PE	-
<i>Certhia brachydactyla</i>	NC	PE	-
<i>Cettia cetti</i>	NC	PE	-
<i>Cisticola juncidis</i>	NC	PE	-
<i>Sylvia atricapilla</i>	NC	PE	-
Sylvia melanocephala	NC	PE	-
<i>Sylvia undata</i>	NC	PE	ANEXO I

[1] Poboación nidificante

CADRO Nº 11 (CONTINUACIÓN). ESPECIES DE ESPECIAL INTERESE PARA A CONSERVACIÓN

ESPECIE	CGEA	LESRPE E CEEA	DIRECTIVA 2009/147/CE
AVES			
<i>Hippolais polyglotta</i>	NC	PE	-
<i>Phylloscopus collybita</i>	NC	PE	-
<i>Phylloscopus ibericus</i>	NC	PE	-
<i>Regulus ignicapilla</i>	NC	PE	-
<i>Aegithalos caudatus</i>	NC	PE	-
<i>Parus major</i>	NC	PE	-
<i>Sitta europaea</i>	NC	PE	-
<i>Certhia brachydactyla</i>	NC	PE	-
<i>Oriolus oriolus</i>	NC	PE	-
<i>Lanius collurio</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Lanius senator</i>	NC	PE	-
<i>Pyrhacorax pyrrhacorax</i>	NC	PE	ANEXO I
<i>Petronia petronia</i>	NC	PE	-
<i>Carduelis spinus</i>	NC	PE	-
<i>Fringilla coelebs</i>	NC	PE	-
<i>Fringilla montifringilla</i>	NC	PE	-
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	NC	PE	-
<i>Serinus citrinella</i>	NC	PE	-
<i>Emberiza cia</i>	NC	PE	-
<i>Emberiza cirius</i>	NC	PE	-
<i>Plectrophenax nivalis</i>	NC	PE	-

Especies ameazadas

En canto ás especies de flora ameazada, cómpre destacar a presenza de tres especies incluídas na categoría “En perigo de extinción” en Galicia, no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, *Cytisus insularis*, especie de leguminosa arbustiva propia de acantilados mariños e endemismo estrito das illas de Ons e Vionta, *Rumex rupestris*, acedera endémica do occidente de Gran Bretaña, Francia e Galicia, localizada en cantís húmidos de Ons e en situación crítica; e *Linaria arenaria*, pequena planta anual propia de dunas estabilizadas, que ten en Ons unha das únicas localidades coñecidas en España, e que é exclusiva da costa occidental francesa e de Galicia. Ademais, *Lithothamnium corallioides* e *Phymatholithon calcareum*, algas vermellas calcáreas características dos fondos de maërl, están tamén ameazadas en Galicia e catalogadas no CGEA na categoría “Vulnerable”. A Illa de Ons está incluída no inventario de áreas importantes para a flora ameazada española (Dirección General de Conservación de la Naturaleza, 2003). No territorio continental do termo están presentes tamén o narciso ou amarelle trompeta (*Narcissus cyclamineus*) e a orquídea espiral de verán (*Spiranthes aestivalis*), catalogadas no CGEA na categoría “Vulnerable”. *Narcissus cyclamineus* é un endemismo do noroeste que forma parte do estrato herbáceo, pratense, das carballeiras húmidas e bosques de galería acidófilos, con abundante materia orgánica ben integrada ao longo do perfil edáfico. Pola súa banda, *Spiranthes aestivalis* é unha orquídea en regresión que ten os seus hábitats litorais nas zonas de pasteiros e xunqueiras situadas tralos complexos dunares.

Nos invertebrados é preciso significar a presenza no termo de tres especies de invertebrados mariños ameazados, *Echinus esculentus* e *Eunicella verrucosa* catalogados no CGEA na categoría “Vulnerable” e *Charonia lampas* subsp. *lampas* catalogado no tanto no CGEA como no Catálogo Español de Especies Amenazadas (CEEAA), na categoría “Vulnerable”.

Na ictiofauna, o sáballo (*Alosa alosa*), catalogado no CGEA na categoría “Vulnerable” e, polo tanto, do maior interese para a conservación, é a única especie piscícola ameazada. A tartaruga de coiro (*Dermochelys coriacea*), e o esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*), son dúas das especies de réptiles máis ameazadas en Galicia, catalogadas como “En perigo de extinción” no CGEA. Dos anfibios inventariados no territorio do termo, están ameazados a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), especie endémica tamén catalogada na categoría “Vulnerable” nos catálogos galego e español de especies ameazadas, así como a estroza (*Hyla arborea*), o sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*)³, e á ra patilonga (*Rana iberica*), catalogadas no CGEA na categoría “Vulnerable”. Os hábitats preferentes destes anfibios son as zonas moi húmidas e con vexetación densa, en especial dos espazos perifluviais. O CGEA encadra tamén na categoría “Vulnerable” ás poboacións insulares dos anfibios *Salamandra salamandra* (píntega), *Lissotriton boscai* (limpafontes común), e *Discoglossus galganoi* (sapiño pinto), e dos réptiles *Timon lepidus* (lagarto arnal), *Natrix natrix*, *Natrix maura* e *Rhinechis scalaris*.

Entre as aves inventariadas no territorio, cabe destacar por mor da súa situación de especies ameazadas na categoría “En perigo de extinción” en Galicia, o millafre real (*Milvus milvus*), o pernileiro (*Burhinus oedichnemus*), a pardela balear (*Puffinus mauretanicus*), e as poboacións reprodutoras de arao dos cons (*Uria aalge*), mazarico curlí (*Numenius arquata*), becacina cabra (*Gallinago gallinago*), e avefría (*Vanellus vanellus*), si ben estas últimas non nidifican no territorio de estudo. Pola súa parte, a pílbara papuda (*Charadrius alexandrinus*), o paíño do mal tempo (*Hydrobates pelagicus*), o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), a gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*), a rapina cinsenta (*Circus pygargus*), a gatafornela (*Circus cyaneus*) e as poboacións reprodutoras de gavita (*Haematopus ostralegus*) e arcea (*Scolopax rusticola*)⁴ están catalogadas na categoría “Vulnerable” no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. No ámbito estatal, a pardela balear, o arao dos cons, e o parrullo ferruxento (*Aythya nyroca*), están catalogadas en perigo e, na categoría vulnerable, o corvo mariño cristado, o millafre real e a rapina cinsenta.

³ Galán P., Cabana M. e Ferreiro R. (2010). Estado de conservación de *Pelobates cultripes* en Galicia. Universidade da Coruña.

⁴ A arcea (*Scolopax rusticola*), o mazarico curlí (*Numenius arquata*), a becacina cabra (*Gallinago gallinago*), e a avefría (*Vanellus vanellus*), non nidifican no territorio de estudo.

As especies de mamíferos ameazados con presenza no territorio son o furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*), seis morcegos (*Myotis bechsteinii*, *Myotis emarginatus*, *Myotis myotis*, *Rhinolophus euryale*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*), e dous mamíferos mariños (*Tursiops truncatus*) e (*Phocoena phocoena*). O furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*), o morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*), o morcego de ferradura mediterráneo (*Rhinolophus euryale*), o morcego de orellas fendidas (*Myotis emarginatus*), o morcego de orellas de rato grande, (*Myotis myotis*) e o morcego rateiro forestal (*Myotis bechsteinii*), están catalogados na categoría “Vulnerable”, en Galicia e España. Pola súa parte, o morcego de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*) está catalogado no CGEA nesa mesma categoría. O furapreseiras é unha especie ligada ao medio fluvial. Pola súa banda, os morcegos atopan hábitats axeitados no medio rural ben conservado e refuxio nas covas e edificacións, así como nas árbores caducifolias maduras. Por último, nos mamíferos mariños, o arroaz real (*Tursiops truncatus*), e a marsopa ou toniña (*Phocoena phocoena*), están catalogados tanto no catálogo galego como no estatal, na categoría “Vulnerable”.

Especies foráneas invasoras

O artigo 3 punto 13 da lei 42/2007 define como especie exótica invasora a aquela que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética. En efecto, as invasións biolóxicas por especies exóticas constitúen unha das maiores ameazas para a conservación da diversidade biolóxica e son un problema crecente por mor do incremento das comunicacións entre zonas xeográficas moi afastadas e do cambio climático. Esta ameaza é especialmente preocupante nas inmediacións dos espazos naturais protexidos, debido ao seu elevado valor ecolóxico e biodiversidade.

As especies foráneas invasoras poden producir, entre outros impactos negativos, a alteración do equilibrio ecolóxico dos ecosistemas, o empobrecemento da flora e fauna autóctona, a diminución da produtividade agraria, e a degradación das paisaxes. As bioinvasións poden alterar drasticamente o equilibrio ecolóxico dos ecosistemas. Os hábitats naturais presentes no territorio, máis sensibles á negativa afección por especies invasoras alóctonas, son os acuáticos.

Na península do Morrazo rexístrase unha expansión incontrolada de diversas especies foráneas invasoras, tanto animais como vexetais. No territorio municipal, cómpre destacar especialmente, pola súa incidencia e problemática, a presenza de dúas especies de plantas foráneas invasoras, a mimosa moura (*Acacia melanoxylon*), que se

estende amplamente polos espazos forestais, e a cana (*Arundo donax*), vinculada a zonas alteradas con certa humidade edáfica. Outras especies con presenza significativa, son as falsas acacias (*Robinia pseudoacacia*), *Tradescantia fluminensis* e *Carpobrotus sp.*, así como diversas compostas e gramíneas presentes nos sistemas litorais como *Conyza canadensis*, *Senecio mikanioides*, *Eleusine tristachia*, *Stenotaphrum secundatum* e *Sporobolus indicus*.

Nos contornos da Illa de Ons, integrada no Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e na Rede Natura 2000, e do Cabo Udra, espazo natural inserido tamén na Rede Natura, semella oportuno o estudo de actuacións de control e erradicación das especies foráneas invasoras, cunha avaliación previa do seu impacto ambiental.

Patrimonio xeolóxico e xeodiversidade

No Concello de Bueu non existen Puntos de Interese Xeolóxico catalogados, no ano 1983, polo Instituto Geológico y Minero de España (IGME). Con todo, no territorio municipal poden verse distintos elementos e paraxes do patrimonio xeolóxico incluídos no inventario de puntos de interese xeolóxico realizado polo Consello da Cultura Galega no ano 2004, e no listado de lugares de interese xeomorfolóxico para Galicia elaborado por Pérez Alberti e López Bedoya no ano 2008. Efectivamente, no territorio do termo municipal identifícanse áreas de interese xeomorfolóxico que constitúen exemplos representativos da xeodiversidade galega e española, como o “Relevo granítico de Cabo Udra”, e as “Formas e depósitos costeiros das Illas Atlánticas: Cíes, Ons, Sálvora e Sisargas” Así mesmo, malia non ter sido inventariados, teñen un indubidable interese local, os depósitos sedimentarios litorais da Enseada de Bueu e os cantís da costa de Beluso.



Espazos protexidos

Unha notable superficie do territorio municipal de Bueu está integrada en espazos naturais protexidos por diferentes figuras de protección comunitaria, estatal e autonómica.

As Illas de Ons e Onza forman parte do “Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia”. Ademais, o municipio conta con varios espazos protexidos incluídos na “Rede Natura 2000” e na “Rede galega de espazos protexidos”, cunha Zona de especial protección para as aves, ZEPVN-ZEPA Illa de Ons, e dous Lugares de Importancia Comunitaria, ZEPVN-LIC Cabo Udra e ZEPVN-LIC Complexo Ons-O Grove.

Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas

O Arquipélago de Ons está incluído, xunto aos arquipélagos de Cíes, Sálvora e Cortegada, no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas que, no contorno do arquipélago, comprende unha superficie de 2.171 hectáreas marítimas e 470 terrestres. O Parque Nacional das Illas Atlánticas vén de ser declarado recentemente Área Mariña Protexida baixo o Convenio Internacional OSPAR.

O Arquipélago de Ons, situado a uns 8 km do Cabo Udra e a 12 km ao norte das Illas Cíes, está composto ademais de pola Illa de Ons, ao Norte, e pola de Onza ou Onceta, ao Sur, por unha serie de illotes, dos que os máis importantes son Freitosa e Centolo.

No medio mariño, o parque caracterízase pola abundancia de especies de algas que serven de soporte a unha variada comunidade de invertebrados coa singularidade de que, ao ser moi elevada a transparencia das augas, facilítase o paso da luz ata profundidades superiores ás habituais noutros puntos da costa.

No medio terrestre destacan as praias, dunas e biotopos rochosos de cantís e coídos. Nestas zonas de cantís a vexetación está formada por comunidades adaptadas ás especiais condicións mesolóxicas de solos pouco profundos, vento e salinidade. A formación vexetal dominante é a matogueira, atopándose as illas cubertas na súa maior parte por toxeirias de *Ulex europaeus*.

As atlánticas augas de Ons teñen tanto na beiramar como nos fondos unha grande biodiversidade. Os rochedos intermareais teñen un notable interese, estando ben representados os cintos de macrófitos propios das áreas batidas, que albergan a numerosa fauna de rocha. As illas de Ons acollen, así mesmo, importantes colonias de

cría de aves mariñas, polo que constitúen unha apreciable reserva ornitolóxica e, nas augas costeiras, poboacións sedentarias de pequenos cetáceos odontocetos.

Espazos Rede Natura 2000

Os espazos naturais protexidos Cabo Udra e Complexo Ons-O Grove foron incluídos na Rede Natura 2000 como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e declarados como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "LIC", conforme ao *Decreto 72/2004, de 12 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais*. A Illa de Ons tamén se inclúe na Zona de especial protección para as aves "ZEPA Illa de Ons (ES0000254)".

- ZEPA Illa de Ons

A ZEPA ES0000254 Illa de Ons está integrada polas 367,5 ha da illa de Ons e as 25,7 ha da illa de Onza, e inclúe ademais os illotes Centolo e A Freitas e máis de 500 ha de augas mariñas. Desta forma, esta ZEPA posúe unha superficie de 924 ha, situadas no municipio de Bueu, e atópanse totalmente incluídas dentro da delimitación do LIC Complexo Ons - O Grove (ES1140004), ademais de formar parte, xunto aos arquipélagos de Cíes, Sálvora e Cortegada, do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Mentres que a illa de Onza presenta unha morfoloxía case completamente acantilada, a illa de Ons mostra perfís moi diferentes na súa costa externa e interna. A cara interna está constituída por costa rochosa baixa e algunhas praias (Melide, Canexol, Area dos Cans, etc.), con pequenos sistemas dunares asociados. A cara externa, en contraste, é moito máis abrupta e quebrada, cunha extensa fronte acantilada con varias furnas ou covas mariñas (Burato do Inferno, Fontenova, etc.), sobre a que se estenden pradarías aerohalófilas e landas costeiras de toxeira-breixal. As partes máis altas da illa, así como a vertente oriental, están cubertas por matogueiras non halófilas, pequenas áreas cultivadas, prados con salgueiros, plantacións forestais de escasa entidade e un considerable número de edificacións.

En canto ao número de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, o listado identificado neste espazo inclúe un total de 24 tipos, dos que 4 se consideran prioritarios (un 20%). A maior parte destes concéntrase en torno ao grupo Hábitats costeiros e vexetación halófitica e ao de Dunas marítimas e continentais, posto que ambos os dous posúen 7 tipos dos cartografados neste espazo, o que no segundo caso implica que neste espazo se rexistrara todo o elenco de hábitats deste grupo.

Os hábitats de interese comunitario presentes no LIC son, segundo a información que aporta o Plan Director da Rede Natura 2000 en Galicia, os seguintes:

- 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña
- 1140 Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar
- 1160 Grandes calas e baías pouco fondas
- 1170 Arrecifes
- 1210 Vexetación anual sobre argazos
- 1220 Vexetación perenne de coídos
- 1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
- 2110 Dunas móbiles embrionarias
- 2120 Dunas móbiles litorais con *Ammophila arenaria* ("dunas brancas")
- 2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")
- 2150* Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*)
- 2190 Depresións intradunais húmidas
- 2230 Dunas con céspedes de *Malcomietalia*
- 2260 Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*
- 4030 Queirogais secos europeos
- 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*
- 6410 Prados con *Molinia*
- 6430 Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas
- 6510 Prados de sega de baixa altitude
- 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
- 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira
- 8310 Covas non explotadas polo turismo
- 8330 Furnas mariñas
- 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*

A ZEPA Illa de Ons é un lugar de grande interese para a migración de aves, nela pódense observar numerosas especies orníticas, como *Hydrobates pelagicus*, *Pyrhocorax pyrrhocorax*, *Phalacrocorax aristotelis*, *Larus cachinnans*, *Uria aalge* ou *Puffinus mauretanicus*. Atópanse así mesmo outras especies de fauna incluídas nalgún Anexo da DC 92/43/CEE como os mamíferos mariños *Phocoena phocoena* e *Tursiops truncatus*.

- LIC Cabo Udra

O LIC ES1140009 Cabo Udra esténdese ao longo dunha fronte costeira duns 8 km de lonxitude, situada na parte externa da pequena ría de Aldán, entre as praias Mourisca (Bueu) e de Menduíña (Cangas), e caracterízase por posuír unha

morfoloxía de formas suaves, predominando os afloramentos graníticos, cunha variación altitudinal menor que noutras zonas costeiras de Galicia, onde os relevos próximos ao mar se alzan varios centenares de metros. Inclúe tamén unha extensión de 443 ha de augas mariñas, o que representa un 71% da superficie total do LIC, na súa maior parte por encima da isóbata dos 15 m.

No municipio de Bueu, abrangue a franxa costeira do oeste da parroquia de Santa María de Beluso dun grande valor paisaxístico, emprazada nun contorno densamente poboado no que alternan pequenas áreas acantiladas e rochedos graníticos de baixa altura con pequenas calas e praias areosas encaixadas, e que inclúe importantes matogueiras costeiras. O Pedrón, Ancoradoiro, Lagos, Bon e Laguelas son outros pequenos areais que, en conxunto, cobren uns 800 m de costa.

No que respecta aos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, inventariáronse neste LIC un total de 20 tipos, dos que 3 son prioritarios (un 15%). Destes, cabe resaltar polo número de tipos incluídos os grupos Hábitats costeiros e vexetación halofítica, con 7 tipos diferentes identificados, e o grupo de Formacións herbosas naturais e seminaturais, cun total de 4. Os hábitats de interese comunitario presentes no LIC son, segundo a información que aporta o Plan Director da Rede Natura 2000 en Galicia, os seguintes:

- 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña
- 1140 Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar
- 1160 Grandes calas e baías pouco fondas
- 1170 Arrecifes
- 1210 Vexetación anual sobre argazos
- 1220 Vexetación perenne de coídos
- 1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
- 2110 Dunas móbiles embrionarias
- 2120 Dunas móbiles litorais con *Ammophila arenaria* ("dunas brancas")
- 2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")
- 3260 Ríos dos pisos basal a montano
- 4030 Queirogais secos europeos
- 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*
- 6410 Prados con *Molinia*
- 6430 Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas
- 6510 Prados de sega de baixa altitude
- 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
- 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira
- 8330 Furnas mariñas

- 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*

O número de especies pertencentes ao Anexo II da DC 92/43/CEE do LIC Cabo Udra é de 11. Así mesmo este LIC conta cun total de 18 taxons incluídos no Anexo IV da devandita Directiva. Entre estes pódense sinalar os mamíferos mariños *Phocoena phocoena* e *Tursiops truncatus*, e o lepidóptero *Euphydryas aurinia*. Polo que respecta ás aves, cítanse no LIC Cabo Udra 14 especies incluídas no Anexo I da DC 2009/147/CE.

- LIC Complexo Ons - O Grove

O LIC ES1140004 Complexo Ons - O Grove abrangue unha superficie total de 7.607 ha que inclúen parte do territorio dos termos municipais de Bueu, Cambados, A Illa de Arousa, Meaño, O Grove, Ribadumia e Sanxenxo. Ademais dos espazos marítimos e terrestres situados en torno á península de O Grove, que inclúen a Enseada do Vao, os Illotes Guidoiros, a parte Sur de A Illa de Arousa e o esteiro do río Umia, abrangue a totalidade das illas de Ons e Onza e a súa zona de influencia marítima.

Con respecto aos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, no LIC Complexo Ons - O Grove, foron inventariados un total de 35 tipos, dos que 6 son prioritarios. Os hábitats de interese comunitario presentes no LIC son, segundo a información que aporta o Plan Director da Rede Natura 2000 en Galicia, os seguintes:

- 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña
- 1130 Esteiros
- 1140 Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar
- 1150* Lagoas costeiras
- 1160 Grandes calas e baías pouco fondas
- 1170 Arrecifes
- 1210 Vexetación anual sobre argazos
- 1220 Vexetación perenne de coídos
- 1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
- 1310 Vexetación anual pioneira con *Salicornia* de zonas lamacentas ou areosas
- 1320 Pasteiros de *Spartina*
- 1330 Pasteiros halófilos atlánticos
- 1420 Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas
- 2110 Dunas móbiles embrionarias
- 2120 Dunas móbiles litorais con *Ammophila arenaria* ("dunas brancas")
- 2130 *Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")

- 2150* Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*)
- 2190 Depresións intradunais húmidas
- 2230 Dunas con céspedes de *Malcomietalia*
- 2260 Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*
- 3130 Augas oligotróficas ou mesotróficas
- 3150 Lagos eutróficos naturais (*Magnopotamion* ou *Hydrocharition*)
- 3260 Ríos dos pisos basal a montano
- 4030 Queirogais secos europeos
- 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*
- 6410 Prados con *Molinia*
- 6420 Prados húmidos mediterráneos do *Molinion-Holoschoenion*
- 6430 Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas
- 6510 Prados de sega de baixa altitude
- 7210* Turbeiras calcárias de *Cladium mariscus* e especies do *Caricion davallianae*
- 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
- 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira
- 8310 Covas non explotadas polo turismo
- 8330 Furnas mariñas
- 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*

Dos 35 tipos hábitats de interese comunitario presentes no espazo, incluídos no Anexo I da DC 92/43/CEE, seis son prioritarios, Nat-2000 1150* Lagoas costeiras, Nat-2000 Nat-2000 2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises"), Nat-2000, Nat-2000 2150* Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*), Nat-2000 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*, Nat-2000 7210* Turbeiras calcárias de *Cladium mariscus* e especies do *Caricion davallianae* e Nat-2000 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*.

En canto á fauna do LIC Complexo Ons - O Grove cabe sinalar a presenza ocasional de dúas especies prioritarias referidas á DC 92/43/CEE, as tartarugas mariñas *Caretta caretta* e *Chelonia mydas*. Por outra banda e referido á flora deste LIC, cítase unha especie incluída no Anexo II da DC 92/43/CEE, *Rumex rupestris*. Así mesmo posúe un total de 17 especies no Anexo II da DC 92/43/CEE, 26 no Anexo IV, e 37 pertencentes ao Anexo I da DC 2009/147/CEE. Un bo número de aves invernantes visitan este LIC, destacando as colonias de *Pluvialis squatarola*, *Limosa lapponica*, *Platalea leucorodia* e *Haematopus ostralegus*.

Espazos de interese natural

O territorio do termo non integrado en espazos naturais protexidos ten tamén alta relevancia para a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, existindo áreas cuns elevados valores ecolóxicos e con recursos patrimoniais e paisaxísticos de importancia. Entre estas destacan o espazo natural da Carballeira de Coiro, as áreas litorais de interese ecolóxico e xeomorfolóxico, así como os ríos e humidais.

Nun contorno dominado polas vexetacións implantadas polo home ou resultante das actividades humanas, a vexetación característica dos ecosistemas acuáticos e dos medios litorais constitúe un auténtico reduto de naturalidade. A súa flora e vexetación é altamente orixinal, na súa meirande parte distinta aos medios terrestres e mariños, e caracterízase por presentar unha taxa de endemidade elevada.

A desigual ocupación humana da fronte costeira é un elemento básico na súa configuración e dinámica. Esta vai traducirse nunha variedade de paisaxes litorais onde se conxugan espazos costeiros transformados e netamente urbanos, (Vila de Bueu e Praias de Loureiro, Petís, Pescadoira, Praia de Banda do Río, etc.), con outros onde, á súa naturalidade e singularidade, únese un importantísimo valor ecolóxico e, xa que logo, paisaxístico.

As grandes praias urbanas do municipio, por mor das fortes alteracións antrópicas sufridas, construción do porto, canalizacións de ríos, artificialización das traspraias, perderon a meirande parte dos seus elementos naturais e viron alterada a súa dinámica. As consecuencias destas alteracións son patentes, diminución da súa calidade ambiental, así como reiterados fenómenos de erosión nas praias (é notable o negativo impacto producido pola construción do Porto na Praia de Pescadoira, que chega incluso a producir o descabalgado do paseo marítimo). Pola contra, os diferentes sectores da costa municipal que manteñen unha elevada rusticidade, conforman un extraordinario conxunto de bens naturais e paisaxísticos.

As áreas fluviais constitúen ricos e complexos ecosistemas, e conforman corredores ecolóxicos básicos do territorio municipal e comarcal. Porén, o estado de conservación das canles cando atravesan as tramas urbanas é desfavorable debido ás alteracións hidromorfolóxicas e ecolóxicas sufridas, e ao tratamento como espazos residuais ou marxinais das súas marxes, en especial no rego do Bispo que, no seu treito baixo cruza a vila de Bueu. Malia todo, o valor ecolóxico dos ríos e humidais é, en xeral, maior que noutras zonas do territorio en función da súa superior diversidade biolóxica, singular flora e fauna (caracterizada por unha alta porcentaxe de endemismos), así como por mor do seu intrínseco papel como conexión entre os ecosistemas terrestre e acuático.

O sistema hidrográfico do municipio, ademais do seu importante papel como elemento que vertebra o seu territorio, pon en relación e conecta áreas de máximo interese para a conservación da natureza (incluídas en espazos naturais protexidos integrantes da “Rede Natura 2000” e noutras figuras de protección), incrementando o seu xa elevado interese ambiental e fragilidade verbo da súa condición de reservas de biodiversidade, e do elevado grao de ameaza das súas comunidades. O seu papel conector é especialmente importante na área urbana, na que rexistra un aumento da artificialización e unha maior presión sobre os hábitats naturais e as especies silvestres. O artigo 10 da “Directiva Hábitats” determina o fomento da xestión ambiental dos ríos para mellorar a coherencia ecolóxica da “Rede Natura 2000”, polo seu fundamental papel para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Os ecosistemas fluviais do municipio presentan uns notables valores ambientais e elevado interese paisaxístico, debendo ser preservados, evitando a súa alteración. Nos espazos fluviais e perifluviais atópase a maior representación dos bosques autóctonos da comarca, constituíndo, así mesmo, os humidais, e os bosques aluviais e as súas fragas asociadas, algunhas das paisaxes de maior naturalidade no sector costeiro densamente poboado.

Hai que ter en conta ademais, a condición dos ríos do termo como provedores de auga potable para abastecemento da poboación, coas súas implicacións no que respecta ás intrínsecas calidades e fragilidade do recurso. A protección e aproveitamento racional dos recursos hídricos esixe aplicar o principio de precaución. Doutra banda, as marxes dos ríos principais presentan un risco de inundación en estudo, polo que é preciso evitar a súa ocupación incompatible cunha adecuada xestión do risco.

Á súa relevancia ambiental e papel estruturador do territorio municipal, hai que engadir o interese de manter as súas mellores condicións hidrobiolóxicas, pois verten na Ría de Pontevedra, declarada “Zona sensible” (conforme á Directiva 91/271/CEE, de 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas), con zonas de produción de moluscos e outros invertebrados mariños, e nas praias do termo, de intenso uso turístico recreativo e balneario; conxunto de espazos que conforme ao Anexo IV “Directiva Marco da Auga” (2000/60/CE) son zonas protexidas. A este respecto, a devandita Directiva ordena previr calquera nova deterioración dos ecosistemas acuáticos e atinxir, como mínimo, o bo estado das augas no horizonte do 2015, para o que se fai necesario a súa xestión sostible, racionalizando o uso da auga e das actividades nos contornos fluviais, mantendo as especies silvestres e as súas comunidades características, e protexendo, conservando e restaurando, o funcionamento dos sistemas naturais. Na mesma liña, os usos e actividades nos

contornos dos ríos e humidais deben evitar estritamente, en función da súa elevada sensibilidade, a xeración de calquera tipo de vertido contaminante así como de procesos erosivos.

En definitiva, os ecosistemas acuáticos contribúen decisivamente a manter a biodiversidade e mellorar as condicións ambientais do municipio. A “*Estratexia Galega para a Conservación e o Desenvolvemento Sostible da Diversidade Biolóxica*” singulariza a especial importancia, fragilidade e o alto grao de ameazas dos ríos que poñen en risco a súa conservación, resaltando que a súa xestión sostible ten que ter un destacado piar na axeitada aplicación da Lei de Augas e do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.


As áreas do termo con formacións forestais autóctonas e con matogueiras e rochedos silíceos ben conservados, teñen tamén alta importancia ecolóxica. Xunto cos ecosistemas acuáticos e litorais, constitúen os biótopos e hábitats que acollen a maioría das especies de flora e de fauna de especial interese para a conservación na comarca. Os bosques naturais e seminaturais compostos por pequenas carballeiras galaico portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* e por soutos de castiñeiros (*Castanea sativa*) con diferentes graos de madurez e estado de conservación, así como as orlas de arboredo autóctono, posúen tamén elevado interese ecolóxico pola súa contribución ao mantemento da biodiversidade, e constituír xunto coas ripisilvas, a representación das formacións arbóreas autóctonas do territorio. Bosques naturais dunha elevada calidade visual e fragilidade (incrementada pola súa reducida extensión e notable fragmentación que condiciona a súa continuidade e viabilidade), nos que as alteracións teñen unha alta irreversibilidade por mor da súa dificultade de recuperación e baixa capacidade de absorción visual.

Por outra parte, os montes posúen uns destacados valores non soamente pola súa condición de activos ambientais, contribución á conservación dos recursos naturais e da calidade ambiental, senón tamén derivados da súa elevada aptitude forestal e relevancia paisaxística. Están parcialmente incluídos en Montes Veciñais en Man Común (MVMC) e neles intégranse extensas áreas coa paisaxe rural transformada por plantacións forestais intensivas constituídas basicamente por cultivos de eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) en formacións ás veces regulares, mais tamén matogueiras e medios rochosos e bosques naturais e seminaturais con alta riqueza ecolóxica e paisaxística. Os montes con cuberta forestal xogan un papel básico na protección do ambiente atmosférico e na protección hidrolóxica, como protectores do solo fronte aos procesos erosivos, sendo básicos na regulación dos réximes hídricos e no mantemento da calidade dos recursos hídricos para o abastecemento da poboación. A súa apreciable continuidade sobre amplos sectores e, moi especialmente, nas áreas cunha fisiografía

máis complexa, configura o fondo escénico das paisaxes, e favorece, xunto coa rede fluvial, a conectividade do territorial comarcal.

Carballeira de Coiro. Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Pontevedra

As Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Pontevedra (Orde da COTOP aprobada no ano 1991), protexen no termo municipal, ademais dos espazos naturais das Illas de Ons e Onza e da Punta Udra (na actualidade integrados en espazos naturais protexidos por diferentes figuras de protección comunitaria, estatal e autonómica), o Espazo Natural 20. Carballeira de Coiro.



ESPAZO NATURAL 20. **CARBALLEIRA DE COIRO**
Fte.: NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE
PLANEAMENTO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

O ámbito delimitado como espazo natural conta cunha superficie aproximada de 365 Ha localizadas nos lindes dos concellos de Bueu, Cangas e Moaña. No municipio a superficie protexida rolda as 162 Ha, pertencentes á parroquia de Ermelo.

A Carballeira de Coiro-Ermelo constitúe unha das mellores representacións dos bosques autóctonos do Morrazo. Este bosque atlántico está dominado por carballos (*Quercus*

robur), formando a asociación vexetal *Rusco aculeati-Quercetum roboris*, ao que acompañan outras árbores autóctonas coma o castiñeiro e a cerdeira e outras alóctonas, en concreto abonda a falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*); loureiros, sanguíños, estripeiros e xilbardeira son algúns dos arbustos que forman parte do sotobosque.

As carballeiras do Morrazo posúen unha interesante diversidade biolóxica resultante da combinación dos elementos setentrionais presentes e da influencia mediterránea. Os pimpíns (*Fringilla coelebs*), ferreiriños (*Parus sps.*), gabeadores (*Certhia brachydactyla*), e as aves de rapiña diurnas coma o azor (*Accipiter gentilis*), gabián (*Accipiter nisus*), e nocturnas como a avelaiona (*Strix aluco*), o moucho de orellas (*Otus scops*) e a curuxa (*Tyto alba*), son algúns dos representantes da avifauna protexida no espazo. Entre os mamíferos presentes nestas carballeiras destaca a única poboación reprodutora coñecida en Galicia do morcego rateiro forestal (*Myotis bechsteinii*), xunto con outras especies de morcegos forestais como *Nyctalus leisleri* e *Barbastella barbastellus*.

Nun contexto paisaxístico dominado polos cultivos forestais, a carballeira atlántica de Coiro-Ermelo aporta diversidade e constitúe unha paisaxe de grande naturalidade e interese ambiental ao atoparse as carballeiras en franca regresión nas provincias atlánticas. O espazo natural ten, así mesmo, unha grande relevancia no aproveitamento dos recursos paisaxísticos do Morrazo, polas fermosas panorámicas das rías, e de lecer, dispoñendo de áreas recreativas e miradoiros.

Inventario de Humidais de Galicia

O Inventario de Humidais de Galicia recolle un único humidal emprazado no municipio, cuxas características se amosan no seguinte cadro:

CADRO Nº 12. HUMIDAI INVENTARIADOS NO IHG

CÓDIGO	NOME	SUPERFICIE	UTM	TIPO
1140107	Veigas de Cabo Udra	0,07	513899-4687381	Humidais interiores

Fte.: Inventario de Humidais de Galicia.

As Veigas do Cabo Udra están incluídas no tipo de Humidais interiores constituídos por lagos, lagoas, charcas, esteiros e pantanos (naturais), salinas, salobres ou alcalinas ou de auga doce, permanentes, estacionais ou intermitentes.

B.1.9. UNIDADES AMBIENTAIS

Na ordenación do territorio e na planificación urbana e ambiental, a identificación das unidades ambientais existentes aporta un coñecemento do territorio que permite valoralo atendendo ás súas calidades ecolóxicas, produtivas, funcionais, paisaxísticas e científico-culturais e, deste xeito, guiar as decisións de ordenación.

A continuación defínense unidades ambientais entendidas como “as áreas do territorio homoxéneas tanto nas súas características físicas e bióticas como no seu comportamento ou resposta fronte a determinadas actuacións ou estímulos exteriores”. Unidades definidas, caracterizadas e delimitadas por criterios ecolóxicos a partir da cobertura vexetal, do uso actual do solo e do grao de perturbación por actividades humanas; áreas homoxéneas do territorio delimitadas e representadas na cartografía, Mapa de Unidades Ambientais.

As unidades ambientais identificadas e delimitadas no termo, descríbense e valóranse a continuación:

1. Bosques naturais e seminaturais

A unidade abrangue as masas de frondosas caducifolias autóctonas, tanto as constituídas por carballeiras climatófilas e soutos, como polos bosques aluviais e ripisilvas que cobren as formacións sedimentarias, os humidais continentais e as ribeiras dos ríos (ameneirais, salgueirais, etc). Fóra dos ámbitos fluviais, a maioría do arboredo caducifolio autóctono está constituído por bosques de carballos e castiñeiros, aparecendo, a miúdo, en masas mixtas formando bosques densos de extensión variable. Os bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* son un hábitat de interese comunitario prioritario. Así mesmo, as carballeiras galaico portuguesas e os soutos conforman hábitats de interese comunitario e constitúen a vexetación clímax do territorio, polo que constitúen ecosistemas maduros. O valor global de conservación da unidade é, polo tanto, moi alto.

2. Matos e arboredo autóctono

Unidade ambiental que abrangue as áreas con cubertas mixtas de matos e de arborado pouco denso ou de porte arbustivo, composto por especies autóctonas, nas que se observa unha tendencia cara á rexeneración das masas forestais descritas na unidade precedente. Deste xeito, valórase globalmente como alto o seu interese para a conservación.

3. Matos e medios rochosos

Esta unidade ocupa as zonas extra agrarias con importantes limitacións agronómicas e, en menor medida, as terras de labor marxinais, abandonadas e colonizadas por distintos estados seriais de vexetación natural. Así, entran nesta categoría montes cubertos por matos nos que a vexetación é espontánea en diferentes agrupacións vexetais de porte arbustivo e herbáceo. Abranguen, en conxunto, unha reducida superficie do municipio na que o aproveitamento agrícola intensivo está excluído. O valor global de conservación da unidade considérase medio-alto.

4. Ríos e humidais naturais

Abrangue a densa e profusa rede hidrográfica local, característicos ríos cántabro-atlánticos silíceos. Na unidade inclúense tamén os humidais continentais naturais. Constitúen ecosistemas de moi alto interese ambiental que acollen unha alta diversidade de hábitats e especies de interese comunitario. É, polo tanto, moi alto o seu valor global de conservación.

5. Mosaico rural

Comprende esta unidade os eidos nos que aínda se mantén vixente o complexo agrario tradicional inalterado, presentándose libres de edificación e cunha estrutura en mosaico na que se conservan as sebes. Corresponde a eidos destinados á explotación agropecuaria tanto de carácter intensivo como extensivo, abranguendo cultivos agrícolas, hortas e viñedos, e outros aproveitamentos tradicionais. O valor global de conservación da unidade é medio.

6. Prados naturais

Nesta unidade inclúense os prados de sega naturais asociados ao uso gandeiro tradicional de autoconsumo. En xeral, emprázanse nas chairas aluviais aproveitando o alto nivel freático, ou son mantidos coa derivación de gabias de rega dende os ríos. Nas zonas cunha forte contracción da actividade gandeira obsérvase o progresivo abandono dos prados e a rexeneración do arborado autóctono. A unidade presenta un valor global de conservación medio.

7. Matos e especies madeireiras

Esta unidade ocupa zonas forestais outrora repoboadas de piñeiros e eucaliptos que, tralos incendios ou as talas, hoxe se presentan cubertas de masas arbóreas pouco

densas así como de matos nos que se observa unha tendencia cara á repoboación espontánea e á rexeneración das especies madeireiras. O valor global de conservación da unidade é baixo.

8. Cultivos forestais

Esta unidade integra os cultivos forestais de piñeiros e eucaliptos que cobren os montes, así como outros cultivos forestais implantados nos eidos que, en conxunto, provocan unha alta transformación das paisaxes rurais. No termo, a superficie da unidade corresponde, maioritariamente, a eucaliptais, cun baixo valor global de conservación.

9. Formacións de especies invasoras

Por mor da súa dinámica invasora e dos problemas ambientais que xeran, sinálanse como unha unidade ambiental singular as áreas cubertas por especies foráneas, sendo as masas de mimosas mouras as que ocupan as superficies máis significativas. O valor de conservación da unidade é moi baixo.

10. Áreas temporalmente alteradas

Comprende esta unidade as zonas degradadas ou moi alteradas por actuacións humanas como reiterados incendios forestais recentes, vertedoiros de lixo, actividades extractivas recentes ou grandes movementos de terras. Esta unidade caracterízase polo seu moi baixo valor de conservación.

11. Redes de infraestruturas

As redes de infraestruturas viarias e de distribución de enerxía conforman unha unidade ambiental de singular presenza no territorio por mor da súa situación litoral e alta densidade de poboación, que determina a implantación de corredores de infraestruturas. O seu valor de conservación é nulo.

12. Áreas urbanas e industriais

A unidade ambiental definida como áreas urbanas e industriais integra os núcleos urbanos cos ámbitos de uso dotacional e de servizos, así como as áreas urbanas industriais. Esta composta tamén polos asentamentos rurais e as súas áreas de influencia, e por agrupacións de edificacións de tipo residencial e industrial

espalladas polos solos rústicos. Por mor do seu escaso grado de naturalidade e urbanización, a unidade non é avaliada.

13. Hábitats mariños e costeiros

Inclúe os hábitats mariños e costeiros das áreas litorais do municipio. Hábitats caracterizados pola súa alta naturalidade, moi alto valor intrínseco, tanto ecolóxico como paisaxístico, e polo seu valor para a conservación de especies animais e vexetais de interese. O valor ambiental global da unidade é moi alto.

B.1.10. ESTUDO PAISAXÍSTICO

No ano 2000, o Consello de Europa na súa reunión de Florencia asinou o “Convenio Europeo da Paisaxe”, que constitúe o primeiro acordo internacional que promove un marco político e xurídico común para a protección, a xestión, e o desenvolvemento sustentable da paisaxe europea. Nel a paisaxe enténdese como concepto integrador das políticas de medio ambiente, de planificación e ordenación do territorio, e defínese *por “paisaxe” entenderase calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos.*

Pola súa parte, a Estratexia Territorial Europea define as paisaxes culturais como aquelas que, reflectindo a interacción histórica entre actividades humanas e natureza, contribúan á identidade local e rexional. Deste xeito, as estruturas e elementos que aínda conforman e caracterizan a extensa e antropizada paisaxe agraria tradicional, debe considerarse patrimonio de valor etnográfico, por ser testemuño e expresión relevante da cultura galega. O conxunto das estruturas rurais constitúe a máis prezada caracterización da paisaxe tradicional de Galicia, paisaxe cultural merecedora dunha protección efectiva, integral, e xeral, sexa cal for o seu estado de conservación.

Seguindo esta liña, a *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (marco lexislativo básico que orientará as decisións do planeamento ao respecto da preservación e xestión das paisaxes do municipio), ten como obxectivo recoñecer xuridicamente a paisaxe e promover políticas para a súa conservación, protección, xestión e ordenación, servindo como marco de referencia para todas as lexislacións, plans e programas que poden influír dalgún xeito na modificación, alteración ou transformación das paisaxes, e en especial cando afecten a espazos de alto valor natural e cultural.


A calidade do medio e da paisaxe tradicional supoñen, por elas mesmas, un destacado recurso que debe ser unha das bases nas que fundamentar o desenvolvemento sostible do territorio, coa súa preservación e posta en valor a partir dunha xestión local dos seus recursos. A riqueza e diversidade das paisaxes rurais e do medio natural municipal son un factor positivo no balance ambiental que, nun contexto de sensibilidade medioambiental crecente (turismo natural, agricultura ecolóxica, enerxías renovables, etc), pode traducirse nunha oportunidade de desenvolvemento local.

Encadre paisaxístico

No “Atlas de los paisajes de España” (Mata Olmo e Sanz Herraiz, 2003), á escala 1:200.000, a vertente norte da Comarca do Morrazo inclúese na unidade de paisaxe “Ría de Pontevedra e vertentes litorais”, encadrada no tipo de paisaxe definida como “Grandes Rías Galegas: Rías Baixas”.

Conforme á división de unidades de paisaxe proposta para Galicia por Ramil Rego et al. (2005), as paisaxes do Morrazo insírense nas clases de paisaxe do “Litoral Cántabro-atlántico” e dos “Vales Sublitorais Cántabro-Atlánticos”. No marco paisaxístico do “Litoral Cántabro-atlántico”, o territorio litoral encádrase no tipo de paisaxes definido como “Arco das Rías Baixas”, que comprende a porción delimitada polos cabos Fisterra e Silleiro, no que se atopan rías ricamente articuladas, penínsulas individualizadas e un cordón singular de illas. A zona litoral representa un amplo e estreito espazo no que interactúan os espazos terrestre e mariño, posuíndo medios e ecosistemas propios e singulares. Pola súa banda, as paisaxes dos vales costeiros estarían comprendidas no tipo de paisaxes sublitorais definidas como “Sublitoral Rías Baixas” que inclúen as terras baixas e os vales dos ríos que conforman as Rías Baixas, progresando cara ao interior polas “*bocarribeiras*”. As paisaxes fortemente antropizadas caracterizan ao espazo sublitoral, onde a vexetación natural, e fundamentalmente os bosques, son escasos ou incluso inexistentes, ao ter sido substituídos por cultivos agrícolas e forestais.

No “Mapa das Grandes Areas Paisaxísticas de Galicia”, instrumento de protección, ordenación e xestión das paisaxes desenvolto no marco da Estratexia da Paisaxe de Galicia, o territorio do termo encádrase na comarca paisaxística de “Pontevedra”, definida na grande área de paisaxe das “Rías Baixas”.



GRANDES AREAS E COMARCAS PAISAJÍSTICAS DE GALICIA
Fte: D. X. de Sostibilidade e Paisaxe. CMATI

En definitiva, as paisaxes buenenses insírense no contexto rexional das Rías Baixas, onde os conxuntos montañosos prelitorais e bloques erguidos das penínsulas acadan alturas nada desprezables para a súa proximidade á costa. Nos ámbitos costeiros coexisten as propiedades realzadoras da paisaxe derivadas da profundidade da observación e da posición prominente respecto ao escenario paisaxístico. Estas posibilitan unha visibilidade de grande amplitude, e favorecen a existencia de itinerarios e asentamentos que permiten unha visión panorámica da ría. O sector occidental da Península do Morrazo e as Illas Atlánticas constitúen algunhas das zonas de maior interese paisaxístico de Galicia.

Polo que respecta ao complexo agrario tradicional, o territorio comarcal está encadrado no dominio denominado por Bouhier como “Eidos dispostos en bancais e socalcos (Litoral Sueste-Baixo Miño)”.

Características paisaxísticas

O municipio de Bueu está conformado por un territorio continental pertencente á Península do Morrazo, emprazada entre as Rías de Pontevedra e Vigo, e outro insular, situado no exterior da Ría de Pontevedra, formado polo Arquipélago de Ons. A súa composición litolóxica é moi homoxénea, sendo os materiais predominantes as rochas graníticas hercínicas, con granodioritas con megacristais de feldespato e granitos de feldespato alcalino, aínda que tamén aparecen materiais xistosos e, sobre todo no litoral, depósitos sedimentarios cuaternarios. Bueu posúe un extenso litoral caracterizado por unha elevada variedade e complexidade, acollendo diferentes praias, rochedos e cantís. Topograficamente destaca a baixa altitude, situándose a maioría da superficie municipal por baixo da cota dos 200 m. Aínda que o relevo é, en xeral, suavemente ondulado, presenta notable variabilidade e áreas de fortes pendentes, tanto no litoral como nas vertentes dos relevos interfluviais.

O territorio está situado no dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival e precipitacións durante case todo o ano, máximas nos meses fríos, e reducidas precipitacións estivais. A rede hidrográfica básica, constituída por regos de corto recorrido que baixan dende os montes do Morrazo cara á Ría de Pontevedra, está formada polos regos da Pena, do Barranco do Inferno e do Bispo, cursos fluviais que teñen o seu nacemento nos montes de Ermelo e de Cela, e desembocan na Enseada de Bueu. O rego Nocedo, que nace nos somentes do Alto de Borrallido, drena o sector meridional da parroquia de Beluso e desemboca na Ría de Aldán.

No Morrazo os usos do solo están caracterizados por un denso poboamento e urbanización difusa. Neste marco, as zonas artificializadas por áreas urbanas e

industriais acadan unha notable extensión, aínda que a maior superficie do termo municipal corresponde ao uso forestal, con ao redor de dous terzos da superficie total. Os usos agropecuarios, nos que destaca a viticultura, complementan ás actividades pesqueiras e marisqueiras e ao sector terciario, predominante no termo. A Vila de Bueu, cabeceira do municipio, concentra os usos urbano residenciais e configura o centro comercial e de servizos públicos e privados máis importante do concello. Na súa fronte litoral emprázase o Porto de Bueu, que se complementa co Parque Empresarial de Castiñeiras, onde se emprazan as actividades industriais máis significativas.

No contexto da Ría de Pontevedra e da Península do Morrazo, o termo municipal caracterízase por presentar un territorio costeiro complexo que propicia unha grande variedade ecolóxica, cun litoral no que se combinan fronte acantiladas expostas e complexos sedimentarios dunha grande naturalidade. Dende o punto de vista bioxeográfico encádrase no Subsector das Rías Baixas do Sector Galaico-Portugués, constituíndo a carballeira galaico-portuguesa do carballo (*Quercus robur*), denominada *Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum*, a cabeza de serie.

A diversidade de ecosistemas do litoral das Rías Baixas determina que acollan os maiores valores de biodiversidade de Galicia. Neste contexto, o territorio de Bueu, acolle unha grande diversidade de especies de flora e de fauna, de singular interese para a conservación, e unha grande diversidade de hábitats, cunha representación moi destacada dos hábitats mariños e costeiros protexidos pola normativa comunitaria. O Arquipélago de Ons presenta uns extraordinarios valores naturais, tanto ecolóxicos como paisaxísticos. As excepcionais condicións ambientais e paisaxísticas e o rico e diverso patrimonio cultural do Morrazo converten, así mesmo, ao territorio peninsular nunha das áreas máis atractivas do litoral da comunidade, con numerosas praias e paraxes costeiros de intenso aproveitamento turístico recreativo.

Nos recursos paisaxísticos locais, destacan os espazos litorais que conforman, pola súa naturalidade e elevado interese ecolóxico, unhas paisaxes de alta calidade e alto valor recreativo. Como espazos naturais máis importantes sobresaen as Illas de Ons e Onza integradas, ademais de no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, no ZEPVN-LIC (Zona especial protección dos valores naturais-Lugar de Interese Comunitario) do Complexo Ons-O Grove e declaradas ZEPA (Zona de especial protección para as aves) da Illa de Ons, e o Cabo Udra declarado, así mesmo, ZEPVN-LIC; espazos pertencentes polo tanto á Rede galega de espazos protexidos e á Rede Natura 2000. Tamén como espazo natural destacable, delimitado nas Normas Subsidiarias Provinciais (NNSS), está a Carballeira de Coiro, que abarca toda a zona sur e sueste da parroquia de Santiago de Ermelo. Fóra dos espazos naturais protexidos, os diferentes sectores da

costa municipal que manteñen unha elevada rusticidade, conforman tamén un extraordinario conxunto de bens naturais e paisaxísticos.

O territorio municipal posúe un patrimonio cultural e etnográfico de alto valor. Agás na fachada litoral e nos contornos urbanos de Bueu e Beluso, nas áreas que manteñen o carácter rural, os núcleos conservan en boa medida as tipoloxías arquitectónicas tradicionais e no seu contorno desenvólvense usos agrarios centrados especialmente no cultivo da vide. O diverso patrimonio arquitectónico e etnográfico do espazo rural inclúe un rico conxunto de arquitecturas vinculadas á cultura mariñeira e á explotación dos recursos litorais. Tamén é moi interesante o patrimonio etnográfico vinculado ao aproveitamento hídrico, no que destacan os muíños.

En Beluso o patrimonio cultural está constituído principalmente por elementos da arquitectura relixiosa: o conxunto de Santa María de Beluso do s. XII, que inclúe a igrexa, a casa reitoral e un cruceiro, a ermida de San Amedio. Existen elementos arqueolóxicos, os petroglifos de Casas Vellas e de Laxes do lixo, un castro en Bon de Arriba e dúas mámoas no Polígono Industrial de Castiñeiras. Destacar tamén o Castro de Udra, os restos do denominado asentamento de Chan de Encoradoiro e o petroglifo da Bufua. A Ermida de San Amedio acolle unha das romarías máis importantes do Concello.

En Bueu os principais elementos do patrimonio histórico son a Igrexa de San Martiño de Bueu (1865), a Igrexa de Santa Ifigenia, situada dentro do Pazo de Santa Cruz na Carrasqueira, o Pazo de Ouril en Chan de Piñeiro, e a Capela de Santo Reis no Valado. Dada a súa vinculación co mar conserva un patrimonio etnográfico que está formado polo Museo de Masso, a conserveira antiga da Roiba e o Estaleiro de Ribeira (Declarado Ben de Interese Cultural). Os muíños do Río Bispo tamén forman parte deste patrimonio. Festas como a romaría de Santa Ifigenia, a de San Martiño e á do Carne son patrimonio de identidade social.

Na parroquia de Ermelo, destacar o conxunto parroquial da Igrexa e cemiterio de Ermelo. Dentro do patrimonio arqueolóxico, a Mámoa de Paralaia é o elemento máis sobranceiro.

Na parroquia de Santa María de Cela, os achados illados de A Esculca, Pegada de Boi así como A Pedra son testemuñas de asentamentos primitivos na zona. O elemento máis representativo do patrimonio arquitectónico relixioso é a Igrexa de Santa María de Cela, acompañada da súa casa reitoral, ambas as dúas situadas no núcleo de Igraxario. Pola súa parte, a arquitectura civil tamén ten unha abundante presenza neste lugar como testemuñan os elementos de gran valor etnográfico como un conxunto de muíños

localizados ao redor do Río da Pena. Hai que salientar, así mesmo, a existencia da Calzada da Brea.

Na Illa de Ons hai catalogados dous castros, o Castelo dos Mouros e a Cova da Loba, e dous hórreos en Canexol. Outros elementos patrimoniais de interese son un sepulcro antropomorfo, os restos do que puido ser o mosteiro e a dorna, embarcación tradicional característica do exterior das rías.

Nos espazos naturais protexidos de Bueu hai un conxunto de rotas de sendeirismo e miradoiros que permiten aproveitar os recursos paisaxísticos. Na Illa de Ons, hai catro itinerarios formalizados, Rutas Norte, Sur, do Faro e do Castelo, que facilitan a interpretación das paisaxes ao achegarse aos diversos elementos de interese como a furna do Buraco do Inferno, o miradoiro de Fedorentos, as praias ou o Campamento de Natureza. A Ruta de Cabo Udra, permite achegarse ao singular promontorio litoral, percorrendo o litoral de Beluso. Outros itinerarios locais son os formados pola Ruta Urbana, Ruta dos Pazos, Ruta dos Muíños, Ruta dos Abades e Ruta da Auga, que posibilitan o goce do diverso patrimonio natural e cultural do municipio. Ademais, polo termo discorre a rota de sendeirismo comarcal GR-59 ou Roteiro Ecolóxico do Morrazo. Por outra parte, nos altos da Serra do Morrazo, os miradoiros de Paralaia, Ermelo e do Alto da Telleira constitúen excelentes enclaves para contemplar amplas panorámicas das rías e dos arquipélagos de Cíes e Ons.

No que respecta aos espazos de lecer, tamén numerosos no termo, hai que significar amais das vinte praias, as Áreas de lecer de Chan de Esqueiros no Cabo Udra, de Ermelo e das Chans de Cella. Por último, cómpre subliñar a presenza do Porto Deportivo de Beluso e da Aula de Natureza do Cabo Udra, produto da rehabilitación de antigos barracóns militares. Fronte a ela emprázase o Arquipélago de Ons, coas Illas Ons e Onza, que compoñen o singular fondo escénico e referente paisaxístico.

Na conxuntura actual, o recurso máis importante con que conta o municipio de Bueu por mor da benignidade climática e sobranceiros valores ecolóxicos e paisaxísticos, é o seu espazo litoral, tanto como espazo de lecer como paisaxe irrepitible.

Unidades paisaxísticas

No territorio municipal identifícanse tres unidades paisaxísticas principais, o litoral, as valgadas costeiras, e os montes.

O litoral

O litoral de Bueu, que integra ás illas Ons e Onza e está formado, no territorio continental, por unha sucesión de enseadas e saíntes, Enseada de Bueu, Cabo Udra e Ría de Aldán, posúe unhas excepcionais calidades ecolóxicas e estéticas que se manifestan nunha rica diversidade de paisaxes.

A grande Enseada de Bueu é un arco aberto ao mar fosilizado polas areas, formada ao abeiro do Cabo Udra que forza ás correntes de marea a un movemento xiratorio que acelera o colmado por area da badía, creando extensas praias e xerando pequenos tómbolos nos cons próximos á beiramar. A zona oriental da enseada é, polo tanto, unha costa con notables acumulacións areentas nos seus fondos, ben conservada e con areas de elevada naturalidade, como as praias de Lapamán e Covelo.



ENSEADA DE BUEU

A praia de Lapamán, areal de extraordinaria calidade ambiental e alto valor paisaxístico, presenta, así mesmo, interese ecolóxico pola súa grande diversidade de fauna e flora nos cantís e nas rochas litorais. Nela desemboca o pequeno regueiro do Amieiro nunha pequena fraga que aporta frescura, intimidade e complemento paisaxístico ao areal.

As praias de Portomaior e Agrelo son, xunto coa adxacente praia urbana de Loureiro, os grandes areais do municipio, espazos que teñen a máis alta afluencia turística ao seren máis accesibles dende a principal vía de comunicación PO-551 e, dada a súa proximidade ás Vilas de Bueu e Marín, soportan as maiores intensidades de uso tanto local como metropolitano. Praias que se atopan nun mal estado de conservación polo alto nivel de urbanización do seu contorno. A presión turística xerou, nas inmediacións e traseiras das praias, un proceso indiscriminado de construción de vivendas e a aparición de diversos servizos turísticos, máis intensos na tempada estival. Con todo, o conxunto mantén elementos de interese ecolóxico e xeomorfolóxico, como o intermareal e os rochedos litorais, e o cordón dunar que deslinda as praias de Agrelo e Portomaior, condicionado na súa dinámica natural pola estrada que limita coas praias. Na fachada urbana litoral, o promontorio do Monte Gordo constitúe un fito paisaxístico forestal de alcance local.

No corazón da enseada, o núcleo urbano de Bueu, vila mariñeira que experimentou un notable crecemento, adquire unha importancia territorial e paisaxística moi destacada, cunha fronte litoral densamente ocupada por edificacións e moi transformada. As súas paisaxes están especialmente marcadas polas infraestruturas e actividades portuarias. No bordo occidental merece especial consideración, non só por aspectos morfolóxicos, senón tipolóxicos e de integración equilibrada no medio, o asentamento da Praia de Beluso, que conserva o primeiro cuarteirón de edificacións de características e idades similares. Ao seu carón tamén destaca a instalación dun novo porto de carácter mixto, pesqueiro e deportivo.

No litoral de Beluso, as numerosas praias (Sartexéns, Tulla, Buceiro, Mourisca, Pedrón, Ancoradoiro, Lagos, Lagoelas, Areas de Bon, Reventón), caracterízanse pola súa maior rusticidade e naturalidade, derivada do seu relativo afastamento das principais vías de comunicación e dos núcleos de poboación, e excepcionais valores ambientais e paisaxísticos que, en definitiva, as dotan dun grande atractivo turístico. Caracterízanse, ademais, por seren contornos cun moi baixo poboamento e nivel de urbanización, si ben, a proliferación de actuacións edificatorias e urbanizadoras de escasa calidade, que inclúen a privatización das traseiras dalgunhas praias supuxeron agresións de considerable impacto ambiental. O treito costeiro do Cabo Udra e da Ría de Aldán, foi incluído na Rede Natura 2000 como Lugar de Importancia Comunitaria, ao constituír un

territorio de grande importancia ecolóxica, conformando unhas paraxes que sobresaen pola súa beleza e bo estado de conservación.



PRAIA DE AREA DE BON, BELUSO

No que respecta aos territorios insulares, o valor ecolóxico do medio mariño do Arquipélago de Ons é moi elevado, mantendo nas súas augas algúns dos exemplos máis representativos de ecosistemas mariños atlánticos, os cales atesouran unha gran riqueza biolóxica. O medio mariño constitúe un mosaico de hábitats distintos que sustentan unha extraordinaria diversidade de especies de flora e fauna. No tocante ao medio terrestre, fortemente influenciado tamén pola proximidade do océano, destacan os sistemas dunares, os acantilados e as matogueiras de toxo e breixo. Os grandes acantilados de Onza e da cara exterior de Ons, repletos de covas e bufadoiros, entre os que destaca o Buraco do Inferno, presentan un elevado valor natural e paisaxístico. Nas illas atópanse ademais unha moi alta diversidade de hábitats considerados de interese comunitario, algúns deles prioritarios, polas directivas europeas, e numerosas especies protexidas do maior interese para a conservación polo seu elevado grao de ameaza ou singularidade. Espazos insulares integrados no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e na Rede Natura 2000.

As Valgadas Costeiras

Nas valgadas costeiras distribúense a maioría dos asentamentos tradicionais e se desenvolven as áreas agrícolas máis importantes do termo.

Os asentamentos tradicionais distribúense ben na rotura da pendente, no contacto entre o espazo agrícola e forestal, ou ben máis próximos á costa seguindo os camiños rurais que dende o litoral ascenden no interior da paisaxe agraria polos estreitos interfluvios, emprazándose en outeiros e lombas que deixan libres as terras de cultivo do fondo das valgadas. Numerosos e dispersos rúeiros rexían o espazo agrario, predominando os asentamentos de tipo aberto en zonas de topografía menos accidentada, e pechándose os núcleos máis interiores de topografía máis acusada.

A paisaxe agraria é diversa, alternando ámbitos cultivados con arboredos e espazos residenciais, herdeira dunha antiga tradición cultural, xa que os asentamentos rurais sostiveron historicamente unha intensa actividade agropecuaria. A súa estrutura agraria minifundista e de policultivo desenvólvese nas pendentes das valgadas, corrixidas por bancais e muros de pedra a prol dun asollado moi axeitado. A extensión da urbanización e maillos procesos produtivos modernos son factores que igualan as paisaxes, sen embargo, no termo municipal permanece vixente o mosaico de cultivos e aproveitamentos no que destacan as viñas, así como a paisaxe en “bocage” mantida pola entretecida orla de vexetación das ribeiras e as lindes.



VISTA DA PARROQUIA DE CELLA

Nalgúns sectores do termo, a configuración paisaxística dos eidos atópase aínda sen grandes distorsións, ao manter o complexo agrario tradicional relativamente activo e, non ter sufrido en exceso, no interior do espazo agrario, a proliferación de edificacións residenciais. Estas paisaxes agrarias, estruturadas en longos bancais con ribadas suavemente onduladas, son paisaxes culturais de calidade, nas que a súa conformación e complexidade contrasta coa crecente homoxeneidade dos territorios periurbanos, aportando naturalidade e diversidade pola súa maior diversidade de usos e hábitats.

A desaparición da gandería nas últimas décadas propiciou que nos fondos das valgadas e a carón das praias, sobre solos dunha elevada hidromorfía, antigas veigas (con solos recubertos de sedimentos limosos), se desenvolvan comunidades freatófitas de distinto grao de madurez, formadas por salgueiros, loureiros, freixos, chopos e ameneiros, de portes arbustivos e arbóreos, e que nalgúns sectores se continúan polas abas con fragas dominadas por carballos, constituíndo notables e frondosas paisaxes de importancia local. Estruturando as paisaxes, a miúda rede fluvial conforma corredores ecolóxicos que conectan o litoral cos montes do Morrazo.

Hoxe en día, por mor da proximidade e potenciación da directriz lineal nos crecementos dos asentamentos de orixe, produciuse a formación de longos agregados seguindo tanto os antigos camiños como as estradas máis recentes. Na área periurbana, as vertentes con mellores calidades ambientais e paisaxísticas e os bordos das estradas principais aparecen notablemente ocupadas por edificacións residenciais, na súa meirande parte vivendas unifamiliares.



VERTENTE ORIENTAL DA VALGADA DE BUEU COS LUGARES DA GRAÑA, SOUTELO, O NORTE, O OUTEIRO E CIVIDÁ, NO CONTORNO DA AVENIDA DE CANGAS (ESTRADA PO-551)

Os Montes

Os montes de Bueu intégranse nos contrafortes occidentais da Serra do Morrazo, bloques erguidos achaiados que pechan, a modo de crista montañosa, o leste e sur do municipio.

A paisaxe forestal non ten, en xeral, un especial valor ambiental e paisaxístico de seu, xa que está dominada polos cultivos forestais de eucaliptos que cobren os montes de forma masiva e continua, mais consérvanse zonas de grande valor ecolóxico e paisaxístico con masas de frondosas autóctonas, máis importantes nas cabeceiras da rede fluvial. En efecto, a pesar da forte humanización e do intenso uso forestal dos montes da comarca en décadas pasadas, a vexetación autóctona (de recoñecida importancia ecolóxica pola maior diversidade de hábitats e especies, e superior relevancia paisaxística), aínda deixa a súa pegada diferencial nas paisaxes do termo. Entre as carballeiras atlánticas que aínda se manteñen nos montes do termo, salienta a carballeira de Coiro-Ermelo, declarada Espazo Natural da Carballeira de Coiro. Os bosques aluviais, as fragas mixtas, carballeiras, soutos e demais formacións arboradas autóctonas, coa súa naturalidade e diversidade, posibilitan a existencia de espazos de alta calidade visual intrínseca.

Nas superficies de aplanamento cubertas de bosques existen ademais pequenos ámbitos cultivados como na parroquia de Ermelo, constituída por un único asentamento, Ermelo, que rexe a súa propia agra.



NÚCLEO RURAL DE ERMELO

A situación interior, a carón da Carballeira de Coiro, as súas peculiaridades xeográficas e históricas diferenciais, destacados valores patrimoniais, así como o bo estado de conservación do seu hábitat, converte á parroquia nunha paisaxe rural singular a nivel municipal e de moi alta calidade.

Os montes do Morrazo conforman o horizonte das paisaxes urbanas polo sur, e contan con variados recursos ecolóxicos, etnográficos e paisaxísticos que son aproveitados polas rotas de sendeirismo locais centradas na Vila de Bueu. A importancia dos seus valores patrimoniais, a súa extensión e situación no corazón da rexión urbana de Pontevedra e Vigo, xunto coas súas condicións de miradoiro natural fan deste un espazo de lecer básico a nivel comarcal, como queda reflectido polas numerosas rotas de sendeirismo locais, e particularmente da grande rota GR - 59, que discorren por eles.

O perfil arborado dos montes constitúe o pano de fondo das paisaxes litorais, destacándose pola sucesión de relevos interfluviais, algúns moi achegados á costa, cunha alta dominancia visual sobre as rías. O conxunto de montes ten, deste xeito, un especial interese paisaxístico por mor da súa grande visibilidade e, nalgúns sectores, da súa alta fragilidade intrínseca.

Estudo das cuncas visuais

Na análise paisaxística, o estudo das cuncas visuais ten unha grande relevancia. As cuncas visuais constitúen unidades de percepción autocontidas que forman ambientes visuais coherentes e que integran centros de poboación e o seu contorno visual. No territorio municipal, pódense deslindar a grandes trazos seis recintos paisaxísticos principais: no litoral, Lapamán, Cela, Bueu, Beluso e Bon e, no interior, a cunca de Ermelo. Ademais, no territorio insular identifícanse as cuncas de Ons (interior e exterior) e de Onza.


Dende a perspectiva urbanística ten especial interese, sen embargo, a análise das cuncas visuais urbanas, é dicir, o recinto paisaxístico de Bueu, que acolle o principal núcleo urbano do termo. A Vila de Bueu ocupa o fondo da súa enseada e maila pequena depresión que con forma de funil avanza cara ao interior, contida entre vertentes de notable pendente, máis acusadas cara ao oeste.



FRONTE LITORAL DA VILA DE BUEU



O fito paisaxístico do Curuto de Liboreiro, que focaliza as vistas interiores, é un claro referente no sector meridional da parroquia de Bueu, potenciado pola estreitura do val do rego do Bispo, no seu treito superior. Desde as vertentes dos montes situados a oeste e sueste, obtéñense as mellores panorámicas de Bueu e da súa enseada, exemplos disto son o “Pazo de Santa Cruz”, situado na Carrasqueira na vertente oeste, e os barrios tradicionais das marxes.



PANORÁMICA DENDE O ENLEITO

Dende o litoral, o fondo da valgada de Bueu, en grande medida baleiro de edificación na actualidade, é sen embargo, un espazo oculto pola fronte edificada da vila, na que predomina a vivenda colectiva. Así mesmo, é un espazo visualmente robusto dende a estrada principal, PO-551, en función da suave fisiografía dominante e da existencia de continuos edificados nos seus contornos, que inclúen no plano baixo ás dotacións escolares e deportivas da vila.



Pola contra, no sector occidental da Enseada de Bueu, en especial no contorno do “Pazo de Santa Cruz” e das praias de Beluso e A Roiba, a fragilidade visual e das paisaxes é acusada, cun elevado risco de degradación física e ambiental derivada das súas condicións fisiográficas que imposibilitan a miúdo usos diferentes dos forestais, e da súa exposición e alta visibilidade dende o litoral oriental do municipio e mesmo do interior da ría.

No que respecta ás características visuais do Parque Empresarial de Castiñeiras, o seu contido ámbito interior configura unha pequena cunca visual pechada e robusta dende o litoral, amparada polos fortes relevos do Alto da Castiñeira, polo norte, polo Curuto de Liboreiro, polo sur e, polo Alto do Borrallido e os seus contrafortes, polo oeste. A densa cuberta forestal das vertentes, constituída por continuas masas de cultivos forestais de eucaliptos e mimosas mouras, oculta dende as estradas principais o espazo industrial, evitando a súa intrusión paisaxística.



PARQUE EMPRESARIAL DE CASTIÑEIRAS

As cuncas visuais percibidas dende os diferentes sectores do litoral municipal, nos que, ben se producen as maiores densidades de poboación ou ben presentan un uso turístico intenso na época estival, teñen tamén unha grande relevancia na análise paisaxística. Estas adoitan ser frecuentemente pechadas cara ao interior polo compartimentado

territorio, mais permiten ter sempre o escenario forestal de fondo, a miúdo moi próximo, tanto nas zonas nas que a transición cara os montes é brusca, como pola frecuencia dos ámbitos de traspraia con abundosa cuberta vexetal.

Os outeiros que rodean o planalto de Beluso, polo seu característico perfil arborado, forman unhas coroas forestais que protexen os asentamentos e as súas terras de labor. Así mesmo, confinan as vistas, fundamentalmente nas abas expostas cara ao espazo costeiro, orixinando a singular integración paisaxística do seu hábitat tradicional. Pola contra, a zona oriental da parroquia de Cela é moi visible dende o sector costeiro; estas mesmas características prodúcense no leste da parroquia de Bueu, (O Norte, O Outeiro, Xeixide, Cividade) que capta as vistas interiores dende as Praias de Beluso e A Roiba. Así mesmo, por mor da irregularidade costeira, a intervisibilidade nestes sectores é destacada. O elevado grao de solapamento das diferentes cuncas visuais percibidas fan que todo o litoral da Enseada de Bueu e as abas das valgadas costeiras teñan a consideración de ámbitos de alto ou moi alto interese paisaxístico. Tamén dende calquera punto da liña litoral occidental de Beluso, hai boas panorámicas da fronte costeira oposta da Ría de Aldán.

Os ámbitos forestais como os fitos paisaxísticos do Monte Gordo, A Peira, Monte Aguda, etc, que caracterizan ao sector litoral en zonas cunha elevada ocupación humana do espazo, teñen tamén unha notable importancia paisaxística.

Doutra banda, no termo existen diversos puntos panorámicos dende os que é posible abranguer amplos sectores do territorio comarcal. Neles coexisten as propiedades realzadoras das paisaxes derivadas da profundidade da observación e da posición dominante respecto ao escenario paisaxístico, favorecedoras da existencia de situacións que permiten unha visión panorámica do territorio buenense. Os montes de Bueu son bloques erguidos achaiados pertencentes á Serra do Morrazo que, pola súa proximidade á costa e as súas relativamente altas cotas, confírenlle grandiosidade e profundidade ás panorámicas litorais, valores estes que adoitan ser dos máis definitorios para sinalar a calidade dunha paisaxe. Por mor das especiais características topográficas, os montes están dotados dun grande valor receptor de vistas, cunha dominancia ampla nun círculo de varios quilómetros de distancia, cara ao mar, as rías e maillo interior, tal como ocorre nos numerosos miradoiros (Esculca de Ermelo, Monte Paralaia, Alto de Telleira, etc.). As vías de acceso ás áreas forestais que discorren polas abas posúen, do mesmo xeito, panorámicas cara ao mar amplas, sendo necesario articular as medidas tendentes á súa conservación e posta en valor.



VISTA PANORÁMICA DENDE O MIRADOIRO DE CELA

Tamén os núcleos cun emprazamento dominante sobre a Enseada de Bueu e a Ría de Pontevedra como A Costiña, Murráns, O Igrexario, O Burgo, O Río, O Beloso, etc., son puntos de interese visual por ser zonas visualmente privilexiadas, o que constitúe un intrínseco valor paisaxístico. Do mesmo xeito, o complexo sistema viario que percorre o territorio a media ladeira e sobre todo os asentamentos históricos emprazados en posicións prominentes de carácter estratéxico, Outeiro de Cela, Castrelo, A Torre, O Viso, O Outeiro, Bon, etc, constitúen puntos visualmente privilexiados. Así mesmo, cabe destacar a ampla panorámica existente dende o Monte Roxo sobre os sectores litorais de Bueu e de Beluso.

En relación coas condicións de visibilidade do territorio e a accesibilidade á observación, non se debe esquecer a penetración das principais infraestruturas de comunicación por estrada da península do Morrazo que posibilitan a contemplación de diferentes secuencias e escenarios paisaxísticos do litoral e do contorno da Vila de Bueu, mantendo como referencia a Ría de Pontevedra e o Arquipélago de Ons.

En canto aos itinerarios paisaxísticos e estradas escénicas, a estrada EP-1304, cun percorrido en cornixa que transcorre pola grilanda de asentamentos tradicionais da parroquia de Cela, facilita a contemplación de concas visuais moi amplas. Así mesmo, distintos treitos da estrada PO-315 permiten a contemplación do litoral; o treito da estrada que dende a Vila de Bueu ascende pola Achadiza cara o planalto da parroquia

de Beluso permite a contemplación de diferentes escenarios paisaxísticos, inmediatos cara a paisaxe microconstruída da valgada da Achadiza, na que se produce a corrección do acusado desnivel con sucesivos e estreitos bancais, así como vistas próximas cara a Enseada de Bueu e, cando acada a cornixa de Beluso, amplas panorámicas da Ría de Pontevedra e da Península do Salnés.



VISTA DA RÍA DE PONTEVEDRA DENDE A ESTRADA EP-1304

Por último, o emprazamento de Ons, na entrada da Ría de Pontevedra, propiciou a instalación dun faro na parte máis alta da illa. Deste xeito, a ampla cunca visual que se obtén sobre a costa galega convérteo nun fito paisaxístico de referencia do litoral. Os puntos dende os que se obteñen mellores panorámicas do litoral e do conxunto do arquipélago son o Monte Espaduada, a Punta de Fedorento, o Monte Centolo e o devandito Faro de Ons. Nos días despexados tanto esta unidade coma o resto de unidades que se encontran dentro do sector de Illas Atlánticas son observables dende os miradoiros de A Curota (Concello de A Pobra do Caramiñal), ao norte, e A Grova (Concello de Baiona), ao sur.

A modo de síntese, clasifícase o territorio en unidades paisaxístico-ambientais establecidas a partir da integración das calidades paisaxísticas homoxéneas (atendendo a factores fisiográficos, fitosociolóxicos e de usos do solo, fraxilidade paisaxística; presenza de infraestruturas, etc.) e do similar potencial biótico. Unidades delimitadas e

incorporadas como “Concas de interese ambiental e paisaxístico” aos Planos de Información urbanística do Plan.

A partir da análise paisaxística pódese concluír que unha porcentaxe elevada do territorio buenense presenta unha paisaxe de moi alta calidade. Os enclaves de maior valor paisaxístico corresponden ao Arquipélago de Ons e aos contornos do Cabo Udra e da Ría de Aldán, así como ao sector oriental do litoral da Enseada de Bueu, onde as paisaxes son máis sobresaíntes pola súa naturalidade e estado de conservación.

Espazos de interese paisaxístico

Espazos litorais:

- Arquipélago de Ons.
- Cabo Udra.
- Litoral da parroquia de Beluso, cos treitos comprendidos entre o Porto de Beluso e o Cabo Udra, no que se insiren as praias de Sartexéns, Tulla e Mourisca e as Puntas Trimiño, Aguda e Cornide, e da Ría de Aldán que inclúe as Enseadas de Encoradoiro, do Pouso, Cano da Cunca e as Praias de Lago, Area de Bon e do Reventón.
- Litoral da Enseada de Bueu no treito Lapamán - Punta Petís, coas praias de Lapamán, Covelo, Portomaior, Agrelo e Loureiro, e os fitos litorais do Monte Gordo e do Cabezo da Ría.

Áreas interiores de interese litoral:

- Montemogos e A Roza.
- Alto de Castiñeiras e Monte Roxo.
- Alto de Borrallido.
- Curuto de Leboreiro.
- Monte Ermelo.
- Outeiro de Paralaia.
- Montes de Grilo e Parabúa.

Áreas forestais:

- Montes da parroquia de Beluso que inclúen as Fragas do Río Nocedo, de Bon de Abaixo e de Conchusa.
- Montes da parroquia de Bueu, nos que se insiren as fragas do val do río Frade.

- Montes da parroquia de Cela que abranguen as Fragas do Barranco do Inferno, do Rego da Pena, de Beloso e As Paradelas, da Fonte do Barro, da Costa Grande e do Amieiro.
- Montes da parroquia de Ermelo, coas carballeiras de Coiro e Ermelo.

Rotas paisaxísticas ou panorámicas:

- Treitos da estrada EP-1304 comprendidos entre o Igrexario de Cela e Bueu.
- Treitos da estrada PO-315 comprendidos entre a Vila de Bueu e a Rúa Nova de Arriba.

B.2. RISCOS

Os riscos defínense como os posibles fenómenos ou sucesos de orixe natural ou xerados pola actividade humana que poden dar lugar a danos para as persoas ou os seus bens. O territorio está afectado por diversos procesos activos e riscos naturais, que xunto aos riscos asociados ao cambio climático como secas, desbordamento de canles producidos por chuvias de intensidade extraordinaria, e aos riscos por vertidos que provocan o descenso da calidade das augas e a degradación dos ecosistemas, determinan a localización de usos e actividades. No municipio os riscos naturais máis significativos son os relacionados coa posibilidade de ocorrencia de incendios e inundacións. Polo de agora, o Concello de Bueu non ten redactado un Plan de Emerxencia Municipal.

B.2.1. RISCO SÍSMICO

Os terremotos son un dos fenómenos naturais con maior capacidade para producir consecuencias catastróficas, podendo dar lugar a cuantiosos danos en edificacións, infraestruturas e outros bens materiais, interromper gravemente o funcionamento de servizos esenciais e ocasionar numerosas vítimas entre a poboación afectada.

O Plan Especial fronte ao Risco Sísmico de Galicia (SISMIGAL) establece a clasificación sísmica das parroquias de Galicia e encadra ás parroquias do termo dentro da área con perigosidade sísmica V-VI. A vulnerabilidade da edificación do municipio é clasificada como baixa.

B.2.2. RISCO DE INUNDACIÓN

A Directiva 2007/60/CE, de 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, define como risco de inundación a combinación da probabilidade de que se produza unha inundación e das posibles consecuencias negativas para a saúde humana, o medio ambiente, o patrimonio cultural e a actividade económica, asociadas a unha inundación.

As inundacións son fenómenos naturais recorrentes que ocupan, cando ocorren, as chairas aluviais. No último século, estes problemas téñense agravado ao verse estas chairas ocupadas por infraestruturas, vivendas, industrias, así como por unha actividade agrícola moi relacionada cos terreos adxacentes aos cursos fluviais. Porén, os desbordamentos actúan de xeito positivo nas chairas de inundación favorecendo a diversidade de hábitats, laminando as propias avenidas e recargando os acuíferos.

En Galicia veñen sucedéndose, nos últimos anos, inundacións cunha maior reiteración e cun incremento das negativas incidencias para as propiedades e bens, tanto públicos como privados, que orixinan situacións de risco para as vidas humanas e que teñen activado diferentes estudos e plans por parte das administracións, orientados a corrixir e paliar as súas dramáticas consecuencias. O “Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia”, conxunto de normas que constitúen o sistema e o dispositivo de resposta e actuación fronte a calquera situación de emerxencia provocada por inundacións, aprobado o 27 de setembro de 2001 no Consello da Xunta, e publicado posteriormente por Resolución de 13 de marzo de 2002, da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil (DOG nº 78, do 23 de abril), non clasifica ao territorio do concello nas zonas con risco. Tampouco o PHGC, 2003, considera áreas de risco de enchente no municipio.

A pesar de que a Península do Morrazo non está incluída nos devanditos documentos de planificación, dentro das zonas consideradas con Risco de Inundación, este é episódico xa que, asociadas a períodos chuviosos con carácter excepcional ou rango extraordinario, adoitan producirse enchentes nos treitos baixos das cuncas maiores do municipio propiciadas fundamentalmente por temporais do NO. Nestas condicións atmosféricas a drenaxe pode estar notablemente ralentizada, sobre todo ao coincidir coas preamares, xuntándose un aporte elevado á conca por precipitacións moi fortes, en períodos curtos de tempo, con situacións de tapón de sedimentos orixinadas pola elevación do nivel das praias. Nas valgadas da Enseada de Bueu, as redes de drenaxe están condicionadas ademais polas tramas urbanas e estradas, especialmente na principal arteria fluvial, Rego do Bispo ou do Frade, que desemboca baixo a Vila de Bueu. Poden estar condicionadas tamén as concas de drenaxe polo trazado das

infraestruturas viarias, que cortan transversalmente as chairas de anegamento, supoñendo un obstáculo hidráulico.

A Vila de Bueu é, en función do seu emprazamento e das características hidroxeolóxicas da conca, o asentamento do termo que presenta maior risco de sufrir inundacións. De feito, estudos recentes da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa sinalan á conca do Bispo como unha das 23 concas con maior risco potencial na franxa atlántica.

Os episodios de fortes chuvias rexistrados na comarca no última década tiveron, en efecto, unha especial incidencia na vila, orixinando inundacións que ocasionaron importantes perdas materiais na poboación. Inundacións que nos últimos anos acontecen cunha maior reiteración e especial intensidade, provocando negativas incidencias para as propiedades e bens, tanto públicos como privados. Os sistemas de drenaxe de augas pluviais do Parque Empresarial de Castiñeiras e, sobre todo, do Corredor do Morrazo, que intercepta e concentra as augas que baixan dos montes, engaden ao sistema fluvial do rego do Bispo grandes cantidades de auga en curto período de tempo, agravando os problemas de desaugue no treito baixo, amplificando os efectos dos rebordos do rego e orixinando intensas inundacións no contorno urbano.

Na procura de solucións, desenvolvéronse estes últimos anos diferentes estudos e actuacións por parte das administracións, municipal e autonómica, orientados a corrixir e paliar as consecuencias das inundacións na vila. Neste sentido, Augas de Galicia vén de acometer obras de emerxencia consistentes na mellora da desembocadura do rego do Bispo na praia de Banda do Río, e na instalación de novos emisarios submariños. Ademais, executáronse obras no contorno do Centro Social do Mar e da Praza de Abastos, e procedeuse á instalación de infraestruturas de saneamento separativo nas actuacións de reurbanización.

A Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa realizou a Avaliación preliminar do risco de inundación e selección de áreas con risco potencial significativo en zonas costeiras, conforme aos criterios sinalados na referida Directiva e no RD 903/2010, de 9 de julio, de evaluación y gestión de riesgos de inundación.



ÁREAS DE RISCO POTENCIAL SIGNIFICATIVO DE INUNDACIÓN.

Fte.: Avaliación Preliminar de Riscos de Inundación e selección de Áreas con Risco Potencial Significativo en Zonas Costeiras. Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. 2011.

O documento de información pública recolle no termo a Área de Risco Potencial Significativo de Inundación ES 014-PO-03-01-01, asociada ao treito baixo do Rego do Bispo ou do Frade e sinala, así mesmo, a Área de Risco Potencial Significativo de Inundación en Zonas Costeiras de Bueu.

Ademais atópanse en tramitación os Mapas de perigosidade e risco de inundación, segunda das fases establecidas no Decreto.

B.2.3. RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS

Defínese risco de incendio como a probabilidade de que aconteza un lume nunha zona e nun intervalo de tempo determinados. A análise do territorio respecto ao seu risco de incendio forestal é fundamental para unha mellor protección da poboación e dos valores do territorio, así como para unha distribución espacial dos recursos de prevención e extinción contra incendios forestais máis eficaz. O concello inclúese na Demarcación do Morrazo do Distrito forestal XIX Caldas – O Salnés.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ten por obxecto defender os montes ou terreos forestais fronte aos incendios e protexer as persoas e os bens por eles afectados, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de todas as administracións públicas de acordo coa lexislación galega en materia de emerxencias. As parroquias do concello foron declaradas, consonte á devandita lei, como Zonas de Alto Risco de Incendios Forestais (ZAR), establecidas pola administración autonómica na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

En canto aos incendios forestais, cómpre indicar que, segundo a información recollida no IGE sobre Lumes forestais e superficie queimada en Bueu entre os anos 2001 e 2006, a incidencia e recorrencia reflíctese no seguinte cadro:

CADRO Nº 13. LUMES REXISTRADOS NO PERÍODO 2001- 2006 E SUPERFICIE AFECTADA

	Número de lumes forestais	Superficie arborada (Ha)	Superficie rasa (Ha)	Superficie media (Ha)
2001	20	3,03	0,16	0,16
2002	12	0,88	0,22	0,09
2003	9	1,51	1,72	0,36
2004	11	1,68	0,92	0,24
2005	13	2,23	0,23	0,19
2006	6	0,50	0,30	0,13
TOTAL	71	9,83	3,55	0,19

Fte.: IGE. CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL. INCENDIOS FORESTAIS

Non obstante, segundo información facilitada pola Consellería de Medio Rural recollida pola CMATI e remitida ao Concello en setembro 2011, non se produciu ningún incendio que afectase ao municipio de Bueu. A superficie total afectada no período analizado foi inferior ao 0,5% do territorio municipal. Os datos reflectidos arriba indican ademais que a superficie media dos incendios que afectaron ao municipio de Bueu, foi moi baixa, sempre inferior a media hectárea, co que é posible que non se teñan cartografado.

B.2.4. RISCOS XEOTÉCNICOS

Os principais condicionantes xeotécnicos que poden aparecer no territorio municipal son de tipo litolóxico, xeomecánico e hidroxelolóxico debidos fundamentalmente á existencia de depósitos de alteración e altos gradientes topográficos. Por outra parte, os afloramentos de rochas metasedimentarias propician a existencia de zonas nas que, ademais das fortes pendentes, xurdan escorregamentos ou desprendementos de terras favorecidos pola inclinación dos estratos.

Diversas áreas do territorio municipal presentan, en función das características topográficas e xeomorfolóxicas do termo, fortes pendentes e fisiografía complexa. Ademais do déficit de accesibilidade que caracteriza ás áreas con acusado gradiente topográfico, nas pendentes moi fortes e incluso extremas poden aparecer riscos asociados á litoloxía como escorregamentos, desprendementos de rochas, movementos de terras, etc., ben orixinados naturalmente o por efecto das actividades humanas. Así, estas zonas presentan moi fortes condicionamentos para o asentamento residencial por seren inseguras dende o punto de vista xeotécnico, considerándose igualmente pouco convenientes para o seu desenvolvemento urbanístico.

Os depósitos sedimentarios ofrecen tamén diversos problemas xeotécnicos, xeomorfolóxicos e xeomecánicos que condicionan e limitan o desenvolvemento de infraestruturas e edificacións. Os niveis freáticos altos e os incrementos bruscos nos caudais (deficiente drenaxe e posibilidade de inundacións), así como os asentamentos diferenciais (por mor da baixa a moi baixa capacidade de carga e da desigual composición e distribución dos materiais), son problemas comúns nos depósitos e formacións sedimentarias, polo que se consideran pouco adecuados para o desenvolvemento urbanístico. Así mesmo, a existencia de depósitos detríticos pouco ou escasamente consolidados e con diferentes estratos pode orixinar, tanto por causas naturais como por causas antrópicas (desenvolvemento de infraestruturas viarias, actividades construtivas, frontes de explotacións extractivas, etc.), desprendementos e movementos en masa dos materiais.

En consecuencia, o modelo de ordenación debe maximizar a integración territorial e paisaxística dando preferencia ás posicións e configuracións topográficas con características xeotécnicas que permitan o uso residencial de media/alta densidade.

B.2.5. RISCOS TECNOLÓXICOS

Os riscos tecnolóxicos son os propios das sociedades desenvolvidas e derivados do progreso industrial. En función das súas características e emprazamento, as actividades industriais existentes en Bueu non comportan riscos significativos para a poboación do municipio e os seus bens.

En relación co risco derivado do transporte e distribución de substancias e enerxía, tanto superficial como subterránea, hai que salientar que o termo municipal é cruzado, ademais de por unha rede de gas subterránea, por unha liña aérea de alta tensión Lourizán- Cangas, de 66 kV, que pretendeu mellorar o subministro eléctrico de toda a zona sudoccidental da provincia de Pontevedra, duplicando o servizo que chega á subestación de Cangas, servida antes pola LAT Pontesampaio-Cangas de 66 kV.

A instalación de distribución de electricidade en alta tensión discorre en xeral pola ladeira dos Montes do Morrazo cun trazado próximo nalgúns puntos aos núcleos de Ermelo e A Portela, polo que poden supoñer, debido á súa potencial afección á saúde da poboación, un risco de contaminación electromagnética (que é a contaminación producida polas radiacións do espectro electromagnético xeradas por equipos electrónicos ou outros elementos produto da actividade humana).

Por outra parte, existen antenas de telefonía móbil, aínda que coas actuais distancias aos núcleos de poboación, os riscos potenciais negativos para a saúde das persoas e o medio ambiente relacionado coa emisión de ondas electromagnéticas ou radiacións eléctricas doutro tipo, semellan reducidos.

B.3. RECURSOS NATURAIS E POTENCIAL PRODUTIVO

B.3.1. POTENCIALIDADES AGRARIAS

Para definir as aptitudes agronómicas dun territorio adoitan considerarse como factores fundamentais as condicións climáticas, os limitantes xeomorfolóxicos, as propiedades físico-químicas en relación ao seu grosor, textura, estrutura e condicións de fertilidade, e as necesidades autoecolóxicas das diferentes alternativas de produción. O territorio municipal pódese considerar privilexiado polas condicións do seu medio natural, que ten, en liñas xerais, alta aptitude para unha diversidade de cultivos, posibilitando unha agricultura de calidade e fértiles explotacións forestais.

Na Península do Morrazo, as terras cultivadas situadas nos vales e valgadas litorais teñen unha elevada aptitude agronómica. De acordo co método experimentado por Díaz-Fierros e Gil Sotres⁵, que presenta un sistema de clasificación con distintas clases de aptitude en función das calidades da terra, máis do 56% da superficie municipal presenta terras de boa aptitude para o cultivo, labradas de forma intensiva no sistema agrario tradicional e de elevada capacidade agronómica. Os solos cultivados son de grande calidade (cun predominio dos cambisoles), tanto pola súa máis completa evolución edáfica, como polas achegas de cal e de materia orgánica levados a cabo dende antigo polos labregos, e os acondicionamentos das vertentes mediante socalcos e bancais. Nos eidos as alternativas de cultivo son moi amplas e a produtividade potencial climática elevada. Fóra destes ámbitos, presentan polo xeral serias limitacións para o seu aproveitamento agrícola, por pendente excesiva, profundidade insuficiente, así como por mor das limitacións derivadas do réxime hídrico e maila deficiente fertilidade química. Os montes presentan pendentes moderadas e fortes e desigual aptitude forestal xa que inclúen terras que presentan varias limitacións que eivan severamente o seu rendemento produtivo e nas que a súa dedicación debe orientarse cara á conservación dos recursos edáficos, hidrolóxicos, ecolóxicos, etc.

A aptitude das terras labradas, avaliada para un baixo nivel de manexo por Calvo de Anta e Macías (1992), é considerada como óptima ou moi boa para o cultivo nos valgadas e superficies achaiadas. Nos sectores litoral e prelitoral (a alturas inferiores a 300 metros) localízanse os solos de maior aptitude agronómica de Galicia. Nestas zonas as alternativas de cultivo son moi amplas e a produtividade potencial climática moi elevada. O desenvolvemento dos cultivos atopa poucas limitacións climáticas (risco de xeadas inferior aos tres meses, lixeiro déficit hídrico estival, baixa altitude), permitindo unha notable diversificación dos aproveitamentos, e facendo posible o desenvolvemento

⁵ Díaz-Fierros Viqueira, F e Gil Sotres, F. (1984). "Capacidad productiva de los suelos de Galicia". Universidade de Santiago de Compostela.

da floricultura e da hortofruticultura. Tendo en conta a súa potencialidade, posta de manifesto pola existencia de explotacións que a avalan e polas súas propias características, pódese concluír que os eidos do termo presentan solos de alta produtividade agrícola ou gandeira e, polo tanto, teñen especial interese agrario.

Por outra parte, o potencial é tamén moi importante nos seus recursos forestais, tanto dende a perspectiva económica como dende os aspectos ambiental e recreativo. O territorio do termo presenta condicións boas para a produción de diferentes especies de piñeiros e eucaliptos, e elevada aptitude, nos solos profundos e de maior fertilidade, para frondosas con maiores requirimentos edáficos (castiñeiros, chopos, carballos). A produtividade é moi alta nos piñeiros do país (*Pinus pinaster*) e nos eucaliptos (*Eucalyptus globulus*), presentando tamén unhas características edáficas e climáticas adecuadas para a produción de madeira de castiñeiros (*Castanea sativa*).

En función da análise anterior dedúcense unhas vantaxes comparativas, no contexto galego, para o desenvolvemento agrícola. A suma dos valores climáticos e dos recursos edáficos favorecen o seu elevado e diverso potencial produtivo, o que pode supoñer unha destacada riqueza agronómica.

Os solos de boa aptitude agrícola son escasos, tanto no contexto galego e comarcal, como especialmente no municipal, onde a superficie agraria útil non chega acadar a cuarta parte da superficie municipal, polo que resulta necesario preservar este escaso recurso natural. En Bueu e na Comarca do Morrazo, a preservación da excepcional calidade e multifuncionalidade (agrícola, forestal, hidrolóxica, soporte de biodiversidade, etc.) do solo, como recurso natural non renovable, debe converterse nunha estratexia e obxectivo na ordenación do seu territorio, evitando a súa degradación.

B.3.2. RECURSOS ENERXÉTICOS

No sector enerxético, o territorio municipal conta con recursos para o desenvolvemento das enerxías eólica, solar e de biomasa, polo que ten un notable potencial para a produción de enerxía primaria mediante fontes renovables.

As condicións climáticas e as características xeográficas de Galicia favoreceron que o grado de implantación da enerxía eólica na comunidade sexa elevado, situándoa como referente no sector eólico a nivel mundial. A configuración do territorio favorece a intensidade e frecuencia dos ventos, que xa na actualidade están a ser intensamente explotados en varios concellos litorais e sublitorais das Rías Baixas, e existe a previsión da implantación de diversos parques eólicos nos cordais dos montes da rexión urbana Pontevedra-Vigo. Conforme ao Plan Sectorial Eólico de Galicia, as particulares condicións morfoclimáticas da península do Morrazo posibilitan un elevado potencial eólico. Así, boa parte dos seus montes están integrados dentro da Área de Reserva Eólica denominada “Morrazo”, que inclúe parcialmente aos montes de Bueu, nas parroquias de Cela e Ermelo.

En canto á potencialidade para o desenvolvemento da enerxía solar, as características territoriais son das máis apropiadas no contexto galego, tanto no que respecta á configuración territorial como á intensidade da radiación solar, de xeito que permiten acadar unha xeración de enerxía solar con altos rendementos. A instalación de mecanismos para o aproveitamento da enerxía solar termoeléctrica e fotovoltaica con seguimento, é rendible no municipio tanto na escala doméstica como, especialmente, na industrial.

O termo presenta tamén unha elevada potencialidade para o aproveitamento racional e sostible da súa biomasa. Certamente, a potencialidade para o aproveitamento de cultivos enerxéticos con condicións autoecolóxicas favorables e para a produción de biomasa forestal primaria a partir de cultivos forestais de rotación rápida é moi notable. Así mesmo, o uso forestal, que constitúe a ocupación preferente dos solos do termo, posibilita a existencia de superficies cunha alta dispoñibilidade de residuos e subprodutos da madeira aproveitables como biomasa.

B.3.3. RECURSOS MINEIROS E HIDROXEOLÓXICOS

Os recursos xeolóxicos constitúen para o ser humano un dos principais activos naturais, xa que son esenciais para utilizalos en moi diferentes aplicacións que aportan calidade de vida.

Nos recursos mineiros da comarca, destacan os granitos e granitoides, cunha alta potencialidade como rochas industriais por mor do seu aproveitamento como pedra natural. De feito, o granito constitúe, xunto coa lousa, o máximo expoñente do potencial mineiro galego, representados na súa maioría polo sector da pedra natural, onde Galicia é a primeira comunidade autónoma española exportadora e a segunda produtora deste recurso mineral. A este respecto, a folla 16 Pontevedra-La Guardia do “Mapa de Rocas Industriales” publicado polo IGME (E 1:200.000), identifica dúas reservas medianas de rochas graníticas aptas para áridos e rochas de construción, localizadas no veciño municipio de Cangas, moi próximas aos montes do sudoeste do termo.

Na actualidade, atópase en Cangas unha explotación activa cunha canteira no Monte Campelo, adxacente á linde meridional da parroquia de Beluso, na que se extrae e transforma granito para áridos. Segundo a información facilitada pola Xefatura Provincial da Consellería de Economía e Industria, tras a consulta dos arquivos existentes no Servizo de Enerxía e Minas, identifícanse 3 ámbitos con concesión para a explotación de recursos mineiros e 2 con permiso de investigación que afectan ao territorio municipal de Bueu. Son os seguintes:

Concesión de explotación: San Amaro 2520.1
San Amaro 2862.1
San Amaro 2862.2

Permisos de Investigación: Amaro 2862
Castiñeira 2999

En canto á potencialidade dos recursos hidroxelolóxicos locais, hai que destacar que o termo non conta con acuíferos e masas de auga subterránea de importancia.

Aproveitar e xestionar os recursos dunha forma racional é fundamental para o noso benestar e a do medio ambiente en xeral, polo que deberanse activar mecanismos para evitar impactos ambientais críticos que condicionen negativamente a viabilidade futura dos outros recursos do territorio.

B.4. O PATRIMONIO CULTURAL VENCELLADO AO TERRITORIO

As vixentes Normas Subsidiarias recoñecen un reducido número de elementos catalogados.

Como parte dos traballos que conforman a elaboración do documento de redacción do Plan Xeral, realizouse un exhaustivo traballo de campo, estendido á totalidade do termo municipal, de recoñecemento do patrimonio cultural a fin de actualizar ditos precedentes. Complementouse este traballo coas fontes bibliográficas e as relacións de bens inventariados pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

O Termo Municipal de Bueu é rico en patrimonio cultural vencellado ao territorio. Así, teñen grande importancia os elementos vencellados á auga que en gran número se espallan por todo o territorio. Así, os muíños, as fontes, os lavadoiros, ademais de numerosos presentan características constructivas especiais.

A arquitectura tradicional, a civil urbana e do territorio, a relixiosa, así como os elementos arqueolóxicos, conforman o documento do ficheiro de Catálogo que forma parte do presente Plan Xeral.

De seguido incorpórase listado de aqueles elementos de interese patrimonial situados ao exterior da Vila:

ARQUEOLOXÍA

GA36004001	Castro de Udra.	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004002	Castro de Bon de Arriba. Monte do Castro.	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004003	Mámoa de Tomada de Martínez 1.	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004004	A Torre Vella.	SANTA MARÍA DE CELA
GA36004005	Calzada-Urea.	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004006	A Esculca.	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004007	Petroglifo de Marco da Portela.	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004008	Petroglifos de Casas Vellas.	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004009	Mámoa de Santa María de Paralaia.	SANTIAGO DE ERMELO
GA36004010	Abrigos da Praia de Mourisca. Chozos de Chan de Esqueiros	
GA36004011	Xacemento romano de San Martiño.	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004012	Xacemento romano de Pesqueira.	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004013	Pegada do Boi.	SANTIAGO DE ERMELO
GA36004014	Igrexa e Mosteiro de Ermelo.	SANTIAGO DE ERMELO
GA36004015	Mámoas de Costa Grande-Chan de Cella.	SANTA MARÍA DE CELA
GA36004016	Castro de Castrillón.	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004017	Castro de A Cividá.	SAN MARTIÑO DE BUEU

GA36004018	Mámoa de Tomada de Martínez 2.	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004019	Petroglifo de punta Escandiña	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004020	Monte da Vela.	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004021	Monte da Torre.	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004022	Veiga do Con.	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004023	Petroglifos de Laxes do Lixo	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004024	Castro de Castelo dos Mouros. Outeiro da Altura.	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004025	As Cadelíñas.	SANTA MARÍA DE CELA
GA36004026	Mámoa de O Rapadoiro.	SANTA MARÍA DE CELA
GA36004027	Petroglifo de A Bufúa.	SANTA MARÍA DE CELA
GA36004028	Xacemento da Praia de Canexol.	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004029	Mámoa de Agudelo. Chan das Bolas 2.	SANTA MARÍA DE CELA
GA36004030	Chan de Paralaia.	SANTA MARÍA DE CELA
GA36004031	Xacemento romano Vila de Praia Mourisca.	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004032	Petroglifo de Chan de Pólvora 1.	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004033	Petroglifo de Chan de Pólvora 2.	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004034	Petroglifo de Laxe.	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004035	Sartego medieval A Laxe do Grego.	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004036	Punta do Castelo. Castelo de Roda.	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004037	Castelo de Pereiró.	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004039	Mámoa Tomada de Martínez 3	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004040	Mámoa Chan de Paralaia	SANTA MARÍA DE CELA
GA36004041	Petroglifo das Cachopas.	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004042	Petroglifo do Camiño de Abilleira.	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004A01	A Pedra. Alvaria. As Nogueiras.	SAN MARTIÑO DE BUEU
GA36004A02	Bifaz de Chans.	SANTA MARÍA DE CELA
GA36004A04	Gravado do Canexol 1.	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004A05	Gravado do Canexol 2	SAN XOAQUÍN DE ONS
GA36004A06	Chan de Encaladoiro-Puso	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004A07	Achado da Praia de Beluso	SANTA MARÍA DE BELUSO
GA36004D	Pecio de Punta Udra.	SANTA MARÍA DE BELUSO
RE36004001	Pegada do Boi.	SANTIAGO DE ERMELO

ARQUITECTURA CIVIL

CASA ou GRANXA DE OURIL	SANTA MARIA DE BELUSO
PAZO DE SANTA CRUZ ou DE QUITAPESARES	SAN MARTIÑO DE BUEU
PAZO DE ALDAO ou CASA DAS PICAS	SAN MARTIÑO DE BUEU
PAZO DE CASTRELO ou CASA DA COVA	SAN MARTIÑO DE BUEU
CASA DO TORRÓN OU DO PRACER	SANTA MARÍA DE CELA

ETNOGRAFÍA. Catalóganse con carácter xeral os hórreos e canastros, que son Ben de Interese Cultural nas condicións establecidas no Decreto 449, de 22 de febreiro de 1973.

ABRIGO I DA PRAIA DE ANCORADOIRO	SANTA MARIA DE BELUSO
ABRIGO II DA PRAIA DE ANCORADOIRO	SANTA MARIA DE BELUSO
ABRIGO III DA PRAIA DE ANCORADOIRO-PRAIA MOURISCA	SANTA MARIA DE BELUSO

ARQUITECTURA INDUSTRIAL.

ANTIGA FÁBRICA DE SALGADO	SANTA MARIA DE BELUSO
ANTIGA FÁBRICA DE SALGADO	SANTA MARIA DE BELUSO

ARQUITECTURA MILITAR.

BATERÍA DE COSTA DO CABO UDRA	SANTA MARIA DE BELUSO
-------------------------------	-----------------------

ARQUITECTURA RELIXIOSA.

ERMIDA DE SAN MAMEDE	SANTA MARIA DE BELUSO
PARROQUIAL DE STA. MARÍA DE BELUSO	SANTA MARIA DE BELUSO
PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE BUEU	SAN MARTIÑO DE BUEU
CAPELA PAZO DE SANTA CRUZ	SAN MARTIÑO DE BUEU
CAPELA DOS SANTOS REIS	SAN MARTIÑO DE BUEU
CAPELA DE STO. ANTONIO DE PADUA	SAN MARTIÑO DE BUEU
PARROQUIAL DE STA. MARÍA DE CELA	SANTA MARÍA DE CELA
PARROQUIAL DE SANTIAGO DE ERMELO	SANTIAGO DE ERMELO

C. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

C.1. DIVISIÓN E ESTRUTURA PARROQUIAL. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS PARROQUIAS. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

O termo municipal de Bueu, encadrado na comarca do Morrazo xunto con Marín, Cangas e Moaña, ten unha superficie de 30,80 Km², e está dividido en cinco parroquias; unha delas se subdivide para identificar a Vila, que ocupa a posición norcentral, e outra é a illa de Ons. A de Beluso ocupa o occidente contra a ría de Aldán, a de Cela ocupa o oriente en límite con Marín e as de San Martiño e Ermelo están ao sur. Para o establecemento dos seus límites tense en consideración o Mapa dos límites das parroquias de Galicia, onde se realiza unha aproximación cartográfica á delimitación.

Cada unha das cinco parroquias en que se divide o termo municipal de Bueu, incluíndo a subdivisión de San Martiño para separar á Vila presenta as seguintes características.

CADRO Nº 14. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS PARROQUIAS. EVOLUCIÓN RECENTE

PARROQUIA	Superficie	Densidade	Poboación Dereito 1991	Poboación Dereito 2001	Poboación Dereito 2010	Vivendas 1991	Vivendas 2001
	Km ²	Pob. Feito 2001 Hab/Km ²					
BELUSO (Santa María)	9,4	321,49	3.210	3.022	2.849	1.242	1.313
BUEU (San Martiño)	6,6	574,55	3.865	3.792	3.622	1.409	1.523
CELA (Santa María)	6,7	304,93	2.085	2.043	1.965	798	862
ERMELLO (Santiago)	3,3	26,97	99	89	79	29	29
A ILLA DE ONS (San Xoaquín)	4,4	14,32	12	63	78	67	67
BUEU (VILA) (San Martiño)	0,4	9020,00	3.238	3.608	3.775	1.480	1.623
TOTAL	30,8	409,64	12.509	12.617	12.368	5.025	5.417

Fte.: INE/IGE/Concello de Bueu. Elaboración propia.

Se observamos o tamaño vemos que a parroquia de maior extensión corresponde á situada máis ao oeste, a de Beluso que cos seus 9,4 Km² ocupa o 30,5% do territorio municipal. Tamén é a parroquia co maior perímetro de costa estando no seu ámbito, un dos espazos naturais sobresaíntes (Cabo Udra). En canto á poboación ocupa o terceiro lugar despois da Vila e da de Bueu.

En segundo lugar por extensión está a parroquia de Cela que ocupa o 21,8% do territorio situada ao leste, aparece cruzada de leste a oeste pola estrada PO-551, nun percorrido paralelo ao treito de costa que ten esta parroquia. A súa poboación diminúe nas últimas décadas seguindo a tendencia xeneralizada de todas elas excepto a da Illa de Ons e a Vila de Bueu.

Case que coa mesma extensión temos a parroquia de Bueu, na que se subdivide a Vila inserida nela. Coa máxima poboación, despois desta, o asentamento nela prodúcese maioritariamente nos núcleos situados ao seu carón. No seu territorio desenvólvese a zona industrial do Parque Empresarial de Castiñeiras en A Portela.

A parroquia da Illa de Ons é a formada polas illas de Ons e Onza, e ocupa unha superficie do 14,3% do territorio municipal. A súa consideración como espazo natural sobresaínte emana na súa propia morfoloxía e condicións naturais excepcionais con alto valor biolóxico e ecolóxico.

A parroquia de Ermelo cunha superficie do 10,7% da municipal, ocupa a posición máis interior de todas elas, sendo o seu territorio maioritariamente de uso forestal, excepto no seu centro no que se localiza o núcleo do mesmo nome e a súa agra inmediata de cultivo. As súas condicións topográficas dotan a este asentamento dunhas calidades especiais de núcleo pechado en améndoas. A súa poboación diminuíu nas últimas décadas, manténdose o número de vivendas na década censual 1991-2001.

Por último, sen entidade como parroquia, pero subdividida de San Martiño de Bueu, a Vila constitúe a zona máis urbana do Termo Municipal en contacto co Porto. A súa topografía, máis suave, e a situación no fondo da enseada, propiciou a concentración deste núcleo urbano. Analizando os datos poboacionais vemos que é aquí onde se concentra o incremento da poboación experimentado polo municipio de Bueu nas últimas décadas. Tamén o número de vivendas se incrementa a un ritmo superior ao crecemento poboacional.

Estas cinco parroquias acollen no seu territorio un total de 53 núcleos segundo a mesma fonte censual. Recentemente e, desde o punto de vista censual, o Concello recolle a aparición dun novo núcleo na parroquia de Cela denominado Agrelo, co que totalizan na actualidade un total de 54 entidades.

C.2. IDENTIFICACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS NÚCLEOS. FUNCIÓN. NÚCLEOS PRINCIPAIS

As 54 entidades identificadas no Termo Municipal pódense considerar como pertencentes a aglomerados que á súa vez forman un tecido continuo sobre a base dunha tupida rede de camiños e unhas vías de comunicación principais, as estradas PO-551 e PO-315 sobre as que se reproduce o fenómeno dunha forma lineal.

Na seguinte relación de entidades por parroquias identifícanse os núcleos singulares fronte aos agregados.

Relación de entidades de poboación por parroquias

1. PARROQUIA DE BELUSO (Santa María).

- *A Achadiza.*
- *O Cabalo – A Costa de Figueirón.*
- Sar – A Roza – A Rúa Nova de Arriba – Montemogos. – A Rúa Nova de Abaixo – *Chan de Piñeiro – Vilar.*
- *A Praia de Beluso.*
- San Amedio – Bon de Abaixo – Bon de Arriba.

2. PARROQUIA DE BUEU (San Martiño) E BUEU VILA.

- *Bueu Vila – A Carrasqueira – A Ramorta – O Enleito – O Valado.*
- *Loureiro – As Meáns – Petís – A Canceliña – Soutelo.*
- O Norte – O Outeiro – A Cividá – Xeixide.
- A Graña – Trasouto.
- A Portela.
- Meiro – A Casela.

3. PARROQUIA DE CELA (Santa María).

- Sabarigo.
- A Fonte Alta.
- Castrelo – A Costiña – Pousada – Murráns.
- Igrexario – A Pena – O Burgo – O Río.
- Paradela.
- *O Souto – A Torre - Agrelo.*
- Gándara – As Castiñáns – Antepazo – A Cabreira – O Beloso – O Viso⁶

⁶ En parte pertence á parroquia de Bueu (San Martiño).
En cursiva: núcleos con características urbanas.

4. ERMELO (Santiago).

- Ermelo.

5. A ILLA DE ONS (San Xoaquín).

- A Illa de Ons.

Dentro do territorio municipal existe un núcleo que sobresae dos restantes polas súas características nidiamente urbanas, no que se agrupan a maioría dos servizos e dotacións municipais, principalmente as de sistema xeral de servizo a tódolos habitantes do municipio. Trátase da Vila de Bueu, na que se concentran o maior número de comercios de todo tipo, os servizos profesionais e persoais e os establecementos de ocio, ademais das dotacións dotacionais xa comentadas.

Analizando pormenorizadamente as parroquias, vemos que nalgunhas destacan varios núcleos pola súa funcionalidade e oferta de servizos.

Así, na parroquia de Beluso, o núcleo de A Roza, no que se localiza o conxunto Igrexa-Cemiterio, se presenta como o núcleo principal histórico. Sen embargo, o desenvolvemento experimentado polos núcleos de A Praia de Beluso e o agregado A Rúa Nova de Arriba-O Cabalo-A Costa de Figueirón, fixeron que neles se concentrasen a maioría da oferta dotacional de tipo local (colexios, zona deportiva e centro sociocultural) e os servizos e comercios básicos que serven á totalidade da parroquia, con bastante dependencia da traza da estrada PO-315. Os dous últimos presentan características nidiamente urbanas e son os que estiveron sometidos ao maior crecemento demográfico e residencial. A boa accesibilidade e o contacto coa costa xustifican este desenvolvemento.

Na parroquia de Cela, o ámbito de orixe sitúase a carón do Igrexario, no que se localiza o conxunto Igrexa-Cemiterio-Campo da Festa; e xa de época máis recente, o sociocultural Torrecino.

O reparto da oferta dotacional cara a outros núcleos da parroquia, así como a forte atracción que supón a estrada PO-551 para a localización de comercios e servizos, fan que esta función de núcleo principal sexa trasladada aos da Torre (colexio e zona deportiva), Castrelo, Loureiro, O Souto, en contacto coa estrada. Nun segundo nivel aparece nesta parroquia o núcleo de As Castiñáns, no que se localizan dous establecementos (comercial e hostaleiro).

A parroquia de Ermelo, dado que só contén un núcleo no seu territorio, concentra neste, toda a oferta dotacional (Igrexa-Cemiterio).

A parroquia de Bueu-San Martiño presenta como núcleo principal o agregado O Enleito-O Valado, no que se localiza o conxunto Igrexa-Cemiterio, escola de música e escola infantil. A súa contigüidade coa Vila provoca que nesta parroquia non existan outros núcleos que compartan a función de servizo local.

A parroquia da Illa de Ons presenta un só núcleo no que se localiza a igrexa e algún servizo hostaleiro e de abastecemento. A declaración como Parque Nacional ao conxunto das Illas Atlánticas, que inclúe a de Ons entre outras, supón a súa adscripción á “Ley de Patrimonio Natural y Biodiversidad”, polo que está confeccionándose un Plan Rector que ordena os usos que se permiten no seu territorio. O documento foi sometido a información pública en data 28.08.2011, polo prazo dun mes.

O estudo demográfico municipal recóllese no apartado A.2.2. da Información Urbanística. A continuación detállase a evolución demográfica dos núcleos e parroquias de Bueu desde 1981 ata 2010, así como as densidade medias parroquiais no ano 2010 sendo subliñables as da Vila e a contigua de Bueu (San Martiño).

CADRO Nº 15. EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DOS NÚCLEOS E PARROQUIAS DE BUEU

CÓDIGO	NOME NÚCLEO	POB. FEITO	POB. DEREITO	POB. FEITO	POB. DEREITO	POB. DEREITO	POB. DEREITO	VARIAC. P. D.	VARIAC. P. D.	VARIAC. P. D.	SUP. Km ²	DEN. FEITO 2010
		1981	1981	1991	1991	2001	2010	2001-2010	1991-2001	1981-1991		HAB/ Km ²
40101	A Achadiza	174	175	211	230	202	190	-12	-28	55		
40102	Bon de Abaixo	273	278	246	252	237	217	-20	-15	-26		
40103	Bon de Arriba	136	140	118	122	90	71	-19	-32	-18		
40104	O Cabalo	400	400	354	412	389	337	-52	-23	12		
40105	A Costa de Figueirón	89	89	83	89	99	97	-2	10	0		
40106	Chan de Piñeiro	156	158	122	131	137	99	-38	6	-27		
40107	Montemogos	521	525	479	513	466	476	10	-47	-12		
40108	A Praia de Beluso	118	118	96	105	98	98	0	-7	-13		
40109	A Roza	232	233	226	243	201	204	3	-42	10		
40110	A Rúa Nova de Abaixo	257	263	226	259	254	229	-25	-5	-4		
40111	A Rúa Nova de Arriba	374	383	307	333	353	331	-22	20	-50		
40112	San Amedio	117	121	102	107	94	88	-6	-13	-14		
40113	Sar	260	264	210	226	227	248	21	1	-38		
40114	Vilar	199	200	172	188	175	164	-11	-13	-12		
40100	BELUSO (Santa María)	3.306	3.347	2.952	3.210	3.022	2.849	-173	-188	-137	9,4	303,1
40201	A Canceliña	102	104	58	66	154	208	54	88	-38		
40202	A Carrasqueira	368	378	409	442	437	380	-57	-5	64		
40203	A Cividá	174	175	128	141	121	110	-11	-20	-34		
40204	O Enleito	30	33	24	26	17	34	17	-9	-7		
40205	A Graña	424	450	325	361	357	349	-8	-4	-89		
40206	Loureiro	152	161	158	169	167	155	-12	-2	8		
40207	As Meáns	214	221	229	250	259	259	0	9	29		

CÓDIGO	NOME NÚCLEO	POB. FEITO	POB. DEREITO	POB. FEITO	POB. DEREITO	POB. DEREITO	POB. DEREITO	VARIAC. P. D.	VARIAC. P. D.	VARIAC. P. D.	SUP. Km ²	DEN. FEITO 2010
		1981	1981	1991	1991	2001	2010	2001-2010	1991-2001	1981-1991		HAB/Km ²
40208	Meiro	421	425	352	411	364	359	-5	-47	-14		
40209	O Norte	399	414	351	402	411	368	-43	9	-12		
40210	O Outeiro	185	186	167	180	173	157	-16	-7	-6		
40211	Petís	135	138	55	57	50	53	3	-7	-81		
40212	A Portela	284	294	259	284	256	236	-20	-28	-10		
40213	A Ramorta	362	364	318	342	312	306	-6	-30	-22		
40214	Soutelo	162	162	134	146	140	155	15	-6	-16		
40215	Trasouto	170	175	140	150	146	141	-5	-4	-25		
40216	O Valado	333	337	289	315	308	243	-65	-7	-22		
40217	O Viso	68	68	85	91	93	81	-12	2	23		
40218	Xeixide	33	34	29	32	27	28	1	-5	-2		
40200	BUEU (San Martiño)	4.016	4.119	3.510	3.865	3.792	3.622	-170	-73	-254	6,6	548,8
40401	Antepazo	44	44	42	44	40	54	14	-4	0		
40402	O Beloso	85	85	89	92	89	106	17	-3	7		
40403	O Burgo	116	117	80	88	74	67	-7	-14	-29		
40404	A Cabreira	60	60	55	62	71	67	-4	9	2		
40405	As Castiñáns	342	342	332	367	299	298	-1	-68	25		
40406	Castrelo	269	269	280	305	306	282	-24	1	36		
40407	A Costiña	70	70	71	79	68	59	-9	-11	9		
40408	A Fonte Alta	68	68	50	55	56	41	-15	1	-13		
40409	Gándara	88	88	54	61	62	53	-9	1	-27		
40410	Igrexario	74	74	76	83	100	92	-8	17	9		
40411	Murráns	90	91	75	80	61	58	-3	-19	-11		
40412	Paradela	42	42	37	38	31	30	-1	-7	-4		
40413	A Pena	81	83	98	107	111	109	-2	4	24		
40414	Pousada	57	58	41	41	39	41	2	-2	-17		
40415	O Río	46	46	52	55	51	41	-10	-4	9		
40416	Sabarigo	179	179	200	216	205	211	6	-11	37		
40417	O Souto	62	62	55	62	61	49	-12	-1	0		
40418	A Torre	251	251	235	250	252	240	-12	2	-1		
40419	Agrelo					67	67	0	67	0		
40400	CELA (Santa María)	2.024	2.029	1.922	2.085	2.043	1.965	-78	-42	56	6,7	293,3
40501	Ermelo	94	94	95	99	89	79	-10	-10	5		
40500	ERMELO (Santiago)	94	94	95	99	89	79	-10	-10	5	3,3	23,9
40601	Ons	20	20	10	12	63	78	15	51	-8		
40600	A ILLA DE ONS (San Xoaquín)	20	20	10	12	63	78	15	51	-8	4,4	17,7
40301	Bueu (Vila)	2.501	2.545	3.017	3.238	3.608	3.775	167	370	693		
40300	BUEU VILA (San Martiño)	2.501	2.545	3.017	3.238	3.608	3.775	167	370	693	0,4	9.437,5
40000	TOTAL MUNICIPAL	11.961	12.154	11.506	12.509	12.617	12.368	-249	108	355	30,8	401,6

Fte.: INE-IGE. Censos e Padróns municipais. Concello de Bueu. Elaboración propia.

C.3. DINÁMICA TERRITORIAL EN DESENVOLVEMENTO DO PLANEAMENTO VIXENTE

As vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento establecen unha delimitación dos núcleos así como áreas de solo non urbanizable sen protección específica, nas que se desenvolveu ao longo dos 25 anos de vixencia a actividade edificatoria fóra da Vila.

En canto aos núcleos de poboación, en xeral foron respectadas as delimitacións establecidas no planeamento se ben parte das edificacións sitúanse no contorno inmediato, como segundas liñas de edificación respecto ás vías que estruturan os núcleos ou, noutros casos, nos baleiros existentes.

A distribución espacial das licenzas concedidas nese período reflíctense no cadro seguinte, no que se pode observar o forte peso da Vila como receptora de nova vivenda principalmente de tipo colectivo. A parroquia de Bueu San Martiño, concentra o maior número de licenzas para vivendas unifamiliares, sendo significativas as de Meiro. Na parroquia de Cela os agregados que acollen o maior número de licenzas na década recente sitúanse en Castrelo-Pousada, Souto-A Torre e Sabarigo.

CADRO Nº 16. LICENZAS CONCEDIDAS DESDE A ENTRADA EN VIGOR DAS NORMAS 1986-2010. CONCELLO DE BUEU

	VIVENDA UNIFAMILIAR		VIVENDA COLECTIVA	
	VA	%	VA	%
Beluso (Sta. María)	114	28,6	50	4,0
Bueu (San Martiño)	142	35,6	71	5,7
Cela (Sta. María)	118	29,6	10	0,8
Ermelo (Santiago)	-		-	
Illa de Ons (San Xoaquín)	-		-	
BUEU (VILA)	25	6,3	1.104	89,4
TOTAL PARROQUIAS	374	93,7	131	10,6
TOTAL MUNICIPIO	399	100,0	1.235	100,0

Ao final do presente apartado amósase o cadro da evolución recente experimentada polas vivendas tomando como referencia o número delas que recollen os censos do 81 e do 91 e completando a táboa coas licencias concedidas desde 2001 ata 2010, facilitadas polos servizos técnicos municipais.

Analizando o cadro vemos que na década 81-91 só diminúe o número de vivendas en 9 dos 53 núcleos censuais. Comparando estes datos cos de poboación xa comentados en apartados anteriores, observamos que o descenso era maioritario en case todos os núcleos. É subliñable o feito de que un dos núcleos que perdeu vivendas, Ermelo, gañe

poboación na mesma década. No período 91-10 sen embargo, mantense o número de vivendas e diminúe a poboación.

O caso da Illa de Ons é máis subliñable no período 1991-2010 posto que fronte o mantemento de vivendas, obsérvase un aumento de poboación, debido posiblemente a circunstancias singulares.

No resto dos núcleos a tendencia é a un incremento xeneralizado das vivendas fronte aos lixeiros aumentos poboacionais ou incluso fronte a descensos de poboación máis ou menos moderados.

A capacidade residencial do solo delimitado nos núcleos rurais está aínda lonxe de ser esgotada, quedando solo de compleción.

En canto ao solo non urbanizable e as súas proteccións, as características polas que o solo fora clasificado como non urbanizable e de protección, mantéñense en xeral. Así, as grandes pezas de solo agrícola e de protección forestal víronse en xeral alleas á presión edificatoria, se exceptuamos algún caso en proximidade aos núcleos de poboación. O carácter destes solos, polo tanto, afírmase e ten sentido manter a súa clasificación cos axustes e matizacións necesarios.

En canto ao solo non urbanizable en réxime normal, as novas edificacións situáronse, en xeral no contorno das delimitacións dos núcleos, se ben existe un proceso paulatino de ocupación xeneralizada fundamentado sobre o soporte dun viario menor de enlace entre núcleos; este proceso de principio de ocupación de terreos de uso agrícola, céntrase, con maior intensidade nos núcleos situados a leste e oeste de Bueu-Vila e na ladeira da parroquia de Cela.

Neste sentido, debe sinalarse que existen grandes pezas de solo de uso agrícola localizadas entre os núcleos situados ao leste e oeste de Bueu-Vila, cun tratamento na Norma vixente que pasa por unha clasificación de solo non urbanizable en réxime normal, que se ben debe ser mantido, debe reconsiderarse a oportunidade de establecer unha protección específica dos mencionados usos agrícolas que recoñeza a súa realidade e garanta a preservación destas pezas libres de edificación.

CADRO Nº 17. EVOLUCIÓN DAS VIVENDAS DOS NÚCLEOS E PARROQUIAS DE BUEU

CÓDIGO	NOME NÚCLEO	VIVENDAS	VIVENDAS	VIVENDAS	VARIAC VIV	VARIAC VIV	% VAR.	% VAR.
		1981	1991	2010	1981-1991	1991-2010	1981-1991	1981-2010
040101	A Achadiza	67	73	76	6	3	109	113,4
040102	Bon de Abaixo	89	137	151	48	14	153,9	169,7
040103	Bon de Arriba	38	43	46	5	3	113,2	121,1
040104	O Cabalo	102	115	129	13	14	112,7	126,5
040105	A Costa de Figueirón	28	28	33	0	5	100	117,9
040106	Chan de Piñeiro	54	53	57	-1	4	98,1	105,6
040107	Montemogos	164	221	231	57	10	134,8	140,9
040108	A Praia de Beluso	68	72	77	4	5	105,9	113,2
040109	A Roza	67	77	85	10	8	114,9	126,9
040110	A Rúa Nova de Abaixo	70	75	79	5	4	107,1	112,9
040111	A Rúa Nova de Arriba	109	117	141	8	24	107,3	129,4
040112	San Amedio	33	36	37	3	1	109,1	112,1
040113	Sar	81	135	146	54	11	166,7	180,2
040114	Vilar	51	60	64	9	4	117,6	125,5
040100	BELUSO (Santa María)	1.021	1.242	1.352	221	110	121,6	132,4
040201	A Canceliña	34	61	63	27	2	179,4	185,3
040202	A Carrasqueira	113	151	156	38	5	133,6	138,1
040203	A Cividá	51	49	60	-2	11	96,1	117,6
040204	O Enleito	10	10	15	0	5	100	150,0
040205	A Graña	127	131	153	4	22	103,1	120,5
040206	Loureiro	90	126	127	36	1	140	141,1
040207	As Meáns	55	89	123	34	34	161,8	223,6
040208	Meiro	126	131	149	5	18	104	118,3
040209	O Norte	132	140	149	8	9	106,1	112,9
040210	O Outeiro	53	57	69	4	12	107,5	130,2
040211	Petís	75	28	29	-47	1	37,3	38,7
040212	A Portela	88	92	98	4	6	104,5	111,4
040213	A Ramorta	94	103	118	9	15	109,6	125,5
040214	Soutelo	47	50	52	3	2	106,4	110,6
040215	Trasouto	49	54	56	5	2	110,2	114,3
040216	O Valado	94	100	106	6	6	106,4	112,8
040217	O Viso	18	25	30	7	5	138,9	166,7
040218	Xeixide	11	12	15	1	3	109,1	136,4
040200	BUEU (San Martiño)	1.267	1.409	1.568	142	159	111,2	123,8
040401	Antepazo	11	19	20	8	1	172,7	181,8
040402	O Beloso	35	35	40	0	5	100	114,3
040403	O Burgo	37	26	32	-11	6	70,3	86,5
040404	A Cabreira	21	24	26	3	2	114,3	123,8
040405	As Castiñáns	114	154	160	40	6	135,1	140,4
040406	Castrelo	80	101	125	21	24	126,3	156,3
040407	A Costiña	19	22	26	3	4	115,8	136,8

CÓDIGO	NOME NÚCLEO	VIVENDAS	VIVENDAS	VIVENDAS	VARIAC VIV	VARIAC VIV	% VAR.	% VAR.
		1981	1991	2010	1981-1991	1991-2010	1981-1991	1981-2010
040408	A Fonte Alta	21	20	23	-1	3	95,2	109,5
040409	Gándara	25	24	26	-1	2	96	104,0
040410	Igrexario	25	28	33	3	5	112	132,0
040411	Murráns	24	25	0	1	-25	104,2	0,0
040412	Paradela	10	9	9	-1	0	90	90,0
040413	A Pena	25	27	29	2	2	108	116,0
040414	Pousada	17	18	27	1	9	105,9	158,8
040415	O Río	12	13	17	1	4	108,3	141,7
040416	Sabarigo	76	123	134	47	11	161,8	176,3
040417	O Souto	22	22	22	0	0	100	100,0
040418	A Torre	78	108	125	30	17	138,5	160,3
040419	Agrelo			10		10		
040400	CELA (Santa María)	652	798	884	146	86	122,4	135,6
040501	Ermelo	34	29	29	-5	0	85,3	85,3
040500	ERMELO (Santiago)	34	29	29	-5	0	85,3	85,3
040601	Ons	76	67	67	-9	0	88,2	88,2
040600	A ILLA DE ONS (San Xoaquín)	76	67	67	-9	0	88,2	88,2
040301	Bueu Vila	903	1480	2310	577	830	163,9	255,8
040300	BUEU VILA (San Martiño)	903	1.480	2.310	577	830	163,9	255,8
040000	TOTAL MUNICIPAL	3.953	5.025	6.210	1.072	1.185	127,1	157,1

Fte.: INE-IGE. Concello de Bueu. Elaboración propia.

C.4. ANÁLISE DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN

C.4.1. MORFOLOXÍA

As entidades tradicionais responden aos esquemas clásicos coas variacións impostas pola topografía. Os núcleos orixinais centran a súa aglomeración primitiva sobre un elemento significativo da rede de camiños (cruces, encrucilladas, etc.), que caracterizan con elementos colectivos significativos (cruceiros, fontes, capela-igreja, campo de festas, etc.) que para algún núcleo coincide coa maior ou única actividade comercial.

En canto á estrutura interna destes núcleos, hoxe xa é difícil de sintetizar en esquemas ao desbordarse o modelo tradicional de ocupación do territorio ou polo rápido crecemento dos últimos anos unido a un cambio de valoración de recursos. Pódese non obstante reducir a esquemas sinxelos a estrutura-soporte destes asentamentos e o seu crecemento. Os elementos máis característicos que interveñen na súa definición son o parcelario (agrícola), a rede de camiños e a especial configuración topográfica. A interrelación destes, xunto con outros que podemos considerar secundarios, aínda que na orixe puideran ser determinantes, configuran unhas tipoloxías de asentamentos en base á súa morfoloxía que poden reducirse ás seguintes:

- Orixe en cruce ou eixe e desenvolvemento lineal.
- Orixe en cruce ou eixe e desenvolvemento de tecido simple.
- Orixe en cruce ou eixe e desenvolvemento en tecido xerarquizado.

As dúas primeiras son as que, a primeira vista, posúen menos carácter “urbano” con dificultades para acadar coa tipoloxía dominante densidades que superen as 10 vivendas/Ha, o primeiro por insuficiencia interna e o segundo por incapacidade funcional.

O terceiro, máis complexo, ofrece máis alternativas ao desenvolvemento interno e de crecemento e polo tanto acada ou pode acadar, en xeral, densidades maiores que xeren características máis “urbanas”.

Normalmente a topografía actúa determinando que esta complexidade dos núcleos se limite a unha estrutura viaria perpendicular ás máximas pendentes, paralelas entre si e na maioría dos casos de carácter peonil. Unha desas vías toma o papel de eixe (por capacidade ou de nova creación ao trazar as vías locais polo bordo do antigo núcleo) e serve de apoio ao crecemento lineal máis recente, dividindo as parcelas en dous tipos: as de fronte a vía e as traseiras con acceso de servidume xeralmente.

O crecemento apoiado na vía, soluciona o problema da accesibilidade inmediata, pero produce unha extensión da dispersión coa conseguinte ocupación de solo e outros recursos, así como un desaproveitamento da estrutura existente do núcleo orixinario nos casos de que sexa capaz de absorber ese crecemento sen problemas funcionais, como adoita suceder na maioría. Cando se plantea o crecemento sobre parcelas sen acceso directo a viario ou a través de sendas e servidumes, a falta de visión de conxunto ao obedecer a iniciativas individuais (sen entrar en que marco legal puido apoiar tal iniciativa) fai que queden ao marxe da estrutura xeral do núcleo (non a completan senón que a complican máis e máis).

A morfoloxía fundamental dos núcleos mantense en calquera dos tres casos, sen que o cambio tipolóxico (edilicio, de uso e de forma de uso) provoque unha adaptación previa capaz de facer desa morfoloxía un soporte válido para ese crecemento: é dicir a morfoloxía, resultado dun proceso de ocupación por formas tradicionais de edificación residencial (antigos rueiros, agrupación de unidades básicas agrícolas co conseguinte maclado de vivendas, edificios auxiliares, currais e hortas), sobre un determinado territorio non pode ser válida sen as previas adaptacións, completamentos, etc., como soporte de novas formas de edificación e de uso, onde o agrícola pasa a desaparecer (2ª residencia) ou a ser totalmente marxinal, aínda que a tipoloxía edificatoria siga sendo maioritariamente de residencia unifamiliar. Se a isto se une a necesidade dun viario adaptado ao automóbil, de novos espazos comunitarios, de implantación de servizos urbanísticos que garantan a salubridade da poboación, etc., a necesidade de intervir introducindo elementos de racionalidade faise patente.

C.4.2. CONSOLIDACIÓN, DENSIDADE E NIVEL DE URBANIZACIÓN

Análise da densidade dos núcleos rurais.

A análise realízase en base ás delimitacións de entidades de poboación contidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de 1987, sendo o número de vivendas o existente no ano 2001.

A relación de núcleos adxunta, agrupada por parroquias, indica a superficie delimitada e a densidade sobre o número de vivendas existentes.

Destes datos obtense:

- a) As densidades en todo o Termo Municipal oscilan entre as 27 e 4 viv/Ha, sendo un dato que necesita ser completado e contrastado co nivel de consolidación, morfoloxía de agrupación, dinamicidade, tamaño, etc.
- b) Os núcleos que pola súa situación xeográfica se atopan máis apartados dos sistemas de comunicación locais e cunha presión edificatoria menor que no resto de entidades, manteñen a súa densidade entre 10 e 4 viv/Ha.
- c) As entidades onde as densidades de ocupación son maiores (entre 27 e 10 viv/Ha), teñen a súa localización próxima á Vila.

De seguido desenvólvese un cadro explicativo:

CADRO Nº 18. DENSIDADES RESIDENCIAIS DOS NÚCLEOS OU AGREGADOS SEGUNDO AS NORMAS SUBSIDIARIAS VIXENTES

AGREGADO OU NÚCLEO	SUPERFICIE HA.	Nº VIVENDAS	DENSIDADE 2001 VIV/HA.
O Cabalo-Sar-A Roza- A Rúa Nova de Arriba-A.R.N. de Abaixo-A Praia de Beluso-Chan de Piñeiro-Vilar-Montemogos-A Costa de Figueirón.	87,5	1.147	13,11
A Achadiza.	2,8	76	27,14
San Amedio-Bon de Abaixo-Bon de Arriba.	21,0	90	4,29
A Carrasqueira-O Enleito-O Valado-A Remorta.	20,1	384	19,1
Trasouto-A Graña.	15	204	13,6
A Cividá-Xeixide-Soutelo-O Outeiro-O Norte-A Canceliña-As Meáns-Petís Outeiro.	28	671	23,9
Meiro	12	140	11,67
A Portela.	13,3	97	7,30
Gándara-As Castiñáns-Antepazo-A Cabreira-O Beloso-O Souto- A Torre- O Viso.	46,0	424	9,22
Sabarigo-Agrelo.	3,3 + 9,8	126	9,62
Castrelo-A Costiña-Murráns-A Pousada.	17,2	177	10,3
Igrexario-A Pena-Pousada-O Burgo-O Río.	16,7	101	6,05
A Fonte Alta.	5,5	22	4,00
Ermelo.	5,5	29	5,28

Fte.: Normas Subsidiarias Municipais. Censos de Vivenda. Elaboración propia.

Nivel de urbanización.

O estado de urbanización dos núcleos rurais non pode darse en xeral por satisfactorio, posto que os problemas de infraestruturas, servizos e equipamentos non se atopan resolvidos ao nivel desexable, pese ao labor desenvolvido nestes últimos anos.

O viario de soporte non dispón en xeral das seccións adecuadas nin das condicións de pavimentación idóneas ao seu uso; grande parte do viario, non especialmente cualificado, discorre por zonas de topografía ingrata, co que a súa formalización é especialmente complexa. Débese establecer unha xerarquización viaria axeitada, que permita centrar os esforzos de mellora de seccións nelas, mantendo os demais coa estrutura que presentan.

En canto aos servizos urbanísticos, a maioría dos núcleos posúenos pero algúns só parcialmente, faltando por resolver algúns problemas de abastecemento de auga, rede de sumidoiro, iluminación pública ou adecuacións do espazo público.

Desde o Plan potenciarase a consolidación das entidades de poboación ao obxecto de obter uns umbrais de densidade e concentración que permita a implantación sistemática de servizos (abastecemento de auga e rede de sumidoiros fundamentalmente) e o nivel mínimo de equipamento, e á vez evitar a expansión en mancha de aceite dos núcleos, seguindo o modelo que primou en décadas anteriores pero identificando o agregado urbano litoral que xa se formou.

C.4.3. AGRUPACIÓNS TERRITORIAIS

Tanto sobre a base da PO-551 coma apoiadas sobre o viario de bordo de Bueu-Vila, fóronse producindo unha serie de extensas formacións lineais ou en mancha ligadas á traza costeira e ao sistema viario, que enlazan varios núcleos orixinarios ata configurar uns continuos ou aglomerados edificadas que constitúen os feitos urbanos de maior potencia no territorio municipal.

Este sería o caso do continuo formado por Beluso – A Rúa de Arriba – A Rúa Nova de Abaixo – Chan de Piñeiro – Montemogos – A Costa de Figueirón – A Roza – O Cabalo – Vilar- Sar e A Roza, apoiado basicamente sobre a PO-315 e os viarios locais de acceso e interconexión entre os núcleos.

De igual forma preséntase na zona oeste do termo a unión que forman O Souto – O Beloso – A Gándara – Agrelo – A Torre – Antepazo - O Viso, ou tamén A Fonte Alta – Pousada- O Río – Murráns – Castrelo e A Costiña, todos eles conectados a través de viais de carácter máis local, cun viario provincial de conexión co resto do territorio (EP-1304).

Por tanto, a tendencia xeral, se exceptuamos aqueles núcleos emprazados nas zonas máis afastadas e de maior altitude, é a dunha colmatación progresiva dos espazos intersticiais entre os núcleos orixinarios mediante actuacións de ocupación edificatoria tanto nos bordos do viario principal de unión entre núcleos coma naquelas vías de carácter máis local.

Como resultado deste proceso, producíronse nalgúns casos, un desbordamento residencial cara a áreas tradicionais de cultivo, tanto no crecemento lineal entre núcleos, coma na aparición de segundas liñas de edificación favorecidas por ramificacións desde o viario principal de soporte.

Por tanto, a peculiar tipoloxía dos núcleos existentes obriga á definición de ámbitos polinucleares, constituídos por conurbación de vellos núcleos, a través dos procesos de expansión e fusión máis recentes, do que resultan coroas de núcleos desenvolvidas en mancha de aceite, con extensas formacións lineais que ligan varios núcleos primixenios, orixinando, ás veces, aneis ao redor das terras de cultivo.

En conclusión, podemos establecer os seguintes núcleos e agregados como centros parroquiais de dotacións e servizos.

- . Parroquia de Cela (Santa María):
 - A Torre-O Souto: solo urbano e de núcleo rural
 - Igrexario: núcleo rural.
 - Castrelo: núcleo rural.
 - Antepazo-As Castiñáns: núcleo rural.

- . Parroquia de Beluso (Santa María):
 - A Roza: núcleo rural.
 - O Cabalo-A Costa de Figueirón: solo urbano.
 - A Rúa Nova de Arriba: solo urbano e núcleo rural.
 - A Achadiza - A Praia de Beluso: solo urbano.

- . Parroquias de Bueu (San Martiño) e Bueu (Vila):
 - A Vila: solo urbano.
 - Polígono Industrial: solo urbano.

- . Parroquia de Ermelo:
 - Ermelo: núcleo rural.

Na Illa de Ons, dada a súa condición de solo rústico de especial protección de espazos naturais, non se identifica como núcleo o correspondente á Illa de Ons, que alberga varios equipamentos desta illa habitada no complexo do Parque Nacional.

No apartado seguinte establécese a relación de dotacións e equipamentos da totalidade do termo municipal indicando a súa localización (parroquia/núcleo), a súa superficie (en metros cadrados) e a súa titularidade.

C.5. OS USOS DOTACIONAIS

Entre os usos do solo e da edificación merecen mención aparte os usos dotacionais que explican a funcionalidade de determinados núcleos a nivel parroquial.

Por parroquias podemos afirmar que o territorio correspondente á subdivisión de Bueu San Martiño-Vila é a mellor dotada, concentrando nela non só usos dotacionais de carácter local senón ademais a maioría dos de sistema xeral de servizo a todos os habitantes do termo municipal, como corresponde ao núcleo urbano.

A parroquia de Bueu (San Martiño) coa súa Igrexa, Cemiterio –hoxe en desuso por execución do municipal no contorno do Parque Empresarial- e casa parroquial, aparece moi ligada dotacionalmente á parroquia de Bueu (Vila) posto que este centro parroquial sitúase en contacto con ela. Ademais das dotacións existentes nela, localízase unha escola infantil no núcleo de Meiro ademais de tres zonas libres en Trasouto, Meiro e A Portela, ademais de a de A Barraca-O Viso.

A de Beluso presenta a súa dotación de Igrexa e cemiterio no núcleo de A Roza, concentrando os restantes, sociocultural, docente, asistencial e deportivo así como parque infantil no agregado urbano de A Rúa Nova de Arriba- Montemogos-Vilar. Ademais existe unha dotación escolar e un Campo de Fútbol no agregado O Cabalo-A Costa de Figueirón, que presenta características tamén urbanas. Complétase a dotación actual desta parroquia cunha escola infantil, unha capela e a carballeira asociada a ambas no núcleo de Bon de Arriba. Complétase con un conxunto de zonas libres en varios núcleos que xeralmente contan cunha urbanización escasa.

A de Cela posúe Igrexa, Cemiterio, Centro Social e Campo de Festa no núcleo de Igraxario e nas proximidades do de A Torre aparecen as dotacións escolar e deportiva. No Agrelo e no Sixto localízanse outras dotacións deportivas.

Pequenas zonas libres nos núcleos de Sabarigo, O Beloso, O Souto, A Gándara, Murráns e O Río completan a oferta de dotacións públicas. O grande número de lavadoiros podería ser utilizado cara o completamento con zonas libres e de esparcemento nas proximidades de moitos dos seus núcleos.

A parroquia de Ermelo, cun único núcleo, presenta unha dotación relixiosa e de cemiterio co seu atrio como zona libre, ademais da zona verde onde se localiza a Cruz de Ermelo, sobre o Monte veciñal asociado á súa comunidade de montes.

Por último, na parroquia de A Illa de Ons localízase a Igrexa e o cemiterio parroquiais, ademais dunha antiga escola.

A continuación lístanse os equipamentos existentes de todo o termo municipal por parroquias.

Parroquia San Martiño. Bueu Vila.

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE
DOC-01	I.E.S. Illa de Ons.	Vila	3.779	Pública
DOC-02	I.E.S. Johan Carballeira.	Vila	7.173	Pública
DOC-03	C.E.I.P. plurilingüe A Pedra.	Vila	7.045	Pública
DOC-04	Escola de E.I. O Valado.	Vila	5.673	Pública
DOC-05	Escola de música no Enleito.	Vila	324	Pública
DOC-06	Escola FP Marítimo pesqueira.	Vila	3.792	Pública
DOC-07	CPR Virxe Milagrosa.	Vila	3.824	Privada
S-01	Centro de Saúde de Bueu.	Vila	3.086	Pública
AS-02	Reserva en P.P. A Lagoa para Centro de día.	Vila	140	Pública
SC-01	Auditorio e Biblioteca.	Vila	827	Pública
SC-02	Biblioteca Torrente Ballester. Casa da Cultura.	Vila	614	Pública
SC-03	Museo Arqueolóxico.	Vila	231	Pública
SC-06	Museo Massó.	Vila	637	Privada
SC-07	Reserva para Sociocultural no cuarteirón Montero Ríos, Eduardo Vincenti, Pazos Fontenla e Xoán Carballeira. Ampliación Museo Massó.	Vila	1.078	Privada
SC-08	Sala de exposicións Amalia Domínguez.	Vila	89	Pública
AB-01	Mercado.	Vila	878	Pública
ADM-01	Casa do Concello.	Vila	302	Pública
	Ampliación Casa do Concello.	Vila	355	Pública
ADM-02	Cofradía de Pescadores.	Vila	1.308	Pública
ADM-03	Casa do Mar (Policía local, Capitanía de Mariña).	Vila	725	Pública
DEP-01	Campo de Fútbol da Vila. As Lagoas II.	Vila	11.776	Pública
DEP-02	Pista descuberta no Peirao.	Vila	1.017	Pública
DEP-03	Pavillón dos Deportes no Valado.	Vila	7.126	Pública
DEP-04	Piscina Na reserva do P.P. A Lagoa.	Vila	2.000	Pública
V-01	Praza Pública Banda do Río.	Vila	697	Pública
V-02	Parque da Alameda.	Vila	1.310	Pública
V-03	Parque Ramal dos Galos.	Vila	1.696	Pública
ZL-01	Praza na Rúa Pazos Fontenla.	Vila	70	Pública
ZL-02	Praza na PO-551.	Vila	85	Pública
ZL-03	Praza no extremo leste do Porto.	Vila	665	Pública
ZL-04	Praza de antiga Conservas Alonso.	Vila	626	Pública
ZL-05	Zonas libres O Enleito.	Vila	368	Pública
ZL-06	Zonas libres en O Valado.	Vila	421	Pública
ZL-07	Zona verde e zonas libres do Cuarteirón da Casa do Concello.	Vila	5.868	Pública
ZL-08	Area Recreativa O Valado.	Vila	1.218	Pública
ZL-09	Baixada á praia de Petís.	Vila	424	Pública
ZL-10	Zonas Verdes e libres P.P. A Lagoa.	Vila	6.600	Pública

Parroquia de San Martiño de Bueu.

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE
DOC-12	Escola E.I. - Meiro.	Bueu	966	Pública
ADM-04	Parque de Bombeiros nas Castiñeiras.	Bueu	2.599	Pública
CM-01	Cemiterio Municipal da Portela.	Bueu	7.580	Pública
CM-02	Tanatorio en Castiñeiras-A Portela.	Bueu	1.510	Pública
R-06	Igrexa e Casa parroquial de San Martiño de Bueu.	Bueu	2.700	Institucional
RE-03	Reserva en antigo depósito de Xeixide.	Bueu	1.193	Pública
ZL-20	Zona libre na Barraca-O Viso.	Bueu	235	Pública
ZL-21	Zona libre en Meiro.	Bueu	1.246	Pública
ZL-22	Zonas libres Meiro.	Bueu	412	Pública
ZL-23	Zona libre na avenida de Cangas na Portela.	Bueu	327	Pública
ZL-24	Zonas libres Trasouto.	Bueu	627	Pública
ZL-25	Zona libre Capela Santos Reis.	Bueu	1.743	Pública
ZL-26	Adro de Afora da Capela do Pazo de Santa Cruz.	Bueu	821	Pública
ZL-27	Zonas verdes e libres Parque Empresarial.	Bueu	19.492	Pública
ZL-28	Zona libre A Casela.	Bueu	106	Pública

Parroquia de Beluso.

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE
DOC-08	C.E.I.P. Montemogos, Beluso.	Beluso	5.070	Pública
DOC-09	Escola E.I - O Cabalo.	Beluso	1.431	Pública
DOC-10	Escola E.I. - Montemogos- Ruanova.	Beluso	1.384	Pública
DOC-11	Escola E.I. Bon- San Amedio.	Beluso	1.892	Pública
AS-01	Gardería Municipal en Montemogos.	Beluso	1.668	Pública
SC-04	Casa do pobo. Biblioteca da Rúa Nova de Arriba.	Beluso	247	Pública
R-01	Igrexa parroquial de Santa María de Beluso.	Beluso	701	Institucional
R-02	Capela de San Amedio.	Beluso	103	Institucional
CM-03	Cemiterio parroquial de Beluso.	Beluso	4.546	Institucional
DEP-05	Pavillón deportivo Beluso.	Beluso	3.193	Pública
DEP-06	Campo de Fútbol O Cabalo.	Beluso	10.612	Pública
V-06	Zona verde Cabo Udra.	Beluso	13.170	Pública
V-07	Parque Novas de Beluso.	Beluso	2.369	Pública
ZL-29	Zonas libres na Achadiza.	Beluso	454	Pública
ZL-30 (1)	Alameda na Praia de Beluso.	Beluso	255	Pública
ZL-31	Praza da escola no Cabalo.	Beluso	420	Pública
ZL-32	Zonas libres A Costa Figueirón.	Beluso	207	Pública
ZL-33	Zona libre lavadoiro A Rúa Nova de Abaixo.	Beluso	561	Pública
ZL-34	Zona libre A Rúa Nova de Abaixo.	Beluso	598	Pública
ZL-35	Zona libre do cruce en A Rúa Nova de Arriba.	Beluso	206	Pública
ZL-36	Zona libre A Roza.	Beluso	431	Pública
ZL-37	Zona libre Bon de Abaixo.	Beluso	176	Pública
ZL-38	Zona libre en Bon de Arriba.	Beluso	3.825	Pública

(1) En dominio público marítimo terrestre.

Parroquia de Cela.

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE
DOC-13	C.E.I.P. de A Torre, Cela.	Cela	4.284	Pública
SC-05	Centro sociocultural de Cela en Igrexario. Torrecino.	Cela	2.793	Pública
ADM-05	Protección Civil.	Cela	129	Pública
R-05	Igrexa parroquial e Igrexario de Santa María de Cela.	Cela	925	Institucional
CM-05	Cemiterio parroquial de Cela.	Cela	4.384	Institucional
DEP-07	Polideportivo do Sixto - A Torre.	Cela	1.936	Pública
DEP-08	Deportivo do Agrelo.	Cela	3.413	Pública/Veciñal
V-05	Campo de Festa en Igrexario.	Cela	1.912	Pública/Veciñal
ZL-11	Zona libre en Sabarigo Norte.	Cela	551	Pública/Veciñal
ZL-12	Zona libre en Sabarigo Sur.	Cela	429	Pública/Veciñal
ZL-13	Zona libre en Pousada Murráns.	Cela	140	Pública/Veciñal
ZL-14	Zona libre en O Beloso 1.	Cela	188	Pública/Veciñal
ZL-15	Zona libre en O Beloso 2.	Cela	224	Pública/Veciñal
ZL-16	Zona libre en O Río.	Cela	308	Pública/Veciñal
ZL-17	Zona libre O Souto, na PO-551.	Cela	315	Pública/Veciñal
ZL-18	Zona libre Gándara.	Cela	138	Pública/Veciñal
ZL-19	Zona libre Fonte de Paradela.	Cela	73	Pública/Veciñal

Parroquia de Ermelo.

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE
R-04	Igrexa parroquial de Santiago de Ermelo.	Ermelo	368	Institucional
CM-04	Cemiterio parroquial de Ermelo.	Ermelo	414	Institucional
V-09	Zona verde a cruz da Esculca en Ermelo.	Ermelo	20.204	Pública / Veciñal

Parroquia de A Illa.

IDENTIFICACIÓN	NOME	SITUACIÓN	SUPERFICIE m ²	TITULARIDADE
SC-09	Museo antiga escola Ons	A Illa	-	Pública
R-03	Igrexa parroquial de San Xoaquín da Illa de Ons.	A Illa	-	Institucional
CM-06	Cemiterio parroquial da Illa de Ons.	A Illa	-	Institucional
RE-02	Reserva Equipamentos Múltiples.	A Illa	-	Pública

Resumo das dotacións e zonas verdes por parroquias.

No cadro seguinte amósase o resumo de equipamentos e zonas verdes. Da análise dos resultados despréndese que a nivel dotacional a distribución é homoxénea por zonas con concentración importante na vila, como principal centro urbano, pero cunha distribución polas parroquias mais poboadas de Cela e Beluso, que tamén presentan centros urbanos.

